

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 4

SESION ORDINARIA DO 30 DE MARZO DE 2016

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Fidalgo Iglesias, Miguel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trinta de marzo do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez

Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos Pleno número 4, convocado por orde do día que obra en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e procedemos coa orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(39).- ACTAS ANTERIORES . (ACTA ORDINARIA DE 25 DE XANEIRO DE 2016).

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondentes á sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2016.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

PRESIDENCIA: Unha moción que había presentado o grupo Socialista, transformouse nunha declaración institucional do Concello de Vigo asinada polos tres voceiros.

2.1(40).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VIGO MOSTRANDO O SEU REXEITAMENTO AO ACORDO ACADADO ENTRE OS XEFES DE ESTADO E DO GOBERNO DA UNIÓN EUROPEA CON TURQUÍA QUE

CONTEMPLA A DEVOLUCIÓN A ESTE PAIS DE TÓDOLOS EMIGRANTES, INCLUÍDOS OS DEMANDANTES DE ASILO SIRIOS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1344/1101.

ANTECEDENTES.- Por consenso dos tres grupos políticos acórdase a inclusión da seguinte Declaración Institucional,

Declaración institucional

O pasado martes 8 de marzo, as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea alcanzaron un principio de acordo para pór en marcha un programa para deportar a Turquía a todos os emigrantes -incluídas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea a través deste país, a cambio de que os Estados da Unión recolequen a un número equivalente de persoas refuxiadas sirias asentadas xa en Turquía, e doutras medidas económicas e políticas a favor do Estado turco.

O Concello de Vigo considera que, de confirmarse devandito pacto, a Unión Europea non estaría a respectar os convenios internacionais sobre dereito internacional de asilo. E que estaríamos a asistir ademais ao proceso de deconstrución da Unión Europea. O Concello de Vigo non recoñece esta Europa, e cremos que non se pode facer un acordo de intereses con Turquía utilizando os dereitos das persoas refuxiadas emigrantes como moeda de cambio, porque o consideramos inadmisibile.

Desde o Concello de Vigo consideramos que as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea, ante a crise máis grave que vive desde a Segunda Guerra Mundial, asinaron un preacordo inmoral e de dubidosa legalidade, que, de confirmarse os termos aos que tivemos acceso a través das informacións recollidas polos medios de comunicación, contraviene claramente o dereito de asilo e múltiples convenios internacionais sobre dereitos humanos.

O Concello de Vigo mostra a súa adhesión ás peticións de organizacións non gobernamentais, Alto Comisionado da ONU para as persoas refuxiadas, e activistas prol dereitos humanos na denuncia, rexeitamento e esixencia de retirada do preacordo de Unión Europea e Turquía para devolucións masivas, así como a esixencia de abordar con urxencia a crise das persoas refuxiadas defendendo os dereitos humanos, creando corredores humanitarios, acolléndolles con respecto e solidariedade, e posibilitándolles o asilo entre os membros da Unión Europea.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo declárase a favor de mostrar o seu rexeitamento ao acordo alcanzado entre as e os Xefes de Estado e de Goberno da Unión Europea con Turquía que contempla a devolución a Turquía de todos os emigrantes -incluídas as persoas demandantes de asilo sirios e de calquera outra nacionalidade-, que cheguen á Unión Europea.

O Concello de Vigo esixe á Unión Europea e aos Estados membros dar unha resposta humanitaria urxente ante a grave situación que viven as persoas

refuxiadas, respectuosa co dereito internacional de asilo e os dereitos humanos. Neste sentido, insta o Goberno da Unión Europea e aos Estados membros á retirada de calquera acordo, pacto, convenio ou proposta de acción que non respecte o dereito internacional de asilo ou convenios internacionais sobre dereitos humanos asinados pola Unión Europea.

O Concello de Vigo sumase ao Manifesto "Pasaxe Segura" subscrito por multitude de organizacións sociais, sindicatos e partidos políticos de toda Europa e, neste sentido, insta á UE e os seus Estados membros a que ordenen a creación de corredores humanitarios, e que posibiliten, desde o respecto, o asilo destas persoas entre os 28 Estados membros da Unión Europea.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(41).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DESTE CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS 2015. EXPTE. 4/143 (REXISTRO PLENO 1330/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta do decreto da Alcaldía, de data 23 de febreiro de 2016, polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello e dos seus Organismos Autónomos, correspondente ao exercicio 2015, que di:

“En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de Réxime Local (Art. 191.3 do T.R.L.R.F.L. e 90.1 del R.D. 500/1990), vistos os informes emitidos e a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, en cumprimento do previsto no artigo 192 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, tramítase a Liquidación do Orzamento da Entidade Local, e incorpóranse as Liquidacións dos Organismos Autónomos Administrativos. En consecuencia, a Liquidación queda conformada polas seguintes institucións que conforman o perímetro de Consolidación:

Entidade Local
Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo
Organismo Autónomo Administrativo, Instituto Municipal dos Deportes

Organismo Autónomo Administrativo, Escola Municipal de Artes e Oficios
Organismo Autónomo Administrativo, Parque das Ciencias Vigo Zoo

R E S O L V O:

1º) Aprobar a Liquidación do Orzamento deste Concello e dos seus Organismos Autónomos, propostos polo Órgano competente, correspondente ao exercicio 2015 cos estados que conforman os dous tomos que forman parte do expediente de Liquidación da Entidade Local e un por cada un dos Organismos Autónomos, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade e o dos seus OO.AA dependentes o longo do ano 2015, conformada por:

Entidade Local

Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo
Organismo Autónomo Administrativo, Instituto Municipal dos Deportes
Organismo Autónomo Administrativo, Escola Municipal de Artes e Oficios
Organismo Autónomo Administrativo, Parque das Ciencias Vigo Zoo

Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario da Entidade e dos Organismos Autónomos Administrativos

Entidade			Estados Consolidados		
Remanente de Tesourería		R. Orzamentario	Remanente de Tesourería		R. Orzamentario
2.015	2.014	2.015	2.015	2.014	2.015
73.908.091,14	74.324.280,18	22.364.733,29	79.493.342,86	78.151.966,31	22.715.570,37

XMU			IMD			EMAO			VIGO-ZOO		
R. Tesourería		R. orztario	R. Tesourería		R. orztario	XMUR. Tesourería		R. orztario	R. Tesourería		R. orztario
2015	2014	2015	2015	2014	2015	2015	2014	2015	2015	2014	2015
2.344.483,59	1.133.230,03	101.916,49	52.390,04	-4.361,22	56.183,37	1.786.705,43	1.671.529,43	114.490,22	1.102.079,90	1.021.921,83	78.832,27

Estabilidade orzamentaria e Regra de gasto

Variable	Entidade	XMU	IMD	VIGO ZOO	EMAO
Estabilidade Orzamentaria	22.330.677,23	1.964.677,00	56.183,37	78.832,27	133.413,06

Regra gasto (+) cumprimento	5.232.054,52	147.827,55	329.970,83	17.531,09	-28.407,63
-----------------------------	--------------	------------	------------	-----------	------------

Tesourería

Entidade	XMU	IMD	VIGO ZOO	EMAO
76.437.594,69	6.582.465,89	125.232,69	1.157.741,48	1.858.465,66

Endebedamento

% Endebedamento = (Débeda bancaria pte. De amortizar/ Dereitos Liquidados por operacións correntes do estados consolidados)*100

Dereitos Liquidados axustados por operacións correntes dos estados consolidados: 233.371.330,55 euros.

Débeda bancaria pendente de amortizar a 31/12/2015: 9.931.101,33 euros.

Coefficiente de endebedamento a 31/12/2015, 4,26%

Cumprimentos

Hai un Remanente de tesourería positivo na Entidade e nos seus Organismo Autónomos, así como no perímetro de consolidación.

Hai Resultado Orzamentario positivo na Entidade e nos seus Organismo Autónomos, así como no perímetro de consolidación.

Dáse cumprimento ao principio de Estabilidade Orzamentaria regulamentado no artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, pechándose cun superávit tanto a Entidade como os OO.AA.

Dáse cumprimento a Regra de Gasto na Entidade e nos estados consolidados cunha execución de gasto computable é menor co legalmente previsto tendo en conta a TRCPIB e o gasto computable na Liquidación do ano 2014 proxectada sobre o 2015, polo tanto, cúmprese co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Hai cumprimento do obxectivo de estabilidade financeira, sendo o coeficiente de endebedamento do 4,26% ao peche do ano 2015.

Durante o exercicio, en todos os meses deuse cumprimento a Período Medio de pago, sendo sempre inferior aos 30 días que establece o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o

procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Local e a Disposición Final Trixésima primeira da Lei 17/2012, de Orzamentos Xerais para o ano 2013.

2) En cumprimento do regulamentado no artigo 193.4 do TRLRFL e artigo 90.2 do R.P., da liquidación do Orzamento, unha vez aprobada, darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano celebre .

Han de remitirse copias das liquidacións dos Orzamentos á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda antes de rematar o vindeiro mes de marzo (artigo 193.5 TRLRHL. e 91 do R.P.). A remisión farase seguindo o procedemento de reporting electrónico dos datos económicos, financeiros e orzamentarios referentes a Entidade Local e OO.AA coa taxonomía LENLOC.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión do 21.03.2016, quedou informada de dito decreto.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: En cumprimento do disposto pola Lei de facendas locais o Alcalde do Concello de Vigo procedeu a aprobar a liquidación do Orzamento do 2015, mediante decreto de Alcaldía de 23 de febreiro do 2016, contando coa proposta deste concelleiro de Facenda.

O que ten que saber a cidadanía e o que ten que saber os membros deste Pleno é que tódolos resultados da liquidación arrojan parámetros positivos, e quero destacar sete deses parámetros positivos. En primeiro lugar o resultado da liquidación é positiva, entendendo en que os gastos non superan aos ingresos tanto na entidade como nos organismos autónomos e no perímetro de consolidación, tendo en conta que a partires de 1 de xaneiro do 2016, se incorporan tanto o IMD como a EMAO como o VigoZoo. En segundo lugar, o remanente de Tesourería é tamén positivo e iso tanto na entidade como nos organismos autónomos e no perímetro de vinculación. En terceiro lugar cúmprese tamén co mandato de estabilidade orzamentaria que establece a Lei Orgánica de

estabilidade orzamentaria. En cuarto lugar, cumprimos coa regra de gasto tanto no Concello como nos estados consolidados. Quinto lugar, cumprimos co obxectivo de estabilidade financeira xa que ao peche de 2015 o coeficiente de endebedamento non supera os límites legais e pasaremos, estamos xa en situación de 0% de débeda, polo tanto, respectamos ese obxectivo de estabilidade financeira, cumprimos co prazo de pago a provedores e tamén finalmente o cumprimento do aforro neto positivo nos permite defender a nosa propia autonomía financeira.

En definitiva, son uns resultados sobresaíntes que consolidan a Vigo e ao Goberno Socialista dirixido polo Sr. Abel Caballero, como o Concello coas finanzas públicas máis sólidas, non só xa de Galicia senón de toda España, que nos converten nun modelo a seguir non só para as administracións locais para os máis de 8.000 concellos de España senón tamén para outras administracións como a autonómica e a estatal, en definitiva os socialistas demostramos que sabemos xestionar e o facemos defendendo o público e potenciando os servizos públicos e defendendo as institucións máis próximas á cidadanía.

En definitiva, a liquidación do 2015 arroxa un saldo positivo e iso tanto no orzamentos de ingresos como no orzamentos de gastos, no presuposto de ingresos a execución do Presuposto sitúase no 104,61% e unha recadación do 90% é dicir, isto significa que os órganos da administración tributaria do Concello de Vigo actúan no exercicio das súas funcións e isto prodúcese dende que o Goberno do Sr. Abel Caballero está no poder, e ademais manifestamos tamén que facemos unha xestión prudente da previsión de ingresos da entidade.

O mesmo sucede coa execución dos gastos, a execución cífrase en torno ao 90,81% dos créditos definitivos da entidade e os pagos feitos ascenderon a 218 millóns de euros, destaca o baixo nivel de execución como resultado positivo pola escaso nivel de débeda que ten este Concello, débeda cero e tamén non ter que utilizar o fondo de continxencia para necesidades imprevisibles.

O resultado presupostario do exercicio arroxa un resultado positivo de máis de 22 millóns polo tanto, números positivos, liquidación positiva deste Concello de Vigo e dos seus organismos autónomos.

O mesmo sucede co remanente de crédito, temos un remanente de Tesourería positivo que nos permite facer fronte a gastos de financiamento, a modificacións de crédito como logo poñeremos de manifesto, un resultado positivo, un

remanente de Tesourería positivo que tamén arroxa un bo resultado na xestión financeira e na xestión económica desta entidade. Cumprimos tamén, como é obrigado para as entidades locais, co mandato de equilibrio presupostario, polo tanto temos un equilibrio presupostario tal e como se pon de manifesto tamén, como é preceptivo, no informe de Intervención, cunha capacidade de financiamento, é dicir, cun resultado positivo, non con necesidade de financiamento, polo tanto resultados positivos na xestión interna e tamén os ingresos correntes son suficientes para facer fronte aos gastos correntes, cumprimos coa Regra de Gasto e cumprimos tamén co nivel de endebedamento, co nivel de débeda cero que permite facer fronte ás necesidades da cidadanía e non adicar os cartos a pagar aos bancos, hai que indicar que se no ano 2006 a débeda do Concello de Vigo de cada cidadá era en torno a 300 euros cos bancos, a día de hoxe estamos en situación de débeda cero, polo tanto, reducimos tamén o endebedamento desta cidade.

En definitiva, o pago a provedores tamén positivo, en torno aos 10 días os provedores do concello están a percibir as súas remuneracións, polo tanto, cumprimos sobradamente co prazo de pago a provedores que é de 30 días, estamos, insisto, en 10 días, polo tanto resultado moi positivo e temos aforro neto positivo tamén, en definitiva, capacidade e autonomía fronte á non necesidade de autorización por parte da Xunta de Galicia neste caso.

En definitiva, tódolos indicadores son positivos, liquidación pechada en números positivos e que permite utilizar os cartos para as necesidades da cidade.

SR. PÉREZ CORREA: En primeiro lugar agradecer que se nos pasara toda esa información con días previos para poder traballala esta Semana Santa entre procesión e procesión que a este grupo municipal lle gusta tanto, a nós nos parece que este é un instrumento político como todo o Orzamento e todo o Orzamento ten unha execución política, é certo que existe un montón de correlación e leis que son obrigatorias dende que o Partido Popular estrangula e asfixia aos concellos deste país e polo tanto para un goberno Socialista o cumprimento destas medidas de control do gasto público, pero creo que de control inxusto porque se fai só aos concellos e non se fai a outras administracións máis deficitarias, pois non debería ser en todo caso unha alegría, pero si que queríamos facer algunhas

puntualizacións sobre a execución deste orzamento porque hai cousas que a nós sinceramente nos preocupan, unha cuestión que é a arbitrariedade nalgunhas partidas que nun primeiro momento da aprobación se constata un importe e ao final acaba sendo un importe absolutamente diferente e precisamente son partidas que para nós teñen unha execución moi arbitraria.

En primeiro, lugar nos poñemos a denuncia en solfa de que haxa un verdadeiro control sobre todas as concesionarias públicas deste concello, porque si estamos vendo que a esas concesionarias públicas si que se lles está pagando e o grado de execución é absolutamente alto, e poñemos por exemplo o caso de Linorsa, Linorsa ten executado máis de 2.863.998 euros presupostados, págaselles 2.523.464 euros e se recoñecen 283.364 máis, a unha empresa que non paga os salarios aos traballadores, pero non hai ningún problema que á empresa se lle liquida e estamos a esperar, logo preguntárolle por iso, se todos eses pagos se controlan porque o 80% ou máis, do custe desta concesionaria son salarios polo tanto, o primeiro será ter un control sobre as concesionarias. Programas importantes neste Concello, os plans de emprego, os programas de axuda a alugueiros, vivenda e alimentos, non entendemos porque se presupostan dous millóns de euros e quedan como remanente 224.000 euros, supoño que poderá ser un axuste posterior, pero entendemos que programas deste tipo que deixaron a máis de mil persoas por non cumprir os requisitos, fora da posibilidade de optar, pois entendemos que non é por esgotamento da partida, senón porque aquí hai unha bolsa de 274.000 euros, o Plan de Emprego 1,5 millóns presupostados e quedan sen executar 440.000 euros, o Plan de Emprego Xuvenil medio millóns executados e quedan sen executar 214.210 euros, os programas da axuda ligados ao plan de emprego, presupostado 1.455.000 e quedan sen executar máis de medio millón de euros. Cousas curiosas que hai neste Concellos, determinados programas, algún chámase “festejos populares” a parte en castelán, que de estar nin sequera presupostado pasa a 196.000 euros, pero o máis curioso, programas da Alcaldía, nós queremos saber detalladamente que son eses programas porque se no Orzamento do 2015 se consignaban 75.000 euros, acaban gastándose case un millón de euros, 989.728 euros, nunha cousa que se chama programas da Alcaldía, que entendemos que será un concurso público e ao que todo o mundo poderá optar porque case un millón de euros con respecto dunha partida que eran

70.000 euros, é un desfase para nós arbitrario porque son programas efectivamente que ao final pois funcionan dentro desta cuestión aleatoria que funciona neste Concello á hora de asignar, partidas por exemplo de promoción turística, logo falaremos diso, hai tres partidas que suman 383.000 euros que son plans de promoción turística, quedan sen executar 311.000 euros, nós non entendemos porque non se fan estas execucións ou cal é problema para o final de ano ter isto máis axustado. Cuestións que para nós por exemplo demostran determinadas improvisacións nalgunhas áreas deste concello.

Deixamos practicamente sen executar todo o que ten que ver con subvencións humanitarias e axudas ao terceiro mundo, que lle chaman vostedes, en realidade son axudas para o desenvolvemento, dúas partidas de 120.000 e 60.000 euros que apenas 33.000 euros quedan consignados nun momento de emerxencia social en toda Europa e a desfeita que se fai coas oposicións públicas, este grupo municipal temos claro que durante moito tempo a non convocatoria das oposicións públicas escondía unha política arbitraria de gratificación, non entendemos como se poden consignar 800.000 euros a produtividades e gratificacións e acaban sendo gastados 3.248.000 euros, entendemos que hai unha parte importante de gratificacións que esperemos que se clarexen.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sinceramente, Sr. Aneiros, eu viño case eufórico á hora de dar os datos de execución do Orzamento do ano 2015, e sinceramente non sei que datos desta execución lle leva a vostede á euforia, si que nos dixo que se o ratio, se o remanente de Tesourería, que se a regra de gasto, que se a estabilidade financeira, parecía máis que estaba dando os datos dunha empresa que dunha administración pública, porque mire eu non sei como poden estar eufóricos con esta liquidación orzamentaria, eu non sei como poden estar eufóricos e satisfeitos cun superávit de 22 millóns de euros no ano 2015, realmente lles parece unha boa noticia para a cidade que non foran capaces de executar 22 millóns de euros? Que lle quitarán a tódolos vigueses/as a través dos seus impostos, uns cartos que foron absolutamente incapaces de gastar en nada, realmente ese é o beneficio? Como empresa, unha empresa cun beneficio de 22 millóns de euros estaría dende logo moi satisfeita, pero unha administración pública que deixou de gastar nun ano 22 millóns de euros cando podía porque tiña ingresos para poder financiar eses

gastos, fracasou como administración pública porque eses cartos facían falla para apoiar o emprego, eses cartos facían falla para apoiar ao Turismo, ao Comercio, aos nosos sectores produtivos, eses cartos que vostedes se quedaron e deixaron de gastar, esta cidade, os vigueses/as necesitábano. Dirán “non pero é que eses cartos ímolo gastar este ano, non ano 2016, non no 2015”, miren os cartos que se recadan a tódolos vigueses/as con moito sacrificio pola súa parte, hai que gastalo no ano no que se recada, o obxectivo non é superávit de 22 millóns de euros, o que se lles pide é equilibrio presupostario e vostedes teñen a obriga de executar todo o que teñen e non deixar 22 millóns de euros metidos nun caixón para despois xa o gastaremos, xa o incorporaremos e ao ano que ven outra vez máis do mesmo.

Esta liquidación do 2015 demostra moitas cousas que viñeron denunciando este grupo municipal do Partido Popular, en primeiro lugar, que están vostedes máis preocupados en recadar dos cidadáns que en investir os cartos de tódolos vigueses en favor da cidade, por certo, seguen vostedes con ese afán recadatorio, con esa viveza nas multas de tráfico que eu creo que só falla que nos multen por pestanexar nesta cidade, é xa o que nos queda.

Ademais son vostedes un xestores absolutamente desastrosos, Sr. Font, mellor que non fale porque hai un só sitio na cidade no que non multan por tráfico e nese é onde precisamente hai un problema de seguridade grave do que vostede será o responsable.

Son uns xestores absolutamente desastrosos, xa sei que non que lle gusta o que estou a dicir e quéreme interromper, pero é a realidade Sr. Font, son estes datos, un 60% de execución de investimentos Sr. Aneiros, pero só hai que repasar as actas das liquidacións orzamentarias do ano 2015 e vostede dicía textualmente “imos mal en execución pero imos chegar ao 100% da execución”, pois ben o 60% da execución, iso si como dicía o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, hai algunhas partidas que executan mellor que outras e os máis de 4 millóns que se lle deron á concesionaria de limpeza Linorsa si que os executaron practicamente ao 100%, pero o resto ao 60%. Non son capaces de executar pola súa propia incompetencia, non están preocupados polo emprego nesta cidade, non están preocupados pola situación das persoas, non hai plan de emprego, de turismo, do comercio, non hai apoio a esta cidade que é industrial que necesita apoio aos

sectores produtivos e vostede sempre se esquecen, e dánnos máis do mesmo, e o superávit non lles vale aos cidadáns para nada, os 24 millóns de euros que deixaron sen executar non lles vale para nada se vostedes seguen subíndolles os impostos, de que lle vale ao cidadán o superávit se este ano 2016 vai pagar máis impostos que no ano 2015? de que lle serve superávit aos vigueses/as que están a pagar un IBI de luxo por fincas que non son edificables? Para que lle serve o superávit ao cidadán se ten un vehículo de máis de 25 anos?.

SR. ANEIROS PEREIRA: Vanme permitir que inverta a orde da resposta porque a verdade que é sorprendente o da Sra. Muñoz e o do Partido Popular nesta cidade porque Sra. Muñoz, vostede acaba de quedar retratada ante esta cidade, ante esta Corporación e ante este público que nos acompaña, dígame un só dato negativo da liquidación do Orzamento do 2015, vostede que ten experiencia de goberno como ex-conselleira de Facenda na Xunta de Galicia, repítollo, dígame un só dato negativo.

Iso de que lle quitamos os cartos aos vigueses, os cartos que os vigueses pagamos como impostos, os recibimos vía investimento porque somos a cidade de Galicia con menor presión fiscal, os investimentos están na rúa, iniciamos o 2016 con 7 millóns de euros en investimentos incorporados como remanente, un plan de investimentos con cargo ao Orzamento 2016 de 9 millóns de euros, e imos aprobar posteriormente, se o Pleno o ten a ben, un novo paquete de investimentos, polo tanto, o que recadamos dos vigueses, o que pagan os vigueses como impostos percíbese nas rúas, na mellora da cidade, polo tanto, investimento directo para os cidadáns.

Sra. Muñoz, como xa lle dixo o meu compañeiro o Sr. Font, fai demagogia de novo coas multas, vostedes que está privilexiando aos infractores, aos que infrinxen a lei? Ou me está a dicir que alguén que constrúe ilegalmente non ten que se sancionado ou alguén que comete unha infracción de tráfico non ten que ser sancionado? Non faga demagogia, sexamos serios Sra. Muñoz, vostede fai demagogia, non fai política e quedou retratada, nin un só dato negativo, repito, nin un só dato negativo da liquidación do Orzamento do 2015 e parece mentira que vostede como ex-conselleira de Facenda diga esas cousas. Vostede é unha vergoña para a política viguesa e para os cidadáns de Vigo.

Señores de Marea de Vigo, os datos son totalmente públicos, de aí que teñan acceso a toda a información, en cuestións de persoal temos un problema e é que o Goberno do Estado limitou a taxa de reposición de efectivos, polo tanto, non podemos quitar oferta de emprego público sen ningunha limitación por iso hai que pagar certas produtividades, por exceso de horas por enriba da xornada laboral.

A execución do Orzamento está nun 90%, executamos o 90% do Orzamento e respectamos as obrigas que temos cos nosos provedores, respectamos as obrigas e pagamos no menor tempo posible aos nosos provedores, entendemos certos problemas pero respectamos os nosos compromisos de pago.

En canto ao Plan de Emprego, hai cuestión que dependen da iniciativa privada, se esta non solicita axudas que temos propostas no Plan de Emprego, pois evidentemente non temos nin a capacidade, nin o trámite legal para facer un gasto directo, para dar axudas sen control senón que temos que ter unha petición fundamentada.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.2(42).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBA O PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN ESTABLECIDO PARA O CONCELLO E OS MARCOS ORZAMENTARIOS DO PERÍODO 2017-2019. EXPTE. 34/142 (REXISTRO PLENO1338/1101)

ANTECEDENTES.- Dáse conta do decreto da Alcaldía, de data 7 de marzo de 2016, polo que se aproba o perímetro de consolidación establecido para o Concello e os marcos orzamentarios do período 2017-2019, que di:

“O artigo 6 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificado polo art. Único. 2 da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa

información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

O Marco orzamentario está previsto para o período 2017-2019, sendo a base de partida a Liquidación do Orzamento consolidado do ano 2015 e a previsión da liquidación do ano 2016.

Sobre a precitada base, déronse as instrucións sobre a variabilidade do orzamento, que foron estudadas e coordinadas pola Concellería de Orzamentos e Facenda, polo responsable técnico orzamentario e pola Intervención Xeral, elaborándose o Marco orzamentario previsto para o devandito período, baseado nas variacións tendenciais contidas no informe asinado polos responsables que non son obxecto de reprodución. No entanto, quedan reflectidos nas táboas dos marcos orzamentarios que forman parte desta Resolución que será incorporada aos modelos de remisión telemática que están na páxina web do MINHAP e que terán que ser remitidos antes do día 15/03/2016.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación. Neste caso, é un documento marco, sobre o que se aprobará, se é o caso, o Orzamento do ano 2016 e seguintes, seguindo os trámites e competencias previstos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei de Bases de Réxime Local.

Vistas as avaliacións e cálculos para a obtención dos marcos orzamentarios para o período 2017-2019

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o perímetro de Consolidación establecido para o Concello de Vigo polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MINHAP), quedando limitado á Entidade Local, ao Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e a Fundación MARCO.

SEGUNDO.- Aprobar os marcos orzamentarios para o período 2017-2019 de acordo as seguintes táboas

Estado de gastos consolidado

Capítulos	2016	%Variación	2017	%Variación	2018	%Variación	2019
-----------	------	------------	------	------------	------	------------	------

A) Detalle de Gasto Corrente N.F							
I	66.518.406,00		67.950.460,00		68.629.965,00		69.316.264,00
II	114.795.120,00		116.743.530,00		117.910.965,00		119.090.075,00
III	85.000,00		75.000,00		50.000,00		,00
IV	26.177.356,00		27.268.079,00		27.540.760,00		27.816.167,00
Fondo de continxencia	600.000,00		600.000,00		600.000,00		600.000,00
Total G. Corrente N. Financeiro	208.175.882,00	2,14%	212.637.069,00	0,99%	214.731.690,00	0,97%	216.822.506,00
B) Detalle Gastos capital Financ.							
VI	15.950.000,00		16.900.000,00		17.800.000,00		18.000.000,00
VII	350.000,00		350.000,00		350.000,00		350.000,00
Gasto capital NF	16.300.000,00		17.250.000,00		18.150.000,00		18.350.000,00
Total Gasto N. Financeiro	224.475.882,00	2,41%	229.887.069,00	1,30%	232.881.690,00	0,98%	235.172.506,00
C) Detalle Gastos Capital Financ.							
VIII	508.838,00		513.926,00		519.065,00		524.256,00
IX	2.728.919,29		2.728.919,29		2.728.919,31		1.174.893,52
Total Gasto Financeiro	3.237.757,29	0,16%	3.242.845,29	0,16%	3.247.984,31	-47,69%	1.699.149,52
Total Orzamento	227.713.639,29	2,38%	233.129.914,29	1,29%	236.129.674,31	0,31%	236.871.655,52

Estado de ingresos Consolidado

Capítulos	2016	%Variación	2017	%Variación	2018	%Variación	2019
A) Detalle de ingresos correntes							
I e II	114.942.551,09		115.207.426,00		115.473.005,00		115.798.193,00
IBI	66.357.675,00		66.490.391,00		66.623.371,00		66.756.618,00
IAE	13.190.995,00		13.217.377,00		13.243.812,00		13.270.299,00
IVTM	14.444.130,00		14.473.018,00		14.501.964,00		14.530.968,00
IIVTNU	7.550.000,00		7.565.100,00		7.580.230,00		7.595.391,00
ICIO	1.736.471,09		1.739.944,00		1.743.424,00		1.746.911,00
Cesión Tributos Estado	11.663.280,00		11.721.596,00		11.780.204,00		11.898.006,00
III, taxas e outros ingresos	42.703.277,00		42.916.793,00		43.131.377,00		43.347.034,00
IV, T. correntes	73.454.174,00		73.821.445,00		74.190.554,00		74.932.459,00
FCF	62.115.969,00		62.426.549,00		62.738.682,00		63.366.068,00
Resto transferencias e subvencións	11.338.205,00		11.394.896,00		11.451.872,00		11.566.391,00

V, ingresos patrimoniais	2.220.334,00		2.231.436,00		2.242.593,00		2.253.806,00
Total I. Corrente N. Financeiro	233.320.336,09	0,37%	234.177.100,00	0,37%	235.037.529,00	0,55%	236.331.492,00
B) Detalle Ingresos Capital N.F							
VI							
VII, Subv. De capital	2.500.000,00		3.500.000,00		4.500.000,00		5.000.000,00
Ingresos capital NF	2.500.000,00		3.500.000,00		4.500.000,00		5.000.000,00
Total Ingresos N. Financeiros	235.820.336,09	0,78%	237.677.100,00	0,78%	239.537.529,00	0,75%	241.331.492,00
C) Detalle Ingresos Financeiros							
VIII	508.838,00		513.926,00		519.065,00		524.256,00
IX	,00		,00		,00		,00
Total Ingreso Financeiro	508.838,00		513.926,00		519.065,00		524.256,00
Total Orzamento	236.329.174,09	0,79%	238.191.026,00	0,78%	240.056.594,00	0,75%	241.855.748,00

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

Conceptos	2016	Variación	2017	Variación	2018	Variación	2019
Saldo operacións correntes N.F	25.144.454,09		21.540.031,00		20.305.839,00		19.508.986,00
Saldo operacións capital N.F	-13.800.000,00		-13.750.000,00		-13.650.000,00		-13.350.000,00
Saldo operacións non financeiras	11.344.454,09		7.790.031,00		6.655.839,00		6.158.986,00
(+/-) axustes, SEC-95	-6.972.315,27		-3.680.258,00		-2.760.500,00		-2.350.000,00
Capacidade (+) / Necesidade (-)	4.372.138,82		4.109.773,00		3.895.339,00		3.808.986,00
Débeda viva a 31/12	7.202.182,04	-37,89%	4.473.262,75	-61,01%	1.744.343,44	-67,35%	569.449,92
A curto prazo	2.728.919,29		2.728.919,31		1.174.893,52		569.449,92
A longo prazo	4.473.262,75		1.744.343,44		569.449,92		
Ratio Débeda viva/ Ing. Corrt.consolidados	0,03%	-33,33%	0,02%	50,00%	0,01%	-100,00%	0,00%

Amortización ordinaria de débeda 2016-2019

Ide. Débeda	P. 31/12/2015	Amt. Ord.2016	P.31/12/2016	ord/extr. 2017	P. 31/12/2017	Amt. Ord.2018	P.31/12/2018	Amt. Ord.2019	P.31/12/2019	Amrt.2020
Ptmo. BCL2008	4.662.077,30	-1.554.025,76	3.108.051,54	-1.554.025,76	1.554.025,78	-1.554.025,78	,00	,00	,00	,00

Caixanova 2009	2.421.77 4,51	- 605.443,6 3	1.816.330,8 8	- 605.443,6 3	1.210.88 7,25	- 605.443, 63	605.443, 62	- 605.443, 62	,00	
Pt. BBVA 2010	2847249 ,52	- 569.449,9 0	2277799,62	- 569.449,9 0	1708349, 72	- 569.449, 90	1138899 ,82	- 569.449, 90	569.449 ,92	- 569.449, 92
T. D. Financeira	9.931.10 1,33	- 2.728.919, 29	7.202.182,0 4	- 2.728.919 ,29	4.473.26 2,75	- 2.728.91 9,31	1744343 ,44	- 1.174.89 3,52	569.449 ,92	- 569.449, 92

TERCEIRO.- Remitir telemáticamente a información a través da aplicación de captura de datos que ten o MINHAP na súa páxina web oficial antes do 15/03/2016.

CUARTO.- Autorizar a remisión da información ao Sr. Interventor Xeral Municipal.

QUINTO.- Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación aos efectos do previsto no artigo 123.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión do 21.03.2016, quedou informada de dito decreto.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: En cumprimento tamén da Lei de estabilidade presupostaria que obriga a realizar unha programación plurianual na programación e na execución do gasto público, procedemos a comunicar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o marco presupostario para o 2017-2019 e iso tanto polo que respecta a entidade local, é dicir o Concello de Vigo como ós organismos autónomos, na actualidade unicamente a Xerencia Municipal de Urbanismo como aos entes públicos que prestan servizos e se financian maioritariamente con cartos públicos como é neste caso a Fundación Marco.

O marco orzamentario comunicado está previsto para o período 2017-2019 e está proposto sobre a base da liquidación do orzamento 2015 e a previsión de liquidación para o ano 2016, para o ano en curso. Sobre estes datos analizaron as variables económicas, os datos orzamentarios tanto por parte deste responsable político como por parte dos técnicos municipais, sinaladamente o responsable

orzamentario e o interventor, e elaborouse o marco orzamentario que foi remitido telematicamente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

En canto aos ingresos, fíxose unha estimación dos ingresos correntes, dos de capital e dos financeiros nos termos agregados e como é obrigado distínguese entre aqueles datos que teñen unha evolución tendencial, é dicir, proxeccións que están baseadas en políticas non suxeitas a modificacións que son o groso desa información, posto que a día de hoxe non hai ningunha reforma nin do lado dos ingresos nin dos gastos que nos indiquen que temos que facer algunha modificación nesta tendencia.

Destaca e quero destacalo a non previsión de ingresos financeiros pola existencia de débeda cero neste Concello, e en canto aos gastos tamén se inclúen unha estimación dos gastos correntes, de capital e dos gastos financeiros tendo en conta o cumprimento da regra de gasto e como non pode ser doutro modo o límite de gasto non financeiro que se fixou por orde do Consello de Ministros, hai que lembrar que para a taxa de referencia de crecemento de investimento público para este ano 2016 é do 1,8%, para o 2017 será do 2,2% e para o 2018 e 2019 de 2,6%, polo tanto, en cumprimento destes índices aprobados polo Consello de Ministros faise esa proxección tendencial tanto dos ingresos e dos gastos, formación que está no expediente. Polo tanto, cumprimos con esa obriga de proxección para ese escenario presupostario 2017-2019, desa previsión de crecemento mínima como poden ver en canto aos ingresos, e tamén en canto aos gastos para atender as nosas obrigas contraídas.

Os saldos consolidados tamén teñen en conta a capacidade de financiamento deste Concello, é dicir, a situación de solvencia que presentan as contas públicas deste Concello, somos, insisto o Concello máis saneado, as finanzas públicas locais máis saneadas non só de Galicia senón tamén de toda España, e polo tanto, tamén un Concello que ten un saldo de débeda cero. Polo tanto, tamén temos esa previsión en canto a ese escenario presupostario.

En canto aos chamados pasivos continxentes que tamén son outros dos apartados que debemos reflectir nesta comunicación ao Ministerio de Facenda, tamén hai que destacar que non hai ningunha previsión porque tódalas obrigas están recoñecidas, están presupostadas e non é previsible que xurdan necesidades novas con cargo a este escenario 2017-2019.

En definitiva, cumprimos coa obriga en prazo de comunicarlle ao Ministerio de Facenda a nosa previsión orzamentaria para este escenario, para estes próximos anos, cumprimos coa obriga que temos de programar os nosos ingresos e os nosos gastos para este escenario que vai máis alá dun ano e polo tanto programamos con visión o que vai suceder e en función diso executados e elaboramos os nosos orzamentos.

SR. PÉREZ CORREA: A nós gustaríanos ter un documento máis ambicioso con respecto ao marco orzamentario entre este período, e o dicimos porque o marco orzamentario non debería ser un documento de catro folios onde o único que facemos e poñer unha previsión do que vai ser os incrementos do IPC ou o que vai ser a evolución dos tipos de interese do Euribor, o que ten que ver coas amortizacións bancarias, vostedes falan de débeda cero, aquí non aparece débeda cero, hai unha débeda, será máis grande ou máis pequena pero o concepto de débeda cero dende logo non aparece aquí.

A min gustaríame que o concelleiro de Facenda, eu sei que ao mellor o fixo, pois lera o plan presupostario a medio prazo exactamente para o mesmo período que presenta o concello de Madrid, un concello absolutamente endebedado polos anos de xestión do Partido Popular, que presenta un documento ambicioso que di unha cuestión que para nós non é secundaria que o Plan presupostario a medio prazo 2017-2019 preséntase por tanto en cumprimento da normativa de estabilidade mencionada, é dicir, todas estas normativas que como dicimos están estrangulando en gran parte á autonomía financeira dos concellos, así como a subxección ás liñas estratéxicas e ás medidas adoptadas ata o momento polo Pleno do Concello de Madrid, é dicir, un concello ten que ter unha estratéxica política tamén para o marco orzamentario, e con este marco orzamentario que se nos pon enriba da mesa se nos está a dicir que entre o 2017 e o 2019 van a subir os impostos, que non vai haber máis bonificacións ou que non imos intentar explorar por exemplo, bonificacións no IBI que teñen que ver co número de membros da unidade familiar ou os valores catastrais das vivendas, que non imos modificar o tipo de interese do IVE que é a groso modo o imposto máis importante que pagan os vigueses/as, que imos facer practicamente un nivel de investimento igual cando vostedes falan das humanizacións eu lle podo contar como está a

situación das infraestruturas nas parroquias, en Beade, en Valladares, en Matamá, cal é a situación en moitos casos das parroquias, por certo, plans de investimentos en parroquias cero precisamente nos orzamentos deste ano ou polo menos non os hai consignados.

Polo tanto, neste marco orzamentario se nos di que os vigueses imos soportar un incremento entre o ano 2016, 2017 e o 2018 que haberá incrementos impositivos, que non imos a explorar novas fórmulas de bonificacións e que imos ter un nivel practicamente semellante do que é a política de gastos en momentos que eu repito, non son datos nosos, son datos de todo o tecido social deste país, a situación das familias empeora o que ten que ver co nivel de acceso aos servizos públicos e aos salarios dignos e a situacións económicas vantaxosas.

Polo tanto, nos para ese marco orzamentario nos gustaría que se incorporara tamén unha política concreta, sexa continuidade de seguir incrementando os impostos en base a subidas que están, certo que aquí hai unha progresión importante do IPC que está recollido polo propio Ministerio e polo propio goberno, pero nos aquí entendemos que tiña que haber un política ou polo menos concretasen que imos a marcar os próximos tres anos, se os próximos tres anos van ser de incremento por exemplo das taxas, dos impostos, pois nos pensamos que deberíamos explorar outras fórmulas que permitiran pensar nun marco de horizonte de tres anos no que podemos facer que se hai unha tímida recuperación económica na que nós non cremos, que polo menos as familias tamén teñan unha axuda por parte deste Concello no que ten que ver coa recadación e que busquemos fórmulas sobre todo que teñen que ver coas bonificacións ás unidades familiares, cousa que nós polo menos neste marco orzamentario a curto prazo non vemos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Aneiros que para ser o seu primeiro documento que define o marco orzamentario para os próximos tres anos, do 2017 ao 2019 é bastante pobre, pouco ambicioso e dende logo en catro ou cinco folios non creo que se poida resumir ou condensar o proxecto que ten o Concello de Vigo para os próximos anos, porque si que na filosofía destes marcos orzamentarios é que se inclúan neles a estratexia que se vai seguir por parte da administración nos próximos anos e cales van ser as medidas que se van a tomar e que impacto van a

ter esas medidas nas constas do Concello e despois de ver o informe que presentan vostedes hoxe, sinceramente aí pouco se poder ver porque dende logo o que demostra é que non teñen ningunha estratexia de futuro máis que seguir co mesmo, máis do mesmo.

O que si está claro do pouco que se pode entrever neste documento, nestes escasos folios no que están os seus marcos orzamentarios e que van seguir coa súa mesma política fiscal, que erro! Van seguir incidindo no erro da súa política fiscal, vostede dicía antes que tiña a presión fiscal máis baixa de Galicia, a ver, para ser concelleiro de Facenda hai que traballar con rigor, xa quedou demostrado na primeira parte da intervención que as súas facultades como adiviño son bastante malas porque ao longo de todo o ano 2015 insistiu en dicirnos, isto no é un galiñeiro, isto é un Pleno do Concello, así que lles esixo respecto a esta voceira que está no uso da súa palabra. Como dicía como adiviño no se vai gañar vostede a vida porque ao longo de todo o 2015 nos estaba dicindo que iamos chegar ao 100% da execución e agora vemos que era todo falso, pero polo menos con responsable de Facenda lle pido un pouco de rigor. A presión fiscal no ano 2014 que hai un estudo comparado de tódalas administracións públicas, dos concellos de Galicia, datos do Ministerio de Economía e Facenda e do INE, repase os datos, era de 419 euros, en Vigo a presión fiscal segundo o informe, non desta concelleira senón do interventor municipal, en Vigo no ano 2014 era de 482 e en 2015 de 488, é dicir, os vigueses/as pagan máis impostos e soportar unha maior presión fiscal que o resto dos habitantes dos concellos de Galicia, e a pesares diso, de estar rompendo aos vigueses cos impostos e seguir dicindo que ao longo do 2017, 2018 e 2019 seguirán vostedes por esa vía e non baixarán os impostos para poder chegar aquí ao Pleno nas liquidacións presupostarias e xactarse de que deixan 22 millóns de euros sen gastar de tódolos cidadáns, paréceme que merece unha reflexión este documento e dende logo merece unha rectificación.

Tamén vemos que non teñen pensado corrixir a estrutura de gastos que ten este Concello, si xa o falamos outras veces, Sr. Aneiros, non pode ser que unha administración pública, o Concello dunha cidade como a de Vigo, unha cidade industrial, no que a economía é o prioritario teña un balance entre investimentos e gasto corrente como o que ten este Concello, que moi poucos concellos o teñen, que tódolos concellos adican máis investimentos que este concello, é lamentable,

dos 216 millóns que executaron o ano pasado, empregaron 200 millóns en gasto corrente, o 93% e só o 7% en facer investimentos que redunden en beneficios á futuro para esta cidade.

Realmente pobre este balance de execución e vostedes queren seguir prolongando iso ao longo dos próximos anos, así lle está indo a esta cidade que se está mellorando non é gracias a vostedes, é a pesares de vostedes e a pesares das súas políticas que están facendo tanto dano porque se lles esquece que hai que apoiar ás empresas, a execución do apoio ás empresas no ano 2015 é lamentable, o 0% no apoio ás empresas que teñen que xerar emprego, ás concesionarias si que lle pagan ben como lle están lembrando, nada de apoio ao turismo, ao comercio, aos sectores produtivos, investimos 28 euros por habitante, é lamentable que unha cidade como Vigo invista isto, xa sei que vostedes dirán “é que a Xunta de Galicia o que facían, é que vostede cando era concelleira de...” estamos a falar de Vigo e ademais direille non é o mesmo investir cando se ten superávit que investir cando se ten déficit Sr. Aneiros, iso seguro que llo pode dicir a Sra. Caride que ía cos seus tomos de execución orzamentaria, poderá dicirlle que non é o mesmo investir cando non se ten que investir cando se ten, e vostedes teñen, o que pasa é que non queren, ou son incapaces.

SR. ANEIROS PEREIRA: Di un dito moi sabio que “o bo si breve dúas veces bo” porque o importante é saber ler o que está nese documento marco presupostario e o importante tamén é non facer demagogia Sra. Muñoz, porque vostede sabe moito de que nunha sinatura en cinco minutos pódese converter un hospital público nun hospital privado, en cinco minutos pódese subir o imposto de actos xurídicos documentados como vostede subiu, en cinco minutos pódese subir o imposto sobre hidrocarburos como vostede subiu, en cinco minutos pódese subir o canón de Sogama como vostede subiu, se pode subir tamén o canón de saneamento, non nos fale a nós de subir impostos cando non subimos impostos, Sra. Muñoz, non nos fale de subidas de impostos, de cousas que non estamos a facer.

Nesa estratexia, que como digo ten que saber ler, está seguir tendo a presión fiscal máis baixa de Galicia, nesa estratexia está seguindo ter un maior nivel de esforzo inversor por habitante, un menor nivel de dependencia financeira, un

maior nivel de cobertura, de liquidez inmediata, Sra. Muñoz, en esa estratexia, nese documento está esa estratexia que ten este concelleiro, este goberno local.

Sr. Pérez, faime moita gracia que vostede se vaia de viaxe a Madrid porque os grupos de Marea, os seus homólogos en Galicia, A Coruña, Ferrol, en Santiago de Compostela non teñen un marco orzamentario, non teñen un plan presupostario, por non ter non teñen nin orzamento, de tal forma non se entende porque temos que pegarnos unha viaxe a Madrid para ver o que vai facer unha señora que está a miles de quilómetros de aquí, unha alcaldesa que está a miles de quilómetros de aquí cun documento que responde a un Concello endebedado ata niveis excesivos, máis de mil euros por habitante que teñen de nivel de débeda en Madrid. Polo tanto, centrémonos en Vigo, en Galicia se queremos poñer algún exemplo.

Tamén lle digo o mesmo, nese documento, nese marco orzamentario tamén hai que saber ler, se o escenario legal é constante non podemos facer modificacións de ningún tipo, os concellos como vostede di están estrangulados, se o queremos ver así, están limitados porque o di unha lei do Estado, a Lei de facendas locais, non podemos adoptar bonificacións no IBI sen ter en conta o que di a Lei de facendas locais, se non hai previsión da Lei de facendas locais teremos que seguir aplicando a mesma Lei de facendas locais que temos vixente.

O que tampouco admito é que diga que non realizamos investimentos nas parroquias, somos o goberno que atende a tódalas partes desta cidade, as parroquias e tódolos distritos desta cidade, está no Orzamento deste ano, no Orzamento do 2016, a partida presupostaria para atender ás parroquias, ás humanizacións no centro da cidade e na periferia, tódalas rúas, tódalas zonas da cidade están representadas no plan de investimentos, somos o goberno que máis atende e mellor atende ás parroquias e a tódalas partes desta cidade Sr. Pérez Correa, non lle admito que diga que non investimos na cidade.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.3(43).- DAR CONTA DA MEMORIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO-

ADMINISTRATIVO DO EXERCICIO 2015. (REXISTRO PLENO 1340/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Memoria do Tribunal Económico-Administrativo do Exercicio 2015, polo Presidente do Tribunal Económico-Administrativo, que di:

MEMORIA DO ANO 2015

“Cumprimentando o disposto na Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo plenario de 14 de xuño de 2004, elabórase a presente Memoria correspondente ó ano 2015, en base ós datos que obran no arquivo do Tribunal, da que se da conta ó Pleno da Corporación.

Despois de 11 anos de funcionamento, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo tense consolidado como un órgano técnico e independente na garantía dos dereitos dos cidadáns e cidadás de Vigo, na súa condición de contribuíntes, coa resolución das reclamacións económico-administrativas interpostas, en relación ós tributos e outros ingresos de dereito público que nutren a facenda municipal.

Ademais, o Tribunal seguiu exercendo funcións de colaboración e asesoramento ós distintos órganos de xestión do Concello en relación coas normas e procedementos de xestión, recadación e inspección dos ingresos municipais de dereito público. Todo isto tense traducido nunha mellora da actividade municipal e nunha diminución da conflictividade fiscal.

No ano 2015 segue a consolidación e o coñecemento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, tanto por parte das persoas físicas, como por parte das persoas xurídicas. Nembargantes, nalgúns casos segue observándose certa confusión a hora de dirixir as reclamacións presentadas ante este Tribunal, dirixindo as mesmas ao Tribunal Económico-Administrativo Rexional. Esta circunstancia xera certo retraso na tramitación destas reclamacións concretas, xa que dito órgano as remite, como é lóxico, ao Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, coa conseguinte demora na súa tramitación.

As reclamacións presentadas teñen unha mellor e individualizada fundamentación xurídica, tendo diminuído as presentadas baixo un mesmo modelo ou tipo sen ter en conta as peculiaridades de cada unha. Tamén apréciase non só un aumento dos motivos de impugnación, tanto de dereito substantivo (suxeito pasivo, contribuínte, responsabilidade solidaria e subsidiaria, exencións, bonificacións, etc.), como de dereito procedimental (carencia ou notificacións defectuosas, caducidade, prescrición, etc.), senón tamén que a maioría das reclamacións presentadas baseáanse en varios motivos.

O exercicio 2015, ó non ter habido modificacións legislativas sobor da financiación das entidades locais, que obrigasen a adoptar novos criterios sobor os distintos supostos da regulación dos ingresos que integran a Facenda local, pódese

considerar coma unha continuación dos anteriores, no que consolídanse os criterios sostidos polo Tribunal nas resolucións das distintas reclamacións económico-administrativas, compartidos na súa casi totalidade polos Tribunais da xurisdicción contencioso-administrativa.

No exercicio 2015, celebráronse 31 sesións do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo; nas que tratáronse un total de 249 asuntos. O que supón unha media lixeiramente superior ás dúas sesións por mes. Estes datos reflicten unha continuidade e normalidade da actividade respecto ao exercicio anterior.

Ó longo do exercicio 2015 tiveron lugar as sesións que se citan no seguinte cadro; que reflicte o número da Sesión, a súa data e o número de asuntos tratados en cada unha delas.

Sesión	Data da reunión	Asuntos
2015/01	Dezanove de xaneiro de dous mil quince	10
2015/02	Trinta de xaneiro de dous mil quince	9
2015/03	Trece de febreiro de dous mil quince	8
2015/04	Vinteseite de febreiro de dous mil quince	8
2015/05	Dezaséis de febreiro de dous mil quince	9
2015/06	Dezaoito de marzo de dous mil quince	1
2015/07	Vinteseite de marzo de dous mil quince	12
2015/08	Dezasete de abril de dous mil quince	7
2015/09	Trinta de abril de dous mil quince	5
2015/10	Quince de maio de dous mil quince	5
2015/11	Vintenove de maio de dous mil quince	8
2015/12	Quince de xuño de dous mil quince	6
2015/13	Trinta de xuño de dous mil quince	10
2015/14	Vinte de xullo de dous mil quince	9
2015/15	Vinteseite de xullo de dous mil quince	10
2015/16	Cinco de agosto de dous mil quince	1
2015/17	Vintecatros de agosto de dous mil quince	24
2015/18	Vinteseite de agosto de dous mil quince	18
2015/19	Vinteseite de agosto de dous mil quince	2
2015/20	Trinta e un de agosto de dous mil quince	9
2015/21	Oito de setembro de dous mil quince	1
2015/22	Catorce de setembro de dous mil quince	12

2015/23	Vintedós de setembro de dous mil quince	1
2015/24	Trinta de setembro de dous mil quince	12
2015/25	Dezaséis de outubro de dous mil quince	8
2015/26	Trinta de outubro de dous mil quince	8
2015/27	Seis de novembro de dous mil quince	9
2015/28	Nove de novembro de dous mil quince	1
2015/29	Trinta de novembro de dous mil quince	12
2015/30	Catorce de decembro de dous mil quince	4
2015/31	Dezaioito de decembro de dous mil quince	10
TOTAL		249
Reclamacións económico-administrativas		
Pendientes a 01/01/2015		97
Presentadas no exercicio 2015		25
		2
Total		349

Tramitación de reclamacións económico-administrativas		
Acumuladas, arquivadas, devoltas, caducadas e desestamentos		2
Resoltas		235
Tramitadas no exercicio 2015		237
Pendientes a 31/12/2015		112
Total		349

Tramitación por órganos		
Sala		33
<i>Informes</i>		4
<i>Dictames</i>		10
<i>Reclamacións</i>		18
Desestimadas	18	
<i>Outros</i>		1
Organos unipersonais		217
<i>Reclamacións</i>		211
Estimadas	18	
Estimadas parcialmente	3	

Desestimadas	175	
Inadmitidas	15	
<i>Recursos de anulación</i>		1
Desestimados	1	
<i>Solicitudes de revisión</i>		3
Inadmitidas	3	
<i>Solicitudes de suspensión</i>		2
Inadmitidas	1	
Estimadas	1	
Total		250

Notificacións		
Internas		340
Externas		289
Total		629

Recursos contencioso-administrativos interpostos		
Recursos contencioso-administrativos interpostos		24
Total		24

Achéganse, o Libro de Entrada e Saída de Documentos; e o Libro de Actas do Tribunal Económico-Administrativo correspondentes ao exercicio 2015.

A comisión informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 21 de marzo, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Para informar para dar conta da Memoria do Tribunal Económico Administrativo local desta cidade, é un órgano creado pola Lei de modernización do goberno local previsto para as grandes cidades, polo tanto Vigo conta con este mecanismo que permite aos cidadáns, na súa condición de

contribuíntes, presentar as reclamacións e os recursos fronte aos actos que entenden que non se corresponden aos seus dereitos. Hai que indicar que este órgano económico administrativo non só ten como función a resolución destes recursos, reclamacións de forma gratuíta para á cidadanía, sen custe para a cidadanía senón que tamén ten como competencia elaborar ditames e calquera outro informe que se lle encomende por parte dos órganos municipais.

Da memoria anual do ano 2015, da que se presenta a Pleno a súa conta, en cumprimento do disposto na Disposición Adicional Terceira do Regulamento, destaca a continuidade a consolidación do Tribunal Económico Administrativo local como órgano técnico independente capaz de resolver as reclamacións e os recursos dos contribuíntes desta cidade, e isto tanto para as persoas físicas como para as empresas desta cidade. Durante o ano 2015 celebráronse un total de 250 reunións, algo así como máis de dúas sesión ao mes no ano 2015, continuando co índice de reunións, de asuntos que propuxeron en anos anteriores. No seu conxunto como digo presentáronse 250 resolucións das cales a maior parte delas foron resoltas non ano 2015, tan só dúas foron arquivadas por desestimento ou por caducidade, polo tanto, órgano económico administrativo que funciona.

En canto ás reunións tramitáronse 33 resolucións en sala, das cales catro eran informes, dez eran ditames e 18 eran reclamacións, a maior parte das reclamacións se resolveron por parte de órganos unipersoais, é dicir, de forma unipersoal por parte do Tribunal Económico Administrativo, delas, 18 reclamacións foron estimadas e 175 foron desestimadas, se propuxeron tamén un recurso de anulación e tres solicitudes de revisión ante este Tribunal Económico Administrativo Local, en definitiva un órgano que cumpre a súa función de subministrar a garantía aos cidadáns vigueses, de subministrar a posibilidade de que os cidadáns vigueses, os contribuíntes deste Concello, propoñan as súas reclamacións, dúbidas, inquietudes a este órgano económico administrativo local que de forma gratuíta resolve e atende as reclamacións dos cidadáns, hai que lembrar tamén que esta posibilidade non a teñen tódolos cidadáns de tódalas cidades senón que só por lei a teñen as grandes cidades como é o caso de Vigo. Polo tanto, podemos dicir que estamos ante unha forma de xustiza gratuíta no ámbito tributario, fiscal para que os cidadáns propoñan as súas reclamacións e polo tanto de forma gratuíta resolver esas discrepancias que poidan existir entre a

administración tributaria de Vigo e os cidadáns de Vigo, unha administración hai que dicilo tamén colaborativa cos contribuíntes e que informa e que asesora aos contribuíntes que acoden aos portelos deste concello para solicitar información tamén sobre o cumprimento das obrigas tributarias e sobre como aprazar o cumprimento desas obrigas tributarias.

Polo tanto, Tribunal Económico Administrativo que cumpre coas súas funcións, resolucións presentadas e resoltas no ano 2015.

SR. PÉREZ CORREA: Primeiro, felicitar aos traballadores públicos tanto ao presidente, vocal e secretario deste órgano polo traballo e para nós é importante que solucionemos unha eiva que ten este tribunal, que para nada ten que ver co propio funcionamento, que ten que ver co traballo para nós importante como se ve nas actas, metódico tanto do Sr. Albino Rodríguez, de Sr. Miguel Ángel Pola e do Sr. Manuel Xosé Lorenzo Penela, pero si que aquí se introducen dúas cuestións, primeiro, que hai un descoñecemento público de que existe este tribunal, que a maior parte dos cidadáns vigueses non saben que teñen este tribunal gratuíto que pode suplir a vía dun contencioso-administrativo cando non están de acordo coas taxas, tributos ou as cuestións que teñen que ver coa normalización entre unha administración pública e un cidadán, polo tanto, aquí incluso na memoria se introduce que moitos cidadáns non saben moitas veces acudir ao órgano, neste caso municipal, ou o seu homólogo rexional, que sería o tribunal de ámbito galego, polo tanto sería bo que se faga unha campaña, que a cidadanía saiba que realmente hai ese tribunal, e que poden apelar a el, que é un uso gratuíto, nós pensamos que iso non custa nada dentro deses programas de Alcaldía que hai, pois editar un díptico ou facer incluso facer unha parte visible na web municipal, é dicir, que calquera cidadá saiba dunha maneira natural que ten esa opción, no só cando se lle informa a través dun recurso. Polo tanto, nós o que pedimos é unha campaña informativa porque moitos cidadáns, e a nós cóstanos, que descoñecían ou descoñecen que despois de once anos, existe este tribunal que lles permita apelar dunha maneira gratuíta e polo que vemos e polo traballo dilixente dos traballadores públicos resolve dunha maneira rápida.

Polo tanto, si que pedimos a compañía informativa para que calquera cidadán vigués poida utilizar ese instrumento.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Nós sumarnos ás felicitacións aos membros do Tribunal Económico Administrativo co presidente o Sr. Albino á cabeza porque cremos que fai unha labor moi importante, este órgano que foi creado previsto primeiro nunha lei do ano 2003, un goberno do Partido Popular e creado cando o Partido Popular estaba no goberno da cidade e que está orientado a facer unha labor técnica e de axuda, tamén de atender as demandas dos contribuíntes en relación aos tributos. Se que nos preocupa o incremento dos últimos anos nas reclamacións que se presentan a este Tribunal Económico Administrativo, porque dende o ano 2010 foi un incremento continuo de 63 reclamacións no ano 2010, 72 no 2011, 134 no 2012, 194 no 2013, ata chegar ao ano 2015 con 252 reclamacións, o que quere dicir é que a litixiosidade e a desconformidade dos cidadáns coas liquidacións no ámbito tributario incrementouse neste últimos anos, e tamén o número de estimacións porque os datos do ano 2015 indican que o número de reclamacións presentadas polos cidadáns, estimadas por parte do Tribunal case quintuplicado as reclamacións estimadas tan só o ano pasado, co cal iso quere dicir que os cidadáns reclaman máis e ademais se lles está dando máis a razón por parte do Tribunal Económico Administrativo que insisto, fai unha labor moi importante que é pouco coñecida que os cidadáns deben saber que non teñen porque ir ao Contencioso-administrativo moitas veces, cando non están de acordo cunha multa, sanción, imposto ou taxa e que poden acudir a este tribunal que funciona e funciona ben para atender a esas reclamacións.

Insisto, felicitacións aos funcionarios que están neste Tribunal que siguan facendo o seu traballo con seriedade e un traballo necesario de asistencia a tódolos vigueses/as.

SR. ANEIROS PEREIRA: Pois como non pode ser doutro modo, efectivamente funcionarios que traballan e cumpren coa súa función neste órgano económico administrativo.

En canto ao coñecemento deste órgano hai que dicir que na páxina web do Concello temos un enlace directo á oficina virtual tributaria onde de forma moi sinxela os contribuíntes desta cidade poden non só presentar as súas declaracións senón as súas solicitudes e reclamacións, polo tanto, a través da oficina virtual

tributaria temos ese canle, é certo que pode ser un canle non moi coñecido para a xeneralidade da cidadanía pero que efectivamente é un canle que xa existe e polo tanto, un órgano que xa existe, en todo caso as persoas especializadas no ámbito tributario coñecen a posibilidade de acudir a este canle.

En canto ao nivel de asuntos deste tribunal nos últimos anos practicamente mantívose constante, practicamente o nivel de asuntos é constante nestes últimos anos, xa sexan resolucións ou reclamacións Sra. Muñoz, polo tanto, non hai gran disparidade nos datos respecto dos últimos exercicios, anteriores ao ano 2015. Polo tanto, practicamente é unha consolidación da tarefa deste Tribunal, estamos en torno á 250, 300 resolucións ao ano, neste ano 2015, 250 resolucións polo tanto, mantéñense os niveis tamén de anos anteriores, se manteñen en termos globais os niveis de resolución dos anos anteriores. É certo que os cidadáns en moitas ocasións propoñen queixas que non poden ser máis que tramitadas como queixa fronte á administración pero son formas de protestar que non responden á actuación da administración senón que responden máis que nada á regulación legal que moitas veces existe e que non queda mais remedio que aplicala en cumprimento do principio de legalidade por parte da administración tributaria local que como digo, insisto, é unha administración que colabora cos contribuíntes, que informa e asiste aos cidadáns de Vigo, calquera cidadá de Vigo que teña unha consulta, unha dúbida no ámbito dos impostos locais deste Concello pode asistir ao portelo deste Concello, aos órganos desta administración tributaria e será sen dúbida informada e asistida no cumprimento das súas obrigas, polo tanto, cúmprese tamén con esa importante función de informar e de asistir aos contribuíntes e como xa quedou dito, contan tamén con esta posibilidade de acudir ao órgano económico administrativo local de forma gratuíta para presentar as súas reclamacións se así o estiman oportuno.

Polo tanto, cumprimos tamén con esa importante función de canalizar as suxestións e as peticións da cidadanía de Vigo.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

3.4(44).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 15/16 “AMORTIZACIÓN EXTRAORDINARIA DE DÉBEDA CON CARGO AO SUPERÁVIT”. EXPTE. 35/142 (REXISTRO PLENO 1350/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 14 de marzo de 2016, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, formula o seguinte informe proposta:

“Modificación orzamentaria nun: (15/2016)
Tipificación da modificación: Suplemento de Créditos
Expediente: 35/142
Contía do suplemento de crédito: 7.202.182,04 euros
Finalidade: Amortización anticipada e extraordinaria dos préstamos dos préstamos concertados nos anos 2008, 2009 e 2010 co BBVA e Caixanova, actualmente ABANCA.

Contía da amortización extraordinaria: 7.202.182,04 euros
Entidades financeiras:
Capital vivo BCL-BBVA: 4.462.077,30 euros
Amortización extraordinaria do préstamo ano 2008 (BCL): 3.108.051,54 euros
Amortización ordinaria do préstamo do ano 2008 (BCL): 1.554.025,76 euros
Capital vivo Caixanova-ABANCA: 2.421.774,51 euros
Amortización extr. do préstamo do ano 2009 (ABANCA):. 1.816.330,88 euros
Amortización ordinaria do préstamo do ano 2009: 605.443,63 euros
Capital vivo BBVA: 2.847.249,52 euros
Amortización extr. do préstamo do ano 2010 (BBVA): 2.277.799,62 euros
Amortización ordinaria do préstamo do ano 2008 (BBVA): 569.449,90 euros
Contía da amortización extraordinaria: 7.202.182,04 euros
Importe do suplemento de crédito-amortización extr.: 7.202.182,04 euros
Contía da amortización ordinaria 2.728.919,29 euros
Contía total amortización da débeda financeira ano 2016: 9.931.101,33 euros
Órgano: Pleno da Corporación
Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de 15 de marzo de 2016, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (15/2016), que está conformado da seguinte documentación xustificativa: Resolución da Alcaldía Presidencia, na que se xustifica a inaplazabilidade do gasto por supor o acordo un aforro moi importante con cargo ao orzamento municipal. Forma parte do expediente, o cadro identificativo da débeda e o plan de amortización 2014-2020, que co expediente que se tramita quedaría cancelada na súa totalidade.

Recurso financeiro da modificación de créditos

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao superávit orzamentario que forma parte do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais obtido na Liquidación Orzamentaria do último exercicio liquidado, isto é, o exercicio do 2015.

De acordo coa documentación que figura no expediente, o Remanente de Tesourería para gastos xerais obtido da Liquidación do ano 2015, 73.908.091,14 euros.

Con cargo ao mesmo, tramitouse a modificación orzamentaria nº 2/2016, de incorporación de remanentes, por unha contía de 7.381.057,88 euros, dos que 3.242.896,92 euros, foron financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais e o resto con excesos de financiamento afectado. O Remanente dispoñible é 70.665.194,22 euros.

A proposta para o financiamento da modificación de créditos 15/2016, por unha contía de 7.202.182,04 euros, deixaría a contía do mesmo en 63.463.012,18 euros.

En canto ao superávit da Entidade Local, a contía do mesmo é de 22.330.677,23 euros e o consolidado, segundo o informe do Sr. Interventor Xeral asinado electronicamente o 22/02/2016, de 24.303.914,56 euros.

As obrigas que xera esta modificación orzamentaria pola amortización da débeda, non computa aos efectos de Estabilidade Orzamentaria (SEC95, SEC2010), nin na Regra de Gasto nin no obxectivo de estabilidade orzamentaria, xa que as obrigas que xera teñen a cualificación de financeiras.

En aplicación da cláusula SÉPTIMA do contrato asinado, o Concello deberá comunicar a Entidade financeira a amortización anticipada cunha antelación mínima dun mes a data que se pretende facela a devolución extraordinaria do préstamo, debendo coincidir coa finalización dun período de xuros. Polo que aos efectos de liquidación de períodos enteiros, a amortización farase a data 30 de setembro, xa que tendo en conta os períodos de tramitación, aprobación, exposición ao público, e si houberse algunha reclamación, nova aprobación, parece aconsellable establecer unha data que garanta a tramitación con total garantía.

Aforros nos orzamentos futuros

A contía que por amortización anticipada dos pasivos non terán que imputarse ao orzamento con destino ao servizo de débeda é a seguinte:

Ide. Débeda	2017		2018		2019		2020	
	Amortización	Xuros	Amortización	Xuros	Amortización	Xuros	Amortización	Xuros
Pt. BCL2008	1.554.025,76	32.635,00	1.554.025,78					
Caixanova 09	605.443,63	25.429,00	605.443,63	18.950,00	605.443,62			
Pt. BBVA 10	569.449,90	60.362,00	569.449,90	45.271,00	569.449,90	30.181,00	569.449,88	15.105,00
Total	2.728.919,29	118.426,00	2.728.919,31	64.221,00	1.174.893,52	30.181,00	569.449,88	15.105,00

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 16 de marzo de 2016, o interventor xeral do Concello informa do que segue:

"Asunto: Suplemento de crédito con destino á amortización anticipada de débeda financeira (expte. 35-142).

Incoado por Resolución da Alcaldía de data 14 de marzo de 2016, tivo entrada nesta Intervención Xeral o expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 15/2016, que se financia con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais obtido da Liquidación do Orzamento do exercicio 2015, e presentada a proposta de modificación acompañada da memoria xustificativa que se inclúe no propia resolución de incoación, o funcionario que subscribe, en cumprimento do previsto polo artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, artigo 37.3 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, e artigo 4.1.g) do Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

I.- Lexislación aplicable.

- ✓ Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).
- ✓ Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).
- ✓ Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).
- ✓ Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- ✓ Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, RXLEP.
- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- ✓ Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- ✓ Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.
- ✓ Bases de Execución do Orzamento.

O expediente de modificación orzamentaria que se tramita, contén un suplemento de crédito por un importe de 7.202.182,04 euros. Os suplementos de crédito son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado cuxa execución non pode demorarse ata o exercicio seguinte, sendo o crédito previsto insuficiente e non susceptible de ampliación.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulamentada nos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL), e 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP), así como na Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente.

O Remanente de Tesourería que se propón como recurso para para financiar a modificación orzamentaria por importe de 7.202.182,04 euros regúlase no artigos 177 e 191 de devandito corpo legal e artigos 36, 101 a 105 do mencionado Real Decreto 500/1990.

II.- Descrición da modificación de crédito proposta.

A normativa que se vén citando, esixe unha serie de requisitos que deben reunir os gastos para os cales proxéctase este tipo de modificación de créditos, requisitos, por outra banda, que son comúns tanto para os suplementos como para os créditos de carácter extraordinario.

En síntese, tales requisitos concréntanse en que os gastos haberán de ter carácter específico e determinado, non podéndose demorarse para o exercicio seguinte.

Así mesmo, debe cumprirse a premisa da non existencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado á finalidade específica a que se orienta o gasto a realizar no nivel establecido na vinculación xurídica, para o caso das dotacións de créditos extraordinarios; ou para o suposto de suplementos, a constatación de que é insuficiente o saldo de crédito non comprometido na aplicación correspondente do estado de gastos do orzamento a que se debe imputar o gasto proposto, e iso no nivel establecido na bolsa de vinculación xurídica dos créditos aprobada polo Pleno da Corporación, non podendo ser obxecto de ampliación.

III.- Destino: Amortización dos importes pendentes de reembolso dos préstamos concertados nos anos 2008, 2009 e 2010.

III.1.- O artigo 32 da LOEOSF dispón, no seu apartado 1º, que: “No caso de que a liquidación orzamentaria sitúese en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit para destinar á redución de débeda”.

A efectos do previsto no citado artigo, enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea (artigo 32.3 LOEOSF).

Pola súa beira, a Disposición adicional sexta da LOEOSF dispón o seguinte:

“1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das

Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

2. No ano 2014, para os efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas ao 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivécese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.

c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo”.

En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2015 prorrógase para 2016 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da LOEOSF, conforme establece a disposición adicional octoxésima segunda da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 («B.O.E.» 30 outubro).

Segundo os datos contidos na liquidación orzamentaria do ano 2015, a 31/12/2015 o RTGX era de 73.908.091,14 euros, o orzamento do exercicio 2015 liquidouse con unha capacidade de financiación (superávit SEC 95) de 24.303.915,56 euros a nivel consolidado, e o saldo da conta 413 a 31/12/2015 era de 2.263.941,49 euros.

No expediente consta incorporado un informe sobre o seguimento do remanente líquido de tesourería para gastos xerais:

– Remanente dispoñible:	70.665.194,22 euros
– Remanente proposto modificación en tramitación:	7.202.182,04 euros
– Remanente unha vez deducidas as MC:	63.463.015,18 euros

Polo exposto, verifícase o cumprimento dos requisitos establecidos na LOEOSF en canto ao destino do superávit.

III.2.- A xustificación da modificación proposta é basicamente de tipo económico-orzamentario, xa que suporá unha diminución dos gastos financeiros financiados con cargo ás aplicacións do capítulo III do orzamento de gastos do exercicio corrente, así como dos exercicios futuros, e por conseguinte suporá ao tempo unha mellora na ratio de endebedamento que pasará a ser do 0%, ademais de diminuír a contía dos recursos que terían que destinarse á amortización dos pasivos financeiros no capítulo IX do estado de gastos.

Deste xeito, os aforros xerados poderán ser destinados nos futuros exercicios a outras finalidades.

O tipo de xuro aplicado a cada unha das operacións que se pretende cancelar é o seguinte:

- Operación 2008: Euribor + 0,065
- Operación 2009: Euribor + 0,6
- Operación 2010: Euribor + 1,15

Os aforros xerados nos videiros exercicios é o seguinte:

Ide. Débeda	2017		2018		2019		2020	
	Amortizac.	Xuros	Amortizac.	Xuros	Amortizac.	Xuros	Amortizac.	Xuros
Pt. BCL2008	1.554.025,76	32.635,00	1.554.025,78					
Caixanov 09	605.443,63	25.429,00	605.443,63	18.950,00	605.443,62			

Pt. BBVA 10	569.449,90	60.362,00	569.449,90	45.271,00	569.449,90	30.181,00	569.449,88	15.105,00
Total	2.728.919,29	118.426,00	2.728.919,31	64.221,00	1.174.893,52	30.181,00	569.449,88	15.105,00

IV.-Límites ao endebedamento.

En canto ao índice de endebedamento financeiro, a Liquidación orzamentaria do ano 2015 puxo de manifesto un coeficiente de endebedamento do 4,25 por 100 sobre os ingresos liquidados por operacións correntes deducidos dos estados consolidados, cos axustes que regula a Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, é un endebedamento financeiro total de 9.931.101,29 euros.

Trátase, polo tanto, dun endebedamento moi reducido en relación coas posibilidades que establece o artigo 53.2 do TRLRFL. O citado precepto limita ao máximo do 110 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior ou, na súa falta, no precedente a este último cando o cómputo haxa de realizarse no primeiro semestre do ano e non se liquidou o orzamento correspondente a aquel, segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados das entidades locais.

A Disposición Adicional décimo cuarta do Real Decreto Lei 20/2011 de 30 de marzo, de Medidas Urxentes en Materia Orzamentaria, Tributaria e Financeira para a Corrección do Déficit Público, foi dotada de vixencia indefinida pola disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, quedando establecidos uns novos límites porcentuais para o cálculo do índice de endebedamento:

1.- Se o volume total de capital vivo non excede do 75 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, só terán que cumprir os requisitos previstos no TRLFL e normativa de estabilidade orzamentaria.

2.- Se o volume total de capital vivo se atopa entre o 75% e 110 % dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, ademais do anterior, deberá contar cunha autorización previa do órgano competente en materia de tutela financeira. En resumo, o límite está no 110 % dos recursos liquidados por operacións correntes, condicionado a que se o endebedamento é maior co 75% e menor co 110%, require autorización previa do órgano que ten a tutela financeira, mentres que si o endebedamento é inferior co 75% dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados, tan só é necesario facer a comunicación da operación, sempre e cando se cumpran os demais requisitos: Remanente de Tesourería para gastos xerais positivos, Aforro Neto Positivo e cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

A tendencia xeral, de acordo as pautas de longo prazo delimitadas pola LOEOSF e polos obxectivos do Ministerio de Facenda, é que as administracións públicas teñen que instalarse nunha senda continua de redución do endebedamento. Neste sentido, a modificación proposta pretende continuar coa senda iniciada no ano 2013 no que se levou a cabo unha amortización extraordinaria de 16.656.233,44 euros, no ano 2014 por unha contía de 10.186.743,88 euros, e no ano 2015 por unha contía de

10.780.629,21 euros.

Neste ano, estase a propoñer unha amortización extraordinaria por unha contía de 7.202.182,04 euros, que xuntamente coa amortización ordinaria que ascende a 2.728.919,29 euros, vai deixar a ratio de endebedamento financeiro ao peche do ano 2016 no 0,00 por 100 dos recursos liquidados por operacións correntes e, polo tanto, un endebedamento financeiro de 0,00 euros.

En canto a operación específica que se está a tramitar, o efecto que produce a modificación orzamentaria proposta é un incremento da dotación para un gasto específico ou concreto, xurdido nun momento determinado e non predicible a priori pola dirección política ou de goberno, xa que a amortización extraordinaria do préstamo non pode ter unha adecuada previsión orzamentaria dado que require a previa aprobación da Liquidación do Orzamento do ano 2015 e a cuantificación do Remanente de Tesourería para gastos Xerais. En resumo, estamos ante o suposto regulamentado no artigo 177.1 do TRLRFL e 35 do RP, ao tratarse dun gasto concreto e específico.

V.- Recurso financeiro utilizado.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao superávit orzamentario que forma parte do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais obtido na Liquidación Orzamentaria do último exercicio liquidado, isto é, o exercicio do 2015. Este recurso financeiro é un dos previstos no apartado 4 do artigo 177 do TRLRFL e o artigo 36.1.b) do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, para financiar os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

De acordo coa documentación que figura no expediente, o Remanente de Tesourería para gastos xerais obtido da Liquidación do ano 2015 ascendeu a un importe de 73.908.091,14 euros.

Con cargo ao mesmo, tramitouse a modificación orzamentaria nº 2/2016, de incorporación de remanentes, por unha contía de 7.381.057,88 euros, dos que 3.242.896,92 euros, foron financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais e o resto con excesos de financiamento afectado, polo que o Remanente dispoñible é 70.665.194,22 euros.

A proposta para o financiamento da modificación de créditos 15/2016, por unha contía de 7.202.182,04 euros, deixaría a contía do mesmo en 63.463.012,18 euros.

En canto ao superávit da Entidade Local, a contía do mesmo é de 22.330.677,23 euros, e o consolidado, segundo o informe emitido por esta Intervención o 22/02/2016, de 24.303.914,56 euros.

Doutra banda, tendo en conta que os importes da modificación de créditos proposta e o dos recursos financeiros utilizados son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 165.4 do TRLRFL e 16.2 do RP.

VI.- Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

O recurso que financia a modificación orzamentaria que se informa é o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, recurso que se imputa ao capítulo VIII da estrutura do estado de ingresos.

En canto ao estado de gastos, a modificación suporá un incremento dos empregos financeiros, capítulo IX do estado de gastos, polo que a modificación orzamentaria examinada non xenera déficit de financiamento xa que afecta exclusivamente a operacións financeiras, polo que non afecta ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nin da regra de gasto.

VII.- Sustentabilidade financeira.

A memoria da Alcaldía de data 14 de marzo de 2016, en cumprimento do previsto na Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente, está a facer unha valoración positiva, xa que a modificación orzamentaria que se está tramitando non só é susceptible de non producir cargas que poidan alterar a sustentabilidade financeira, senón que se está a conformar como un instrumento xerador de aforros, dado que vai ter un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, na medida na que se verán reducidos os gastos financeiros devengados nos exercicios 2017 a 2020 conforme ao cadro incorporado no presente informe.

Como temos dito, de aprobarse e executarse o acordo derivado da proposta contida no expediente examinado, o coeficiente de endebedamento a 31/12/2016, calculado conforme ao disposto no TRLRFL, será do 0,00 por 100 dos recursos liquidados por operacións correntes e o endebedamento coas entidades financeiras de 0,00 euros.

Por outra parte, o período medio de pago aos provedores durante o exercicio 2015 e os meses de xaneiro e febreiro do presente exercicio, tanto o referido á Entidade Local como o PMP global, non superou o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, polo que tamén existe sustentabilidade da débeda comercial.

En resumo, o expediente cumpre co principio de sustentabilidade financeira previsto no artigo 4 da LOEOSF.

VIII.- Tramitación e aprobación do expediente.

Ao amparo do previsto nos artigos 177.2 do TRLRFL e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación aos expedientes de Suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e o réxime de recursos na xurisdición contencioso-administrativo aplicables aos Orzamentos, é dicir:

- ✓ Proposta coa Memoria xustificativa do Presidente.
- ✓ Informe preceptivo do Interventor.
- ✓ Ditame da Comisión Informativa competente en materia de Facenda, preceptivo a teor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.
- ✓ Aprobación provisional polo Pleno da Corporación.
- ✓ Non se require quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos, sendo aplicable o réxime xeral da maioría simple de votos a

favor (Artigo 47 da Lei 7/1985).

- ✓ Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante devandito prazo ante o Pleno.
- ✓ O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).
- ✓ O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no Boletín Oficial da Provincia.
- ✓ Da concesión do suplemento de crédito definitivamente aprobada, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- ✓ A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.
- ✓ Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.
- ✓ A modificación entrará en vigor unha vez que se produza a publicación no BOP, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación.
- ✓ Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.
- ✓ De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRFL, unha copia do Orzamento e de todas as súas modificacións debe acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

IX.- Conclusións.

Visto o contido do expediente nº 35/142, relativo a modificación de créditos nº 15/2016 e a proposta formulada polo Sr. Concelleiro delegado de orzamentos e facenda de data 14 de marzo de 2016 esta Intervención Xeral conclúe:

- Verifícase o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos no artigo 32 e a Disposición Adicional 6ª da LOEOSF no sentido de que o superávit debe destinarse a reducir o nivel de endebedamento neto.
- O recurso financeiro proposto para financiar a modificación de créditos que é obxecto de informe, o Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, é un dos recursos previstos nos artigos 177.4 do TRLRFL e 36.1 do RD 500/1990.
- O gasto que se pretende realizar é concreto e específico, estando xustificada a modificación orzamentaria que é obxecto de informe.
- A modificación orzamentaria non afecta ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nin da regra de gasto, polo que dase cumprimento ao previsto nos artigos 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Dáse cumprimento ao principio de sustentabilidade financeira, xa que está a mellorar tanto os efectos sobre o Orzamento do ano 2015 como nos futuros

orxamentos, por estar a diminuír a carga financeira. Así mesmo, tamén está a mellorar o ciclo orxamentario e financeiro, ao non ter que enfrontarse á devolución dos pasivos nos anos que restaban até a súa amortización total.

- De aprobarse o acordo derivado da proposta contida no expediente examinado, o coeficiente de endebedamento a 31/12/2016 será do 0,00 por 100 e o endebedamento coas entidades financeiras de 0,00 euros.
- O órgano proposto para a aprobación do expediente, de acordo ao previsto no artigo 177.2 do TRLRFL, artigo 38.1 do Real Decreto 500/1990, artigo 123.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, é o competente.
- A tramitación administrativa do expediente é a axustada a Dereito.

En consecuencia, infórmase favorablemente a proposta contida no expediente 35/142, quedando sometido o mesmo á tramitación regulamentaria que se establece na proposta e neste informe.”

Con data 21 de marzo de 2016, a Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente acordo.

A Comisión Informativa de Orxamentos e Facenda, en data 21 de marzo de 2016, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: A modificación presupostaria que se propón ao Pleno desta Corporación municipal do Concello de Vigo, adquire hoxe unha especial relevancia histórica posto que supón deixar o nivel de endebedamento desta cidade non só nos niveis máis baixos de Galicia senón tamén nos niveis máis baixos de España con unha débeda de cero euros, é así que o 30 de marzo de 2016, pasará á historia como o día no que o goberno Socialista desta cidade encabezado polo Sr. Abel Caballero, culmina o proceso de saneamento das contas públicas deste Concello. Hoxe, Vigo consolida a súa posición de referente económico de Galicia non só xa polo destacado da súa actividade económica e industrial senón tamén pola boa xestión da administración local, somos o referente dos máis de 8.000 concellos de toda España, os ollos de toda España están postos hoxe en Vigo e no Alcalde dunha cidade pioneira en demostrar que cunha boa xestión financeira se poden poñer en práctica máis e mellores políticas públicas, somos o Concello con maior investimento social, de becas e axudas para as familias, bolsas de comedor, bolsas para cursas estudos de inglés no estranxeiro, campamentos de verán e por

suposto investimento produtivo para a cidade, investimento que mellora o nivel de emprego e a calidade de vida dos vigueses. Todo isto facémolo coa única finalidade de mellorar as condicións dos máis de 300.000 habitantes, persoas que de feito vivimos nesta cidade e coa única finalidade de deixar unha cidade mellor para os nosos fillos.

Péchase así un período de oito anos no que a boa xestión económica dos Socialistas permite compatibilizar o desenvolvemento das políticas sociais e a mellora da calidade de vida dos habitantes desta cidade coa redución do déficit público estrutural que presentaba este Concello, é unha boa mostra de que os Socialistas sabemos xestionar eficientemente ao tempo que desenvolvemos políticas públicas adecuadas para a cidadanía.

A cidadanía de Vigo debe saber que en 2006 o nivel de débeda desta cidade, cando era alcaldesa desta cidade a Sra. Porro, presentaba uns niveis intolerantes, un 70% de débeda e que neste ano 2016 estamos nun nivel de débeda cero, débeda cero que presenta o Concello de Vigo. Durante as dúas anteriores etapas de goberno púxose en marcha unha xestión eficaz das contas públicas que nos permitiu facer amortizacións extraordinarias de débeda, en 2013 máis de 16 millóns, en 2014 máis de 10 millóns e tamén en 2015 máis de 10 millóns de euros, un total dunha amortización extraordinaria de débeda de case 50 millóns de euros, e todo isto pechando tódolos exercicios orzamentarios con resultado positivo, con resultado de remanente líquido de tesourería positivo, con aforros netos positivos, reducindo o volume das cantidades pendentes de pago ao peche do exercicio e cumprindo sobradamente co prazo de pago a provedores. Todo isto mantendo a presión fiscal máis baixa das cidades de Galicia e paralelamente co nivel de investimentos maior por habitante.

Ante estes datos, que mellor goberno que este para xestionar a cidade de Vigo e que mellor cidade para vivir e para investir que a cidade de Vigo, os números son claros, débeda cero, cero euros de débeda cos bancos por habitante e o maior nivel de investimentos directa por habitante, hai que lembrar que iniciamos o ano con 7 millóns de investimentos, o Orzamento deste ano contempla investimentos por importe de 9 millóns e imos aprobar unha modificación de crédito para outros 7 millóns de euros, sete máis nove mais sete millóns de euros de investimento nesta cidade.

Por este motivo se solicita ao Pleno desta Corporación que destine unha parte do superávit do orzamento do 2015 a amortizar ese importe dos préstamos que quedaban pendentes a longo prazo, o importe desta amortización permitiranos aforrar miles e miles de euros que conseguiremos con esta amortización extraordinaria de débeda. Por iso solicitamos a aprobación desta modificación de crédito.

SR. PÉREZ CORREA: En primeiro lugar, hai unha coincidencia eu creo que en tódolos grupos municipais, que a situación do endebedamento neste concello non é mala, que a situación do que debemos á banca non é mala, é perfectamente asumible dentro da cada exercicio orzamentario, a nós parécenos increíble, sempre dicimos que estamos en contra das amortizacións extraordinarias, que se nos diga que somos despilfarradores porque nos o que queremos é pagar xuros aos bancos, por estes datos o que se nos está a dicir é que para aforrar 200 e pico mil euros en concreto, 118.000 euros de xuros no 2007, 64.000 no 2008, 30.000 no 2009 e 15.000 euros no 2010 imos a empregar sete millóns de euros do superávit de partidas sociais, económicas que non executamos no exercicio, nós non entendemos o mantra de dicir que temos débeda cero se é asumible para o Concello ir amortizando con normalidade para que imos gastar sete millóns de euros que poderían ser empregados, como están a facer en moitos concellos que xa dixeron que non van a reducir a débeda se iso significa acabar con programas sociais, programas importantes que algúns concellos están implementando en base a un pago normalizado, non estamos a dicir de non pagar os créditos, pero os créditos xa teñen un período de amortización, e ese período de amortización xa está calculado.

Polo tanto, todo o que sexa amortizacións extraordinarias só para facer unha rolda de prensa dicindo que o Concello de Vigo non debe un euro a un banco, significa que eses cartos non poden ser utilizado para outros fins, e nos lle imos dar algunhas ideas que por exemplo o Concello de Barcelona acaba de implementar dicindo que xa vale, que efectivamente teñen unha débeda posiblemente inasumible pero que van a priorizar gasto social porque non é o momento precisamente de facer unha rolda de prensa para dicir que temos endebedamento cero, melloras urbanísticas en espazos públicos, medidas sociais de atención á

infancia, programas específicos á infancia que empeza a haber bolsas de pobreza e exclusión social nas grandes cidades terribles, Cáritas cifra no 24%, accesibilidade ás vivendas a tódalas vivendas, independentemente incluso do nivel de renda, renovación de equipamentos en toda a cidade, economía cooperativa, creación de economías cooperativas, todo iso estase facendo coa paralización ou coa normalización desa manía de amortizar rapidamente e si que hai un decreto que di ou si que o goberno di que a prioridade ten que ser amortizar a débeda, pero para os concellos que teñen unha débeda inasumible, nós creo que poderemos argumentar que o Concello de Vigo ten unha débeda absolutamente asumible, que ten un período de amortización normal coas entidades bancarias e que polo tanto eses sete millóns de euros que saen das partidas que no 2015 non executaron, algunhas delas de contido social, e nós non entendemos ese mantra de ir á amortización urxente, simplemente para esa rolda de presa, a parte curiosamente o final das amortizacións coincidirá seguramente co proceso electoral, e polo tanto, en 2020 teremos seguramente un período importante de presenza nos medios dicindo que Vigo debe cero, que por certo, créditos que tamén foron consignados por este goberno moitas veces, para seguir adiante cunha política absolutamente errática, herdada do Plan E que eran as humanizacións e que moitas delas aínda estamos a pagar.

Polo tanto, nós pedimos que se reconsidere, por iso imos votar en contra desta amortización rápida, e pedimos que se reconsidere que se a emerxencia desta cidade é dicir que temos cero débeda cos bancos ou que os nosos nenos/as e a nosa cidade está socialmente incluída e respectada.

Polo tanto, o noso voto por suposto como xa se expresou noutras ocasións é contrario a este tipo de amortizacións extraordinarias que se fan co superávit que é o que non executamos no orzamento do 2015.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Aneiros que escoitalo dicir unha e outra vez, insistir en que somos o Concello de menor presión fiscal de España, que temos o nivel máis baixo, nin vostede se cre o que di porque sabe que eses datos son absolutamente falsos, Sr. Aneiros, dígollo dende o cariño, non vaia polo camiño da mentira que ese é un camiño moi equivocado e moito máis nun concelleiro de Facenda, non siga ese camiño, non deixen que lle obriguen a seguir ese camiño

porque estou segura de que vostede non quere dicir as cousas que dixó hoxe aquí nas súas intervencións unha e outra vez. Sr. Font, reláxese, non pasa nada, que lle digan a un as verdades venlle ben de vez en cando, escoite e aprenda, xa verá como se sente moito mellor.

Sr. Aneiros, a min a verdade é que quería escoitar con interese a súa intervención neste expediente, no que levamos unha amortización de débeda extraordinaria, porque realmente despois de que se pasara vostede dicindo nos últimos meses, incluso hoxe díxoo, que temos débeda cero, pois facer unha amortización de 7 millóns de euros do que supón que é cero, comprenda vostede que é polo menos chocante, pero aínda así aquí ven vostede a dicir que sete millóns de euros que imos amortizar e que o imos facer todo estupendamente. A realidade é que se que hai débeda neste Concello e si que imos aprobar unha amortización extraordinaria de sete millóns de euros, e Sr. Pérez volve dicir porque teñen que aprobar esta amortización extraordinaria de débeda, volve explicar porque teñen que levar a amortizar débeda, ten tanto superávit o Concello de Vigo, eses 22 millóns de euros que son unha lousa e deben selo na súa conciencia que a lei e o teito de gasto non lles permite reinvestir esa cantidade e están obrigados a amortizar débeda para poder empregar en algo ese superávit, porque no poden facer outra cousa, porque teñen un límite para poder incorporar e porque eses cartos que vostedes no ano 2015 non o gastaron non se vai poder recuperar na súa totalidade no ano 2016 e polo tanto, traen esta amortización de débeda.

Nós estamos a favor da amortización de débeda, cremos que é importante estar saneados, por suposto, de feito o Partido Popular apoiou as súas amortizacións de débeda no pasado e o seguirá facendo no futuro, porque supón unha mellor situación financeira e se que se aforran intereses de demora, e por iso imos apoiar esta amortización de débeda pero tamén lles dicimos, teñan coidado con empregar recursos públicos unicamente para isto porque os recursos públicos hai que executalos no ano no que se dispoñen, e os recursos públicos hai que utilízalos en facer cousas para os cidadáns, cousas que necesita esta cidade e que vostedes non están a facer. Se non queren amortizar débeda e queren baixar o remanente de Tesourería, insisto, a vía que necesitan os vigueses/as é que lles baixen os impostos, que baixen os impostos de Bens Inmóveis, que baixen o imposto de Actividades Económicas, que baixen o imposto de Vehículos e que

sobre todo traballen para que os cartos non se quede nos seus petos senón que estean nos petos de tódolos vigueses/as, iso é o que necesitan, baixen vostedes os impostos da administración pública, non lle falle o subconsciente Sr. Font, o sentimento do subconsciente as veces traizoa.

Insisto, os cartos están mellor nos petos dos cidadáns que en mans das administracións públicas, vostedes teñen posibilidades de baixar os impostos, fágano para tódolos vigueses/as.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade é que estamos nun momento histórico, consolidamos ese 0 débeda cos bancos neste Concello, pero de novo quedou vostede, Sra. Muñoz, retratada, esa petición de baixada de impostos esconde outra parte do seu discurso, do discurso do Partido Popular e é que se non hai ingresos públicos tampouco haberá gasto público, claro así se entende, así non haberá gasto en investimento, en bolsas de comedor, sociais, de inglés, en comedores escolares para os nenos, non haberá gasto público, claro que así non o haberá.

Tamén quedou retratada porque durante dous minutos adicouse a poñer escusas para concluír afirmando que van apoiar esta amortización extraordinaria de débeda que nos permitirá quedar en débeda cero, dous minutos gastados do seu tempo en poñer escusas de mala pagadora e un minuto en explicarlle ao Sr. Pérez Correa que hai unha lei do Partido Popular que tampouco se coñecen os colegas do grupo de Marea de Vigo, que limita o gasto público, efectivamente foi o Partido Popular e o ministro o Sr. Montoro quen a través dunha lei aprobada exclusivamente polo Partido Popular, condiciona tamén o uso dos fondos públicos dos Concellos, claro que si, claro que foi o Partido Popular o que dalgunha maneira limita a capacidade de reacción dos concellos.

Sr. Pérez, en canto ás propostas que fan outros concellos e concellos que son foráneos pero que se rexen polas mesmas regras que nos rexemos nós, tamén hai que ter en conta se esas propostas que fan son realizables, eu non me imaxino a ningún técnico municipal do Concello de Barcelona e nin por suposto ao interventor dando a conformidade a algunha das propostas que se fan desde a Alcaldía de Barcelona, non mo imaxino porque sería autorizar un gasto en certa medida ilegal, e precisamente o que queremos facer é destinar tódolos cartos

públicos deste Concello a atender ás necesidades da cidadanía, das persoas que viven e traballan en Vigo, ás persoas que invisten en Vigo, esa é a finalidade coa amortizamos débeda Sr. Pérez, non é para facer aforros ficticios, é para trasladar eses cartos directamente á cidadanía, preferimos non pagarlle aos bancos para trasladar eses cartos á cidadanía, esa é finalidade das amortizacións extraordinarias de débeda, destinar tódolos cartos públicos dos vigueses aos vigueses e non aos bancos, esa é a nosa finalidade cando amortizamos débeda pública.

Polo tanto, insisto, somos o primeiro Concello de España, o Concello coas finanzas públicas máis sólidas de toda España, cero euros de débeda cos bancos e maior nivel de investimento por habitante, o Concello pioneiro en España.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 15/2016, Suplemento de crédito, por unha contía de 7.202.182,04 euros, para financiar a amortización extraordinaria de préstamos formalizados coas seguintes Entidades financeiras:

Contía da amortización extraordinaria:	7.202.182,04 euros
Entidades financeiras:	
Capital vivo BCL-BBVA:	4.462.077,30 euros
Amortización extraordinaria do préstamo ano 2008 (BCL):	3.108.051,54 euros
Amortización ordinaria do préstamo do ano 2008 (BCL):	1.554.025,76 euros
Capital vivo Caixanova-ABANCA:	2.421.774,51 euros

Amortización extr. do préstamo do ano 2009 (ABANCA):	1.816.330,88 euros
Amortización ordinaria do préstamo do ano 2009:	605.443,63 euros
Capital vivo BBVA:	2.847.249,52 euros
Amortización extr. do préstamo do ano 2010 (BBVA):	2.277.799,62 euros
Amortización ordinaria do préstamo do ano 2008 (BBVA):	569.449,90 euros
Contía da amortización extraordinaria:	7.202.182,04 euros
Importe do suplemento de crédito-amortización extr.:	7.202.182,04 euros
Contía da amortización ordinaria	2.728.919,29 euros

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, os orixes e aplicacións de fondos que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Recursos, orixes				Empregos, aplicacións			
Apli/ concepto	Antes da mof.	Baixa	Final	Aplicacións	Inicial	Suplemento	Final
87000	70.665.194,22	-7.202.182,04	63.463.012,18	0110.9130000	605.443,63	1.816.330,88	2.421.774,51
				0110.9130100	569.449,90	2.277.799,62	2.847.249,52
				0110.9131400	1.554.025,76	3.108.051,54	4.662.077,30
Total	70.665.194,22	-7.202.182,04	63.463.012,18		2.728.919,29	7.202.182,04	9.931.101,33

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; sempre polos suxeitos que teñan lexitimación activa e polos supostos taxados no artigo 170 do TRLRFL, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Aprobado definitivamente a modificación de créditos, procederase a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

QUINTO.- De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

SEXTO.- Da concesión do suplemento de crédito definitivamente aprobada, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

SÉTIMO.- Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do

recurso non suspenderá por si só a aplicación do suplemento de crédito.

OITAVO.- Unha vez que a modificación sexa executiva, procederase á cancelación das operacións, facendo coincidir as mesmas cun período enteiro de liquidación, dentro da data prevista do 30 de setembro.”

3.5(45).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16/16 “NECESIDADES DE INVERSIÓN EN RELACIÓN Á APLICACIÓN DO SUPERÁVIT CORRESPONDENTE Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2015”. EXPTE. 3814/440 (REXISTRO PLENO 1349/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 17 de marzo de 2016, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, formula o seguinte informe proposta:

“Expediente: 3814/440

Modificación orzamentaria num. (16/2016), Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito

Destino: Investimentos non xeradores de gasto, artigo artigo 32 e DA Sexta da LOEOeSF.

Financiamento: Superávit orzamentario, Liquidación ano 2015, co límite do Remanente de Tesourería para gastos xerais.

Cualificación da Modificación orzamentaria:

Crédito Extraordinario: 5.000.000,00, humanización de rúas

Suplemento de crédito: 2.100.000,00 euros, Grada de Río do E. Municipal de Balaidos

Contía da modificación: 7.100.000,00 euros.

Órgano competente: Pleno da Corporación, previo acordo Xunta Goberno Local e Comisión Informativa.

Antecedentes

A Disposición Adicional décimo sexta introducida pola Disposición Final primeira do R.D.-lei 2/2014, de 21 de febreiro ao Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL), ven a delimitar os requisitos que debe ter o investimento financieramente sustentable.

A Disposición adicional octoxésima segunda da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, regula o destino do superávit das entidades locais correspondente á Liquidación dos orzamentos do ano 2015, prorrogándose para o ano 2016 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012.

Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 16 de marzo de 2015, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (16/2016), que está conformado da seguinte documentación: Memoria xustificativa da Área de Fomento asinado o 15/03/2016 , informe acreditativo que os investimentos son sustentables financieramente e por tanto non poñen en perigo a estabilidade orzamentaria nin a curto nin a longo prazo, relación de Proxectos e Investimentos que son obxecto da modificación orzamentaria, informe da necesidade de que os investimentos se executen no exercicio e que non se demoren ao seguinte e Resolución de incoación do expediente da data indicada.

En canto ao cumprimento dos requisitos para a utilización do superávit do SEC 95, SEC2010 correspondente a Liquidación consolidada do ano 2015, así como os destinos do mesmo, estarase ao informe que emita o Sr. Interventor Xeral.

O Concello de Vigo ten que cumprir todos e cada un dos requisitos esixidos pola modificación que incorporou a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, á DA sexta da Lei Orgánica 2/2012, é dicir, que a Conta 413 do PGCP adaptado a entidade local non teña contías pendentes de aplicar ao orzamento, así como non ter préstamos concertados para facer fronte ao financiamento de pago a provedores FFPP. Nese caso, o destino do superávit, sempre dando cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria previsto para a Liquidación do Orzamento do ano 2016, pódese destinar a facer fronte a novos investimentos non xeradores de gasto. Polo tanto, de acordo aos informes que figuran no expediente, estes empregos, non van a por en perigo a estabilidade orzamentaria nin a sustentabilidade financeira nin a curto nin a longo prazo.

Dáse cumprimento a todos os requisitos esixidos pola DA decimosexta do TRLRFL, tanto en relación co endebedamento, Remanente de Tesourería, Período medio de pago, Estabilidade orzamentaria e Regra de gasto. Así mesmo, coa execución dos proxectos financiados co superávit, tamén se dá cumprimento ao obxectivo de Estabilidade Orzamentaria na Liquidación prevista do ano 2016 e seguintes.

En relación co anterior, achégase ao expediente memoria da proxección dos gastos e ingresos ao peche do ano 2016, que permite a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto para o período 2016-2019.

Achégase igualmente a situación do endebedamento, que segundo a tramitación do expediente 35/142, modificación orzamentaria 15/2016, cancelárase a totalidade da débeda, de tal xeito que na memoria de proxección dos gastos e ingresos xa non figura o endebedamento a 31/12/2016. Incorporase a situación da débeda financeira e coeficiente de endebedamento ao peche do ano 2015.

Achégase o estado de Remanente de Tesourería así como o seguimento do Remanente de Tesourería para gastos xerais dispoñible.

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo

2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formulase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18 de marzo de 2016, o interventor xeral do Concello informa do que segue:

“PRIMEIRO.- Lexislación Aplicable.

- D.A. 16ª do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Artigo 32 e D.A. 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (en adiante LEOSF).
- D.A. 9 do Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, sobre medidas de sustentabilidade financeira das CCAA e EELL e outras de carácter económico.

SEGUNDO.- Destino do Superávit.

O artigo 32 da LOEOSF dispón, no seu apartado 1º, que: “No caso de que a liquidación orzamentaria sitúese en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento, se éste fose inferior ao importe do superávit para destinar á redución de débeda”.

A efectos do previsto no citado artigo, enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea (artigo 32.3 LOEOSF).

Pola súa beira, a Disposición adicional sexta da LOEOSF establece o seguinte:

“1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

2. No ano 2014, para os efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas ao 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivécese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.

c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. (.../).

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo”.

En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2015 prorrógase para 2016 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da LOEOSF, conforme establece a disposición adicional octoxésima segunda da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 («B.O.E.» 30 outubro).

En definitiva, a regra xeral consiste en destinar ao superávit orzamentario á redución de débeda. Non obstante a Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece unhas regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que posibilita a aplicación do mesmo a unha serie de destinos alternativos cando as Corporacións Locais cumpran os requisitos indicados no devandito precepto:

1. Remanente de Tesourería positivo na liquidación do exercicio 2015.
2. Débeda viva inferior ao límite legal marcado polo artigo 53 do TRLHL.
3. O período Medio de Pago a provedores non supere o límite legal previsto na normativa de morosidade (30 días).

TERCEIRO.- Definición de investimento financeiramente sustentable.

Para os efectos do disposto na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a D.A. 16ª do TRLRFL define como investimento financeiramente sustentable o que cumpra todos os requisitos seguintes:

1. Que o investimento se realice, en todo caso, por entidades locais que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
2. Que o investimento teña reflexo orzamentario nos grupos de programas recollidos no anexo I da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos da Entidades Locais que se enumeran na citada D.A. 16ª.

Cando o gasto de investimento nos grupos de programas citados na D.A., considerados en conxunto, sexa superior a 10 millóns de euros e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Quedan excluídas tanto os investimentos que teñan unha vida útil inferior a cinco anos como as que se refiran á adquisición de mobiliario, aveños e vehículos, salvo que se destinen á prestación do servizo público de transporte.

3. O gasto que se realice deberá ser imputable ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral da Corporación Local. De forma excepcional poderán incluírse tamén indemnizacións ou compensacións por rescisión de relacións contractuais, imputables noutros capítulos do orzamento da Corporación Local, sempre que as mesmas teñan carácter complementario e derívense directamente de actuacións de reorganización de medios ou procesos asociados ao investimento acometido.
4. Que o investimento permita durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, e débeda pública por parte da Corporación Local. A tal fin valorarase, o gasto de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que xere o investimento durante a súa vida útil.
5. A iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigacións económicas derivadas do investimento executado deberase realizar por parte da Corporación Local antes da finalización do exercicio de aplicación da disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012,

do 27 de abril. No caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2016, a parte restante do gasto comprometido en 2016 poderase recoñecer no exercicio 2017 financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2016 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2017.

6. O expediente de gasto que se tramite incorporará unha memoria económica específica, subscrita polo presidente da Corporación Local, ou a persoa da Corporación Local en quen delegue, na que se conterá a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil. O órgano interventor da Corporación Local informará acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos apartados anteriores.

Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta ao pleno da Corporación Local do grao de cumprimento dos criterios previstos nos apartados anteriores e farase público no seu portal web.

Sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, se o informe do interventor da Corporación Local ao que se refire o apartado anterior fose desfavorable, o interventor remitirao ao órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira da Corporación Local.

7. O interventor da Corporación Local informará o Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados en aplicación do previsto nesta disposición.

CUARTO.- Proposta de acordo sometida a fiscalización.

Polo Sr. Concelleiro delegado de orzamentos e facenda formúlase ao Pleno proposta de acordo relativa á aprobación dunha modificación orzamentaria (nº 16/2016) por unha contía de 7.100.000,00 euros, para facer fronte aos investimentos que se relacionan e que teñen por finalidade dar aplicación a unha parte do superávit orzamentario obtido da Liquidación dos estados consolidados correspondentes ao ano 2015. A modificación orzamentaria plantexada confórmase dun crédito extraordinario por unha contía de 5.000.000,00 de euros, e un suplemento de crédito por unha contía de 2.100.000,00 euros.

Aplicación	Proxecto	Concepto	Importe
1532.6190080	16153280	H. Beir.Castelao (entre Redondela e Porriño)	250.000
1532.6190081	16153281	Humanización Estornino	1.150.000
1532.6190082	16153282	H. Camelias (entre R. Maraño e J.R.Jimenez)	1.000.000
1532.6190083	16153283	Humanización, R, Alvaro Cunqueiro	1.250.000
1532.6190084	16153284	H.Vía Norte (entre T.Vigo e E.G.Fernández)	1.350.000
9330.6320010	14933010	Grada de Río no Estadio M. de Balaidos	2.100.000
Total			7.100.000

QUINTO.- Extremos comprobados.

- A liquidación orzamentaria correspondente ao ano 2015 aprobouse cun superávit en termos de contabilidade nacional de 24.303.914,56 euros a nivel consolidado.
- O remanente de tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2015 foi de 73.908.091,14 euros. No expediente consta incorporado un informe sobre o seguimento de remanente de tesorería dispoñible que, una vez deducidos os importes destinados a financiar as modificacións orzamentarias 2/2016, 15/2016 (en trámite) e 16/2016, ascenderá a 56.363.012,18 euros.
- O importe da débeda financeira pendente de reembolso ao peche do exercicio 2015 ascende a 9.931.101,29 euros, que representa un 4,25% respecto aos ingresos correntes, polo que non se supera o límite fixado no TRLRFL en materia de autorización de operacións de endebedamento.
- O periodo medio de pago a provedores non supera o límite legal previsto na normativa de morosidade (30 días).
- O Concello de Vigo atópase ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, según os certificados emitidos pola AEAT e a Seguridade Social, respectivamente.
- Os gastos que se pretenden realizar son imputables ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral da Corporación Local, e ao grupo de programas "Vías públicas" (grupo de programa 153, antigo 155) e "Xestión do patrimonio" (grupo de programa 933), previa tramitación da modificación orzamentaria proposta, polo que teñen reflexo orzamentario nos grupos de programas recollidos taxativamente no apartado 1º da D.A. 16ª do TRLRFL.
- Non resulta necesaria a autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, xa que o gasto total dos investimentos, en conxunto, non supera os 10 millóns de euros.
- No expediente consta informe de necesidades de inversión asinado polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, e o Enxeñeiro de Caminos, Canles e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños, e conformado polo Xefe da Área de Fomento e polo concelleiro delegado da citada Área, emitido en data 15 de marzo de 2016, no que se indica que a vida útil das inversións a executar é superior a cinco anos, e que a inversión non consiste na adquisición de mobiliario, aveños nin vehículos.
- O expediente inclúe unha memoria económica (denomeada informe sobre a proxección da aplicación do superávit 2015) suscrita polo Tesoureiro Municipal, quen ostenta en virtude de nomeamento efectuado polo órgano competente, a Dirección superior contable e Orzamentación, asinada o 17 de marzo de 2016, que contén unha proxección dos efectos orzamentarios e económicos no período 2016-2019. Na citada memoria ponse de manifesto que os investimentos proxectados non van a supoñer unha carga adicional de gasto non financeiro para os orzamentos futuros, se non que se trata en todos os

casos de investimentos xeradores de aforros. En consecuencia, conséntase que a inversión permite durante a súa execución o mantemento e liquidación do orzamento municipal dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública.

As proxeccións orzamentarias incorporadas na memoria económica, son, a xuízo desta Intervención, consistentes cos criterios establecidos tanto no TRLRFL como na LOEOSF, en relación aos investimentos financeiramente sustentables.

- No informe de necesidades de inversión faise constar expresamente a posibilidade de executar os expedientes de gasto relativos ás inversións propostas, entendendo por execución o recoñecemento da totalidade das obrigas económicas derivadas da inversión executada, antes da finalización do presente exercicio, calendarizando a tramitación e execución dos proxectos nos prazos seguintes:

Aplicación	Proxecto	concepto	Importe	Tramitación	Prazo execución
1532.6190081	16153281	HUMANIZACIÓN BEIRARRÚA CASTELAO, ENTRE REDONDELA E PORRIÑO.	250.000,00	3 meses	2 meses
1532.6190082	16153282	HUMANIZACIÓN RÚA ESTORNINO, ENTRE GREGORIO ESPINO E XÍLGARO	1.150.000,00	3 meses	5 meses
1532.6190083	16153283	HUMANIZACIÓN CAMELIAS, ENTRE D MARAÑON E JUAN RAMÓN JIMENEZ	1.000.000,00	3 meses	5 meses
1532.6190084	16153284	HUMANIZACIÓN ÁLVARO CUNQUEIRO	1.250.000,00	3 meses	5 meses
1532.6190085	16153285	HUMANIZACIÓN VÍA NORTE, ENTRE TRAVESÍA DE VIGO E ESCULTOR GREGORIO FERNANDEZ	1.350.000,00	3 meses	5 meses
9330.6320010	16933010	Obras de reforma da cuberta da grada de Río e actuacións de consolidación estrutural no Estadio municipal de Balaidos.	2.100.000,00	2 meses	6 meses

Conclusións:

Do exame da documentación obrante no expediente verifícase que o contido e tramitación do mesmo axústanse ás disposicións aplicables ao caso, particularmente o disposto nos artigos 32 e D.A. 6ª da LOEOSF, polo que esta Intervención informa favorablemente a proposta contida no expediente 3814-440, relativo aos investimentos financeiramente sustentables a financiar co RTGX.

A iniciación dos correspondentes expedientes de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigacións económicas derivadas dos investimentos executados, deberanse realizar por parte da Corporación Local antes da finalización do exercicio 2016.

Con todo, no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2016, a parte restante do gasto comprometido en 2016 poderase recoñecer no exercicio 2017 financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2016 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante, e a entidade local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2017.

Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta ao Pleno da Corporación Local do grao de cumprimento dos criterios previstos nos apartados

anteriores e farase público no seu portal web.

Con data 21 de marzo de 2016, a Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente acordo.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 21 de marzo de 2016, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: A miña última intervención para destacar tamén a proposta que se formula a este Pleno para incorporar unha modificación orzamentaria por importe de 7.100.000 euros do superávit da liquidación do Orzamento 2015 para investimentos. Hai que dicir que aplicación do superávit do ano 2015 é posible non só pola asistencia do propio superávit senón polo cumprimento doutra serie de requisitos que establece as normas estatais, é dicir, temos remanente positivo, para iso vale Sra. Muñoz que teñamos remanente positivo, para poder destinar máis cartos en investimentos, temos tamén un nivel baixo de débeda por debaixo de cero euros de débeda neste momento neste Concello polo tanto, cumprimos tamén ese requisito que unha lei do Partido Popular establécenos, por iso é importante que teñamos débeda cero, tamén Sra. Muñoz e Sr. Pérez, cumprimos cos prazos de pago e por iso é importante que cumpramos tamén cos prazos de pago aos provedores e por iso respetamos os compromisos que temos coas empresas que subministran bens, servizos a este Concello e por suposto os investimentos que propoñemos son investimentos financeiros sostibles, nese sentido presentamos esta modificación de cobro cero, neste sentido presentamos esa modificación de 7.100.000 euros para aprobar un crédito extraordinario de 5 millóns de euros para investimentos e 2.100.000 euros para o estadio municipal de Balaídos.

En canto ás humanizacións, as que se propoñen facer con cargo a este crédito extraordinario de 5 millóns de euros son as da rúa Castelao, entre a rúa Redondela e Porriño, a rúa Estorniño, entre Gregorio Espiño e a rúa Xílgaro, a humanización

da rúa Camelias, no centro da cidade entre a rúa Doctor Marañón e Juan Ramón Jiménez, a humanización tamén da rúa Álvaro Cunqueiro e a humanización da rúa Vía Norte, estas humanizacións suman ese importe de 5 millóns de euros que permitirán a finais deste ano 2016 contar con novas vías humanizadas nesta cidade e a isto únese 2.100.000 euros para a modernización e a remodelación do estadio municipal de Balaídos, unha infraestruturas que ten máis de 30 anos de antigüidade e que polo tanto necesita tamén desa mellora constante na súa estrutura. Trátase dunha obra ou de proxectos que non supoñen ningún incremento do gasto financeiro para os orzamentos futuros e que son xeradoras de aforros nos exercicios futuros.

Hai que pensar que estes investimentos teñen unha vida útil superior a cinco anos, polo tanto, cumpren ese carácter de investimento financeiro sostible por canto supoñen aforros no mantemento e na remodelación destas infraestruturas, hai que pensar que a vida útil da rede de drenaxe que se pretende incluír nas novas humanizacións sitúase en 50 anos, polo tanto, en 50 anos de vida útil aforraremos en mantemento da rede de drenaxe.

En canto á rede de abastecemento a vida útil destes elementos está entre 30 e 100 anos, en función das condicións de piso debaixo do asfalto, polo tanto, vida útil entre 30 e 100 anos, nas beirarrúas o período mínimo de vixencia de mantemento destes investimentos é como mínimo de máis de 25 anos, polo tanto, investimos nas melloras da cidade e tamén en canto ao alumeadado, os elementos duran durante un período de vida útil en perfectas condicións de máis de 10 anos. O mesmo sucede co estadio de Balaídos no que se mellora a estrutura do estadio de Balaídos e unha nova cuberta ademais de mellorar as rutas de evacuación e as capacidades do estadio, todo iso mellorando tamén o medio ambiente porque nas novas humanizacións depúranse as augas residuais evitando tamén un menor traballo da estación depuradora, mellórase a eficiencia lumínica cos novos farois instalados e por suposto mellórase as condicións de vida dos cidadáns desta cidade, mellorando a accesibilidade e esa nova forma da que gozamos tódolos vigueses de mobilidade sostible, posto que podemos gozar dunhas rúas humanizadas e dunhas beirarrúas que nos permiten desprazarnos nos nosos desprazamentos pola cidade a pe e non utilizando medios de transporte propios ou medios de pago, en definitiva.

Polo tanto, investimentos financeiros sostibles, niso investimos os cartos señoras/es, niso investimos, na mellora das condicións de vida para os cidadáns desta cidade e para os que nos visitan, Vigo é unha cidade ideal xa para vivir.

SR. PÉREZ CORREA: En consecuencia co que falabamos antes, 7 millóns de euros é o capital inicial dunha empresa municipal de vías e obras sen ningún tipo de problema, non entendemos o custe das humanizacións, seguimos pensando que nola están colando as construtoras na cuestión do custe efectivo do metro cadrado das humanizacións, hai alternativas moito máis baratas e absolutamente máis decentes que gastarnos case 4.000 ou 5.000 euros por metro cadrado que sea o custe dunha humanización, algo que o Tribunal de Contas, non nós, puxo en dúbida e por iso tódalas humanizacións ou gran parte das humanizacións do Plan E están sendo auditadas polo Tribunal de Contas que pon en dúbida o verdadeiramente emitido polas empresas construtoras e o que realmente se poñía nas rúas, nós pedíamos outro tipo de políticas de mellora das infraestruturas viarias e pensamos que hai alternativas a esta cuestión e gustaríanos que sobre todo houbera un seguimento bastante máis rigoroso do custo efectivo das humanizacións, sete millóns de euros que permitirían seguramente facer unha iniciativa pública que controlara, que fixera unha central de compras propias, incluso que a adquisición dos materiais fora directamente asumida polo Concello, que non fora a través moitas veces de empresas privadas que o que están a facer seguramente é engordando o custe final do servizo, sobre todo o emprego, non é algo que digamos nós, é unha realidade da EPA, é unha realidade denunciada polos sindicatos que as humanizacións non consolidaron ningún tipo de emprego, nin emprego estable, nin a curto prazo e sobre todo que os informes que os sindicatos remitiron a este Concello sobre incumprimentos laborais, quedaron na trituradora de papeis e iso para nós pon en dúbida tamén as cuestións relativas ás humanizacións.

Nós pensamos que hai outras prioridades, é unha institución municipal pode ser imaxinativa para a situación económica do seu concello, hai miles, máis de mil persoas que quedaron fora do cheque social, por criterios de renda ou por outro tipo de criterios. Por criterios de renda significa que o que podemos é abrir outra fase nos que os criterios de renda e as escalas sexan máis amplas, non hai ningún

problema, si que se pode facer, é vontade política, se vostedes me din que o superávit ten que ir exclusivamente para humanizacións e obra pública eu lle digo unha maneira de xerar emprego que son as empresas públicas, as empresas de inserción social, as empresas cooperativas que se poden facer, porque o argumento da creación de emprego que vostedes empregan para as humanizacións tamén se pode facer deste tipo, o emprego non só o fan as humanizacións senón que tamén o fan a consolidación e a iniciativa empresarial da xente que queira crear, por exemplo proxectos cooperativos ou empresariais, ou micro empresariais, polo tanto, se o argumento é que as humanizacións dan emprego que é o que vostedes empregan para o superávit, calquera tipo de creación de emprego incluso o emprego da institución municipal directo pois se pode facer a través desa vía, moitos concellos o están a facer e non pasa absolutamente nada. Claro que ten que argumentar e vai haber oposición seguramente dalgunhas persoas pero se pode argumentar en base á creación de emprego esta cuestión e nós coherentemente seguimos pensando que as humanizacións son un custe que se pode artellar doutro xeito, que incluso as melloras non teñen que ser só exclusivamente no ornato senón que teñen que ser na accesibilidade e outras cuestións que nós poñemos en dúbida e sobre todo a vixencia, e aquí o pon o informe, hai humanizacións que xa están sendo reparadas, aquí se fala dunha vixencia temporal de 15 anos, eu creo que aquí tamén teríamos que poñer en dúbida moitas das infraestruturas que se puxeron en base a criterios de humanización que aos dous ou tres anos, non sei se polas calidades dos materiais porque nas facturas non figura que sexan materias precisamente de custe baixo, aos poucos anos estamos reparando rúas e polo tanto, estaríamos incumprindo un criterio que aparece tamén neste informe e polo tanto imos votar en contra deste criterio que nós pensamos que é un criterio político que nós non imos defender.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Pois mire, sete millóns de euros nunha modificación presupostaria para facer obras, a verdade é que pensamos que hai outras cousas que se poderían facer, pero tamén estamos a favor de calquera investimento e calquera aposta que se poida facer pola cidade. Realmente nos congratulamos de que esta vez unha modificación orzamentaria non vaia directamente ao peto

dunha concesionaria, como fixeron vostedes o ano pasado con esa incorporación de remanente que foi directamente á concesionaria dos aparcadoiros desta cidade. Polo menos aquí o que pretenden é investir na cidade, outra cousa é que o investimento que agora prevén pois despois a vaian realmente a executar ou non. E nesta proposta vense cousas curiosas, vese que por enésima vez aparece o contrato estrela, ese que estiraron tanto, que quitaron tanto brillo, que anunciaron tantas veces das obras de Balaídos, outra vez están aquí as obras de Balaídos, voulle dicir a realidade da súa xestión das obras de Balaídos, a realidade da súa xestión lamentable das obras de Balaídos é un orzamento do ano 2015 de 8,7 millóns de euros, un grado de compromiso de 5 millóns de euros, e unhas obrigas recoñecidas de dous millóns, 26% de execución do contrato de obra en Balaídos, tanto anuncio, tanta foto e ao final son incapaces de executar esta obra, van lentos como caracois, van máis lentos que nunca con 17 concelleiros, é realmente lamentable a súa capacidade de xestión.

O que non se decata é da execución orzamentaria, iso é do que non se decata. Transparencia nas contratacións, mire Sr. Aneiros, realmente téñolle que dicir eu non sei se vostedes claro como viven no centro de Vigo só se lles importa o que se fai no centro de Vigo, e unha tras outra traen humanizacións só no centro de Vigo, onde están as humanizacións, os investimentos que necesitan as parroquias rurais desta cidade? Onde están eses investimentos que fan falla? Outra vez en Álvaro Cunqueiro, en Castela, en Camelas, en no centro de Vigo e os cidadáns que viven en Beade, Valladares, en Cabral, en Bembrive, non son cidadáns de primeira igual que os cidadáns do centro de Vigo? Non, para vostedes non, vostedes insisten en investir só no centro, en apostar só polo centro de Vigo, a clave aquí é a transparencia e o control nesas contratacións de obra pública que os xuíces están dubidando das súas contratacións, transparencia e control Sr. Aneiros, iso é o que lles pedimos.

Sinceramente, eu lle quería dicir falando a todos estas traballadoras de Linorsa que están hoxe aquí no Pleno, que por certo, hoxe poden exhibir carteis, cando aprobemos o seguinte punto da orde do día o Alcalde lles prohibirá exhibir carteis no Pleno, pero sinceramente, que nivel de frialdade o seu Sr. Aneiros, presumindo de execución orzamentaria, de pagos, de pagos a provedores e nin unha soa referencia a unha empresa que non lle paga as súas traballadoras e que están a

traballar día a día polos seus salarios, que frialdade a súa. Xa sabemos que a palabra do Sr. Regades non vale nada, esperemos que vostede se comprometa e obrigue ao Sr. Alcalde que de cuxa palabra tampouco vale nada, a que esa empresa que estamos pagando tódolos vigueses lle pague as súas traballadoras/es, iso é o que tería que contestar no seu trámite de réplica.

SR. ANEIROS PEREIRA: Contesto Sra. Muñoz, vostede encárgase de facer demagogia, pregúntelles ás traballadoras de Linorsa se a Deputación de Ourense, presidida polo Sr. Baltar do Partido Popular, paga á empresa Linorsa, pregúntelle aos seus colegas da Xunta de Galicia, ao presidente o Sr. Feijóo tan amigo seu do Partido Popular se paga á empresa Linorsa, non faga demagogia, é vostede demagóxica. O que quedou de manifesto en ambas contestacións, nas dúas contestacións tanto a do Partido Popular como a do grupo de Marea de Vigo, é que vostedes non están habilitados para gobernar, falan de transparencia querendo manchar unha xestión, a transparencia está nas Mesas de Contratación, vaian ás mesas de contratación e aí teñen tódolos informes sobre os custes e sobre as empresas adxudicatarias, por suposto, aí está a maior publicidade pero para ter publicidade hai que asistir ás Mesas e lerse a documentación, polo tanto, aí está transparencia e aí está a publicidade Sr. Pérez Correa, vaia ás Mesas de Contratación e aí a ten. Sra. Muñoz non manche, non pretende manchar, no faga demagogia porque tódolos datos están claros nesta cidade.

Fala vostede das obras de Balaídos descoñecendo absolutamente que na grada de Río houbo que resolver o contrato da empresa adxudicataria, claro isto para vostede debe ser algo tan inviable como o AVE por Cerdedo que levamos esperando tempo a que a Ministra saque o AVE de Cerdedo para que os cidadáns de Vigo poidan ir directos a Madrid, claro que si, oculta algo que sabe ou debe saber pero non fala doutros atrasos cando son dous seus colegas, fala do AVE por Cerdedo, comprométase vostede a que chegue o AVE a Vigo directo por Cerdedo, comprométase e non faga demagogia.

Sr. Pérez, as humanizacións xeran emprego, claro que si, empregos directos e indirectos e descoñecer isto é non decatarse do mundo do que un vive, é non saber no mundo en que se vive porque no deseño das obras, no subministro de materiais, na execución das obras, no control das obras créanse postos directos, e

tamén indirectos, polo tanto, descoñecer isto é descoñecer xa non só a cidade na que vive senón descoñecer o mundo no que vivimos.

Polo tanto, as humanizacións son un motor de emprego e de emprego directo para esta cidade, o demais é ser cego ou querer enganar á cidadanía.

Cando vostede fai propostas, asegúrese de que son realizables, vólvolle dicir o mesmo, non me imaxino a ningún técnico nin a ningún interventor aprobando o que vostede propón ou que vostede di que propoñen noutros concellos. Noutros concellos, xa que vostede o saca, en A Coruña o Alcalde de A Coruña, o actual, que é da súa mesma formación, de Marea, propuxo un Albergue en pleno Cantóns, unha residencia de estudantes, seguimos esperando, non sei se vai consolidar ese hotel que ía para uso hostaleiro ou se vai xerar que aí hai un albergue e unha residencia de estudantes no centro de A Coruña, parece que se abandona ese compromiso, esquécense do que vostedes propoñen.

En canto ás obras nas rúas humanizadas, precisamente en cumprimento e en execución da garantía que se lle esixe á empresa adxudicataria, se hai algunha reparación que facer, faise executando esa garantía que teñen as obras que se executan con cargo ás humanizacións, polo tanto, transparencia, legalidade e seguridade para a cidade.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 16/2016 por unha contía de 7.100.000,00 euros, para facer fronte aos investimentos que mais abaixo se relacionan e que teñen por finalidade dar aplicación a unha parte do superávit orzamentario obtido da Liquidación dos estados consolidados correspondentes ao ano 2015.

A modificación orzamentaria nº 16/2016 incorporada ao expediente 3814/440, confórmase dun Crédito Extraordinario por unha contía de 5.000.000,00 de euros e un Suplemento de crédito por unha contía de 2.100.000,00 euros.

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria e no Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 16 de marzo de 2016

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao superávit SEC-95, co límite do Remanente Líquido de Tesourería, cuxo informe de seguimento figura no expediente .

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Empregos				Recursos		
Aplicación	Proxecto	Concepto	Importe	Partida	Concepto	Importe
1532.6190080	16153280	H. Beir.Castelao (entre Redondela e Porriño)	250.000	87000	Rem.T.X	7.100.000
1532.6190081	16153281	Humanización Estornino	1.150.000			
1532.6190082	16153282	H. Camelias (entre R. Maraño e J.R.Jimenez)	1.000.000			
1532.6190083	16153283	Humanización, R, Alvaro Cunqueiro	1.250.000			
1532.6190084	16153284	H.Vía Norte (entre T.Vigo e E.G.Fernández)	1.350.000			
9330.6320010	14933010	Grada de Río no Estadio M. de Balaidos	2.100.000			
Total			7.100.000			7.100.000

Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

Unha vez co crédito sexa executivo, procederase a tramitar o expediente de acordo á relación que conforma a aplicación dos recursos. No entanto o anterior, en aplicación do previsto no artigo 110 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro e Base 29ª das de Execución do Orzamento, unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria nº 16/2016, poderán iniciarse a tramitación dos expedientes como anticipados de gastos.

Contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario e do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario.”

3.6(46).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1430/110 (REXISTRO PLENO 1343/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 27 de xaneiro de 2016, a Alcaldía resolve incoar expediente para a redacción dun novo Regulamento Orgánico do Pleno do Excelentísimo Concello de Vigo

O secretario xeral do Pleno, con data 3 de marzo de 2016, emite o seguinte informe proposta conformado pola Alcaldía:

"Asunto: Proxecto do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo.

Lexislación aplicable:

C.E. Constitución Española 1978.

LOREG. Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

LRAC. Lei 3/2015, de 30 de marzo, Reguladora do exercicio de Alto Cargo da Administración Xeral do Estado.

LT. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ROF. R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

Antecedentes

A Alcaldía, mediante Resolución de data 27.01.2016, acordou incoar expediente para a redacción dun novo Regulamento Orgánico do Pleno do Excelentísimo Concello de Vigo e nomear instrutor do expediente o secretario xeral do Pleno que procederá á redacción técnica do proxecto formulando informe - proposta de aprobación.

Cumprimentando a anterior Resolución emíttese o seguinte,

INFORME

I. O vixente Regulamento Orgánico do Pleno do Concello obtivo a súa aprobación definitiva en data 31.05.2010, seis anos despois se teñen introducido no ordenamento xurídico do réxime local substancias reformas operadas pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia e pola Lei 27/2013, 27 decembro, de Racionalización e Substentabilidade da Administración Local que deben ser observadas.

Potestade Regulamentaria e posición ordinamental do Regulamento Orgánico do Pleno.

I. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) atribúe aos municipios, na súa calidade de Administracións Públicas de carácter territorial, a potestade de autoorganización cuxa mais xenuína expresión a constitúe o Regulamento Orgánico do Pleno.

II. O art. 5 da LBRL, na súa redacción orixinal -declarada inconstitucional por S.214/1989 do TC- establecía un sistema de prelación de fontes no Réxime Local que, no que ao ROF e ao Regulamento Orgánico se refería, foi aclarado pola Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 27.01.1987. A partir de tal sentenza, que contamina á Resolución interpretativa, encontrámonos en areas movedizas. Aínda que o TC sinala, "a prevaleza ou aplicación preferente do Regulamento Orgánico sobre calquera norma legal ou regulamentaria da Comunidade Autónoma (ou, no seu defecto do Estado) que puidera conter unha regulación relativa aos aspectos organizativos e de funcionamento interno das Entidades Locais, operando, pois, nestas materias, como límite único, os preceptos organizativos e funcionais da propia Lei 7/1985, de 2 de abril", certa xurisprudencia considera que os Regulamentos Municipais, no seu conxunto, se encontran subordinados aos estatais ou autonómicos en virtude do principio de subordinación xerárquica, tese que esquece o principio de competencia e a idéntica natureza xurídica que, como Corporacións Territoriais de Dereito Público, teñen o Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais. Consideramos que tal subordinación na materia que nos ocupa tan só pode ser invocada no suposto de que a potestade regulamentaria municipal se utilice para o contrario, para limitar os dereitos que o ROF recoñece pero nunca cando a través dela se persiga a mellora do estatuto xurídico dos membros da Corporación. Adoptadas estas decisións de ampliación de dereitos a través dos Regulamentos Municipais estes se integran no "*ius in officium*" coa importante consecuencia de que a súa inobservancia, aínda que resida en normas municipais, producirá un menoscabo dos dereitos fundamentais consagrados no artigo 23 da Constitución.

Contido do Regulamento.

I.- O Título II refírese os dereitos e deberes dos concelleiros; o artigo 9 define con precisión unha cuestión sempre difusa na normativa de aplicación como é o dereito dos concelleiros a obter copia de expedientes para a súa función de control/fiscalización.

Mención singular neste Título merecen los preceptos referidos ao Rexistro de Intereses (Capítulo II), en concreto os relativos a súa publicidade. O parágrafo cuarto do artigo 75.7 da LBRL sinala: "(...) As declaracións anuais de bens e actividades serán publicadas con carácter anual, e en todo caso no momento de finalización do mandato, *nos términos que fixe o Estatuto municipal (...)*", en similares términos se pronuncia o artigo 8.1.h) da Lei 9/2013, de Transparencia e bo goberno.

A Lei nos está a falar dunha publicidade material das declaracións, "serán publicadas", inferindo que ostentan un réxime publicitario propio que debe ser determinado no Regulamento; non obstante debemos distinguir entre as declaracións de actividades e bens e dereitos patrimoniais e as declaracións tributarias mencionadas "*in fine*" no parágrafo segundo do mesmo art. 75.7, Renda, Patrimonio e Sociedades.

Respecto das últimas o Proxecto de Regulamento determina o prazo para a súa presentación e fixa "os términos", o contido, da súa publicación; o artigo 17 indica que a publicación realizarase mediante a inserción dun anuncio na páxina web municipal onde o secretario xeral do Pleno informará dos concelleiros que teñen presentado no Rexistro de Intereses a declaración tributaria que lles corresponde e identificará a aqueles que non houberan cumprido con tal obriga.

O parágrafo quinto do mesmo artigo 75.7 engade certa complexidade á idea da publicidade das declaracións de actividades e dereitos e bens patrimoniais ao dicir: "Tales declaracións se inscribirán nos ... Rexistros de Intereses, que terán carácter público"; pola a súa parte o apartado b) do mesmo parágrafo sinala "A declaración de bens e dereitos patrimoniais se inscribirá no Rexistro de Bens Patrimoniais de cada Entidade local, nos términos que estableza o seu respectivo Estatuto (Regulamento)".

Desde unha interpretación literal corresponde a este Proxecto de Regulamento "establecer os términos" nos que ten que inscribirse no Rexistro a declaración de bens e dereitos patrimoniais. Non ten sentido. A inscrición rexistral debe concordar coa declaración presentada toda vez que é (ou debería ser) a mera incorporación do documento ao Rexistro.

Se a Lei habilita ao presente Regulamento para "establecer os términos" (condicións) nos que debe inscribirse no Rexistro a declaración de bens e dereitos patrimoniais, este Regulamento, ao igual que a Lei 3/2015 de Altos Cargos, pode sinalar que se inscriba unha declaración comprensiva da situación patrimonial do declarante, desvirtuando con iso a declaración presentada que quedaría fora do Rexistro, agora ben, nada impide que este Regulamento, sen desvirtuar as declaracións presentadas, concrete o carácter público sinalado na Lei; é nesta concreción onde se propón a colisión entre unha publicidade ilimitada dunhas declaracións que conteñen datos sensibles, e o dereito á intimidade dos declarantes.

Na Administración Xeral do Estado a norma que regula o Rexistro de Intereses dos altos cargos é a Lei 3/2015, de 30 de marzo, que distingue entre unha “publicidade de carácter público”, artigo 21.2, referida a Rexistro de Actividades, e outra de “*carácter reservado*”, artigo 21.3, referida ao Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais, o que solo poderán ter acceso o Congreso, o Senado, os órganos xudiciais e o Ministerio Fiscal.

O artigo 21.5 da norma citada sinala, “(...) O contido das declaracións de bens e dereitos patrimoniais dos membros do Goberno e dos Secretarios de Estado e demais altos cargos publicaranse no “Boletín Oficial do Estado”, nos términos previstos regulamentariamente. En relación cos bens patrimoniais, publicarase unha declaración comprensiva da situación patrimonial destes altos cargos, omitíndose aqueles datos referentes a súa localización e salvagardando a privacidade e seguridade dos seus titulares (...)”.

A día de hoxe, un ano despois da entrada en vigor da Lei, non se ten publicado norma xurídica algunha que desenvolva o artigo 21.5. O derogado Real Decreto 432/2009, de 27 de marzo, que desenvolvía a Lei 5/2006, de 10 de abril, no último parágrafo do artigo 13 sinalaba: “De conformidade co disposto no artigo 14.4 da Lei 5/2006, de 10 de abril, anualmente, antes do 30 de setembro, procederase a publicar no «Boletín Oficial do Estado» o contido das declaracións de bens, dereitos e obrigas patrimoniais, cumprimentadas na forma prevista no Anexo II, polos membros do Goberno e os Secretarios de Estado ...”. Pois ben, tal Anexo II non foi transparente á hora de determinar o contido da declaración comprensiva da situación patrimonial dos altos cargos, mais ben ao contrario, a reserva foi absoluta pois se limitaba a publicitar o “valor catastral”, dos bens inmoebles dos que se é titular e o “valor total” de calquera “outros bens” sen individualización e sen distinción algunha respecto da clase ou tipo destes, así como o “total absoluto” de ambos conceptos; en definitiva, pouca cosa, mais ben nada; é mais a data de hoxe nin sequera iso pois segue sen aprobarse o regulamento que debe desenvolver o artigo 21.5 da Lei 3/2015, un paso adiante na opacidade e outro atrás na transparencia.

Idéntico tratamento podería predicar este Proxecto de Regulamento respecto dos concelleiros de Vigo pois non existe razón obxectiva para que estes, respecto do seu dereito á intimidade persoal e familiar, artigo 18.1 C.E., ostenten menor protección da que ostentan os membros do goberno e os altos cargos da Administración Xeral do Estado; poderíase dicir que é o que bo para os altos cargos do Estado o é tamén para os concelleiros, máxime cando ninguén discute que a couta de poder público duns e outros son diferentes, pois non é igual a transparencia (ou o mero interese cidadá) da declaración que, dos seus bens, poda presentar o Ministro de Facenda (por poñer un exemplo), que a declaración que, dos mesmos bens, poda presentar o Concelleiro Delegado de Facenda do Concello de Vigo; maior relevancia e interese, ten a do primeiro respecto da do segundo, razón suficiente para entender que este Regulamento ao establecer “os términos nos que ten que producirse inscrición no Rexistro das declaracións presentadas”, pode/debe modular o “carácter público” desas declaracións converténdooas en “reservadas”.

Non cabe modulación posible, a colisión de dereitos da que estamos a falar -dereito a intimidade persoal e familiar e carácter público da declaración de bens e dereitos patrimoniais- ten que resolverse a favor do carácter público da declaración, artigo 16.2 do Proxecto de Regulamento, unha publicidade que non pode quedar desvirtuada mediante términos que a restrinxan ou a dificulten.

A credibilidade cidadá nas institucións ten minorado, o Concello de Vigo non é alleo a este sentir social, razón bastante para entender que este Regulamento debe ser un instrumento que sexa exemplo de rigor e transparencia, unha ferramenta que posibilite aos cidadáns, a través da páxina web municipal, a obtención dunha información exacta e rápida sobre as rendas e o patrimonio de quen son os seus representantes políticos mais inmediatos e próximos de xeito que a “transparencia” sexa en Vigo unha sinal de identidade da actividade política.

II. O Título III refírese a constitución e réxime económico dos grupos políticos municipais fixéndose en tres o número mínimo de concelleiros que as formacións políticas concorrentes ás eleccións teñen que acadar para poder constituír grupo municipal, un número similar ao previsto no Regulamento ata agora vixente, un número que facilita a xestión e o dinamismo e a eficacia das sesións plenarias.

O artigo 23, que contempla os dereitos e deberes dos “concelleiros non adscritos” nel, recollendo a xurisprudencia do Tribunal Constitucional (sentenzas de data 09.07.2009 e 20.12.2012), menciónase a posibilidade de que estes concelleiros sexan membros das Comisións Informativas. De conformidade coa STS de 23.01.1995 non se consideran “concelleiros non adscritos” aqueles concelleiros que abandonen, coma consecuencia de expulsión, o seu grupo de procedencia, estes se integrarán no Grupo Mixto.

III. O Título IV, refírese o “gobierno en funcións e do traspaso de poderes”, incide sobre as boas prácticas relacionadas cos procesos de transición entre gobernos. Partindo da consideración do “gobierno en funcións” contemplada no artigo 194.2 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, se concreta o concepto de “administración ordinaria” limitando certas facultades durante este período e garantindo que determinados acordos non condicionen a actividade do goberno que o suceda. Regúlanse as obrigas do goberno saínte de proporcionar ao goberno entrante toda a información necesaria para iniciar a súa xestión, establecéndose a documentación que haberá de ser obxecto de transmisión no proceso de traspaso de poderes.

IV. O Título V regula a organización do Pleno e de seus órganos e unidades administrativas mencionando as atribucións da Presidencia, da Xunta de Voceiros, concibida como órgano consultivo e deliberante, das Comisións do Pleno que poderán ser permanentes, obrigatorias e especiais, do propio Pleno e dos servizos do Pleno, en concreto da Secretaría Xeral e do seu Rexistro.

VI. O Título VI regula o funcionamento do Pleno o integran cinco capítulos, no Capítulo II, no artigo 49, menciónase o carácter público das sesións do Pleno, unha publicidade que de xeito excepcional pode limitarse temporalmente no suposto que cidadáns asistentes ás sesión sexan chamados a orde.

O art. 70 da LBRL sinala que as sesións do Pleno das Corporacións Locais son públicas. Tal principio xeral de publicidade implica que poden asistir as mesmas todos os cidadáns que estimen conveniente así como os medios de comunicación social sen mais limitación -limite material- que o aforo existente. O carácter público das sesións é reflexo da proximidade das administracións municipais e ten unha ampla regulación en todas as fases, desde a convocatoria da sesión, que debe publicarse no taboleiro de editos e na páxina web do Concello, ata a difusión dos acordos adoptados.

O dereito de asistir ás sesións do Pleno non é absoluto, está suxeito á observancia de deberes e ten o seu límite no respecto doutros de maior rango e presenza como é o dereito fundamental de participación dos cidadáns nos asuntos públicos a través dos representantes democraticamente elixidos.

O artigo 122.1 da LBRL sinala que o Pleno é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal. Esta excelencia representativa obriga a que as súas sesións se realicen baixo a solemnidade e o respecto que corresponde a un órgano destas características tendo dereito os concelleiros a desempeñar as súas funcións e dereitos pacificamente, sen perturbacións ilexítimas nin dilacións indebidas.

É deber inescusable da Presidencia asegurar o bo orden das sesións ostentando para iso inherentes funcións de dirección no interior do salón, “policía de estrados”; a certeza e eficiencia do dereito dos cidadáns de participar nos asuntos públicos a través dos seus representantes, artigo 23 C.E., esixe que a Alcaldía, mediante a tipificación de condutas non desexadas, dispoña de medidas preventivas inmediatas, proporcionadas e obxectivas que, mais aló da sanción económica, garantan o establecemento das condicións precisas para o normal desenvolvemento das sesións plenarias e dos dereitos fundamentais.

O Capítulo III refírese o funcionamento das sesións do Pleno, non incorpora ningunha novidade respecto do Regulamento vixente salvo a innecesariedade, artigo 52.9, de que as mocións sexan presentadas con anterioridade á convocatoria das Comisións Informativas ao obxecto de que sexan obxecto de estudo ou consulta; a previsión é lóxica pois tal convocatoria realízase sete días antes da convocatoria do Pleno, prazo no que poden xurdir feitos que recomenden a presentación dunha moción concreta; a nova previsión non conculca o sinalado no artigo 82.2 do R.D. 2568/1986 que advirte que na Orde do Día tan só poden incluírse asuntos que teñan sido ditaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda. Por ditame enténdese a proposta que se somete o Pleno tras o estudo dun expediente, artigo 97.1 R.D. 2568/1986, pois ben, unha moción, un escrito que revela e manifesta un posicionamento político, non responde ao concepto xurídico de expediente; así mesmo nada ten que informar a Comisión sobre unha proposta de actuación destinada a instar, impulsar, orientar, fiscalizar ou reprobar a acción política ou administrativa dos órganos de goberno do Concello ou actuacións doutras Administracións Públicas; corresponde que sexa o Pleno o órgano que debata e determine o parecer do Concello sobre o posicionamento político proposto, adiantar tal debate na Comisión debilita o debate no Pleno.

O Capítulo IV disciplina os medios de control do goberno municipal, neste sentido menciona, mocións de control, rogos, preguntas, comparecencia de concelleiros delegados, comparecencia da Xunta de Goberno Local e o debate sobre o estado da Cidade; salvo o último método citado o Regulamento recolle a totalidade dos medios de control previstos no Real Decreto 2568/1986, unha norma con trinta anos de vixencia que ten acreditada a súa eficacia.

VI. O Título VII refírese ao “procedemento regulamentario”, distingue nos seus capítulos o “procedemento regulamentario común” referido a calquer regulamento ou ordenanza e o “procedemento de aprobación dos orzamentos”, no primeiro se contempla un prazo concreto para a presentación de emendas, seis días, unha vez o

proxecto regulamentario é aprobado pola Xunta de Goberno Local.

No relativo ao procedemento de aprobación dos orzamentos é de destacar o previsto artigo 84, apartados 4 e 5 destinados a materializar a posibilidade de aprobar proxectos orzamentarios vinculados á presentación dunha cuestión de confianza, neste sentido o Regulamento contempla a facultade do alcalde de incluír na Orde do Día da sesión que corresponda o proxecto de orzamento aprobado pola Xunta de Goberno de Local aínda que sexa ditaminado desfavorablemente en Comisión, único método que posibilita que o cumprimento do artigo 197. bis da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica de Réxime Electoral Xeral, que en todo caso require que o proxecto de orzamento se teña debatido nunha sesión plenaria previa sen obter aprobación; en efecto, de incluírse na Orde do Día o orzamento modificado en Comisión en virtude das emendas presentadas o orzamento modificado e ditaminado favorablemente obtería a aprobación do Pleno polo que sería imposible a súa vinculación a unha cuestión de confianza.

Tramitación

O proxecto trasladarase aos voceiros dos distintos grupos municipais ao obxecto de que por un prazo de oito días presenten as emendas que consideren oportuno, artigo 90. 3 ROP; seguidamente, tras o informe das emendas, o proxecto someterase a Ditame da Comisión Informativa competente por razón da materia que debaterá e votará as emendas que se tivesen presentado e, no seu caso elevará o proxecto o Pleno do Concello para a súa aprobación inicial, artigo 123.1.d) LBRL mediante maioría absoluta.

Obtida a aprobación inicial o expediente e o Regulamento someterase a información pública por un prazo mínimo de trinta días mediante publicación de anuncio no BOP en un dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto da presentación de reclamacións ou suxestións, artigo 49.2 LBRL; de non presentarse o acordo inicial entenderase adoptado definitivamente, artigo 49.3 LBRL.

Proposta de acordo ao Pleno do Concello

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Proxecto de Regulamento transcrito no Anexo a este Informe-Proposta.

SEGUNDO: O expediente incoado e o Regulamento inicialmente aprobado someteranse a información pública por un prazo mínimo de trinta días mediante publicación de anuncio no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto da presentación de reclamacións ou suxestións; de non presentarse o acordo inicial entenderase definitivamente adoptado.

TERCEIRO: No caso de aprobación definitiva acórdase a publicación do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia a efectos da súa entrada en vigor que se producirá o día seguinte ao da súa publicación sempre que houberan transcurrido quince días desde o seguinte ao da recepción da comunicación do acordo á Administración del Estado e á Administración da Comunidade Autónoma.

Vigo. 3 de marzo de 2016

O secretario do Pleno

Conforme, o alcalde

José Riesgo Boluda

Abel Caballero Álvarez

ANEXO

PROXECTO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Obxecto e natureza.

Artigo 2. Idiomas do Pleno.

TÍTULO I. SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO.

Artigo 3. Lugar e día de constitución.

TÍTULO II. ESTATUTO DOS CONCELLEIROS.

Artigo 4. Disposicións xerais.

Capítulo I. Dereitos dos concelleiros.

Artigo 5. Dereitos de carácter honorífico.

Artigo 6. Dereitos de carácter económico.

Artigo 7. Dereitos de carácter sociolaboral.

Artigo 8. Dereito á permanencia no cargo.

Artigo 9. Dereitos de carácter político e representativo.

Capítulo II. Deberes dos concelleiros. O Rexistro de Intereses.

Artigo 10. Deberes previos á toma de posesión. Rexistro de Intereses.

Artigo 11. Declaración sobre causas de posible incompatibilidade.

Artigo 12. Declaración de actividades.

Artigo 13. Declaración de rendas, bens e dereitos patrimoniais.

Artigo 14. Prazos para a presentación das declaracións.

Artigo 15. Xestión do Rexistro.

Artigo 16. Publicidade dos Rexistros.

Artigo 17. Publicidade das declaracións tributarias.

Artigo 18. Comunicaci3ns tras o fin do mandato.

Capítulo III. Outros deberes dos concelleiros.

Artigo 19. Deberes derivados do exercicio do cargo.

Artigo 20. Esixencia de responsabilidade.

TÍTULO III. DOS GRUPOS MUNICIPAIS E CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

Artigo 21. Composici3n e constituci3n.

Artigo 22. Dereitos econ3micos e funcionais dos grupos municipais.

Artigo 23. Concelleiros non adscritos.

TÍTULO IV DO GOBERNO EN FUNCI3NS E DO TRASPASO DE PODERES.

Artigo 24. Actuaci3ns do goberno municipal en funci3ns.

Artigo 25. Actuaci3n do Goberno en funci3ns e traspaso de poderes

TÍTULO V. DA ORGANIZACI3N DO PLENO.

Capítulo I. Da Presidencia.

Artigo 26. Presidencia, delegaci3n e substituci3n.

Capítulo II. Da Xunta de Voceiros.

Artigo 27. Natureza xurídica.

Artigo 28. Atribuci3ns.

Artigo 29. Réxime xurídico e de funcionamento.

Capítulo III. Das Comisi3ns do Pleno.

Artigo 30. Natureza xurídica.

Artigo 31. Clases de Comisi3ns. Creaci3n, composici3n e extinci3n.

Artigo 32. Funcionamento das Comisi3ns.

Artigo 33. Comisi3ns Permanentes. Atribuci3ns.

Artigo 34. Comisi3ns Obrigatorias.

Artigo 35. Comisi3ns Especiais. Comisi3ns Especiais de Investigaci3n.

Capítulo IV. Do Pleno.

Artigo 36. Natureza Xurídica.

Artigo 37. Atribucións.

Artigo 38. Maioría.

Capítulo V. Dos servizos do Pleno.

Artigo 39. Medios.

Artigo 40. Do secretario xeral do Pleno.

Artigo 41. Do Rexistro do Pleno.

TÍTULO VI. DO FUNCIONAMENTO DO PLENO.

Capítulo I. Da Orde do Día.

Artigo 42. Elaboración e tramitación da Orde do Día.

Artigo 43. Estrutura da Orde do Día.

Capítulo II. Das sesións.

Artigo 44. Clases de sesións.

Artigo 45. Convocatoria e expediente da sesión.

Artigo 46. Lugar de celebración das sesións do Pleno.

Artigo 47. Principio de unidade de acto e desenvolvemento das sesións.

Artigo 48. Quórum de constitución.

Artigo 49. Publicidade das sesións.

Capítulo III. Funcionamento das sesións.

Artigo 50. Apertura da sesión. Aprobación da Acta anterior.

Artigo 51. Orde dos asuntos.

Artigo 52. Dación de conta de Resolucións.

Artigo 53. Retirada de asuntos e asuntos sobre a Mesa.

Artigo 54. Nomenclatura.

Artigo 55. Debate dos asuntos de tramitación ordinaria.

Artigo 56. Debate dos asuntos de dación de conta.

Artigo 57. Intervencións por alusións.

Artigo 58. Chamada á cuestión e chamada a orde.

Artigo 59. Votación.

Artigo 60. Clases de votación.

Artigo 61. Explicación de voto.

Capítulo IV Control do Goberno.

Artigo 62. Formas de control.

Artigo 63. Mocións de control.

Artigo 64. Debate e votación das Mocións de control. Emendas ás Mocións.

Artigo 65. Comparecencia de concelleiros delegados.

Artigo 66. Comparecencia da Xunta de Goberno Local.

Artigo 67. Rogos.

Artigo 68. Preguntas.

Artigo 69. Debate sobre o estado da cidade.

Artigo 70. Outras formas de control.

Capítulo V Das Actas do Pleno.

Artigo 71. Os Libros de Actas.

Artigo 72. Custodia dos Libros.

Artigo 73. Redacción da Acta.

Artigo 74. Certificacións dos acordos do Pleno.

TITULO VII. DO PROCEDIMENTO REGULAMENTARIO.

Artigo 75. Da iniciativa regulamentaria.

Capítulo I. Do procedemento regulamentario común.

Artigo 76. Presentación do proxecto e remisión os grupos municipais.

Artigo 77. Emendas nos proxectos regulamentarios.
Artigo 78. Ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno.
Artigo 79. Información pública e audiencia das persoas interesadas.
Artigo 80. Aprobación definitiva e publicación.
Capítulo II Procedemento de aprobación dos orzamentos.
Artigo 81. Réxime e preferencia.
Artigo 82. Calendario de tramitación.
Artigo 83. Emendas aos orzamentos.
Artigo 84. Ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno.
Artigo 85. Aprobación inicial, información pública e aprobación definitiva.
Artigo 86. Aprobación dos orzamentos vinculados a cuestión de confianza.
Capítulo III. Da iniciativa regulamentaria do Pleno e dos veciños.
Artigo 87. Da iniciativa regulamentaria do Pleno.
Artigo 88. Da iniciativa regulamentaria dos veciños.
Disposición adicional Primeira.
Disposición adicional Segunda.
Disposición final.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.- Cada catro anos, no penúltimo domingo de maio, teñen lugar as eleccións locais, vinte días naturais despois, sempre un sábado, prodúcese a constitución dos Concellos, do Pleno, cuxo primeiro acordo ese día é a elección do Alcalde, a partir dese momento a Corporación, o Pleno, divídese en dous: no que son os concelleiros que outorgaron a súa confianza ao Alcalde, o goberno, e naqueles que non apoiaron esa investidura, a oposición. Ao goberno, dirixido polo alcalde, correspóndelle gobernar, decidir, levar á práctica un determinado programa, para iso ten a súa disposición á Administración Municipal, á organización funcional á que tamén dirixe.

O control dos gobernos é unha esixencia dos réximes democráticos e ten a súa orixe no sistema parlamentario onde o goberno está suxeito a responsabilidade.

O art. 127.2. g) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, LBRL, cando fala das atribucións do Pleno menciona como primeira delas, diferenciada doutras que lle son propias -as normativas e as orzamentarias- a de "control e fiscalización dos órganos de goberno", é dicir, do Alcalde, da Xunta de Goberno Local, dos concelleiros

delegados e inclusive do propio Pleno en tanto en canto tamén ten atribucións executivas -poucas- que fai efectivas a través de acordos adoptados no seu seo.

Ese control/fiscalización trata de influír, orientar, coñecer ou mostrar a acción de goberno. Exercítase dende o propio Pleno, órgano de representación cidadá por excelencia, artigo 122.1. LBRL, onde se insire a oposición pero tamén o/os grupos municipais que apoian o goberno e que representan a maioría dese Pleno. Tendo presente esta circunstancia podemos entender que a función de control/fiscalización se encontra mediatizada, ao estar sometida ao criterio da maioría. É así pero só en parte. En efecto, a función de control do goberno non sempre conclúe nunha decisión e aínda que así sexa hase de entender que a súa esencia radica no libre debate, e na exteriorización que do eco desa controversia de ideas e vontades se realice á opinión pública, neste sentido o control dos órganos de goberno, como manifestación do dereito dos cidadáns de Vigo a participar por medio dos seus representantes nos asuntos públicos, non é unha función do Pleno, senón unha función que se expresa no Pleno.

Pois ben, o control e fiscalización materialízase a través dos procedementos contemplados nas leis; para o seu estudo debemos acudir á LBRL, á lexislación autonómica de desenvolvemento e á concreción que desa normativa básica e autonómica se leve a cabo dende o Regulamento Orgánico do Pleno, norma que nesta materia ten un protagonismo indubidable. Cuestión discutible é a posición ordinamental que este Regulamento ostenta respecto do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais (ROF) norma que leva a cabo unha completa regulación destes medios que entendemos pode ser mellorada dende a normativa municipal, aínda así a problemática da posición ordinamental do Regulamento Orgánico Municipal respecto do ROF non é pacífica.

O art. 5 da LBRL, na súa redacción orixinal -declarada inconstitucional por S.214/1989 do TC- establecía un sistema de prelación de fontes no Réxime Local; a partir de tal sentenza encontrámonos en áreas movedizas. Aínda que o TC sinala, "(...) a preveza ou aplicación preferente do Regulamento Orgánico sobre calquera norma legal ou regulamentaria da Comunidade Autónoma (ou, no seu defecto do Estado) que puidera conter unha regulación relativa aos aspectos organizativos e de funcionamento interno de las Entidades Locais (...)", certa xurisprudencia considera que os Regulamentos Municipais, no seu conxunto, se encontran subordinados aos estatais ou autonómicos en virtude do principio de xerarquía, tese que esquece o principio de competencia e a idéntica natureza xurídica que, como Corporacións Territoriais de Dereito Público, teñen o Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais. Consideramos que tal subordinación na materia que nos ocupa tan só pode ser invocada no suposto de que a potestade regulamentaria municipal se utilice para limitar os dereitos que o ROF recoñece, pero nunca cando a través dela se persiga a mellora do estatuto xurídico dos membros da Corporación. Adoptadas estas decisións de ampliación de dereitos a través dos Regulamentos Municipais estes se integran no "*ius in officium*" coa consecuencia de que a súa inobservancia, aínda que resida en normas municipais, producirá un menoscabo dos dereitos fundamentais consagrados no artigo 23 da Constitución.

II.- Título II. Mención singular neste Título merecen os preceptos referidos ao Rexistro de Intereses (Capítulo II), en concreto os relativos a súa publicidade. O parágrafo

cuarto do artigo 75.7 da LBRL sinala: "(...) As declaracións ... de bens e actividades serán publicadas con carácter anual, e en todo caso no momento de finalización do mandato, *nos términos que fixe o Estatuto municipal (...)*", en similares términos se pronuncia o artigo 8.1.h) da Lei 19/2013, de Transparencia.

A Lei nos está a falar dunha publicidade material das declaracións, "serán publicadas", inferindo que ostentan un réxime publicitario propio que debe ser determinado neste Regulamento; non obstante debemos distinguir entre, (i) as declaracións de actividades e bens e dereitos patrimoniais e, (ii) as declaracións tributarias mencionadas "*in fine*" no parágrafo segundo do mesmo art. 75.7, Renda, Patrimonio e Sociedades.

Respecto das declaracións tributarias o Regulamento, no artigo 17, determina o prazo para a súa presentación e fixa "os términos" indicando que a publicación realízase mediante a inserción dun anuncio na páxina web municipal onde o secretario xeral informará dos concelleiros que teñen presentado no Rexistro de Intereses a declaración tributaria que lles corresponde e identificará a aqueles que non houberan cumprido con tal obriga.

O parágrafo quinto do mesmo artigo 75.7 reitera a publicidade do Rexistro de Intereses ao dicir: "Tales declaracións se inscribirán nos ... Rexistros de Intereses, que terán carácter público"; non obstante o apartado b) do mesmo parágrafo engade certa complexidade á idea da publicidade ao sinalar, "A declaración de bens e dereitos patrimoniais se inscribirá no Rexistro de Bens Patrimoniais de cada Entidade local, nos términos que estableza o seu respectivo Estatuto (o seu respectivo Regulamento)".

Desde unha interpretación literal corresponde a este Regulamento "establecer os términos" nos que ten que inscribirse no Rexistro a declaración de bens e dereitos patrimoniais. Non ten sentido. A inscrición rexistral debe concordar coa declaración presentada toda vez que é (ou debería ser) a mera incorporación do documento ao Rexistro.

Se a Lei habilita ao presente Regulamento para "establecer os términos" (condicións) nos que debe inscribirse no Rexistro a declaración de bens e dereitos patrimoniais, este Regulamento, ao igual que a Lei 3/2015, de Altos Cargos, pode sinalar que se inscriba *unha declaración comprensiva da situación patrimonial do declarante*, desvirtuando con iso a declaración presentada que quedaría fora do Rexistro; agora ben, nada impide que este Regulamento, sen desvirtuar as declaracións presentadas, apuntale o carácter público sinalado na Lei; é nesta concreción onde se propón a colisión entre unha publicidade ilimitada dunhas declaracións que conteñen datos sensibles, e o dereito á intimidade dos declarantes.

Na Administración Xeral do Estado a norma que regula o Rexistro de Intereses dos altos cargos é a Lei 3/2015, de 30 de marzo, que distingue entre unha "publicidade de carácter público" (sic), artigo 21.2, referida a Rexistro de Actividades, e outra de "*carácter reservado*", artigo 21.3, referida o Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais, o que só poderán ter acceso o Congreso, o Senado, os órganos xudiciais e o Ministerio Fiscal.

O artigo 21.5 da norma citada sinala, "(...) O contido das declaracións de bens e dereitos patrimoniais dos membros do Goberno e dos Secretarios de Estado e demais

altos cargos publicaranse no "Boletín Oficial do Estado", nos términos previstos regulamentariamente. En relación cos bens patrimoniais, publicarase *unha declaración comprensiva da situación patrimonial destes altos cargos*, omitíndose aqueles datos referentes a súa localización e salvagardando a privacidade e seguridade dos seus titulares (...)"

A día de hoxe, un ano despois da entrada en vigor da Lei, non se ten publicado norma xurídica algunha que desenvolva o artigo 21.5. O derogado Real Decreto 432/2009, de 27 de marzo, que desenvolvía a Lei 5/2006, de 10 de abril, no último parágrafo do artigo 13 sinalaba: "De conformidade co disposto no artigo 14.4 da Lei 5/2006, de 10 de abril, anualmente, antes do 30 de setembro, se procederá a publicar no «Boletín Oficial do Estado» o contido das declaracións de bens, dereitos e obrigas patrimoniais, cumprimentadas na forma prevista no Anexo II, polos membros do Goberno e os Secretarios de Estado ...". Pois ben, tal Anexo II non foi transparente á hora de determinar o contido da *declaración comprensiva da situación patrimonial dos altos cargos*, mais ben ao contrario, a reserva foi absoluta pois se limitaba a publicitar o "valor catastral", dos bens inmoables dos que se é titular e o "valor total" de calquera "outros bens" sen individualización e sen distinción algunha respecto da clase ou tipo destes, así como o "total absoluto" de ambos conceptos; en definitiva, pouca cosa, mais ben nada; é mais, a data de hoxe nin sequera iso pois segue sen aprobarse o regulamento que debe desenvolver o artigo 21.5 da Lei 3/2015, un paso adiante na opacidade, un paso atrás na transparencia.

Idéntico tratamento podería predicar este Regulamento respecto dos concelleiros de Vigo pois non existe razón obxectiva para que estes, respecto do seu dereito á intimidade persoal e familiar, artigo 18.1 C.E., ostenten menor protección da que ostentan os membros do goberno e os altos cargos da Administración Xeral do Estado, razón suficiente para entender que este Regulamento ao establecer "os términos nos que ten que producirse inscrición no Rexistro das declaracións presentadas", pode restrinxir o "carácter público" desas declaracións converténdooas en "reservadas".

Non cabe restrición posible, a colisión de dereitos da que estamos a falar -dereito a intimidade persoal e familiar e carácter público da declaración de bens e dereitos patrimoniais- ten que resolverse a favor do carácter público da declaración (artigos 16.2 e 16.3 do Regulamento), unha publicidade que non pode quedar desvirtuada mediante términos que a dificulten.

A credibilidade cidadá nas institucións ten minorado, o Concello de Vigo non é alleo a este sentir social e considera que o poder político, os concelleiros, atópanse subordinados á cidadanía, razón bastante para entender que este Regulamento sexa unha ferramenta que posibilite os cidadáns, a través da páxina web municipal, a obtención dunha información exacta sobre as rendas e o patrimonio de quen son os seus representantes políticos mais próximos de xeito que a "transparencia" sexa en Vigo sinal de identidade da actividade política.

III. O Título III refírese á constitución e réxime económico dos grupos políticos municipais fixéndose en tres o número mínimo de concelleiros que as formacións políticas concorrentes ás eleccións teñen que acadar para poder constituír grupo municipal, un número similar o previsto no Regulamento ata agora vixente, un número que facilita a xestión e o dinamismo das sesións plenarias.

O artigo 23, que contempla os dereitos e deberes dos "concelleiros non adscritos" nel,

recollendo a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, se menciona a posibilidade de que estes concelleiros sexan membros das Comisións Informativas. Non se consideran “concelleiros non adscritos” aqueles concelleiros que abandonen, coma consecuencia de expulsión, o seu grupo de procedencia, estes se integrarán no Grupo Mixto.

O Título IV, refírese ao “gobierno en funcións e do traspaso de poderes”, incide sobre as boas prácticas relacionadas cos procesos de transición entre gobernos. Partindo da consideración do “gobierno en funcións”, artigo 194.2 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, concrétese o concepto de “administración ordinaria” garantindo que determinados acordos non condicionen a actividade do goberno que o suceda. Regúlanse as obrigas do goberno saínte de proporcionar ao goberno entrante a información necesaria para iniciar a súa xestión establecéndose a documentación que haberá de ser obxecto de transmisión no proceso de traspaso de poderes.

O Título V regula a organización do Pleno e de seus órganos e unidades administrativas mencionando as atribucións da Presidencia, da Xunta de Voceiros, concibida como órgano consultivo e deliberante, das Comisións do Pleno que poderán ser permanentes, obrigatorias e especiais, do propio Pleno e dos servizos do Pleno, en concreto da Secretaría Xeral e do seu Rexistro.

O Título VI regula o funcionamento do Pleno o integran cinco capítulos, no Capítulo II, no artigo 49, menciónase o carácter público das sesións do Pleno, unha publicidade que de xeito excepcional pode limitarse no suposto que cidadáns asistentes ás sesións sexan chamados a orde.

O art. 70 da LBRL sinala que as sesións do Pleno das Corporacións Locais son públicas. Tal principio xeral de publicidade implica que poden asistir as mesmas todos os cidadáns que o estimen conveniente así como os medios de comunicación social sen mais limitación -límite material- que o aforo existente. O carácter público das sesións é reflexo da proximidade das administracións municipais.

O dereito de asistir ás sesións do Pleno non é absoluto, está suxeito á observancia de deberes e ten a súa fronteira no respecto doutros de maior rango e presenza como é o dereito fundamental de participación dos cidadáns nos asuntos públicos a través dos representantes democraticamente elixidos.

O artigo 122.1 da LBRL sinala que o Pleno é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal. Esta excelencia representativa obriga a que as súas sesións se realicen baixo a solemnidade e o respecto que corresponde a un órgano destas características tendo dereito os concelleiros a desempeñar os seus dereitos pacificamente, sen perturbacións ilexítimas nin dilacións indebidas.

É deber inescusable da Presidencia asegurar o bo orden das sesións ostentando para iso inherentes funcións de dirección no interior do salón, “policía de estrados”; a certeza e eficiencia do dereito dos cidadáns de participar nos asuntos públicos a través dos seus representantes, artigo 23 C.E., esixe que a Alcaldía, mediante a tipificación de condutas non desexadas, dispoña de medidas preventivas, proporcionadas e obxectivas que garantan o establecemento das condicións precisas para o normal desenvolvemento das sesións plenarias e dos dereitos fundamentais.

O Capítulo III refírese ao funcionamento das sesións do Pleno, non incorpora ningunha

novidade respecto do Regulamento vixente salvo a innecesariedade, artigo 52.9, de que as mocións sexan presentadas con anterioridade á convocatoria das Comisións Informativas ao obxecto de que sexan obxecto de estudo ou consulta; a previsión é lóxica pois tal convocatoria realízase sete días antes da convocatoria do Pleno, prazo no que poden xurdir feitos que recomenden a presentación dunha moción concreta.

O Capítulo IV disciplina os medios de control do goberno municipal, neste sentido menciona, mocións de control, rogos, preguntas, comparecencia de concelleiros delegados, comparecencia da Xunta de Goberno Local e o debate sobre o estado da Cidade; salvo o último método citado o Regulamento recolle a totalidade dos procedementos de control previstos no Real Decreto 2568/1986, unha norma con trinta anos de vixencia que ten acreditada a súa utilidade e eficacia.

O Título VII refírese o “procedemento regulamentario”, distingue nos seus capítulos o “procedemento regulamentario común” referido a calquer regulamento ou ordenanza e o “procedemento de aprobación dos orzamentos”, no primeiro contéplase un prazo concreto para a presentación de emendas, seis días, unha vez o proxecto regulamentario sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local.

No relativo ao procedemento de aprobación dos orzamentos é de destacar o previsto artigo 84, apartados 4 e 5 destinados a materializar a posibilidade de aprobar proxectos orzamentarios vinculados á presentación dunha cuestión de confianza; neste sentido o Regulamento contempla a facultade do alcalde de incluír na Orde do Día da sesión que corresponda o proxecto de orzamento aprobado pola Xunta de Goberno de Local aínda que sexa modificado en Comisión en virtude das emendas presentadas, única fórmula que posibilita o cumprimento do artigo 197.bis da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica de Réxime Electoral Xeral, que en todo caso require que o proxecto de orzamento se teña debatido nunha sesión plenaria previa sen obter aprobación; en efecto, de incluírse na Orde do Día o orzamento modificado en Comisión e ditaminado favorablemente este obtería a aprobación do Pleno polo que sería materialmente imposible vincular o proxecto orzamentario do goberno a unha cuestión de confianza.

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artículo 1. Obxecto e natureza.

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo integrado polo o alcalde e os concelleiros é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal.

O presente Regulamento ordena e preceptua os dereitos e deberes dos concelleiros, a organización e funcionamento do Pleno así como os procedementos regulamentarios que nel se tramitan; ten natureza orgánica e se dita ao amparo do previsto nos artigos 122.3 e 123.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 2. Idiomas do Pleno.

O galego é a lingua do Pleno.

As convocatorias de sesións, as ordes do día, propostas de acordo, ditámes, votos

particulares, emendas, mocións, actas, certificacións, notificacións, recursos, escrituras e demais escritos realizados en nome do Pleno redactaranse en galego.

Nos debates utilizarase o galego ou o castelán.

TÍTULO I. SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO.

Artigo 3 . Lugar e día de constitución.

1. O Pleno constitúese en sesión pública extraordinaria o vixésimo día posterior á celebración das eleccións locais salvo recurso contencioso-electoral en cuxo suposto constituirase no cuadraxésimo, a tal fin constitúese unha Mesa de Idade integrada polos electos de maior e menor de idade presentes na sesión; actuará como secretario quen o sexa do Pleno.

2. Acreditada a personalidade dos concelleiros electos a Mesa de Idade cotexará as credenciais por eles presentadas coa Acta de Proclamación de Candidatos que tivera remitido o Concello a Xunta Electoral de Zona de Vigo e informará do cumprimento das obrigas legais no que se refire á presentación da documentación para incorporar o Rexistro de Intereses.

3. Realizados os trámites anteriores os concelleiros electos tomarán posesión do seu cargo; a tal fin, por orde alfabética, xurarán ou prometerán acatamento e fidelidade á Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia; o Presidente da Mesa declarará constituída a Corporación se houberan tomado posesión do cargo a maioría absoluta dos concelleiros electos, en caso contrario celebrárase sesión dous días despois, constituíndose a Corporación calquera que fora o número de presentes.

4. Conforme o sinalado nos parágrafos anteriores o concelleiro electo adquirirá a condición plena de concelleiro polo cumprimento conxunto dos seguintes requisitos:

- a) Presentar a credencial expedida pola Administración Electoral.
- b) Cumprimentar as declaracións a incorporar o Rexistro de Intereses nos términos previstos na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.
- c) Prestar, na primeira sesión do Pleno á que asista, promesa ou xuramento de acatar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

TÍTULO II. ESTATUTO DOS CONCELLEIROS.

Artigo 4. Disposicións xerais.

O estatuto dos membros do Pleno o constitúe o conxunto de dereitos e deberes que lles recoñecen a Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia, a lexislación estatal e autonómica de réxime local de directa aplicación e o presente Regulamento.

Capítulo I. Dereitos dos concelleiros.

Artigo 5. Dereitos de carácter honorífico.

O presidente do Pleno e os concelleiros gozan dos honores, prerrogativas e distincións establecidos nas leis.

Artigo 6. Dereitos de carácter económico.

1. Os concelleiros, dentro dos límites legais, perciben retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial na contía que, a proposta do alcalde, determine o Pleno, neste caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais salvo que lles corresponda a situación de servizos especiais.

As retribucións por dedicación exclusiva son incompatibles coa calquera outra a cargo dos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes.

Os acordos do Pleno que determinen os cargos con dedicación parcial especificarán o réxime de dedicación mínima necesaria para a percepción de retribucións, sinalando o número de horas semanais do exercicio efectivo do cargo.

Os concelleiros en réxime de dedicación parcial que sexan persoal das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes realizarán a súas funcións fora da xornada prevista nos seus respectivos centros de traballo, sen prexuízo do tempo indispensable para a asistencia ás sesións do Pleno ou Comisións e do tamén indispensable para a atención das Delegacións específicas que poda desempeñar ou das que forme parte, neste suposto, na delegación ou encomenda de funcións que dite a Alcaldía indicarse a actividade concreta a realizar e o seu horario.

2. Os concelleiros que non desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación percibirán indemnizacións pola súa asistencia aos órganos colexiados da Corporación e dos organismos autónomos dependentes na contía e condicións que acorde o Pleno nas Bases de Execución dos Orzamentos Xerais do Concello.

3. A Resolución da Alcaldía que determine os concelleiros que realicen as súas funcións en réxime de dedicación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello. Os concelleiros nomeados para realizar a súa función en réxime de dedicación exclusiva presentarán no Rexistro do Pleno escrito de aceptación nos tres días seguintes ao de notificación da Resolución.

4. Os concelleiros terán dereito ás indemnizacións e dietas polos gastos que sexan indispensables para o cumprimento da súa función.

Artigo 7. Dereitos de carácter sociolaboral.

1. Os efectos do disposto no artigo 37.3.d) do Estatuto dos Traballadores e do artigo 30.2 da Lei 30/1984, enténdese por “tempo indispensable para o cumprimento do cargo de concelleiro” o necesario para a asistencia ás sesións do Pleno da Corporación e das súas Comisións, así como a atención ás Delegacións específicas que desempeñe ou das que forme parte, neste suposto, na delegación ou encomenda de funcións que dite a Alcaldía indicarse a actividade concreta a realizar e o seu horario.

2. Os concelleiros quedan en situación de servizos especiais nos seguintes supostos:

a) Cando sexan funcionarios do Concello de Vigo.

b) Cando sexan funcionarios de carreira doutras Administracións Públicas e desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva.

Para os concelleiros que sexan persoal laboral do Concello, ou doutras Administracións Públicas, rexen idénticas regras.

Os concelleiros que non teñan dedicación exclusiva terán garantida durante o seu mandato a permanencia no centro ou centros de traballo no que estiveran prestando servizos no momento da elección sen que poidan ser trasladados ou obrigados a concursar a outras prazas vacantes en distintos lugares.

Artigo 8. Dereito á permanencia no cargo.

1. Os concelleiros teñen o dereito á permanencia no cargo que so perderán cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Decisión xudicial firme que anule a elección ou proclamación.

b) Incapacitación declarada por decisión xudicial firme.

c) Extinción do mandato sen prexuízo de que continúen en funcións para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores.

d) Por renuncia, que farase efectiva por escrito ante o Pleno.

e) Incompatibilidade, nos supostos e condicións establecidos na lexislación electoral ou calquera outra aplicable.

f) Perda da nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 13.2 da Constitución e do establecido nas normas de dereito comunitario ou internacional.

g) Por calquera outra causa que se estableza legalmente.

Artigo 9. Dereitos de carácter político e representativo.

1. Os Concelleiros teñen o dereito de asistencia, voz, e voto nas sesións do Pleno e Comisións das que formen parte; poderán asistir sen voto ás sesións das Comisións das que non formen parte.

2. Acceso libre dos concelleiros á información.

As unidades administrativas xestoras dos expedientes atópanse obrigadas a facilitar información, sen necesidade de que o concelleiro acredite estar autorizado, nos seguintes casos:

a) Cando se trate do acceso dos concelleiros que ostenten delegacións ou responsabilidades de xestión, á información propia das mesmas.

b) Cando se trate do acceso á información e documentación correspondente aos asuntos que haxan de ser tratados polos órganos colexiados dos que formen parte.

c) Cando se trate de Resolucións ou acordos adoptados polos órganos municipais.

d) Cando se trate do acceso á información ou documentación que sexa de libre acceso ós cidadáns; os expedientes correspondentes a procedementos terminados á data da solicitude se entenden de libre acceso.

3. Copias dos expedientes.

Sen prexuízo das autorizadas expresamente polo Alcalde, o libramento de copias limitarase aos casos de libre acceso dos concelleiros á información; ademais das referidas ás Resolucións ou acordos adoptados, as unidades administrativas xestoras, previa petición presentada no Rexistro do Pleno, librarán copias dos documentos que, formando parte dun expediente, se correspondan con procedementos terminados á data de solicitude; as copias facilitaranse a través do Rexistro do Pleno ben en soporte papel ou ben, se a súa extensión así o esixise, en outro soporte físico.

A petición de copias en ningún caso referirase a solicitudes xenéricas e concretará e identificará con detalle os documentos interesados; o exercicio deste dereito non implicará unha lesión do principio de eficacia administrativa; non se librarán copias dos documentos que consten nos distintos portais informáticos do Concello e sexan de libre acceso os concelleiros.

4. Acceso autorizado dos concelleiros á información.

Sen prexuízo do acceso sinalado no apartado 3, os concelleiros, previa petición presentada no Rexistro do Pleno, sen necesidade de xustificación, obterán do Alcalde para a súa consulta e exame, cantos expedientes, antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

A petición non se referirá a cuestións xenéricas ou indiscriminadas e concretará o obxecto da información; resolverase e materializará nos cinco días naturais seguintes ao da presentación; entenderase outorgada por silencio se non se dita e notifica Resolución denegatoria fundada en tal prazo.

O exercicio do dereito á información non implicará unha lesión do principio de eficacia administrativa. O acceso á información demorarase si a unidade administrativa que xestiona o expediente o estivera utilizando ou completando informes ou trámites no momento no que se requira a súa vista.

5. A entrega dos expedientes, libros e documentación para a súa consulta e exame rexerese polas seguintes normas:

a) Realizarase ben no arquivo xeral ou na dependencia onde se encontre, ben mediante a entrega dos mesmos ou de copia ao concelleiro interesado para o seu exame nos locais dos grupos municipais.

b) Os expedientes, libros ou documentación non sairán da Casa Consistorial ou das

dependencias descentralizadas/desconcentradas.

c) A consulta dos Libros de Actas e dos Libros de Resolucíons do Presidente efectuarase na Secretaría do órgano correspondente.

d) O exame de expedientes sometidos a sesión realizarase no lugar en que se encontren de manifesto a partir da convocatoria.

e) Os Concelleiros poderán acceder á información acompañados dun asesor do seu Grupo.

Aos efectos do oportuno control administrativo, o interesado asinará acuse de recibo e terá a obriga de devolver o expediente ou documentación nun prazo de corenta e oito horas.

6. O Concello impulsará a utilización das novas tecnoloxías como mecanismo de acceso á información municipal en especial a relativa a Ordes do Día, acordos, e Resolucíons dos órganos colexiados ou unipersonais.

7. Os concelleiros e os grupos políticos dispoñerán dun buzón electrónico para a recepción de documentación interna, das comunicacións oficiais previstas neste Regulamento e de correo electrónico procedente do exterior, incluíndo o que puideran remitir os cidadáns.

Capítulo II. Deberes dos concelleiros. O Rexistro de Intereses.

Artigo 10. Deberes previos á toma de posesión. Rexistro de Intereses.

1. Os efectos do previsto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, no Rexistro de Intereses inscribíranse as seguintes declaracións:

- a.- Declaración sobre as causas de posible incompatibilidade.
- b.- Declaración sobre actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos.
- c.- Declaración sobre bens patrimoniais.

2. Os modelos das declaracións que constan no Anexo a este Regulamento, carecen de natureza regulamentaria e serán modificados mediante Resolución da Alcaldía escoitada a Xunta de Voceiros; da Resolución darase conta individualizada ao Pleno da Corporación.

3. Atópanse obrigados a presentar declaracións os concelleiros do Concello de Vigo, os funcionarios de habilitación nacional que desenvolvan postos provistos mediante libre designación e o persoal que sexa titular dos órganos directivos mencionados no artigo 130.1.B) da LBRL .

Artigo 11. Declaración sobre causas de posible incompatibilidade.

1. Os concelleiros teñen a obriga de formular declaración sobre causas de posible incompatibilidade no modelo previsto no Anexo a este Regulamento.

2. Corresponderá ao secretario xeral do Pleno emitir informe sobre a existencia de causas de incompatibilidade dos concelleiros electos e dos membros da Corporación.

No suposto de que o informe advirta de causa de incompatibilidade darase traslado do mesmo ó interesado ó obxecto de alegacións. A declaración de incompatibilidade, escoitada a Xunta de Voceiros, corresponderá á Alcaldía en funcións no caso de concelleiros electos e o Pleno no caso de membros da Corporación. Cando se declare a situación de incompatibilidade o afectado optará, no prazo de dez días, entre a renuncia á condición de concelleiro ou o abandono da situación de incompatibilidade.

3. Transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior sen exercitar a opción entenderase que o afectado renuncia ao seu posto de concelleiro debendo declararse polo Pleno a vacante correspondente.

Artigo 12. Declaración de actividades.

1.- As persoas citadas no artigo 10.3 teñen a obriga de declarar todas as actividades públicas e privadas que desempeñen, por si ou mediante substitución ou apoderamiento que sexan susceptibles de ser retribuídas ou que podan proporcionar ingresos económicos aínda que non se perciban. Nesta declaración manifestarase se recibe calquera outra remuneración con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes das mesmas, así como calquera outra retribución que directa ou indirectamente proveña dunha actividade privada.

2.- O secretario xeral do Pleno, no momento da presentación da declaración, comprobará se as actividades declaradas se atopan incursas, ou non, nas causas de incompatibilidade previstas no artigo 178 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

Artigo 13. Declaración de rendas, bens e dereitos patrimoniais.

As persoas citadas no artigo 10.3 teñen a obriga de formular declaracións patrimoniais comprensivas da totalidade da súas rendas, bens, dereitos e obrigas, no modelo previsto no Anexo. En canto as rendas especificarase as percepcións salariais, os dividendos obtidos en sociedades de calquera clase, os rendementos de contas financeiras e o procedentes de plans de pensións; respecto dos bens inmoebles, especificarase a súa natureza, características e valor catastral; omitiranse os datos referentes a súa concreta localización ao obxecto de salvagardar a privacidade e seguridade dos titulares, non obstante especificarase o municipio no que se atopan.

Artigo 14. Prazos para a presentación das declaracións.

1. Os concelleiros realizarán as súas declaracións antes da toma de posesión do cargo, cando se produzan variacións ó longo do mandato e no prazo dos dous meses seguintes á conclusión deste ou da renuncia ao seu cargo. A presentación das declaracións é requisito para a toma de posesión e para adquirir a plena condición de membro da Corporación.

2. O prazo para declarar as variacións que afecten ós datos reflectidos en calquera das declaracións será dun mes dende que se produza. Se considerará modificación das circunstancias de feito calquera alteración substancial ou relevante na situación

patrimonial dos declarantes pola adquisición ou transmisión de bens ou dereitos e calquera alteración nas actividades ou causas de posible incompatibilidade.

3. As declaracións asinaranse ante o secretario xeral do Pleno; os datos nelas contidos non necesitan acreditación mediante escrituras, certificacións ou calquera outra clase de documento. No momento da súa presentación facilitarase ó declarante copia selada e cotexada.

4. Xunto as declaracións iniciais e de cese, anualmente, no mes de xullo, as persoas citadas no artigo 10.3 presentarán copia compulsada das declaracións tributarias correspondentes ó Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) e, no seu caso, Patrimonio e Sociedades. A súa presentación anotarase no Libro de intereses económicos, bens e dereitos patrimoniais facendo constar a natureza da declaración, o exercicio ao que corresponde e a data da súa incorporación ao mesmo. As declaracións quedarán depositadas como información complementaria a dito Rexistro.

Artigo 15. Xestión do Rexistro.

1. As declaracións realizaranse conforme aos modelos previstos no Anexo a este Regulamento incorporaranse ao Rexistro de Intereses que constará de dous Libros:

- a) Libro de causas de incompatibilidade e actividades.
- b) Libro de intereses económicos, bens, dereitos patrimoniais e declaracións tributarias.

2. O Rexistro de Intereses levarase na Secretaría Xeral do Pleno, corresponderanlle as funcións de fe pública respecto aos aspectos relacionados co mesmo.

3. A cada persoa con obriga de declarar asignaráselle un número de declarante que permanecerá invariable durante o exercicio do seu cargo ou posto.

Os libros serán de follas móbiles seladas e con numeración correlativa respecto de cada declarante asinando todas elas o declarante e o secretario xeral do Pleno. As follas que integren as declaracións tributarias sinaladas no parágrafo 4 do artigo 14 tamén serán obxecto de numeración. No caso das declaracións dos concelleiros procederase á encadernación dos libros unha vez sexan presentadas as declaracións correspondentes ó final do mandato.

4. A Secretaría Xeral do Pleno é o órgano de mantemento e xestión do Rexistro responsable da súa custodia, seguridade e indemnidade dos datos e documentos que conteña garantindo a inalterabilidade e permanencia dos mesmos. O persoal da Secretaría Xeral do Pleno que, por razóns das súas funcións, teña acceso ao Rexistro gardará secreto profesional respecto ós datos e documentos nel contidos.

5. Cando a Secretaría Xeral teña coñecemento da expedición de credenciais a concelleiros, da súa renuncia ao cargo ou do nomeamento ou cese de funcionarios habilitados en postos de libre designación ou de persoal que sexa titular de órganos directivos procederá a informar respecto da obriga de formular as declaracións de actividades e de bens patrimoniais.

O Servizo de Recursos Humanos, no prazo de sete días, informara á Secretaría Xeral

dos nomeamentos dos funcionarios de habilitación nacional que desenvolvan postos provistos mediante libre designación e do persoal que sexa titular dos órganos directivos mencionados no artigo 130.1.B) da LBRL.

Artigo 16. Publicidade dos Rexistros.

1.- O Libro referido ás causas de incompatibilidade e actividades ten carácter público, a súa publicidade farase efectiva nos primeiros cinco días do mes de decembro de cada ano mediante a publicación na sede electrónica do Concello de Vigo do contido refundido das declaracións existentes no Rexistro, realizarase nun formato que non sexa susceptible de manipulación por terceiros. O formato será aprobado mediante Resolución da Alcaldía.

2.- O Libro de intereses económicos e bens e dereitos patrimoniais dos concelleiros ten carácter público, a súa publicidade farase efectiva nos primeiros cinco días do mes de decembro de cada ano mediante a publicación na sede electrónica do Concello de Vigo do contido refundido das declaracións existentes no Rexistro, realizarase nun formato que non sexa susceptible de manipulación por terceiros. O formato refundido será aprobado mediante Resolución da Alcaldía.

3.- O acceso material os Libros rexerese polas seguintes regras:

a) Calquera persoa, previa identificación, a título individual ou en representación de persoa xurídica, que desexe coñecer as declaracións presentará no Rexistro do Pleno, polos medios do artigo 38 da Lei 30/1992, unha solicitude escrita que reúna os requisitos que establece o artigo 70 desa norma con indicación dos datos da persoa cuxa declaración interese. As solicitudes xenéricas non serán admitidas. Do escrito será informado o declarante.

b) A publicidade farase efectiva mediante comparecencia do solicitante ante o secretario xeral do Pleno que lle exhibirá a declaración correspondente.

c) No suposto de que se solicite certificado este será expedido polo secretario. As certificacións consistirán na expedición de copias auténticas das declaracións orixinais depositadas no Rexistro. Se a solicitude non expresa outra cuestión entenderase que a certificación referirase á situación actual do concelleiro.

Artigo 17. Publicidade das declaracións tributarias.

1.- O secretario xeral do Pleno comprobará se os obrigados do artigo 10.3 cumpriron a obriga prevista no artigo 14.4; presentación de copia compulsada das declaracións tributarias correspondentes ó Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) e, no seu caso, Patrimonio e Sociedades.

2.- Aos efectos da publicidade sinalada no parágrafo catro do artigo 75.7 da Lei 7/1985, o secretario xeral, nos quince días seguintes do prazo sinalado no artigo 14.4, publicará anuncio na páxina web o Concello informando do cumprimento, ou non, de tal obriga e especificando, no seu caso, a identificación daqueles que non a realizaran. Do informe darase conta individualizada ao Pleno do Concello.

3.- Teñen acceso completo o Rexistro incluíndo as declaracións tributarias:

- a) O Pleno.
- b) Os órganos xudiciais, para a instrución o resolución de procesos que requiran o coñecemento dos datos.
- c) O Ministerio Fiscal, cando realice actuacións de investigación que requiran o coñecemento dos datos.
- d) O Defensor do Pobo e o Valedor do Pobo, nos términos previstos nas súas leis.
- e) O Consello de Contas, no términos previstos na súa lei reguladora.

Artigo 18. Comunicaci3ns tras o fin do mandato.

1. De conformidade co previsto no artigo 75.8 da Lei 7/1985, durante os dous anos seguintes á finalizaci3n do seu mandato ou de seu cese, os concelleiros que houberan ostentado responsabilidades executivas nas diferentes áreas do goberno local seralles de aplicaci3n, no 3mbito territorial do Concello de Vigo, as limitaci3ns ao exercicio de actividades privadas establecidas no artigo 15 da Lei 3/2015, de 30 de marzo, Reguladora do exercicio de alto cargo na Administraci3n Xeral do Estado.

2 .Aos efectos anteriores, con car3cter previo 3 iniciaci3n da actividade a realizar presentar3n no Rexistro de Intereses comunicaci3n na que constar3: (i) actividade p3blica ou privada a desenvolver; (ii) manifestaci3n de que se vai realizar por conta propia ou allea, neste suposto indicarse denominaci3n da empresa ou entidade e obxecto social da mesma.

3. No prazo dun mes o secretario xeral informar3 sobre a compatibilidade da actividade a realizar e a Alcald3a ditar3 Resoluci3n que se lle comunicar3 ao interesado e 3 empresa ou sociedade na que fora a prestar os seus servizos segu3ndose o procedemento previsto no artigo 15.6 da Lei 3/2015.

Cap3tulo III. Outros deberes dos concelleiros.

Artigo 19. Deberes derivados do exercicio do cargo.

A. Deber de respectar o r3xime de incompatibilidades.

1. Os concelleiros observar3n as normas sobre incompatibilidade e po3ner3n en coñecemento da Corporaci3n calquera feito que puidera constitu3r causa da mesma.

2. Corresponder3 3 secretario xeral do Pleno emitir informe sobre a existencia de causas de incompatibilidade dos concelleiros electos e dos membros da Corporaci3n. No suposto de que o informe advirta de causa de incompatibilidade darase traslado do mesmo 3 interesado 3 obxecto de alegaci3ns. A declaraci3n de incompatibilidade, escoitada a Xunta de Voceiros, corresponder3 3 Alcald3a en funci3ns no caso de concelleiros electos e o Pleno no caso de membros da Corporaci3n. Cando se declare a situaci3n de incompatibilidade, e trala a s3a notificaci3n, o afectado optar3, no prazo de dez d3as, entre a renuncia 3 condici3n de concelleiro ou o abandono da situaci3n que da lugar 3 incompatibilidade.

3. Transcorrido o prazo sinalado no par3grafo anterior sen exercitar a opci3n entenderase que o afectado renuncia o seu posto de concelleiro declar3ndose polo Pleno a vacante correspondente po3ndo o feito en coñecemento da Administraci3n

Electoral aos efectos previstos nos artigos 182 e 208 de la Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño.

4. Os concelleiros non invocarán nin farán uso da súa condición para o exercicio de actividades mercantís, industriais ou profesionais.

B. Deber de abstención.

1. Sen prexuízo das causas de incompatibilidade establecidas pola Lei os concelleiros absteranse de participar na deliberación, votación e execución de todo asunto cando concorran algunha das causas mencionadas na lexislación de procedemento administrativo -artigo 28 da Lei 30/1992- e no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. A actuación dos membros en que concorran tales motivos implicará, se fora determinante, a invalidez dos actos nos que interviñeran.

2. O concelleiro incurso en abstención comunicará a causa de abstención ao Alcalde, quen resolverá.

3. No caso que o deber de abstención non se observe pode promoverse recusación. A recusación realizarase por calquera interesado cando estime que existe causa de abstención mediante escrito presentado no Rexistro xeral do Pleno expresando as causas nas que se funda. O concelleiro recusado, o día seguinte, manifestará ao alcalde si existe, ou non, causa de recusación, se o recusado negara a causa o alcalde resolverá no prazo de tres días; se a recusación é ao Alcalde resolverá o Pleno.

No caso de que no curso dunha sesión plenaria un concelleiro inste, con expresión do precepto que se incumpre, a recusación doutro concelleiro a Presidencia retirará da Orden do Día o asunto; non obstante, dada a inmediatez das sesións plenarias, a Presidencia outorgará a palabra ao recusado ao efecto de que se pronuncie, acto seguido resolverá estimando ou desestimando a recusación.

4. Calquera concelleiro poderá formular ao secretario xeral do Pleno cantas cuestións considere precisas sobre a procedencia da súa abstención en asuntos concretos. A Secretaría Xeral, de acordo coa información subministrada polo concelleiro nas súa declaración de actividades e, no seu caso, coa que poda serlle requirida, informarlle dos asuntos ou materias sobre os que, con carácter xeral, deberá absterse durante o exercicio de seu cargo.

C. Deber de asistencia.

Os concelleiros teñen o dereito, tamén o deber, de asistir con voz e voto, ás sesións do Pleno e ás de aqueles órganos colexiados de que formen parte salvo causa que o impida que comunicarán coa antelación necesaria o secretario xeral. Os concelleiros están obrigados a observar a cortesía debida e a respectar as normas de orden e de funcionamento dos órganos municipais.

As ausencias dos concelleiros do termo municipal que excedan de quince días serán postas en coñecemento do Alcalde por escrito concretando a duración previsible.

O alcalde, previa audiencia do interesado, sancionará aos concelleiros por incumprimento reiterado das súas obrigas e por falta inustificada de asistencia ás

sesións cando tal ausencia se produza en dúas reunións consecutivas dos órganos do que forman parte, ou tres alternas no período de un ano.

D. Deber de reserva da información.

Os concelleiros e os asesores dos Grupos Municipais gardarán reserva en relación coa información que se lles facilite, en especial a que afecte os dereitos e liberdades dos cidadáns e a que serve de antecedente de decisións pendentes de adopción; evitarán a reprodución da documentación facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Artigo 20. Esixencia de responsabilidade.

Os membros do Pleno están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo. As responsabilidades esixíranse ante os Tribunais de Xustiza competentes e tramítaranse polo procedemento aplicable.

Son responsables dos acordos do Pleno os membros que os votasen favorablemente.

O Pleno esixirá a responsabilidade dos seus membros cando, por dolo ou culpa grave, causaran danos ou prexuízos ao Concello ou a terceiros, se estes foran indemnizados.

TÍTULO III. DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Artigo 21. Composición e constitución.

1. Aos efectos da súa actuación corporativa os membros do Pleno constituiranse en Grupos Municipais. Os grupos ostentan carácter asociativo, son unidades políticas e non son órganos municipais, o seu funcionamento interno é democrático, réxense polos acordos adoptados no seu seo. Os grupos municipais constarán de polo menos tres concelleiros, ningún pertencerá simultaneamente a máis dun Grupo.

2. Intégraranse no Grupo Mixto os concelleiros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores que non obtivesen un mínimo de tres concelleiros e aqueles outros que foran expulsados do seu Grupo Municipal.

3. Os Grupos Municipais constituiranse mediante escrito dirixido ao alcalde e subscrito por todos os seus integrantes; presentárase no Rexistro do Pleno dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación, no escrito constará a denominación do grupo, os nomes de todos os seus membros e a designación de Voceiro podéndose designar suplentes que podan substituírle. Da constitución dos Grupos, dos seus integrantes e Voceiros o alcalde dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

4. Os concelleiros integrantes do Grupo Mixto exercerán por rotación o cargo de Voceiro, segundo a orde que eles determinen.

5. Os concelleiros que adquiren tal condición con posterioridade á sesión constitutiva do Pleno incorporaranse ao Grupo da formación electoral pola que foron elixidos dentro dos cinco días seguintes a dita adquisición; o Voceiro do Grupo comunicará esta circunstancia ao Rexistro do Pleno, en caso contrario quedará como membro non adscrito.

6. A expulsión dun concelleiro do seu grupo ou da formación política a que concorreron ás eleccións acreditarase mediante certificación na que conste o acordo adoptado que será trasladado á Alcaldía, a través do Rexistro Xeral do Pleno, quen o poñerá en coñecemento da Corporación.

Artigo 22. Dereitos económicos e funcionais dos grupos municipais.

1. O Pleno, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e os que consten nos orzamentos do Concello, asignará aos Grupos Municipais unha dotación económica para gastos de funcionamento que contará cun compoñente fixo, idéntico para todos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles; a dotación non se destinará ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ou á adquisición de bens que constitúan activos fixos de carácter patrimonial.

Os Grupos Municipais levarán unha contabilidade específica da dotación económica asignada que poñerán a disposición del Pleno sempre que este o solicite.

2. Cando a maioría dos concelleiros dun Grupo Municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados da mesma serán os concelleiros que permanezan na formación os lexítimos integrantes de dito Grupo. O secretario xeral do Pleno dirixirase ao representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura aos efectos de que acredite as circunstancias sinaladas.

3. Cando o permitan as posibilidades funcionais da organización administrativa municipal, os Grupos disporán no Concello dunha sede ou local para reunirse e recibir visitas dos cidadáns; o concelleiro delegado da Área de Réxime Interior porá a súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais.

Os medios persoais dos Grupos determinaranse pola Xunta de Goberno Local en función do número de membros e da carga de traballo de cada uno dos Grupos, terán a cualificación de persoal eventual; o seu nomeamento realizarase pola Alcaldía a proposta do Voceiro do Grupo.

4. Corresponde aos Grupos designar, mediante escrito do seu Voceiro dirixido ao alcalde, os compoñentes que os representarán nos órganos colexiados integrados por membros da Corporación.

Artigo 23. Concelleiros non adscritos.

1. Os concelleiros que non se integren no grupo político municipal da lista electoral pola que foron elixidos ou que abandonen voluntariamente a candidatura na que concorreron no proceso electoral ou o grupo municipal no que se integraron ostentarán a condición de “non adscritos”. En calquera momento posterior poderán integrarse ou reintegrarse no Grupo de orixe.

2. Exercerán a súa representación política a título individual, sen que poidan durante o mandato integrarse nin constituír Grupo Mixto, nin en ningún outro Grupo distinto á formación electoral na que concorreron ás eleccións.

Aos “concelleiros non adscritos” correspóndelles o dereito político de formar parte das Comisións do Pleno, a tal efecto remitiran á Alcaldía escrito indicando as Comisións nas que queiran integrarse, neste suposto o voto nas Comisións Informativas será ponderado. As súas intervencións ante o Pleno atoparanse limitadas en tempo considerando poderadamente as que tiveren os representantes dos Grupos, non obstante presentarán mocións, emendas, rogos e preguntas nos termos do presente Regulamento.

Os dereitos económicos dos concelleiros non adscritos serán os que individualmente lles correspondan como membros da Corporación e non serán superiores aos que lles corresponderían de permanecer no Grupo de procedencia; non lles corresponderá os réximes de dedicación exclusiva ou parcial, nin a percepción de dotación económica como compoñente fixo prevista no artigo 22. Percibirán as asignacións que lles correspondan por asistencia ós órganos colexiados dos que formen parte e calquera outras que se deriven da súa condición de corporativo a título individual.

3. O disposto no apartados anteriores non será de aplicación no caso de candidaturas presentadas como coalición electoral cando algún dos partidos políticos que a integran decida abandonala.

TÍTULO IV. Do goberno en funcións e do traspaso de poderes.

Artigo 24. Actuacións do goberno municipal en funcións.

1. No tempo de permanencia en funcións o goberno saínte limitará a súa xestión á tramitación de asuntos de administración ordinaria; en ningún caso poderán adoptarse acordos que requiran o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

2. Salvo urxencia, ou por razóns motivadas, non se consideran administración ordinaria os seguintes acordos:

- a) Elevar proxectos de regulamento ao Pleno.
- b) Autorizar convenios ou acordos con outras Administracións Públicas.
- c) Adquirir compromisos de gasto que non teñan a consideración de gasto corrente.
- d) Aprobar convocatorias de probas de acceso ou de provisión de postos de traballo.
- e) Aprobar ou modificar o cadro de persoal.
- f) Adxudicar contratos que teñan vixencia plurianual e aqueles cuxa estimación económica supere a contía de 150.000 euros.
- g) Aprobacións de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral.
- h) Nomeamento dos titulares dos órganos directivos da Administración municipal.

Artigo 25. Actuación do Goberno en funcións e traspaso de poderes

1. No tempo de permanencia en funcións o goberno saínte garantirá ao novo goberno a información necesaria sobre a Administración Municipal.

2. Cada concellería en funcións elaborará un informe de xestión da mesma.
3. O contido de dito informe recollerá cando menos:
 - a) Estrutura, organigrama e funcións.
 - b) Programas en execución.
 - c) Convenios vixentes con detalle de execución.
 - d) Desagregación da execución orzamentaria do exercicio e das dispoñibilidades existentes.
 - e) Desagregación de préstamos financeiros outorgados e solicitados.
 - f) Desagregación dos compromisos económicos asumidos.
 - g) Desagregación da situación do persoal.
 - h) Listado e copia de todos os contratos vixentes no momento da transición.
 - i) Listado e copia de todas as obrigas pendentes de pago.
 - j) Listado das disposicións de carácter xeral cuxa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior o da toma de posesión do novo goberno.
4. Os informes serán agrupados nun documento final que quedará a disposición do novo alcalde.

TÍTULO IV. DA ORGANIZACIÓN DO PLENO.

Capítulo I. Da Presidencia.

Artigo 26. Presidencia, delegación e substitución.

1. O Pleno o convoca, o preside e dirixe o alcalde. O alcalde delegará a convocatoria e Presidencia do Pleno nun dos concelleiros cando o estime oportuno.
2. Corresponde ao alcalde decidir os empates con voto de calidade, ostentan esta prerrogativa os tenentes de alcalde en casos de substitución.
3. A substitución do alcalde na Presidencia do Pleno polos tenentes de alcalde producirase nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade; a substitución realizarase pola orde do seu nomeamento e producirase sen necesidade de acto declarativo expreso.
4. A Presidencia é o órgano de dirección do Pleno a estes efectos dirixe os debates e mantén a orde nos mesmos cumprindo e facendo cumprir o presente Regulamento interpretándoo en caso de dúbida e o suplíndoo no caso de omisión; intervirá, en calquera momento para facer as aclaracións que estime oportunas sobre o fondo dos asuntos.

Capítulo II. Da Xunta de Voceiros.

Artigo 27. Natureza xurídica

A Xunta de Voceiros é un órgano colexiado complementario da organización municipal

de carácter deliberante e consultivo, intégrase polo alcalde, ou concelleiro no que delegue, que a presidirá, e os Voceiros dos Grupos Municipais que, en caso de ausencia, poderán ser substituídos por calquera outro membro do seu grupo.

Artigo 28. Atribucións.

A Xunta de Voceiros ostenta as seguintes atribucións:

1. Coñecer o proxecto definitivo da Orde do Día das sesións ordinarias e extraordinarias.
2. Coñecemento previo dos asuntos de especial transcendencia para a Corporación.
3. Estudo e informe dos asuntos que o alcalde someta a súa consideración.
4. Participar na actividade institucional; será consultada nos seguintes asuntos:
 - Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente cando as circunstancias o permitan.
 - Modificación dos símbolos representativos municipais.
 - Delimitación o alteración del término municipal.
 - Determinación do tempo de intervención dos grupos en asuntos de transcendencia.
 - Aprobación ou modificación do Regulamento de Honras e Distincións.
 - Concesión de distincións que correspondan ao Pleno.
 - Nomeamento de representantes municipais.
 - Modificación dos modelos de declaración que integran o Rexistro de Intereses.
5. Actuará como Comisión Informativa Permanente nos seguintes casos:
 - a) Cando asuma transitoriamente as funcións das Comisións Informativas Permanentes se non fora posible a creación destas na primeira sesión que se celebre despois da constitución da Corporación.
 - b) Nas sesións extraordinarias convocadas a iniciativa dos membros do Pleno substituirá o ditame das Comisións Informativas Permanentes cun informe previo da Xunta de Voceiros.
6. Corresponderalle o control e seguimento do cumprimento dos acordos plenarios en relación con mocións e compromisos de actuación adquiridos en interpelacións.

Artigo 29. Réxime xurídico e de funcionamento.

1. A Xunta de Voceiros reunirse coa mesma periodicidade que o Pleno, con carácter ordinario no terceiro día hábil anterior o de realización das sesións ordinarias ou extraordinarias non urxentes; celebrará sesións extraordinarias cando así o decida o alcalde, a iniciativa propia, ou a petición razoada da metade dos seus membros sempre que estes representen a metade do número legal de membros da Corporación.
2. As reunións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Voceiros serán convocadas corenta e oito horas antes da súa realización polo alcalde mediante citación efectuada pola Secretaría Xeral por calquera medio que permita ter constancia; coa convocatoria axuntarase a Orde do Día.

3. Entenderáase constituída a Xunta de Voceiros cando concorran ademais do alcalde, ou concelleiro no que delegue, o secretario xeral do Pleno a metade dos seus membros sempre que estes representen a metade do número legal de membros da Corporación. Este quórum haberá de manterse durante toda a reunión. Con carácter excepcional, asistirán ás súas reunións os membros e o persoal da Corporación que o alcalde considere conveniente, aos efectos de informar sobre asuntos concretos.

4. As consideracións da Xunta de Voceiros non terán carácter vinculante nin darán lugar a ningún acto administrativo con forza de obrigar a terceiros. As decisións da Xunta de Voceiros serán adoptadas por maioría absoluta de votos, utilizando cada Voceiro o voto ponderado correspondente ao número de membros de que dispoña cada Grupo.

5. Dado o seu carácter deliberante e consultivo das reunións non se levantará Acta, non obstante, se algún acordo o precisara poderá formalizarse por escrito.

Capítulo III. Das Comisións do Pleno.

Artigo 30. Natureza xurídica.

As Comisións Informativas do Pleno son órganos colexiados da organización municipal integrados por concelleiros membros do Pleno, a súa composición acomodarse á proporcionalidade existente entre os distintos Grupos Municipais; teñen carácter deliberante e non resolutorio agás no caso de que exerzan competencias delegadas polo Pleno.

Os ditames das Comisións Informativas teñen carácter preceptivo e non vinculante.

Artigo 31. Clases de Comisións. Creación, composición e extinción.

1. As Comisións Informativas son Permanentes, Obrigatorias e Especiais.

2. No acordo de creación das Comisións determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

a) O Presidente do Pleno é o Presidente nato de todas elas; a presidencia efectiva podará delegala en calquera membro do Pleno, a proposta da propia Comisión, logo da correspondente elección feita na mesma.

b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos Grupos Municipais representados no Pleno.

c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros do Pleno que formen parte da mesma en representación de cada Grupo realizarase mediante escrito do Voceiro dirixido ao Presidente. Os Grupos substituirán a un ou varios dos seus membros adscritos a unha Comisión, por outro u outros concelleiros do mesmo Grupo, previa comunicación verbal o Presidente efectivo da Comisión na mesma sesión.

3. Son Comisións Informativas Permanentes as que se constitúen con carácter xeral,

distribuindo entre elas as materias que deben someterse ao Pleno. O seu número e denominación, así como calquera variación das mesmas durante o mandato decidirase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta do alcalde, procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das áreas nas que están estruturados o servizos corporativos.

4. Son Comisións de Informativas Obrigatorias a Comisión Especial de Contas, a Comisión de Suxestións e Reclamacións e aquelas outras que establezan as leis.

5. Son Comisións Informativas Especiais as que o Pleno acorde constituír, en calquera momento, para un asunto concreto en consideración ás características especiais de calquera tipo; extínguense unha vez ditaminado ou informado o asunto que constitúe o seu obxecto agás que no acordo plenario que as creou dispuxérase outra cousa; se extinguen coa finalización do mandato corporativo.

Artigo 32. Funcionamento das Comisións.

1. Serán de aplicación ás Comisións Informativas as previsións contidas para o Pleno no artigo 46.2, parágrafos b), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, en relación coas clases de sesións, a convocatoria e o *quorum* de asistencia. O seu funcionamento axustarase o previsto no Capítulo II do Título IV do RD 2568/1986.

2. A Presidencia efectiva da Comisión ou a maioría das mesmas requirirá a asistencia ás sesións de calquera concelleiro para que informe sobre un tema concreto que sexa competencia da Comisión, igualmente requirirá a presenza de calquera funcionario municipal para información e asesoramento específico do asunto ou expediente a tratar.

3. O secretario xeral do Pleno prestará nas Comisións o asesoramento xurídico necesario para cumprimento das atribucións que lles corresponde, emitirá informes, redactará ditames e recollerá nas Actas os ditames e acordos adoptados.

4. As Actas contenderán unha relación moi sucinta das materias debatidas, persoas intervinientes, incidencias producidas e acordos adoptados.

5. As súas sesións non serán públicas agás no suposto das Permanentes cando actúen en competencias delegadas polo Pleno, neste suposto realizarán as súas sesións no Salón de Sesións e os debates axustaranse ao disposto no artigo 53 deste Regulamento.

Artigo 33. Comisións Permanentes. Atribucións.

Corresponderán ás Comisións Permanentes as seguintes funcións:

a) O ditame, estudio, informe ou consulta dos asuntos de tramitación ordinaria que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno.

Os ditames das Comisións limitaranse a mostrar a súa conformidade ou desconformidade coa proposta de acordo que conste no expediente, ou ben a formular unha alternativa. Os membros da Comisión que disintan do ditame, se o estiman conveniente, formularán, tras a votación, Voto Particular para a súa defensa ante o

Pleno.

b) O seguimento da xestión do alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, corresponde ó Pleno.

c) Aquelas que o Pleno lles delegue.

O Pleno pode delegar nas Comisións as seguintes competencias:

- A aprobación e modificación das Ordenanzas e Regulamentos locais (agás os de natureza orgánica).

- A determinación das formas de xestión dos servizos, así como o acordo de creación de organismos autónomos, de entidades públicas empresariais e de sociedades mercantís para a xestión dos servizos de competencia municipal, e a aprobación dos expedientes de municipalización.

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa xurídica do Pleno nas materias da súa competencia.

- A formulación de conflitos de competencia a outras entidades locais e outras Administracións Públicas.

Artigo 34. Comisións Obrigatorias.

Son Comisións de natureza obrigatoria as seguintes:

1. A Comisión de Contas.

A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as Comisións Informativas.

Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias ou extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación.

A Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos a orzamentos e facenda do Concello actuará como Comisión Especial de Contas.

2. A Comisión de Suxestións e Reclamacións.

De conformidade co sinalado no artigo 132 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a defensa dos dereitos dos veciños ante a Administración Municipal existirá unha Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, cuxo funcionamento se regulará en norma de carácter orgánico.

Participarán na mesma representantes de todos os Grupos que integran o Pleno de forma proporcional ao número de membros que teñan no mesmo.

A Comisión Especial de Suxestións e Reclamación supervisará a actividade da

Administración Municipal, formulará recomendacións aos órganos municipais dirixidas a mellorar o funcionamento dos servizos e dará conta ao Pleno, mediante un informe anual, das queixas presentadas e das deficiencias que se observen no funcionamento dos servizos municipais con especificación das suxestións ou recomendacións non admitidas. Realizará informes extraordinarios cando a gravidade ou a urxencia dos feitos o aconsellen.

Para o desenvolvemento da súas funcións, tódolos órganos de Goberno e unidades administrativas da Administración Municipal están obrigados a colaborar coa Comisión.

Artigo 35. Comisións Especiais. Comisións Especiais de Investigación.

1. As Comisións Especiais teñen o ámbito de actuación que se estableza no seu acordo de creación que será adoptado polo Pleno. A súa composición rexeráse polo disposto con carácter xeral sen prexuízo de sinalar no acordo de creación unha composición baseada no sistema de representación ponderada.

2. As Comisións Especiais de Investigación créanse polo Pleno por proposta da Alcaldía ou dun Grupo Municipal, o funcionamento da Comisión así como o seu “plan de traballo” acordarase na sesión constitutiva. As súas sesións non serán públicas. En todo caso a Comisión elixirá de entre os seus membros un vogal que desempeñe a Presidencia efectiva da Comisión propoñendo tal Presidencia o alcalde, presidente nato. As súas conclusións reflectiranse nun ditame que será debatido e votado no Pleno, a Presidencia, escoitada a Xunta de Voceiros, ordenará o debate, concederá a palabra e fixará os tempos de intervención.

3. As Comisións Especiais de Investigación, para o seu funcionamento, solicitarán dos servizos municipais a documentación que considere necesaria, así mesmo requirirán a presenza de calquera persoa para ser oída, non obstante esta presenza non é obrigada. A notificación do requirimento para comparecer e dos extremos sobre os que se deba informar realizarase con dez días de antelación, salvo cando, por concorrer circunstancias de urxente necesidade, se faga nun prazo menor, que en ningún caso inferior a tres días.

Capítulo IV. Do Pleno.

Artigo 36. Natureza Xurídica.

O Pleno do Concello, integrado polo alcalde e os concelleiros, é o órgano de máxima representación política dos cidadáns de Vigo no goberno municipal.

Artigo 37. Atribucións.

1. De conformidade co sinalado no artigo 123.1 da Lei 7/1985, corresponden ao Pleno as seguintes atribucións:

a) O control e a fiscalización dos órganos de goberno.

b) A votación da moción de censura ao Alcalde e da cuestión de confianza formulada por este, que será pública e se realizará mediante chamamento nominal en todo caso e rexeráse en todos os seus aspectos polo disposto na lexislación electoral xeral.

c) A aprobación e modificación dos Regulamentos orgánicos, teñen natureza orgánica:

A regulación do Pleno.

A regulación do Consello Social da Cidade.

A regulación da Comisión Suxestións e Reclamacións.

A regulación dos órganos complementarios e dos procedementos de participación cidadá.

A división do municipio en Distritos, e a determinación e regulación dos órganos dos Distritos e das competencias dos seus órganos representativos e participativos, sen prexuízo das atribucións do alcalde para determinar a organización e as competencias da súa administración executiva.

A determinación dos niveles esenciais da Organización municipal, entendendo por tales as grandes Áreas de Goberno, os Coordinadores Xerais, dependentes directamente dos membros da Xunta de Goberno Local, con funcións de coordinación das distintas Direccións Xerais ou órganos similares integradas na mesma Área de goberno, e da xestión dos servizos comúns destas ou outras funcións análogas; e as Direccións Xerais ou órganos similares que culminen a organización administrativa, sen prexuízo das atribucións do alcalde para determinar o número de cada un de tales órganos e establecer niveis complementarios inferiores.

A regulación do órgano para resolver as reclamacións económico-administrativas.

d) A aprobación e modificación das Ordenanzas e Regulamentos municipais.

e) Os acordos relativos á delimitación e alteración do termo municipal; a creación ou supresión das Entidades a que se refire o artigo 45 da Lei 7/1985, de 2 de abril; a alteración da capitalidade do municipio e o cambio de denominación deste ou daquelas Entidades, e a adopción ou modificación da súa bandeira, ensina ou escudo.

f) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais.

g) A determinación dos recursos propios de carácter tributario.

h) A aprobación dos orzamentos, do cadro de persoal, así como a autorización de gastos nas materias da súa competencia. Aprobará a Conta Xeral do exercicio correspondente.

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

j) A transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente.

k) A determinación das formas de xestión dos servizos, así como o acordo de creación de organismos autónomos, de entidades públicas empresariais e de sociedades mercantís para a xestión dos servizos de competencia municipal, e a aprobación dos expedientes de municipalización.

l) A revisión de oficio dos seus propios actos e disposicións de carácter xeral.

m) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa xurídica do Pleno nas materias da súa competencia.

n) Estabelecer o réxime retributivo dos membros do Pleno, do seu Secretario Xeral, do Alcalde, dos membros da Xunta de Goberno Local e dos órganos directivos municipais.

ñ) A proposta de conflitos de competencia a outras Entidades Locais e outras Administracións Públicas.

o) As demais que expresamente lle confiran as leis.

2. Poden delegarse nas Comisións Informativas Permanentes as atribucións referidas nos apartados d), k), m) e ñ) do apartado anterior.

Artigo 38. Acordos de maioría absoluta.

Requirirase o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno para a adopción dos acordos referidos nas letras c), e), f) e j) do artigo anterior e para os acordos que corresponda adoptar ao Pleno na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística.

Os demais acordos se adoptarán por maioría simple de votos.

Capítulo V. Dos servizos do Pleno.

Artigo 39. Medios.

1. O Pleno disporá dos medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas funcións. No Pleno existe unha Secretaría Xeral, que o será tamén das súas Comisións, a quen lle corresponde, baixo a dirección da Presidencia, a asistencia, apoio e asesoramento xurídico de ditos órganos, así como a administración dos medios necesarios para que o Pleno desenvolva con eficacia as súas funcións.

2. A estrutura e as unidades dependentes da Secretaría Xeral serán establecidas por acordo do Pleno a proposta de seu titular e co o praxe da Presidencia; a determinación das funcións dos postos de traballo adscritos á Secretaría Xeral realizarase polo secretario.

Artigo 40. Do secretario xeral do Pleno.

1. O secretario xeral do Pleno, baixo a dirección da Presidencia, é o xefe superior do persoal e dos servizos do Pleno, ten carácter de órgano directivo e lle corresponde o asesoramento xurídico, técnico e administrativo do Pleno e de todos os seus órganos, o seu nomeamento corresponde ao alcalde nos términos previstos na lexislación

aplicable.

Corresponde ao secretario xeral do Pleno as seguintes funcións:

a) A redacción e custodia das Actas, así como a supervisión e autorización das mesmas, co visto e praxe do Presidente do Pleno.

b) Fe pública. A expedición, co visto e praxe do Presidente, das certificacións dos actos e acordos que se adopten tanto en Pleno como en Comisións.

c) A asistencia ó Presidente do Pleno para asegurar a convocatoria das sesións, a orde nos debates e a correcta celebración das votacións, así como a colaboración no normal desenvolvemento dos traballos do Pleno e das Comisións.

d) A comunicación, publicación e execución dos acordos plenarios e dos adoptados en delegación polas Comisións, incluída a remisión a Administración do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia da copia, ou, no seu caso extracto, dos actos e acordos do Pleno.

e) Cualificar, con arranxo ao presente Regulamento, os escritos e documentos de índole plenaria, propoñendo á Presidencia a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

f) Impulsar a tramitación de todos os escritos e documentos de índole plenaria conforme o establecido neste Regulamento.

g) O asesoramento legal ao Pleno e as Comisións preceptivo nos seguintes supostos:

1º. Cando así o ordene a Presidencia ou cando o solicite un terzo dos seus membros con antelación suficiente á celebración da sesión no que o asunto debérase de tratar.

2º. Cando se trate de asuntos para os que se esixa unha maioría absoluta.

3º. Cando unha norma xurídica así o esixa nas materias de competencia plenaria.

4º. Cando, no exercicio da función de control e fiscalización dos órganos de goberno, o solicite o Presidente ou a cuarta parte dos concelleiros.

5º. No exercicio da iniciativa popular prevista na lexislación de réxime local.

6º. No suposto de aprobación inicial de Proxectos Regulamentarios de calquera natureza agás as Ordenanzas Fiscais, así como no caso da aprobación definitiva de tales normas.

h) A levanza e custodia do Rexistro de Intereses.

i) As funcións que a lexislación electoral xeral asigna aos secretarios dos Concellos.

j) Aquelas que lle encomende a Presidencia do Pleno ou o alcalde.

2. Cando se trate dos supostos previstos nos subapartados 2º, 3º e 4º do epígrafe g) do apartado 1 a recepción do asunto de que se trate no Rexistro do Pleno supoñerá a

obriga de emitir informe, sen ningún outro trámite e sempre que o expediente se atope completo, en caso contrario, o secretario devolverá o mesmo á dependencia de procedencia para que se complete.

As solicitudes de informe á Secretaría Xeral formuladas polo Presidente ou unha carta parte dos concelleiros presentaranse no Rexistro do Pleno.

O prazo para a emisión dos informes que corresponda será de dez días hábiles a contar desde o momento no que obre en dita Secretaría a documentación e os antecedentes necesarios para a súa emisión.

3. A determinación do réxime retributivo da Secretaría Xeral é atribución do Pleno.

4. En casos de ausencia, vacante ou enfermidade ou cando concorra calquera outra causa que imposibilite ao titular de Secretaría o exercicio das súas funcións, as mesmas serán desempeñadas polo secretario da Administración Municipal.

Artigo 41. Do Rexistro do Pleno.

1. Da Secretaría Xeral do Pleno dependerá un Rexistro propio e diferenciado dedicado ó asento das iniciativas e á entrada e saída dos documentos relacionados co Pleno e as súas Comisións. En todo o non previsto no presente Regulamento, o réxime de presentación dos documentos será o establecido na lexislación sobre procedemento administrativo común.

2. O Rexistro do Pleno elaborará un estado de actividade no que se reflectirán por orde cronolóxica as Mocións pendentes de incluír na Orde do Día. O estado de actividade se manterá actualizado e estará a disposición dos concelleiros que o soliciten.

TÍTULO V. DO FUNCIONAMENTO DO PLENO.

Capítulo I. Da Orde do Día.

Artigo 42. Elaboración e tramitación da Orde do Día.

1. Na Orde do Día só se incluírán os expedientes de tramitación ordinaria que foran previamente ditaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda.

2. O proxecto inicial da Orde do Día das sesións será confeccionado polo secretario xeral do Pleno que trasladará á Presidencia unha relación de expedientes e asuntos concluídos de tramitación ordinaria e ditaminados pola Comisión Informativa competente; examinado o proxecto inicial a Presidencia determinará o proxecto definitivo que poñerá en coñecemento da Xunta de Voceiros en reunión convocada ao efecto; os Voceiros completarán a Orde do Día sinalando as Mocións de control que o seu Grupo pretendan presentar para o seu debate e votación na sesión; na Orde do Día figurarán en primeiro lugar as do Grupo de menor número de concelleiros e así sucesivamente.

3. O Presidente, por razóns de urxencia, incluírá na Orde do Día, a iniciativa propia ou a proposta dos membros do goberno, asuntos de tramitación ordinaria que non foran previamente informados pola respectiva Comisión Informativa que recibirán o nome de "Proposicións", neste suposto non se adoptará acordo algún sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na Orde do Día.

4. Na Orde do Día das sesións ordinarias incluírase sempre un punto no que se de conta ao Pleno das Resolucións ditadas polo alcalde e os concelleiros delegados e outros de formulación de Rogos e Preguntas.

5. Toda a documentación dos asuntos incluídos na Orde do Día que serve de base ao debate e, no seu caso, votación, estará na Secretaría Xeral a disposición dos membros do Pleno dende o mesmo día da convocatoria. Calquera membro do Pleno poderá examinala e incluso obter copias de documentos concretos que a integren; os orixinais non sairán do lugar en que se encontren postos de manifesto.

Artigo 43. Estrutura da Orde do Día.

O desenvolvemento das sesións ordinarias axustarase a seguinte estrutura.

- Aprobación da Acta da sesión anterior.
- Intervencións no Pleno de Asociacións.
- Declaracións Institucionais.

Fase Resolutiva

- Dación de conta de Resolucións ditadas pola Alcaldía e concelleiros delegados.
- Dación de conta dos expedientes de tramitación ordinaria.
- Expedientes de tramitación ordinaria ditaminados polas Comisións Informativas.
- Expedientes de tramitación ordinaria non ditaminados polas Comisións Informativas.
- Expedientes de tramitación ordinaria non incluídos na Orde do Día.

Fase de Control

- Mocións de control dirixidas a outras Administracións Públicas.
- Mocións de control dirixidas ao Goberno Municipal.
- Mocións de control urxentes.
- Comparecencia de concelleiros delegados.
- Comparecencia da Xunta de Goberno Local.
- Rogos.
- Preguntas.

Capítulo II. Das sesións.

Artigo 44. Clases de sesións.

As sesións do Pleno serán:

- a) Ordinarias
- b) Extraordinarias
- c) Extraordinarias de carácter urxente.

a) Son ordinarias as sesións que teñen unha periodicidade preestablecida que será mensual. Dita periodicidade será fixada mediante acordo do Pleno adoptado na súa sesión organizativa.

b) Son sesións extraordinarias as que convoque o Presidente con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude da cuarta parte do número legal de membros do Pleno; ningún concelleiro solicitará mais de tres no mesmo ano. A solicitude farase mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno no que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todos os que a subscriben; no escrito, no seu caso, constará as propostas de acordo a adoptar. A relación de asuntos incluídos no escrito e as súas propostas de acordo non enerva a facultade do Presidente para determinar os puntos da Orde do Día; a exclusión de dalgúns dos asuntos propostos deberá ser motivada, considerándose motivada cando a proposta de acordo se refira a un asunto para ao cal o Pleno carece de competencia, sen prexuízo de entender que poden referirse a un asunto no que se propón o posicionamento da Corporación.

O prazo anual mencionado no parágrafo anterior computarase desde o día seguinte o de constitución da Corporación.

A convocatoria de sesión extraordinaria a solicitude de membros da Corporación realizarase dentro dos catro días seguintes á petición e a súa celebración non se demorará mais de quince días hábiles dende que o escrito tivera entrada no Rexistro do Pleno, non podendo incorporarse os asuntos propostos ao Orde do Día dun Pleno ordinario ou doutro extraordinario senón o autorizan os solicitantes da convocatoria. Se o Presidente non convocara o Pleno dentro do prazo sinalado quedará convocado para as doce horas do décimo día hábil seguinte o de finalización do prazo citado.

c) Son sesións extraordinarias urxentes as convocadas polo Presidente cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permita convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días, neste caso incluírase como primeiro punto da Orde do Día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia (ratificación da urxencia), se esta non resulta apreciada levantarase a sesión.

Artigo 45. Convocatoria e expediente da sesión.

1. Corresponde á Presidencia convocar as sesións do Pleno, a convocatoria das sesións extraordinarias será motivada.

Á convocatoria das sesións acompañarase a Orde do Día comprensiva dos asuntos a tratar e os borradores de Actas de sesións anteriores sometidas a aprobación.

A convocatoria, Orde do Día e borradores de Actas serán notificados aos concelleiros no local sede do seu grupo municipal, a tal fin se fará uso de calquera medio electrónico, informático ou telemático sempre que se garanta de modo fehaciente a súa recepción.

Entre a convocatoria e a celebración da sesión non transcorrerán dous días hábiles, agás no caso das sesións extraordinarias urxentes.

2. A convocatoria para unha sesión, ordinaria o extraordinaria dará lugar á apertura do correspondente expediente, no que constará:

a) Relación na que conste os expedientes de tramitación ordinaria conclusos que a Secretaría Xeral do Pleno prepare e poña a disposición da Presidencia.

- b) Proposta da Orde do Día realizada pola Presidencia
- c) Acta da Xunta de Voceiros na que constará o coñecemento por parte deste órgano da Orde do Día proposto pola Presidencia.
- d) Fixación definitiva da Orde do Día pola Presidencia.
- e) Copias das notificacións da convocatoria cursadas aos grupos municipais.
- f) Copia do anuncio que se fixe no Taboleiro de Editos e páxina web municipal.
- g) Minuta da Acta.
- h) Copia dos oficios de remisión dos acordos adoptados ás Administracións do Estado e á Xunta de Galicia.
- i) Publicación dos acordos no BOP.

Artigo 46. Lugar de celebración das sesións do Pleno.

1. O Pleno celebrará as súas sesións no Salón de Sesións da Casa Consistorial agás nos supostos de forza maior nos que, a través da convocatoria do Presidente ditada e notificada ós membros do Pleno, habilitarase outro edificio ou local. En todo caso, farase constar na Acta esta circunstancia.
2. Os membros do Pleno tomarán asento no Salón de Sesións unidos ao seu Grupo. A orde de colocación dos grupos determinarase polo Presidente, escoitados os Voceiros, os concelleiros ocuparán sempre o mesmo escano. A colocación dos membros corporativos tenderá a facilitar a emisión e recuento dos votos.

Artigo 47. Principio de unidade de acto e desenvolvemento das sesións.

1. Toda sesión respectará o principio de unidade de acto e procurarase que remate no mesmo día do seu comezo, se este rematara sen que se debatesen e resolvesen todos os asuntos incluídos na Orde do Día a Presidencia levantará a sesión, os asuntos non debatidos incluíranse na Orde do Día da seguinte.
2. Durante o transcurso da sesión a Presidencia acordará interrupcións, o seu prudente arbitrio, para permitir deliberacións dos Grupos sobre a cuestión debatida ou para descanso.
3. Se se producira unha alteración da orden pública que impida o normal desenvolvemento da sesión, a Presidencia, se o considera oportuno, ordenará a suspensión por un prazo máximo de 30 minutos, se transcorrido non se puidera continuar con normalidade, a Presidencia, trala consulta cos Voceiros, optará por renovala a porta pechada ou por levantala.

Artigo 48. Quórum de constitución.

Para a válida constitución do Pleno requírese a asistencia dun terzo do número legal de membros, este quórum manterase durante toda a sesión. En todo caso requírese a

asistencia da Presidencia e do secretario xeral do Pleno ou de quen os substitúan.

Se en primeira convocatoria non existira o quórum necesario entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois, se tampouco entón se acadase o quórum necesario, a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria pospoñendo estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día para a primeira sesión que se celebre, sexa ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 49. Publicidade das sesións.

1. As sesións do Pleno do Concello de Vigo son solemnes e públicas sen prexuízo do límite material do aforo existente no Salón de Sesións; facilitarase o acceso ós medios de comunicación debidamente acreditados. Será secreto o debate e a votación daqueles asuntos que afecten aos dereitos fundamentais dos cidadáns referidos no artigo 18.1 da Constitución e aqueles outros que así o acorde o Pleno.

O público asistente ás sesións non intervirá nelas, nin realizará manifestacións de agrado ou desagrado, nin exhibirá carteis, pancartas ou similares.

2. Corresponde á Presidencia a materialización do dereito fundamental dos cidadáns de Vigo participar nos asuntos públicos a través dos seus representantes. É deber da Presidencia preservar a correcta orde das sesións ostentando para iso inherentes poderes de dirección no Salón de Sesións ao obxecto de posibilitar que o Pleno cumpra a súa función participativa e democrática. A Presidencia chamará a orde, procedendo inclusive á expulsión, ás persoas que, por calquera causa, impidan o normal desenvolvemento da sesión.

3. Sen prexuízo da súa amoestación e, no seu caso, expulsión, ás persoas que no transcurso dun Pleno foran reiteradamente chamadas a orde pola Presidencia por inxerencia, intromisión ilexítima, alteración, ou interrupción da sesión, é así conste na Acta ou no borrador da Acta da sesión, poderáselles limitar, mediante Resolución motivada da Alcaldía, a súa asistencia ás sesións por un prazo de dous a catro meses en función da relevancia e intensidade da perturbación ocasionada.

4. A policía municipal realizará Parte de Servizo dos feitos que perturben o desenvolvemento da Orde do Día ou a adopción de acordos e daqueles outros que supoñan alteración do orden público da sesión ou falta de respecto e consideración os membros da Corporación; no caso de que os servizos xurídicos consideren que os mesmos son constitutivos de infracción penal formularase denuncia.

5. A Presidencia adoptará as medidas axeitadas para facilitar aos medios de comunicación o acceso ao Salón de Sesións, ningún medio, sen atoparse expresamente autorizado pola Presidencia, realizará gravacións gráficas ou sonoras das sesións.

Capítulo III. Funcionamento das sesións.

Artigo 50. Apertura da sesión. Aprobación da Acta anterior.

1. Comprobada a existencia de quórum polo secretario a Presidencia declarará sesión pública e ordenará a apertura das portas do Salón de Sesións.

2. As sesións comezarán preguntando o Presidente se algún membro do Pleno ten que formular algunha observación á Acta da sesión anterior, se non houbera observacións considerárase aprobada, se as houbera debateranse e decidíranse as rectificacións que procedan. En ningún caso modificáranse o fondo dos acordos adoptados e só caberá emendar os meros erros materiais ou de feito.

Ao apuntar, en cada acta, a lectura e aprobación da anterior consígnaranse as observacións e rectificacións practicadas.

Artigo 51. Orde dos asuntos.

Os asuntos debateranse e votaranse pola orde en que estiveran relacionados na Orde do Día, non obstante a Presidencia pode alterar a orde dos temas, ou retirar un asunto cando a súa aprobación esixira unha maioría absoluta e esta, dado o número de membros presentes na sesión, non puidera obterse.

Cando varios asuntos de tramitación ordinaria garden relación entre si debateranse conxuntamente si así o decide a Presidencia escoitados os Voceiros, a votación de cadanseu realizarase por separado.

No suposto de debate conxunto a Presidencia incrementará o tempo de intervencións previsto no artigo 53 escoitados os Voceiros.

Artigo 52. Dación de conta de Resolucións.

1. O Alcalde dará conta sucinta ao Pleno en cada sesión ordinaria das Resolucións que houbera adoptado desde a última sesión plenaria ordinaria, aos efectos de que os concelleiros coñezan o desenvolvemento da Administración municipal.

2. De todas as delegacións e das súas modificacións darase conta ao Pleno na primeira sesión que este realice con posterioridade ás mesmas.

3. O debate que se suscite na dación de conta seguira as regras do previsto no artigo 53 deste Regulamento.

Artigo 53. Retirada de asuntos e asuntos sobre a Mesa.

Calquera concelleiro, se o considera oportuno, solicitará, antes e durante o seu debate, a retirada de algún expediente de tramitación ordinaria incluído na Orde do Día, a efecto de que se incorporen ao mesmo documentos ou informes, e tamén que o expediente quede sobre a Mesa, aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión. En ambos casos, a solicitude será votada tras concluír o debate e antes de proceder á votación sobre fondo do asunto. Se a maioría simple votase a favor da petición non haberá lugar a votar a proposta de acordo.

No suposto de que a retirada da Orde do Día, ou a petición de que o expediente de tramitación ordinaria quede sobre a Mesa, a formule o membro do goberno con responsabilidade na materia a Presidencia, se o estima conveniente, acordaraa. Retíranse da Orde do Día aqueles expedientes de tramitación ordinaria que decida a Presidencia.

Artigo 54. Nomenclatura.

1. Intervencións no Pleno dos cidadáns. Cando as asociacións ou entidades constituídas para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños desexen efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da Orde do Día no que interviñeron na súa tramitación administrativa como interesados, ou para expoñer calquera problemática de interese xeral para a Cidade deberán solicitarllo ao alcalde, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Pleno; o escrito presentarse con antelación á convocatoria da sesión; a súa intervención, de ser autorizada, realizarase polo tempo que determine o alcalde e a través dun único representante, a intervención figurará na Orde do Día como primeiro punto da sesión.

2. Declaracións Institucionais. O Pleno, a proposta do alcalde, da Xunta de Voceiros o do Voceiro dun Grupo municipal no que se integren un terzo do número legal de membros da Corporación, aprobará declaracións institucionais que expresarán a posición política do Concello de Vigo sobre cuestións de interese xeral que afecten ao Concello de Vigo e os seus cidadáns aínda que non se refiran a asuntos estritamente municipais. Se a Presidencia o considera oportuno serán obxecto de debate nos tempos determinados por ela. Estarán en condicións de ser incluídas na Orden do Día do Pleno as declaracións presentadas na Secretaría Xeral do Pleno con ao menos catro días hábiles de antelación respecto da sesión correspondinte, sen prexuízo de que por razóns de motivada urxencia se inclúan outras.

As declaracións institucionais publicaranse na páxina web do Concello de Vigo e remitiranse aos órganos, autoridades e Administracións Públicas do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia que puideran ter interese no texto da Declaración.

3. Propostas de acordo. Nos expedientes de tramitación ordinaria existirá unha proposta de acordo formulada pola xefatura da dependencia que tivera tramitado o expediente que estará conformada polo concelleiro delegado da Área competente en razón da materia; a proposta constará dunha parte expositiva na que se expoñerán os antecedentes e razoamentos xurídicos nos que se fundamente e outra dispositiva na que se recollerán os efectos xurídicos do acordo a adoptar.

4. Ditames. É a conformidade ou a desconformidade manifestada en votación no seo das Comisións Informativas ás propostas de acordo que consten nos expedientes de tramitación ordinaria; non obstante a Comisión, se o considera conveniente, realizará unha proposta alternativa sendo neste caso esta a que se someta a votación de conformidade ou desconformidade, en definitiva, a ditame.

5. Voto Particular. Quen na Comisión Informativa disintan do Ditame emitido pola Comisión, poderán formular un Voto Particular para a súa defensa ante o Pleno. O Voto Particular supón unha alternativa ao Ditame aprobado e referirase á totalidade ou a parte do Ditame, ou nunha adición ou supresión do mesmo. O Voto Particular recollerá, literalmente, a parte do texto cuxa variación o supresión se propón e a nova redacción final.

Os concelleiros que pretendan defender os seus votos particulares terán que anunciarlos na sesión da correspondinte Comisión e haberá de recollese así na Acta sen prexuízo de que, no seu caso, o escrito no que se expoña o Voto Particular sexa trasladado aos Voceiros dos Grupos.

O concelleiro que houbera formulado un Voto Particular non presentará ante o Pleno emenda co mesmo ou similar texto.

6. *Emendas.* É a proposta de alteración dun Ditame, Proposición ou Moción presentada por calquera membro da Corporación mediante escrito dirixido á Presidencia e presentado no Rexistro do Pleno ben no mesmo día da convocatoria da sesión, ben no seguinte hábil; as emendas aos ditames das Comisións poderán ser presentadas desde o día seguinte á celebración da Comisión.

As emendas serán de supresión, de modificación e de adición en función de que propoñan a eliminación dalgún ou algúns dos puntos do texto da proposta de acordo; a transformación dalgún ou algúns dos puntos; ou o de respecto o texto da proposta ampliando os puntos da mesma; no caso de Mocións tamén poderán referirse a parte expositiva. Unha vez rexistradas darase traslado inmediato das mesmas aos Voceiros dos grupos municipais. As emendas presentadas fora do prazo non se admitirán no Rexistro.

As emendas ós proxectos regulamentarios e o proxecto de orzamentos réxense polos os seus respectivos preceptos.

7. *Proposicións.* Na Orde do Día das sesións, por razóns de motivada urxencia, poderán incluírse asuntos de tramitación ordinaria non ditaminados pola Comisión Informativa correspondente que recibirán o nome de “Proposicións”, neste caso a Presidencia, antes de iniciar o debate, someterá á consideración do Pleno a ratificación do asunto na Orde do Día que se apreciará por maioría simple.

8. *Asuntos urxentes.* Nas sesións ordinarias, concluída a parte resolutiva a Presidencia, a proposta dun membro do goberno, poderá incluír na Orde do Día, por razóns de urxencia, algún asunto ao expediente de tramitación ordinaria, neste suposto o membro do goberno expoñerá as razóns da urxencia e o Pleno, mediante votación e por maioría simple, pronunciarase sobre a mesma, de resultar considerada a urxencia debaterase e votarase o asunto. No suposto de que se trate de asuntos que requiran informe preceptivo da Secretaría ou da Intervención, se non puideran emitilo no acto, solicitarán da Presidencia o aprazamento do asunto para a próxima sesión.

9. *Mocións de control.* A moción de control é a formulación dunha proposta de actuación destinada a instar, impulsar, orientar, fiscalizar ou reprobado a acción política ou administrativa dos órganos de goberno do Concello de Vigo ou actuacións ou propostas de actuación doutras Administracións Públicas que teñan incidencia nas aspiracións e satisfacción dos intereses da comunidade veciñal do Concello de Vigo.

As Mocións presentaranse ben na reunión da Xunta de Voceiros que coñeza da Orde do Día da sesión na que pretendan incluírse, ben no Rexistro do Pleno en calquera momento anterior ao de reunión da Xunta de Voceiros; das mesmas darase traslado os voceiros dos grupos municipais ao obxecto de presentación de emendas.

10. *Mocións de control urxentes.* Os Grupos Municipais poderán presentar no Rexistro do Pleno unha soa Moción de urxencia no suposto de acontecementos relevantes que tiveran lugar no período comprendido entre o día da convocatoria do Pleno e o día seguinte; no escrito de Moción xustificarse a urxencia; a Presidencia, antes de comezar o debate, someterá á consideración do Pleno a urxencia alegada, de non

apreciase non haberá debate.

Artigo 55. Debate dos asuntos de tramitación ordinaria.

1. A consideración de cada asunto comezará coa lectura pola Presidencia da denominación que o mesmo ten na Orde do Día, acto seguido preguntará se algún concelleiro quere facer uso da palabra, se ningún membro da Corporación a solicita entenderase aprobado por unanimidade.

2. Se se promove debate as intervencións serán ordenadas pola Presidencia conforme as seguintes regras:

- Corresponde á Presidencia dirixir os debates e determinar as intervencións.

- O debate iníciase cunha exposición e xustificación da proposta, ditame ou proposición, por un prazo de cinco minutos por parte do membro do goberno competente por razón da materia ou por calquera outro que sexa membro da Comisión Informativa competente que houbera emitido Ditame. A petición de calquera membro da Corporación, para mellor comprensión do asunto, o expoñente dará lectura daquelas partes do expediente que se soliciten, non obstante a Presidencia denegará as lecturas que considere non pertinentes ou innecesarias.

- Concluída a intervención anterior, os diversos Grupos, con excepción do grupo ao que estean adscritos os membros do goberno municipal, de menor a maior, consumirán unha quenda de cinco minutos que materializarán a través da intervención de un só concelleiro. No caso de igualdade nos Grupos no número de compoñentes decidirá a súa orde de intervención a Presidencia. Sen prexuízo da defensa dos Votos Particulares formulados en Comisión e das emendas presentadas poderán expoñerse *"in voce"* emendas transaccionais; se consideran emendas transaccionais as que tratan de alcanzar un texto de conciliación entre a proposta de acordo que conste no expediente e as emendas presentadas. As intervencións concluirán expoñendo o sentido do voto do Grupo Municipal.

- Pechará o debate cunha intervención de tres minutos o expoñente que se pronunciará, admitindo ou rexeitando os votos particulares e as emendas de calquera carácter presentadas e modificando ou ratificando a proposta de acordo que conste no expediente.

3. So se fará uso da palabra previa autorización da Presidencia. Concedida a palabra, o interveniente non será interrompido por ninguén salvo pola Presidencia nos supostos a que se refire o artigo 58 ou para chamar á orde ao resto dos concelleiros ou o público asistente. A Presidencia evitará que as intervencións excedan do seu tempo máximo de duración.

4. Os membros do Pleno poderán en calquera momento do debate pedir a palabra para presentar unha cuestión de orde, invocando ao efecto a norma cuxa aplicación reclama. A Presidencia resolverá o que proceda, sen que por este motivo se estableza debate.

5. A Presidencia, en función do contido do asunto a tratar, e especialmente nos casos de exercicio da iniciativa orzamentaria ou regulamentaria, ben a iniciativa propia, ben

a proposta da Xunta de Voceiros, poderá ampliar o tempo das intervencións.

6. A Presidencia, cando o estime oportuno, pechará o debate antes de fixar os términos da votación.

7. Os funcionarios responsables da Secretaría e da Intervención intervirán cando foren requiridos pola Presidencia por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Cando ditos funcionarios entendan que no debate formulouse algunha cuestión sobre a que poida dubidarse sobre a legalidade ou repercusións orzamentarias solicitarán da Presidencia o uso de la palabra para asesorar á Corporación.

8. Salvo acordo en contra dos seus membros, nos debates do Pleno o tempo que corresponda o Grupo Mixto distribuirase por partes iguais entre os compoñentes do Grupo.

Artigo 56. Debate dos asuntos de dación de conta.

1. Sen prexuízo do sinalado no artigo 52 deste Regulamento respecto das Resolucións da Alcaldía e concelleiros delegados, na Orde do Día, na fase resolutive inclúiranse aqueles asuntos ou expedientes que a normativa de aplicación advirta do seu coñecemento específico polo Pleno.

2. No coñecemento destes expedientes poderá suscitarse debate que será iniciado ben polo concelleiro delegado competente na materia, ben por calquera outro membro da Corporación, o tempo de intervención será de cinco minutos; no caso de que o debate sexa iniciado por un concelleiro non integrado no grupo municipal de goberno a Presidencia, á conclusión desta intervención, concederá unha quenda de cinco minutos aos demais grupos de menor a maior pechando o debate o concelleiro integrado no grupo municipal de goberno por igual tempo. No suposto de que o debate o iniciara o grupo municipal de goberno e intervirán posteriormente os demais grupos municipais pechará o debate o concelleiro delegado competente na materia nunha intervención de tres minutos

Artigo 57. Intervención por alusións.

Cando no desenvolvemento dun debate se fixeran alusións que impliquen xuízos de valor ou inexactitudes que afecten ao decoro, boa imaxe ou dignidade dun concelleiro ou dun Grupo Municipal a Presidencia, avaliadas as circunstancias, concederá ao aludido ou o Voceiro do Grupo o uso da palabra por tempo de dous minutos para que, sen entrar no fondo do asunto, conteste ás alusións realizadas.

Artigo 58. Chamada á cuestión e chamada a orde.

1. A Presidencia chamará á cuestión debatida cando o concelleiro intervínzte desvíe por completo o debate do asunto principal, cando volva sobre cuestións xa deliberadas e votadas, ou para advertir que se esgotou o tempo de intervención; chamará ó orde, nos seguintes supostos:

a) Cando se pretenda facer uso da palabra sen que lle fora concedida ou unha vez que

Ile fora retirada.

b) Cando se profiran palabras ou se vertan conceptos ofensivos ao decoro do Pleno ou dos seus membros, das Institucións Públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.

c) Cando se produzan interrupcións ou, de calquera outra forma, altere a orde das sesións.

2. Tras tres chamadas ao orde na mesma sesión, con advertencia na segunda das consecuencias dunha terceira, a Presidencia retirará o uso da palabra ao concelleiro ou ordenará o membro da Corporación o abandono do Salón de Sesións.

3. Cando se producira o suposto previsto no epígrafe b) do parágrafo 1 a Presidencia requirirá ao concelleiro a retirada as ofensas e ordenará que non consten na Acta, a negativa a este requirimento dará lugar a sucesivas chamadas á orde, cos efectos previstos no parágrafo anterior.

Artigo 59. Votación.

1. Non se votarán as emendas que non sexan aceptadas polo membro do goberno que houbera exposto e xustificado a proposta.

2. Concluído o debate a Presidencia fixará os términos do acordo a adoptar e someterá o asunto a votación; no suposto que se tiveran presentado e defendido Votos Particulares estes votaranse en primeiro lugar; se se houberan aceptado emendas estas votaranse a continuación.

3. Cando previsiblemente, á vista dos posicionamentos dos grupos, o resultado da votación dun asunto sexa o mesmo que o doutra votación inmediatamente anterior xa realizada, a Presidencia poderá preguntar se se reproduce o resultado da votación.

4. Durante a votación a Presidencia non concederá o uso da palabra e ningún concelleiro entrará ou abandonará o Salón de Sesións. No caso de votación con resultado de empate efectuarase unha segunda votación e se persistira decidirá o voto de calidade do Alcalde o do tenente de alcalde que o substitúa. Concluída a votación a Presidencia proclamará o acordo adoptado.

5. A votación dos asuntos de tramitación ordinaria será a totalidade dos votos particulares, emendas, propostas ou proposicións, non se admitirán votacións parciais.

6. O voto dos concelleiros é persoal e indelegable.

7. O voto emitirase en sentido afirmativo ou negativo, podendo os membros da Corporación absterse de votar.

Nos supostos en que, de conformidade co establecido no artigo 76 da Lei 7/1985, algún membro da Corporación deba absterse de participar na deliberación e votación, abandonará o Salón mentres se discuta e vote o asunto, agás cando se trate de debater a súa actuación como corporativo, en que terá dereito a permanecer e defenderse.

8. Aos efectos da votación considerarase que se absteñen os membros da Corporación que se ausentasen do Salón de Sesiós unha vez iniciado o debate dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación. No suposto de que se reintegrasen ao Salón de Sesiós antes da votación tomarán parte na mesma.

9. Existirá maioría simple cando os votos afirmativos sexan mais que os negativos. Existirá maioría absoluta cando os votos afirmativos sexan, polo menos, a metade mais uno do número legal de Concelleiros que integran a Corporación, sendo esixible a mesma en aqueles supostos previstos na lexislación básica de Réxime Local.

Artigo 60. Clases de votación.

1. As votacións poden ser por:

- a) Asentimento.
- b) Ordinarias.
- c) Nominais.
- d) Secretas.

2. Entenderanse aprobados por asentimento os expedientes de tramitación ordinaria ou as declaracións institucionais cando, enunciados pola Presidencia, non susciten debate; son ordinarias as votacións manifestadas mediante man levantada de aprobación, rexeitamento ou abstención; son nominais as realizadas mediante chamamento por orden alfabético de apelido e sempre en último lugar a Presidencia, cada membro da Corporación, ao ser chamado, responderá en voz alta "si", "non" ou "abstéñome"; son secretas as realizadas mediante papeleta que cada membro da Corporación deposite nunha urna, tras ser chamado polo Presidencia.

3. Salvo no caso de ausencia de debate, se utilizará sempre a votación ordinaria.

4. A votación nominal requirirá a solicitude dun Grupo municipal aprobada polo Pleno por maioría simple en votación ordinaria. Será secreta a votación para a elección o destitución de persoas, e tamén cando o sexa o debate dun asunto e así o acorde o Pleno por maioría simple a iniciativa dun Grupo Municipal.

5. En supostos de embarazo, maternidade, paternidade o enfermidade grave que impidan o desempeño da función de concelleiro, a Presidencia autorizará a emisión de voto por procedemento telemático.

A tal efecto, unha vez convocada sesión, o concelleiro cursará solicitude escrita dirixida á Presidencia que comunicará a súa decisión precisando o período de tempo no que emitirá o voto. O voto emitido será verificado polo secretario xeral do Pleno e obrará en poder da Presidencia ao inicio da sesión correspondinte dando conta do mesmo á conclusión da votación.

Artigo 61. Explicación de voto.

Proclamado o acordo, os grupos que non interviñeran no debate ou que tras este cambiaran o sentido do seu voto, solicitarán da Presidencia unha quenda de explicación de voto que terá unha duración de un minuto. Igual dereito terán os concelleiros que votaran en sentido diferente aos membros do seu Grupo.

Capítulo IV Control do Goberno

Artigo 62. Formas de control.

De conformidade co sinalado no artigo 46.2. e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, nas sesións plenarias de carácter ordinario, concluídos os asuntos que integren a parte resolutiva da sesión, iniciárase a parte dedicada ao control e fiscalización dos demais órganos da Corporación que exercerase a través dos seguintes medios:

1. Mocións de control.
2. Rogos.
3. Preguntas.
4. Comparecencia de concelleiros delegados.
5. Comparecencia da Xunta de Goberno Local.
6. Debate sobre o estado da Cidade.
7. Outras formas de control.

Artigo 63. Mocións de control.

1. A Moción de control é a formulación dunha proposta de actuación destinada a instar, impulsar, orientar, fiscalizar ou reprobar a acción política ou administrativa dos órganos de goberno do Concello de Vigo ou actuacións ou propostas de actuación doutras Administracións Públicas que teñan incidencia nas aspiracións e satisfacción dos intereses da comunidade veciñal do Concello de Vigo.

2. As Mocións presentaranse ben na reunión da Xunta de Voceiros que coñeza da Orde do Día da sesión na que pretendan incluírse, ben no Rexistro do Pleno en calquera momento anterior o de reunión da Xunta de Voceiros; das mesmas darase traslado os voceiros dos grupos municipais ao obxecto de presentación de emendas.

3. Non se incluírán na Orde do Día mais de sete mocións en cada sesión ordinaria. Cada grupo presentará o número que lle corresponda en proporción ao seu número de concelleiros; aínda que a proporcionalidade non o permita en todo caso cada grupo municipal poderá presentar unha moción, neste suposto o número total de mocións ampliarase.

4. Os grupos municipais poderán presentar no Rexistro do Pleno unha soa *Moción de urxencia* no suposto de acontecementos relevantes que tiveran lugar no período comprendido entre o día da convocatoria do Pleno e o día seguinte; no escrito de Moción xustificárase a urxencia, a Presidencia, antes de comezar o debate, someterá á consideración do Pleno a urxencia alegada, de non apreciarse non haberá debate.

5. Os concelleiros que houberan asinado Mocións poderán retiralas antes de que comece o debate ou a súa votación.

Artigo 64. Debate e votación das Mocións de control. Emendas ás Mocións.

1. As Mocións serán obxecto de debate na sesión plenaria na que se inclúan na Orde do Día, en primeiro lugar intervirá o grupo municipal autor da mesma por un prazo de cinco minutos, a continuación, de menor a maior, os grupos municipais que tiveran presentado emendas por igual prazo e finalmente aqueles grupos que non as presentaran tamén de menor a maior e por un prazo de cinco minutos no que concretarán o seu posicionamento; concluirá o debate o propoñente nun prazo de tres minutos no que se pronunciará sobre a aceptación, ou non, das emendas presentadas e se acepta unha votación por apartados; a continuación a Presidencia someterá a

votación a Moción, no caso de aceptación de emendas estas votaranse en primeiro lugar.

A Presidencia, cando o estime oportuno, poderá establecer o seu posicionamento pechando o debate antes de fixar os términos da votación.

2. As emendas ás Mocions presentaranse no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno ben no mesmo día da convocatoria da sesión, ben ou no seguinte hábil; poderán ser á totalidade, alternativas ou parciais en función de que propoñan alteracións substanciais, un texto alternativo que manteña a esencia e o espírito orixinario ou modificacións, ou engadidos ou supresións do texto orixinario; unha vez rexistradas darase traslado inmediato das mesmas aos Voceiros dos grupos municipais. As emendas presentadas fora do prazo sinalado non se admitirán no Rexistro.

3. No transcurso do debate poderán presentarse *in voce* emendas transaccionais.

Artigo 65. Rogos.

1. Os rogos son propostas de actuación formuladas oralmente ou por escrito no Pleno ou nas Comisións por calquera membro da Corporación dirixidas aos órganos de goberno sobre asuntos de política xeral ou dunha concellería; serán expostos no tempo máximo dun minuto e debatidos na sesión seguinte, sen prexuízo de que o sexan na mesma sesión se a Presidencia o considera conveniente. Quen os formule poderá admitir unha resposta escrita que en todo caso realizárase polo destinatario antes da seguinte sesión. Só se formularán rogos nas sesións ordinarias.

2. O debate dos rogos limitarase a fixar polo concelleiro delegado que corresponda en razón da materia, o posicionamento do goberno sobre a proposta de actuación formulada, para estes fins dispoñeráse dun minuto; o alcalde poderá delegar o posicionamento dos rogos a el dirixidos en calquera membro do goberno municipal. A súa contestación non dará lugar a debate.

4. Non se formularán mais de nove rogos en cada sesión ordinaria. Cada grupo, incluído o grupo de goberno, formulará o número que lle corresponda en proporción o seu número de concelleiros; aínda que a proporcionalidade non o permita cada grupo poderá presentar un rogo, neste suposto o número total de rogos ampliarase. Os concelleiros non adscritos poderán formular un rogo.

Artigo 66. Preguntas.

1. Son preguntas calquera cuestión concreta e determinada exposta oralmente aos órganos de goberno no seo do Pleno ou nas Comisións interrogando sobre un só feito, unha información, unha situación, ou unha actuación dentro da esfera de responsabilidade do preguntado; serán formuladas, sen realizar unha exposición para o debate, no tempo máximo dun minuto no sentido de se o goberno ten adoptado o vai adoptar algunha decisión en relación co asunto. Serán contestadas polo destinatario na sesión seguinte a non ser que o preguntado queira dar resposta inmediata; o interpelante poderá admitir contestación escrita, neste caso realizárase antes da seguinte sesión. Só se formularán preguntas nas sesións ordinarias.

2. A contestación das preguntas limitarase a súa resposta concreta e sucinta polo

concelleiro da área afectada, para estes fins dispoñeráse dun minuto; o alcalde poderá delegar a contestación das preguntas a el dirixidas en calquera membro do goberno municipal. A contestación non dará lugar a debate.

3. As preguntas formuladas mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con vintecatro horas de antelación contestaranse na sesión, ou por causas motivadas, na seguinte.

4. Non se admitirán preguntas de exclusivo carácter persoal de quen as formula ou de calquera outra persoa singularizada, as que supoñan cuestións estritamente xurídicas nin as que sexan reiterativas doutras substanciadas no mesmo ano.

5. Non se formularán mais de nove preguntas en cada sesión ordinaria. Cada grupo, incluído o grupo de goberno, formulará o número que lle corresponda en proporción o seu número de concelleiros; aínda que a proporcionalidade non o permita cada grupo poderá presentar unha pregunta, neste suposto o número total de preguntas ampliarase. Os concelleiros non adscritos poderán formular unha pregunta.

Artigo 67. Comparecencia de concelleiros delegados.

1. Os Grupos Municipais poderán presentar ante o Pleno Moción propoñendo a comparecencia dun membro do goberno, ou do alcalde, ao obxecto de responder ás preguntas que se lle formulen sobre a súa actuación ou sobre un asunto determinado.

2. De aprobarse a Moción a comparecencia materializarase mediante a súa inclusión na Orde do Día da seguinte sesión ordinaria ou extraordinaria que sexa convocada.

3. O desenvolvemento da comparecencia constará das seguintes fases: en primeiro lugar, e por un prazo de no menos de dez minutos, o comparecente expoñerá a súa xestión ben de xeito xenérico, ben sobre un determinado asunto; a continuación, e por un tempo de cinco minutos, intervirá o grupo propoñente que fixará posicións, formulará preguntas ou fará observacións; posteriormente, e co mesmo obxecto, o resto dos grupos municipais de menor a maior por un tempo de tres minutos; concluídos as quendas o comparecente responderá as preguntas ou observacións formuladas.

4. O Concelleiro cuxa comparecencia tivera sido solicitada conforme aos apartados anteriores, poderá manifestar en calquera momento ante a Presidencia do Pleno o seu desexo de atender a petición sen esperar á decisión do Pleno.

5. No se realizaran en cada sesión mais de unha comparecencia, as que excedan deste número incluíranse en sesións seguintes segundo a orden temporal do acordo ou solicitude.

Artigo 68. Comparecencia da Xunta de Goberno Local.

1. Mediante Moción presentada pola cuarta parte do número legal de membros da Corporación o Pleno poderá acordar a realización dunha sesión extraordinaria cuxo obxecto sexa someter a debate a xestión da Xunta de Goberno Local.

2. De adoptarse acordo o desenvolvemento da sesión axustarase ás seguintes fases:

en primeiro lugar intervirá, por un prazo de cinco minutos, o concelleiro que encabece o escrito de Moción para explicar o significado da solicitude de comparecencia; a continuación, no mesmo tempo, responderá o membro da Xunta de Goberno Local que sexa designado por esta; despois de sendas quendas de réplica de tres minutos intervirán, de menor a maior, os grupos municipais para formular, nun prazo de dous minutos, preguntas á Xunta de Goberno Local que serán respondidas por un membro da mesma.

3. A Presidencia, cando o estime oportuno, pechará o debate.

Artigo 69. Debate sobre o estado da cidade.

1. Con carácter anual, no primeiro semestre, previo acordo da Xunta de Voceiros, poderá realizarse unha sesión extraordinaria do Pleno dedicada ó debate do estado da Cidade. A dita sesión non se realizará no ano en que se convoquen eleccións locais.

2. Corresponderalle á Alcaldía, nunha primeira intervención, expoñer a situación xeral da cidade e as liñas esenciais da súa acción de goberno. A continuación someterase a debate a intervención da Alcaldía e farán uso da palabra os Voceiros dos Grupos.

3. Finalizada a intervención dos voceiros haberá unha quenda de réplica a cargo do Alcalde, finalizada a réplica concluirá a sesión.

Artigo 70. Outras formas de control.

O debate e votación da moción de censura, como mecanismo de control e esixencia da responsabilidade política do alcalde ante el Pleno, rexerase polo disposto na lexislación de réxime electoral xeral.

Capítulo V Das Actas do Pleno.

Artigo 71. Os Libros de Actas.

1. As Actas do Pleno e os seus Libros son instrumentos públicos e solemnes.

2. As Actas rexistraranse en Libros foliados e encadernados, legalizada cada folla coa rúbrica do presidente e co selo da Corporación. Os Libros, na súa primeira páxina, mediante dilixencia do secretario, expresarán o número de folios, as súas series e a data na que se inicia a transcripción dos acordos.

3. A transcripción das actas das sesións de Pleno efectuarase de acordo coas seguintes normas:

a) Ata tanto se proceda a súa encadernación os Libros de Actas estarán compostos de follas móbiles; utilizarase papel timbrado destinado para o efecto.

b) Aprobada a acta, o secretario fará transcribirla sen emendas nin rascaduras, ou salvando as que se producen, a follas correlativas seguindo a súa orde e facendo constar ó final de cada acta, mediante dilixencia, o número e clase de todos e cada un dos folios timbrados en que quedou estendida.

c) Prohíbese alterar a orde numérica dos folios descritos na dilixencia de apertura, debendo salvarse por dilixencia os casos de erro na orde de transcripción.

d) Cando todos os folios reservados a un Libro se atopen escritos ou anulados os últimos por dilixencia ó non ter cabida integramente a acta da sesión que corresponda transcribir, procederase a súa encadernación. En cada Libro o secretario estenderá dilixencia expresiva do número de actas que comprende.

Artigo 72. Custodia dos Libros.

1. Correspóndelle ao secretario xeral a custodia dos Libros de Actas, non consentirá que saian da Casa do Concello baixo ningún pretexto.

2. Estará obrigado a expedir certificacións ou testemuñas dos acordos, cando así o reclamen de oficio as autoridades competentes ou o soliciten por escrito os membros da Corporación.

Artigo 73. Redacción da Acta.

1. Durante as sesións o secretario xeral do Pleno, asistido polo funcionario que para o efecto designe, tomará as notas necesarias para redactar a Acta na que se consignarán os seguintes datos:

- a) Lugar da reunión. Día, mes, ano en hora na que comeza e hora na que remata.
- b) Nome e apelidos do presidente, tenentes de alcalde, concelleiros presentes, dos ausentes que se tiveran escusado e dos que falten sen escusa.
- c) Carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se se realiza en primeira ou en segunda convocatoria.
- d) Nome e apelidos do secretario xeral ou de quen lle substitúa, e presenza doutros funcionarios cando concorran.
- e) Intervencións completas dos concelleiros manifestadas nos debates.
- f) Parte expositiva e dispositiva dos acordos que recaían. Incluirase transcripción dos informes mais relevantes.
- g) Votacións nas que se especificará o sentido en que cada concelleiro emite o voto.
- h) Cantos incidentes se produzan e foran dignos de sinalarse a xuízo do secretario.

2. Os debates secretos constarán nun Anexo á Acta da sesión cuxo único exemplar custodiarase pola Secretaría Xeral do Pleno; poderá ser consultado polos concelleiros previa autorización expresa da Presidencia.

Artigo 74. Certificacións dos acordos do Pleno.

1. Os cidadáns teñen dereito a obter certificacións acreditativas dos acordos do Pleno.

2. As certificacións expediranse na súa integridade, con omisión do debate que se puidese ter producido.

3. As certificacións serán solicitadas mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Pleno polas persoas a quen interesen ou reclamadas de oficio polas autoridades, tribunais, organismos ou funcionarios públicos que tramiten expedientes ou actuacións nos que deban producir efecto.

4. As certificacións expediranse co “Visto e Prace” da Presidencia para significar que o secretario que as expide atópase no exercicio do cargo e a súa firma é auténtica. Irán rubricadas, na marxe, pola Xefatura do Negociado do Pleno, levarán o selo da Secretaría Xeral e reintegraranse conforme á respectiva ordenanza de exacción. Serán expedidas no tempo máximo de dez días.

TITULO VI. DO PROCEDIMENTO REGULAMENTARIO.

Artigo 75. Da iniciativa regulamentaria.

A iniciativa regulamentaria corresponde:

1. Á Xunta de Goberno Local, a quen lle corresponderá:

- A aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do Pleno e das súas Comisións.

- A aprobación do proxecto de orzamento.

- A aprobación dos proxectos de instrumentos de ordenación urbanística cuxa aprobación definitiva ou provisional corresponda ó Pleno que se tramitarán pola a súa normativa sectorial.

2. Ao propio Pleno.

3. Aos veciños.

Capítulo I. Do procedemento regulamentario común.

Artigo 76. Presentación do proxecto e remisión os grupos municipais.

1. A aprobación de regulamentos e ordenanzas rexerese polo disposto na lexislación estatal e autonómica de réxime local e polo previsto no presente Regulamento.

2. Os proxectos de normas municipais acompañaranse dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para pronunciarse sobre eles, unha vez sexan aprobados pola Xunta de Goberno Local remitiranse ao Rexistro do Pleno.

3. Os proxectos de normas reguladoras do Pleno e das súas Comisións remitiranse directamente ao Rexistro do Pleno.

4. O secretario xeral do Pleno comunicará aos Voceiros dos grupos municipais a existencia dun proxecto de norma e a apertura dun prazo de seis días ao obxecto presenten emendas ao texto. A Alcaldía, mediante Resolución, a petición dun grupo municipal, poderá ampliar o prazo sinalado.

Artigo 77. Emendas nos procedementos regulamentarios.

1. As emendas ao proxecto presentaranse no Rexistro do Pleno mediante escrito dirixido á Presidencia da Comisión que corresponda, asinado polo Voceiro do Grupo municipal.
2. O escrito especificará se se trata dunha emenda á totalidade ou o articulado, serán emendas á totalidade as que se refiran á oportunidade ou o espírito do proxecto e postulen a a súa devolución a Xunta de Goberno Local, así como as que propoñan un texto completo alternativo; as emendas ao articulado poderán ser de substitución, de adición ou de supresión; dos artigos que se pretendan modificar realizarase unha sucinta exposición dos motivos que xustifiquen a presentación da emenda.
3. Finalizado o prazo de presentación a Secretaría Xeral remitirá as emendas ao servizo que houbera redactado o proxecto ao obxecto de que emita informe técnico ou xurídico e formule proposta ao Pleno previo ditame da Comisión Informativa que corresponda.

Artigo 78. Debate e ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno.

1. O debate na Comisión Informativa referirase ao texto do proxecto e as emendas presentadas. No curso do debate os grupos municipais poderán presentar emendas de corrección técnica ou transaccionais. Son transaccionais as que tratan de alcanzar un texto de conciliación entre el proxecto orixinal e as emendas presentadas ao mesmo.
2. Debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame para ser elevado ao Pleno. O ditame da Comisión consistirá no texto do proxecto inicial coas modificacións que resulten da incorporación das emendas que houberan sido aprobadas o ter obtido o voto favorable da maioría da Comisión.
3. Os Grupos, nas vinte e catro horas seguintes á fecha de emisión do ditame, en escrito dirixido á Presidencia presentado no Rexistro do Pleno, comunicarán as emendas que, habendo sido defendidas e votadas en Comisión e non incorporadas ao ditame, pretendan defender no Pleno.
4. Na sesión plenaria non se admitirán novas emendas salvo as relativas á subsanación de erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais. O debate no Pleno comezará pola exposición que do proxecto realice un membro do equipo de goberno, a continuación os Grupos municipais fixarán a súa posición e, no seu caso, defenderán as emendas presentadas non incorporadas ao ditame, concluído o debate o membro do goberno, en primeiro lugar someterá a votación as emendas e acto seguido producirase votación sobre o texto resultante.
4. Os tempos de intervención serán os previstos no artigo 55 deste Regulamento, non obstante a Presidencia, a iniciativa propia ou a proposta da Xunta de Voceiros poderá acordar a súa ampliación cando a transcendencia da norma o requira.

Artigo 79. Información pública e audiencia das persoas interesadas.

1. Aprobado inicialmente o proxecto polo Pleno, ademais da publicación do anuncio de tal aprobación no Boletín Oficial da Provincia ao obxecto do trámite de información pública por prazo de trinta días, o servizo competente dará audiencia ás persoas e

colectivos interesadas e inserirá o acordo na páxina Web do Concello de Vigo os efectos de facilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

2. O alcalde, mediante Resolución da que se dará conta ao Pleno, poderá acordar a prórroga do prazo de información pública cando a complexidade ou transcendencia da materia o requira.

Artigo 80. Aprobación definitiva e publicación.

1. As reclamacións o suxestións serán informadas técnica e/ou xuridicamente polo servizo correspondente que formulara proposta ao Pleno, no caso de que a proposta introduza modificacións ao texto inicial coma consecuencia da estimación de reclamacións ou suxestións abrirase ós grupos municipais un prazo de presentación de emendas de tres días que só referirase a tales modificacións; debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame que será elevado ao Pleno.

2. No caso de que non se houberan presentado reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. A Alcaldía ordenará a publicación do texto, dando conta ao Pleno na primeira sesión que realice.

3. As ordenanzas, regulamentos e disposicións municipais de carácter normativo publicaranse na forma prevista na Lei Reguladora das Bases del Réxime Local e na páxina web do Concello de Vigo.

Capítulo II Procedemento de aprobación dos orzamentos.

Artigo 81. Réxime e preferencia.

1. O proxecto de orzamento xeral municipal, integrado polo do propio Concello, os seus OO.AA. e os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedade mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local, elaborase e forma polo alcalde e tramitase segundo o procedemento previsto na normativa sectorial reguladora da materia, coas especialidades establecidas no presente Capítulo. A súa documentación será a que determina o artigo 18 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, gozará de preferencia na tramitación con respecto ós demais traballos do Pleno, para os efectos do cumprimento dos prazos legalmente establecidos na normativa vixente en cada momento.

2. A tramitación do proxecto de orzamento xeral referirase ás bases de execución, ó estado de autorización de gastos e ó estado de previsión de ingresos, sen prexuízo do estudo dos documentos que deban acompañalo.

Artigo 82. Calendario de tramitación.

1. O proxecto de orzamento xeral aprobado pola Xunta de Goberno Local remitirase ao Rexistro do Pleno acompañado da documentación que integra o expediente e dos antecedentes necesarios.

2. Recibido o expediente o secretario xeral do Pleno dará conta de tal trámite ao presidente da Comisión competente en materia de Orzamentos que convocará sesión ao único obxecto de dar traslado dunha copia completa do expediente en soporte informático aos Voceiros dos grupos municipais e de acordar calendario para a

presentación de emendas.

3. O proxecto de orzamento xeral aprobado pola Xunta de Goberno Local será sometido á consideración e informe do Consello Social da Cidade que será convocado ao efecto.

Artigo 83. Emendas.

1. As emendas, dentro do prazo acordado, presentaranse no Rexistro do Pleno mediante escrito asinado polo Voceiro do grupo municipal, poderán ser ó articulado das bases de execución, ós estados de gastos ou ós estados de ingresos; das emendas presentadas darase copia os Voceiros dos outros grupos municipais.

2. As emendas de creación ou de incremento dos estados de gastos admitiranse a trámite se propoñen unha baixa por igual contía. As emendas de supresión ou minoración ós estados de gastos admitiranse se propoñen un incremento por igual contía.

3. Non se admitirán emendas que supoñan incrementos ó estado de ingresos. As emendas ós estados de ingresos que supoñan minoración ou supresión dos previstos, requirirán, para a súa tramitación, a conformidade da Concellería Delegada de Economía e Facenda que manifestará a súa posición no prazo de tres días.

4. As emendas ó articulado das bases de execución do orzamento que supoñan creación, supresión, incremento ou minoración dos créditos deberán de ter a súa correspondente emenda ós estados de gastos e aplicaráselles a regra referida no apartado 2. Non se admitirán emendas ó articulado que supoñan aumento dos ingresos, as que supoñan diminución tramitaranse conforme ó procedemento recollido no apartado 3.

5. Incorporadas ás emendas ó expediente a Secretaría Xeral do Pleno dará traslado das mesmas ao departamento municipal competente en materia de orzamentos ao obxecto da emisión do correspondente informe.

Artigo 84. Ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno.

1. O debate na Comisión se referirá ao texto do proxecto e as emendas presentadas. No curso do debate os grupos municipais poderán presentar emendas de corrección técnica ou transaccionais. Son emendas transaccionais as que tratan de alcanzar un texto de conciliación entre el proxecto orixinal e as emendas presentadas.

2. Debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame para ser elevado, no seu caso, ao Pleno. O ditame da Comisión consistirá no texto do proxecto inicial coas modificacións que resulten da incorporación das emendas que houberan sido aprobadas por ter obtido o voto favorable da maioría da Comisión.

3. Sen prexuízo do anterior, e ao obxecto de materializar a posibilidade de aprobar proxectos orzamentarios vinculados á presentación dunha cuestión de confianza, a Comisión poderá emitir votación e ditaminará, favorable ou desfavorablemente, o proxecto inicial e as emendas que no seu caso apoie o equipo de goberno.

4. Na sesión plenaria non se admitirán novas emendas.

5. Na Orde do Día o proxecto de orzamento identificarase ben co ditaminado

favorablemente en Comisión, ben co aprobado pola Xunta de Goberno de Local e ditaminado favorable ou desfavorablemente en Comisión que poderá atoparse modificado coa incorporación das emendas apoiadas polo grupo de goberno.

6. O debate no Pleno comezará pola exposición que dalgún dos proxectos mencionados no apartado anterior realice un membro do equipo de goberno.

7. A continuación os grupos municipais fixarán a súa posición e, no seu caso, defenderán as emendas non incorporadas ao proxecto, concluído o debate a Presidencia, en primeiro lugar, se o estima conveniente, someterá a votación as emendas non incorporadas o proxecto; acto seguido producirase votación ben sobre o texto resultante no suposto de que se houberan sometido a votación as emendas, ben sobre o proxecto identificado no inciso final do apartado 3.

8. Os tempos de intervención serán os previstos no artigo 53 deste Regulamento, non obstante a Presidencia, a iniciativa propia ou a proposta da Xunta de Voceiros poderá acordar a súa ampliación cando a transcendencia da norma o requira.

Artigo 85. Aprobación inicial, información pública e aprobación definitiva.

1. Aprobado inicialmente o orzamento xeral expoñerase ao público, previo anuncio no BOP por un prazo de quince días durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, terán a condición de interesados:

- a) Os habitantes no término municipal de Vigo.
- b) As persoas que resulten directamente afectadas, aínda que no sexan habitantes no término municipal de Vigo.
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

2. Tan só poderán presentarse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles ao Concello de Vigo, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación cos gastos orzamentados o ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

3. As reclamacións serán informadas polo órgano municipal competente en materia de orzamentos, se existira, ou, no seu caso, pola Intervención Xeral que formulara proposta ao Pleno, no caso de que a proposta introduza modificacións ao proxecto inicial coma consecuencia da estimación de reclamacións abrirase os grupos municipais un prazo de presentación de emendas de tres días que só poderán referirse a tales modificacións; debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame que será elevado ao Pleno.

4. No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. A Alcaldía ordenará a publicación na páxina web do Concello e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran no BOP, do orzamento aprobado definitivamente remitirase

copia á Administración do Estado e a Administración Autonómica na mesma data na que se remita anuncio o BOP entrando en vigor unha vez sexa publicado o seu resume no BOP.

5. Unha copia do orzamento e de as súas modificacións acharase a disposición do público a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

Artigo 86. Aprobación dos orzamentos vinculados a cuestión de confianza.

A presentación dunha cuestión de confianza vinculada á aprobación e/ou modificación dos orzamentos xerais do Concello tramitarase conforme ao sinalado no artigo 197. bis da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica de Réxime Electoral Xeral e en harmonía co previsto no artigo 84 deste Regulamento; en todo caso require que o proxecto de orzamento aprobado en Xunta de Goberno Local se teña debatido nunha sesión plenaria previa sen obter aprobación.

Capítulo III. Da iniciativa regulamentaria do Pleno e dos veciños.

Artigo 87. Da iniciativa regulamentaria do Pleno.

1. Os membros do Pleno, coa xustificación da súa oportunidade ou necesidade, poderán presentar proposicións de regulamentos ou ordenanzas que terán que ser incluídas na Orde do Día para a súa consideración cando veñan subscritos pola cuarta parte dos seus membros.

2. Se o Pleno acordase por maioría simple a consideración da proposición presentada, ordenará respecto desta a incoación do correspondente expediente que seguirá os trámites dos artigos 60 ao 63 deste Regulamento.

3. Tralo período de audiencia e información pública, a Secretaría Xeral do Pleno remitirá as reclamacións e suxestións que se reciban á comisión competente, para os efectos de que proceda a súa valoración e elabore, no seu caso, un novo texto de iniciativa regulamentaria.

4. A iniciativa regulamentaria do Pleno non poderá referirse ó proxecto de orzamento xeral.

Artigo 88. Da iniciativa regulamentaria dos veciños.

1. Os veciños que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer a iniciativa popular, presentando propostas de acordos ou actuacións ou proxectos de regulamentos en materias da competencia municipal. Ditas iniciativas deberán ir subscritas cando menos pola porcentaxe do 10 por cento de veciños do municipio.

2. Tales iniciativas deberán ser sometidas a debate e votación no Pleno, sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. En todo caso, requirirase o previo informe de legalidade do secretario xeral do Pleno, así como o informe do interventor cando afecte a dereitos e obrigas de contido económico do concello.

Disposición adicional Primeira.

Os preceptos deste Regulamento que por sistemática legislativa incorporan aspectos da lexislación básica do estado ou da lexislación autonómica, e aqueles nos que se fan remisións a preceptos destas, enténdense automaticamente modificados e/ou substituídos no momento en que se produza a revisión ou modificación desta lexislación, agás que resulten compatibles ou permitan unha interpretación harmónica coas novas previsións legislativas.

Salvo disposición en contrario, los plazos señalados por días en este Reglamento se computarán en días hábiles, e los señalados por meses de fecha a fecha.

Disposición adicional Segunda.

Os modelos de declaración que figuran no Anexo carecen de natureza orgánica, así mesmo a súa modificación puntual non implicará modificación deste Regulamento e establecerase pola Alcaldía mediante Resolución previo coñecemento da Xunta de Voceiros. Da Resolución darase conta individualizada ó Pleno.

Disposición final.

Este Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Pleno e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, cando haxa transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Nº...../.....

REGISTRO DE INTERESES DO CONCELLO DE VIGO

Apelidos e nome:	NIF
Cargo ou posto:	

A.- LIBRO DE CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE E DE ACTIVIDADES E INTERESES.

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, formulo declaración sobre causas de posible

--

A.2.3.- Actividades privadas por conta propia de carácter mercantil ou industrial, por si ou mediante substitución ou apoderamento. Especificar razón social e actividade principal da empresa, número de identificación fiscal, domicilio social e descrición da actividade desenvolvida. No seu caso, expresar se a empresa ou sociedade ten subscritos, contratos ou concesións de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local. En caso afirmativo, tratándose de sociedade mercantil, indicar porcentaxe de participación incluíndo o correspondente ao conxugue, persoa que conviva con el en análoga relación de afectividade, ou fillos menores.

--

Nº...../.....

A.2.4.- Actividades privadas por conta propia de carácter profesional. Descrición da actividade desenvolvida. No seu caso, número de colexiado.

--

A.2.5.- Actividades privadas por conta allea. Entidade ou empresa. Actividade principal, número de identificación fiscal, domicilio social, cargo ou posto e descrición da actividade desenvolvida. Data de inicio.

--

Nº...../.....

A.3.- COMUNICACIÓN DE ACTIVIDADES TRAS O FIN DO MANDATO OU TRAS O CESE DO

DOS TITULARES DE ÓRGANOS DIRECTIVOS

....., en cumprimento do previsto no artigo 75.8 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **COMUNICO** ao Rexistro de Intereses do Concello de Vigo:

PRIMEIRO: Que finalicei as miñas funcións no Concello de Vigo en data de

SEGUNDO: A partires do día pretendo realizar a seguinte actividade

TERCEIRO: Que a empresa ou entidade na que pretendo realizar a actividade mencionada se denomina,.....sendo o seu obxecto social o de.....¹

Vigo, a.....de.....de.....

B.- LIBRO DE INTERESES ECONÓMICOS E BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS.

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, formulo declaración sobre bens patrimoniais e manifesto, baixo a miña responsabilidade, que os datos expostos son certos.

Vigo, de de
O/A declarante

Asdo.:

B.1.- Activo. **Patrimonio inmobiliario.** Indicarase a súa natureza (rústica ou urbana), breve descrición do inmovible, a inscrición rexistral -se estivera rexistrado-, data de adquisición e valor catastral.

¹ O apartado TERCEIRO cumprimentarase no suposto de realización unha actividade por conta allea.

Nº...../.....

B.2.- Activo. **Depósitos en conta corrente ou de aforro**, á vista ou a prazo. Contas financeiras e outros tipos de imposicións a conta. Indicar entidade financeira e número de conta. Indicar valor á data da toma de posesión, renuncia ou cese.

B.3.- Activo. **Valores representativos da cesión a terceiros de capitais propios**. (Débeda Pública, obrigacións, bonos e e demais valores negociados, ou non, en mercados organizados; certificados de depósito e pagares no negociados en mercados organizados)

Nº...../.....

B.4- Activo. **Valores representativos de participación nos fondos propios de calquera tipo de entidade**. B.4.1 (Accións e participacións no capital social ou no fondo patrimonial de Institucións de Inversión Colectiva -Sociedades e Fondos de Inversión-, negociadas en mercados organizados) B.4.2. (Accións e participacións no capital social ou nos fondos propios de calquera outras entidades xurídicas, negociadas en mercados organizados) B.4.3. (Accións e participacións no capital social ou no fondo patrimonial de Institucións de Inversión Colectiva -Sociedades e Fondos de Inversión- no negociadas en mercados organizados) B.4.4. (Accións e participacións no capital social ou nos fondos propios de calquera outras entidades xurídicas, non negociadas en mercados organizados, incluídas as participacións no capital social de cooperativas).

--

Nº...../.....

B.5- Activo. **Vehículos ou embarcacións** propiedade do declarante. Indicar marca e modelo, ano de matriculación e número de matrícula.

--

B.6- Activo. **Bens mobles**. Obras de arte, antigüidades, xoias, e outras propiedades análogas cuxo valor supere a 6.000.- €. Descrición e valor.

--

Nº...../.....

B.7.- Activo. **Outros bens**: Seguros de Vida, plans de pensións, rendas temporais ou vitalicias, dereitos reais de uso e goce, concesións administrativas, dereitos derivados da propiedade intelectual ou industrial... etc. Indicar entidade aseguradora, ou persoa ou entidade pagadora e valor

--

B.8- Pasivo. (créditos, préstamos, débedas, indicar o seu valor en euros).

Nº...../.....

B.9.- Declaracións Tributarias.

Adxunto ao Rexistro de Intereses do Concello de Vigo a declaración tributaria correspondente ao imposto de referente á anualidade do ano

Vigo,dede

O/A declarante

Asdo.:

DILIXENCIA: A poño eu, secretario xeral do Pleno do Concello de Vigo, para facer constar que no día de hoxe, de de 20... o/a declarante, en cumprimento do previsto no art. 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, presenta ante o Rexistro de Intereses do Concello de Vigo, declaración correspondente a¹ comprende folios rubricados na marxe polo interesado/a na miña presenza e por min. Procedo á numeración e selado das follas presentadas. Se lle devolve o declarante copia cotexada por esta secretaría xeral.

O secretario xeral do Pleno

O/A declarante

¹Declaración previa á toma de posesión, Declaración de variacións, Declaración de remate de mandato, renuncia ou cesamento no posto.

Con data 15 de marzo de 2016, o Interventor Xeral emite o seguinte informe:

"Asunto: Proxecto de Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo (expte. 1430-110).

Remitida á Intervención Xeral expediente relativo ao asunto referenciado ao obxecto da emisión do preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no artigo 214 R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con carácter previo á adopción do correspondente acordo, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

INFORME:

Primeiro. Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local (en adiante, LRBRL).
- RD-Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL).
- RD-Lex. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LT).
- R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais (ROF).

Segundo. Carácter do informe de Intervención.

Os artigos 54 do TRRL e 173 do ROF dispoñen que será necesario o informe previo do Secretario, e, ademais, no seu caso, do Interventor ou de quen legalmente lles substitúan, para a adopción, entre outros, daqueles acordos cando se trate de asuntos sobre materias para as que se esixa unha maioría especial.

Neste sentido, o artigo 123.2 da LRBRL establece que corresponde ao Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, a adopción dos acordos sobre aprobación e modificación dos Regulamentos de natureza orgánica, entre os que cita o regulamento que leve a cabo a regulación do Pleno.

Por este motivo o informe de Intervención resulta previo e preceptivo.

Agora ben, o artigo 214.1 do RD-Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, relativo ao ámbito de aplicación e modalidades de exercicio da función interventora, establece que "A función interventora terá por obxecto fiscalizar todos os actos das entidades locais e dos seus organismos autónomos que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de dereitos e

obligacións ou gastos de contido económico, os ingresos e pagos que daqueles derívense, e a recadación, investimento e aplicación, en xeral, dos caudais públicos administrados, co fin de que a xestión axústese ás disposicións aplicables en cada caso”, razón pola que a función interventora debe centrarse especialmente naqueles ámbitos ou aspectos que teñan unha incidencia económica, financeira ou patrimonial, sen prexuízo do exame daqueles outros que considere conveniente.

Terceiro. Natureza xurídica e límites.

En primeiro lugar, resulta oportuno lembrar o que sobre a natureza xurídica dos regulamentos municipais ha dito o Tribunal Supremo, na súa Sentenza do 24 de febreiro de 1999, o cal, apoiándose no artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, atribuíu aos devanditos regulamentos unha “vocación normativa y permanentemente reguladora”, chegando á conclusión de que teñen un auténtico carácter normativo e de que os termos “ordenanza” e “reglamento” adóitanse utilizar indistintamente ata o punto de poder asimilar o “réxime de aprobación, modificación e derogación dos regulamentos ao das ordenanzas”. Para finalizar sinalando que o procedemento de aprobación e publicación oficial dos distintos regulamentos municipais é o mesmo que o previsto para as ordenanzas.

Pola súa banda, a doutrina veu entendendo por Regulamento aquela norma xurídica de carácter xeral ditada por unha Administración, con rango inferior á Lei, e coa finalidade de executar, desenvolver ou complementar a outras normas legais, ou para regular aquelas actividades que, aínda carecendo de norma legal que as contemple, merecen atención xurídica.

Cabe sinalar que, aínda que calquera regulamento municipal está sometido ao principio de xerarquía normativa, o que impide que poida chegar a establecer unha regulación contraditoria coa establecida nas leis, tratándose da regulación de cuestións como, por exemplo, os debates e preguntas a formular no Pleno, as determinacións recollidas no correspondente Regulamento Orgánico primarán sobre o contido do disposto no ROF, especialmente, se o réxime proposto de funcionamento do Pleno mellora e amplía o dereito dos membros da Corporación para intervir e participar nos debates que se susciten.

E todo iso, en base ao recoñecemento efectuado polo Tribunal Constitucional, na súa Sentenza do 21 de decembro 1989, dunha certa autonomía organizativa no ámbito municipal. Autonomía municipal que foi positivizada a través do artigo 20.3 da LRBRL, segundo o cal, “Os propios municipios, nos Regulamentos Orgánicos, poderán establecer e regular outros órganos complementarios, de conformidade co previsto neste artigo e nas Leis das Comunidades Autónomas ás que se refire o número anterior”.

É dicir, de acordo co citado precepto legal recoñécese aos municipios unha potestade de autoorganización adicional, entre cuxas facultades, ademais do establecemento e regulación da organización complementaria que teñan por conveniente, atoparíase comprendida tamén a facultade de establecer o réxime interno de funcionamento dos seus órganos. En definitiva, como di a Sentenza do Tribunal Supremo do 11 de maio de 1998, “(...) o lexislador estatal ha optado, en concreto, por establecer un modelo organizativo común e uniforme para todas as entidades municipais e provinciais a

partir do cal, e con pleno respecto ao mesmo, as propias Entidades locais poden dotarse dunha organización complementaria en virtude do disposto nos correspondentes Regulamentos orgánicos. Quere isto dicir que os Regulamentos locais gozan da primacía derivada da competencia que a Lei atribúe ás Entidades locais, á marxe da específica xerarquía normativa. Pero a autonomía das entidades Locais que comporta un poder de autoorganización e de exercicio das potestades administrativas segundo opcións políticas propias, (Sentenzas do TS 24 e 26 de setembro de 1997) non pode ignorar, como lembra unha Sentenza desta propia Sala do 12 de novembro de 1997, a primacía das leis estatais sobre os regulamentos aprobados polos Entes locais (Sentenzas do TS do 20 de maio e 15 de xuño de 1992 e 30 de abril de 1993, entre outras moitas)”.

Por conseguinte, un Regulamento Orgánico que non limite os dereitos políticos dos membros da Corporación ou dos distintos grupos políticos municipais que a normativa estatal ou autonómica prevexan, senón que, pola contra, amplíe ou mellora o exercicio de tales dereitos é, en principio, un Regulamento válido a efectos legais e prevalecerá sobre calquera outra regulación regulamentaria que sobre o mesmo obxecto puidesen establecer o Estado ou as Comunidades Autónomas.

Cuarto. Consideracións formais.

O obxecto do presente regulamento de natureza orgánica consiste en establecer a regulación do Pleno, en cumprimento do disposto polo título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

No expediente consta resolución da Alcaldía de data 27.01.2016 pola que acorda incoar expediente para a redacción dun novo Regulamento Orgánico do Pleno do Excelentísimo Concello de Vigo e nomear instrutor do expediente o secretario xeral do Pleno que procederá á redacción técnica do proxecto formulando informe-proposta de aprobación.

En cumprimento da citada resolución de incoación, no expediente consta informe-proposta do Secretario xeral do pleno do Concello de Vigo de data 3 de marzo de 2016, conformada polo Alcalde. Deste xeito, dáse cumprimento ao disposto nos artigos 54 do TRRL e 173 do ROF sobre a necesidade do informe previo e preceptivo do Secretario.

A motivación fundamental para a incoación do presente expediente radica, segundo se argumenta na resolución de incio, en que o vixente Regulamento Orgánico do Pleno do Concello obtivo a súa aprobación definitiva en data 31.05.2010, e seis anos despois se teñen introducido no ordenamento xurídico do réxime local substancias reformas operadas pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia e pola Lei 27/2013, 27 decembro, de Racionalización e Substentabilidade da Administración Local que deben ser observadas.

Quinto. Consideracións legais.

I. Regulación na LRBRL.-

Dentro do Título X da LRBRL, o regulamento orgánico do Pleno aparece mencionado en

dúas disposicións: o artigo 123.1.c), que prevé a existencia de diversos "regulamentos de natureza orgánica" (en plural) e engade que terá en todo ese carácter "a regulación do Pleno", e o artigo 122.3, que establece que "o Pleno se dotará do seu propio regulamento, que terá a natureza de orgánico".

Aínda que este último precepto admite que a regulación da organización e funcionamento do Pleno "poderá conterse tamén no regulamento orgánico municipal" (en singular), optouse por elaborar un regulamento orgánico específico para o Pleno. Non só é a solución máis acorde co tenor literal do artigo 123.1.c) da LRBRL, senón que ademais resulta a decisión máis adecuada se temos en conta a cantidade e heteroxeneidade dos Regulamentos orgánicos mencionados no mesmo.

O regulamento do Pleno se singulariza fronte aos demais regulamentos de natureza orgánica porque o artigo 127.1.a), ao atribuír á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos dos regulamentos orgánicos, exclúe da devandita iniciativa o caso específico da regulación do Pleno.

O obxecto do presente regulamento comprende a regulación das Comisións, xa que a Lei 57/2003 configurounas como parte integrante do Pleno. Entre as devanditas Comisións atópase a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións prevista no artigo 132, cuxa regulación reviste carácter orgánico.

Delimitado o obxecto do presente regulamento por referencia ao Pleno e as súas Comisións, quedan fóra do seu ámbito de aplicación as demais materias enunciadas polo artigo 123.1.c). Entre esas materias figuran os niveis esenciais da Administración municipal e os distritos, que se abordarán por tanto en regulamentos orgánicos separados aínda que formen parte, obviamente, do Concello como institución.

II. Atribucións do Pleno.-

En canto as atribucións previstas nos artigos 37 e 38 do regulamento proxectado, son acordes co réxime competencial establecido no artigo 123 da LRBRL.

III. Dereitos de carácter económico dos concelleiros.-

O artigo 6 do regulamento regula os dereitos de carácter económico dos concelleiros, non contendo mención algunha que sexa contraria ao disposto nesta materia no artigo 75 da LRBRL.

IV. Dereitos económicos dos grupos municipais.-

O artigo 22 do regulamento regula os dereitos económicos dos grupos municipais, non contendo referencias que sexan contrarias ao disposto nesta materia no artigo 73 da LRBRL.

V. Procedemento de aprobación dos orzamentos.-

O capítulo II do título VII do regulamento establece o procedemento de aprobación do orzamentos, materia regulada nos artigos 168 a 171 do TRLFL, preceptos dos que convén precisar o seguinte:

O artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, regula o réxime de reclamacións ao proxecto de orzamento das Entidades Locais, reclamacións que nalgúns aspectos poden resultar semellantes a un recurso de reposición por canto se interpoñen ante o mesmo órgano -o Pleno- que aprobou o expediente presupostario.

A lexitimación activa en vía administrativa para formular reclamacións á aprobación inicial do proxecto de orzamento contempla tres categorías de interesados: os habitantes no territorio da respectiva Entidade Local, entendendo por tales os habitantes de dereito; en segundo lugar os que resulten directamente afectados aunque non habiten no territorio da entidade local, é dicir aqueles que poideran ser titulares dun interese propio particular distinto do de calquera outro cidadán; e, finalmente, e en tercer lugar, unha serie de entidades (Colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións,) que dende a súa condición pública ou privada poden defender intereses profesionais, económicos, e/ou veciñais no ámbito do territorio municipal.

Por outra parte, o citado artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 22 do R.D 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei reguladora das Facendas Locais, enumeran os motivos tasados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

Un primer motivo ven determinado por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio TRLFL. Con respecto a esta posibilidade debemos indicar que existe unha doutrina xurisprudencial pola que a existencia de vicios formais na elaboración e aprobación do orzamento deben ser o suficientemente graves como para anulalo na súa integridade, xa que de apreciarse un vicio que determinase a súa anulabilidade e non a nulidade radical aplicaríase o “principio de conservación de actos”.

En segundo lugar a Lei impón as Entidades Locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte as obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou dictados en aplicación directa de aquela. Isto supón unha excepción ao efecto autorizante do Orzamento, como consecuencia da preexistencia do recoñecemento obrigacional, sendo necesario que a obriga sexa esixible, isto é, que se perfeccionara mediante os actos necesarios para a súa efectividade. Como corolario desta esixencia o citado artigo 170 do TRLFL recolle este segundo suposto polo que se permite a impugnación dos orzamentos pola omisión do crédito necesario para o cumprimento de obrigas cando éstas son esixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

Por último, o artigo 170 do TRLFL permite a reclamación contra un orzamento dunha Entidade Local pola insuficiencia dos ingresos en relación aos gastos presupostados, ou destes respecto ás necesidades derivadas do exercicio das competencias municipais. Agora ben cómpre matizar que soamente cabe a citada reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas”, pois doutra maneira suporía cercenar as facultades de decisión económico-financeiras que comportan o exercicio da autonomía local. Por outra parte, habería que distinguir entre os gastos de funcionamento dos servizos de carácter obrigatorio, que serían os servizos mínimos municipais do artigo 26.1 da LRRL, e os de carácter potestativo dos que non cabe predicar a súa preceptividade.

Tras este análise da regulamentación das reclamacións ao Orzamento tan só resta enunciar o procedemento establecido nos artigos 169 e 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004 para a aprobación do Orzamento polo Pleno:

- O Pleno dispón do prazo dun mes para resolver as reclamacións que se presenten contra o orzamento, contándose este prazo a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de exposición ao público, e considerándose as reclamacións desestimadas, en calquera caso, se non se resolvesen expresamente no acto de aprobación definitiva (artigo 20.1 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril).
- O quorum necesario é o mesmo que o requirido para a probación inicial, isto é, maioría simple.
- O Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, debe ser inserido resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, como garantía do principio de seguridade xurídica do artigo 9.3 da Constitución.
- Debe remitirse copia do orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma .
- Copia do Orzamento e das súas modificacións deberá estar a disposición do público a efectos informativos desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.
- O Orzamento entrará en vigor no exercicio correspondente unha vez publicado na forma referida anteriormente, é dicir, se o edicto anunciando a aprobación definitiva se publica no BOP antes de comenzar o exercicio económico ao que se refire o Orzamento, a entrada en vigor será o 1 de xaneiro seguinte. Polo contrario, se a publicación se efectúa xa iniciado o exercicio o orzamento entrará en vigor o día da súa publicación.
- Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso- administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdicción.
- A interposición de recursos non suspenderá por sí sola a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.

En calquera caso, compre lembrar tamén que fronte a este procedemento “normal” de aprobación dos orzamentos polo Pleno, a vixente Disposición Adicional 16ª da LRBRL -engadida pola LRSAL-, atribúe, con carácter excepcional, á Xunta de Goberno Local a competencia para aprobar o orzamento do exercicio inmediatamente seguinte, sempre que exista un orzamento prorrogado e cando o Pleno non alcanzase, nunha primeira votación a maioría necesaria para tal aprobación.

Esta Disposición non fai senón atribuír á Xunta de Goberno Local unha competencia que, con carácter xeral, corresponde ao Pleno, pero de ningún xeito altera o procedemento de aprobación dos orzamentos, polo que, no caso de que se dean as circunstancias previstas na Disposición Adicional 16ª da LRBRL, é dicir, que o orzamento do ano anterior este prorrogado, o proxecto de orzamentos deberá presentarse ao Pleno para a súa aprobación inicial. Se o pleno non o aproba poderá ser a Xunta de Goberno a que adopte o acordo de aprobación inicial.

Concluída a exposición pública, o orzamento aprobado inicialmente xunto coas reclamacións presentadas someterase a aprobación do Pleno. Igualmente se o Pleno da Corporación non adopta o acordo de aprobación definitiva será a Xunta de Goberno a que o poderá facer.

Conclusións.-

- Dende unha perspectiva estrictamente formal, a tramitación do expediente incoado para a aprobación do Regulamento Orgánico do Pleno é adecuada á lexislación aplicable. Destacar que, en boa lóxica, trátase do único dos Regulamentos Orgánicos Municipais que non precisa a previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local.
- O Proxecto de Regulamento Orgánico do Pleno examinado non contén, ao meu xuízo, mencións, preceptos ou disposicións que sexan contrarias ao Ordeamento xurídico vixente.
- Dado que o proxecto de Regulamento examinado inclúe entre as súas disposicións o procedemento de aprobación dos orzamentos (capítulo II do título VII, artigos 81 a 86), resultaría convinte recoller no seu articulado a posibilidade recollida na Disposición Adicional 16ª da LRBRL, que atribúe, con carácter excepcional, á Xunta de Goberno Local a competencia para aprobar o orzamento do exercicio inmediatamente seguinte, sempre que exista un orzamento prorrogado e cando o Pleno non alcanzase, nunha primeira votación a maioría necesaria para tal aprobación."

En data 4 de marzo de 2016, remítese o informe-proposta e o Proxecto de Regulamento aos voceiros dos grupos municipais para que no prazo de oito días formulen as emendas que consideren oportunas.

Con data 14 de marzo, dentro do prazo outorgado, presentaron emendas os voceiros dos grupos municipais de Marea de Vigo e do Partido Popular.

O Secretario Xeral do Pleno, en data 16.03.2016, emite o correspondente informe relativo ás emendas presentadas, que di o que segue:

"Asunto: Informe relativo ás emendas presentadas polos grupos políticos municipais ao proxecto de Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo.

Lexislación aplicable:

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

LRXPAC. Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

ROF. Real Decreto 2568/1986, de X de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

ROP. Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo. BOP de data 17.09.2010

Antecedentes:

En data 4 de marzo esta Secretaría Xeral, en cumprimento do previsto no artigo 90.1

do vixente Regulamento Orgánico do Pleno, en adiante ROP, remitiu aos Voceiros dos grupos políticos municipais o proxecto do novo Regulamento Orgánico do Pleno ao obxecto de que no prazo dos oito días seguintes ao de súa recepción fixeran as alegacións que estimaran oportunas.

En data de 14 de marzo, dentro do prazo outorgado, presentaron emendas os Voceiros dos grupo políticos municipais “Marea de Vigo” e “Partido Popular”; procede, respecto das mesmas, emitir informe avaliando a adecuación e incidencia das emendas á legalidade vixente sen prexuízo de considerar aspectos de técnica e sistemática regulamentaria.

INFORME

I Emendas presentado polo grupo político municipal “Marea de Vigo”

1. O artigo 2, “Idiomas do Pleno”. Emenda de supresión.

Insta a supresión do parágrafo terceiro que di: *“Nos debates utilizarase o galego ou o castelán”*.

2. O artigo 9, “Dereitos de carácter político e representativo”. Emenda de modificación.

Propón manter a redacción do artigo 19 do vixente Regulamento.

No artigo 9 o anteproxecto distingue entre “Acceso libre dos concelleiros á información”, apartado 2; “Copias dos expedientes”, apartado 3; e “ Acceso autorizado dos concelleiros á información”, apartado 4. No último dos citados, no apartado 4, consta unha redacción moi similar ao vixente artigo 19.1 e 19.2.

3. O artigo 9.3, “Dereitos de carácter político e representativo”, “Copias dos expedientes”. Emenda de supresión.

Insta a supresión do último parágrafo que menciona o feito de que a petición de copias *en ningún caso referirase a solicitudes xenéricas* e que o dereito á obtención de copias *non implicará unha lesión do principio de eficacia administrativa*.

A LRXPAC, no artigo 37.7, menciona a “eficacia administrativa” como límite o dereito dos cidadáns de acceso aos Rexistros Públicos; así mesmo a “eficacia administrativa” e un principio constitucional de funcionamento das Administracións Públicas, artigo 103.1. O artigo 37.7 citado tamén menciona a prohibición de solicitudes xenéricas.

4. O artigo 21.1 “Composición e constitución” dos Grupos Políticos Municipais. Emenda de modificación.

Propón a modificación do último inciso do apartado 1.: *“Os grupos municipais constarán de polo menos tres concelleiros, ningún pertencerá simultaneamente a mais dun Grupo”*, pola seguinte redacción *“Os grupos municipais constarán de polo menos dous concelleiros, ningún pertencerá simultaneamente a mais dun Grupo”*

5. O artigo 22.3 “Dereitos económicos e funcionais dos grupos municipais”, emenda

de substitución e modificación.

O apartado 3 refírese ás infraestruturas mínimas dos distintos grupos [espazos físicos] para reunirse e recibir visitas dos cidadáns.

6. O artigo 29.1 “Réxime xurídico e de funcionamento” da Xunta de Voceiros. Emenda de modificación.

A emenda propón unha nova redacción do último inciso do apartado 1 no sentido de que as sesións extraordinarias sexan tamén convocadas *“a petición razoada de calquera dos seus membros”*

7. O artigo 33 “Comisións Permanentes. Atribucións”. Emenda de engádega

Propón a engádega dunha nova “atribución” que se concreta en, coñecer [dar conta] das mocións presentadas polos grupos municipais dende a anterior convocatoria das mesmas.

8. O artigo 34.3 “ Comisións Obrigatorias”. Emenda de engádega.

Propón a engádega dun apartado 3. referido a *“Comisión de Vixilancia da Contratación Pública”*.

O proxecto, de conformidade réxime xurídico local, distingue entre Comisións Informativas Permanentes, Obrigatorias e Especiais; as Permanentes son as que ditaminan os asuntos de tramitación ordinaria que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno; as Obrigatorias son as previstas na normativa de réxime local; as Especiais son aquelas as creadas polo propio Pleno en relación cun asunto ou materia determinada.

A *“Comisión de Vixilancia da Contratación Pública”*, aínda que non prevista no ordenamento xurídico local, pode ser creada polo Regulamento Orgánico do Pleno polo que tería o carácter -tal e como sinala a emenda- de “obrigatoria” e levaría a cabo o seguimento da xestión do alcalde e do seu equipo de goberno en materia de contratación, artigo 122.4. b) LBRL, sen prexuízo do superior control e fiscalización que con carácter xeral corresponde o Pleno.

Os grupos políticos municipais atópanse representados na Mesa de Contratación polo que sería máis congruente que a Comisión proposta, no suposto de que se acorde a súa creación, limite as funcións de control e fiscalización aos *contratos menores e aos contratos negociados sen publicidade*.

9. O artigo 49.1 “ Publicidade das sesións”. Emenda de supresión.

Propón a supresión do inciso final do segundo parágrafo do apartado 1 referido ao público asistente ás sesións: *“nin exhibirá carteis, pancartas ou similares”*.

10. O artigo 49.5 “Publicidade das sesións”. Emenda de supresión.

Propón a supresión do inciso final do apartado 5 *“(…) ningún medio, sen atoparse expresamente autorizado pola Presidencia, realizará gravacións gráficas ou sonoras*

das sesións (...)”.

A Presidencia do Pleno ostenta inherentes deberes de dirección e de policía interna (policía de estrados) durante a celebración das sesións plenarias ao obxecto de que estas se desenvolvan coa solemnidade debida.

O inciso final do apartado 5 ten como fin, precisamente, facilitar a presenza dos medios de comunicación no Pleno.

En efecto, o espazo físico do Salón de Plenos do Excmo. Concello de Vigo é moi reducido, razón suficiente para que a presenza destes nas sesións deba disciplinarse/controlarse evitando con iso situacións de imposibilidade material (cabida física) que, en todo caso, deben ser resoltas con anterioridade ao inicio da sesión.

A autorización que se menciona no artigo 49.5 é admisible e conforme a dereito sempre e cando se interprete no sentido que a autorización é outorgada ou denegada en función do espazo dispoñible.

11. O artigo 54.1 “Nomenclatura”. Emenda de substitución.

Propón unha redacción alternativa ao inciso final do apartado 1 “Intervención no Pleno dos Cidadáns” limitando, por razóns de funcionalidade, a un máximo de dúas [orde de petición] as “Intervencións”, cando estas se refiran a asuntos que teñan relación cun asunto que conste na Orde do Día. Concreta que as intervencións terán unha duración máxima entre cinco e dez minutos segundo determine a Presidencia.

12. O artigo 66.5 “Preguntas”. Emenda de substitución.

Propón a modificación do apartado 5 no sentido de posibilitar un máximo de catro preguntas a cada grupo político municipal que non forme parte do equipo de goberno e unha pregunta aos concelleiros non adscritos.

13. O artigo 83.1 “Emendas”. O proxecto de orzamentos. Emenda de engádega.

Propón a engádega dun novo parágrafo ao apartado 1 que faga referencia expresa ás emendas á totalidade.

A non mención das emendas á totalidade ao proxecto de orzamento é unha eiva do proxecto de Regulamento, procede a súa consideración, na redacción presentada ou en calquera outra que acorde o Pleno para unha mellor calidade técnica do Regulamento.

14. O artigo 88. “ Da iniciativa regulamentaria dos veciños”. Emenda de modificación.

Propón que as iniciativas regulamentarias dos veciños sexan subscritas cando menos pola porcentaxe do 5 por cento de veciños do municipio; no proxecto de Regulamento se determina unha porcentaxe do 10 %.

15. Artigo 89. Novo artigo. “Do escano cidadá”. Emenda de engádega.

Propón a engádega dun novo artigo no sentido de que, finalizada a sesión o Presidente

abra unha quenda de rogos e preguntas sobre temas concretos de interese municipal entre o público asistente regulando/ordenado en distintos parágrafos tal participación veciñal.

O artigo 228.2 do ROF sinala, *“Terminada a sesión do Pleno o Alcalde pode establecer unha quenda de rogos e preguntas polo público asistente sobre temas concretos de interese municipal. Corresponde ao Alcalde ordenar e pechar esta quenda”*

II. Emendas presentado polo grupo político municipal do “Partido Popular”

1. O artigo 9 “Dereitos de carácter político e representativo”. Emenda de substitución e engádega.

Propón, en substitución do artigo 9, a engádega de sete artigos que ordenan o acceso dos membros da Corporación á información municipal.

A emenda non mellora a técnica e sistemática regulamentaria que se atoparía excesivamente dispersa.

O primeiro dos artigos propostos menciona principios xerais do dereito á información xa recollidos en distintos preceptos do ordenamento xurídico.

O segundo artigo proposto refírese ao acceso á información e documentación correspondente aos asuntos que haxan de ser tratados polos órganos colexiados; o mesmo dereito menciónase no artigo 9.2.b) do proxecto de Regulamento.

O terceiro artigo proposto titulado “Información para a función de fiscalización”, recóllese, en similares términos, nos dous primeiros parágrafos do artigo 9.4 do Proxecto. A redacción proposta concreta aos fundamentos xurídicos en virtude dos cales pode ser denegada a información solicitada; neste sentido no último inciso do segundo parágrafo do artigo 9.4 advirte que a denegación de información debe realizarse en virtude de Resolución fundada; entendemos que non é preciso delimitar os fundamentos que, en todo caso, coincidirán cos previstos na emenda sen prexuízo de entender que non procede unha denegación en virtude dunha posible vulneración dos dereitos fundamentais previstos no artigo 18 (intimidade persoal, familiar e propia imaxe) en tanto en canto os concelleiros están suxeitos ao deber de sixilo.

O cuarto artigo proposto refírese ao acceso aos Libros de Resolucións e Actas; o mesmo dereito menciónase no artigo 9.2.b) do proxecto de Regulamento.

O quinto artigo refírese á “Forma de acceso” mencionado no artigo 9.5.a) do proxecto de Regulamento. Menciona tamén o dereito a obter copias de expedientes previsto no artigo 9.3 do proxecto.

O sexto artigo mistura a imposibilidade de realizar peticións xenéricas e indeterminadas -previsión contemplada no artigo 9.4-, e o deber de confidencialidade previsto no artigo 19.D do proxecto de Regulamento.

O sétimo artigo proposto denomínase *“Información periódica”* e ten un contido propio e a súa consideración implicaría unha engádega no proxecto de Regulamento.

2. Emenda de engádega.

Propón a creación dunha “*Comisión de Vixilancia da Contratación*”.

A “*Comisión de Vixilancia da Contratación*”, aínda que non prevista no ordenamento xurídico local, pode ser creada polo Regulamento Orgánico do Pleno polo que tería o carácter de “obrigatoria”, levando a cabo o seguimento da xestión do alcalde e do seu equipo de goberno en materia de contratación, artigo 122.4.b) sen prexuízo do superior control e fiscalización que con carácter xeral corresponde ao Pleno; non obstante, débese sinalar que os grupos políticos municipais ostentan representación na Mesa de Contratación polo que sería máis congruente que a Comisión proposta, no suposto de que se acorde a súa creación, limite as funcións de control e fiscalización aos contratos menores e os negociados sen publicidade.

3. Propón a creación dunha “*Comisión de Seguimento*” da xestión do alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos concelleiros delegados. A Comisión se concibe como Comisión Permanente.

O proxecto de Regulamento concibe ás Comisións Permanentes como aquelas que se constitúen con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias (expedientes de tramitación ordinaria) que deben someterse ao Pleno, artigo 31.3. No suposto de que o Pleno -en virtude da incorporación da presente emenda o texto do proxecto regulamentario- acorde a súa constitución, esta Comisión ten mellor encaixe sistemático como apartado 3 do artigo 34.

4. Emenda de engádega.

Propón a inclusión dun artigo que estableza un prazo de tres días naturais para recibir a documentación dos asuntos que integren a Orde do Día das Mesas de Contratación.

O funcionamento das Mesas de Contratación do Concello de Vigo regúlase no acordo de creación e supletoriamente na regulación que a lexislación básica de Réxime Xurídico (LRXPAC) sinala para o funcionamento dos órganos colexiados.

A Mesa de Contratación ven convocando as súas reunións cunha antelación mínima de 48 horas respecto do momento da súa realización, prazo que en determinados supostos (coincidencia de feirados) pode ser superior aos tres días naturais propostos. Xunto coa convocatoria remítese a cada membro da Mesa a totalidade da documentación.

5. O artigo 29.1. “Réxime xurídico e de funcionamento” da Xunta de Voceiros. Emenda de modificación.

A emenda propón unha nova redacción do último inciso do apartado 1 no sentido de que as sesións extraordinarias sexan tamén convocadas “...por petición da metade dos seus membros”.

6. O Artigo 22. “Dereitos funcionais dos grupos municipais”. Emenda de engádega.

Propón un novo apartado 5 o artigo 22 coa seguinte redacción: “Aos efectos de que os grupos municipais poidan realizar a súa labor de representación institucional, deberán

ser informados polo Goberno sobre todos os actos realizados polo Concello e os actos que organizados por outras institucións na Cidade se convide a totalidade da Corporación Municipal"

7. O artigo 26.2 "Presidencia, delegación e substitución". Emenda de supresión.

Propón a supresión do último inciso do artigo 26.2 que contempla a posibilidade de que os tenentes de alcalde ostenten a prerrogativa do "voto de calidade" en casos de substitución do alcalde.

A emenda non é conforme a dereito.

Decidir os empates nas votacións co voto de calidade é unha prerrogativa do alcalde que non pode ser obxecto de delegación, artigos 124.4d) e 124.5 da LBRL. Agora ben, neste suposto non existe delegación, existe a substitución do alcalde polo tenente de alcalde como consecuencia de ausencia ou enfermidade deste, motivo suficiente para entender que aos tenentes de alcalde, no caso que desempeñen a Presidencia do Pleno en tales circunstancias, lles corresponden idénticas prerrogativas que aos alcaldes.

8. O artigo 40.1. g) 1º " Asesoramento legal ao Pleno e as Comisións por parte do secretario do Pleno". Emenda de modificación.

Propón a modificación do artigo no sentido de que o informe do secretario sexa preceptivo con referencia a asuntos que deba tratar o Pleno se é solicitado por *un terzo* dos membros da Corporación. No proxecto consta a carta parte dos membros

9. O Título V. "Do funcionamento de Pleno". Emenda a totalidade.

A emenda á totalidade xustifícase indicando que a regulación do funcionamento do Pleno é excesiva e insta o mantemento da Regulamento actual.

O Título V do Regulamento vixente, tamén denominado "Do funcionamento do Pleno" consta de 31 artigos, do artigo 57 o artigo 87. O Título V do proxecto de Regulamento, dividido en catro Capítulos, intégrase polos artigos 42 o 70, un total de 29 artigos, a regulación segue similar sistemática a vixente e non é excesiva.

O mesmo numeral de emenda refírese aos artigos 55.2 e 64.1 indicando que o prazo de cinco minutos previstos para as intervencións nos expedientes de tramitación ordinaria e mocións de control debe modularse en función da importancia dos asuntos a tratar. Neste sentido o proxecto de Regulamento no seu artigo 55.5 indica, "A Presidencia, en función do contido do asunto a tratar, e especialmente nos casos de exercicio da iniciativa orzamentaria ou regulamentaria, ben a iniciativa propia, ben a proposta da Xunta de Voceiros, poderá ampliar o tempo das intervencións".

O mesmo numeral de emenda propón a modificación do artigo 54.1 referido á "Intervención no Pleno dos cidadás", sinalando que tales intervencións non sexan tan só posibles aos representantes de Asociacións ou Entidades constituídas en defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, senón tamén a calquera cidadá.

“Preguntas”. Emenda de substitución.

O artigo 66.1. Propón a modificación do inciso final no sentido de que no caso de que o interpelante admita contestación escrita esta se materialice *antes dos cinco días posteriores á sesión*.

11. O artigo 69. “ Debate sobre o estado da cidade”. Emenda de engádega.

Propón que o tempo de intervencións neste debate, non regulado, sexa de dez minutos para cada grupo municipal, con cinco minutos de réplica para o goberno municipal.

12. O artigo 88. “Da iniciativa regulamentaria dos veciños”. Emenda de modificación.

Propón que as iniciativas regulamentarias dos veciños sexan subscritas cando menos pola porcentaxe do 5 por cento de veciños do municipio; no proxecto de Regulamento se determina unha porcentaxe do 10 %.

13. O artigo 12. “ Declaración de actividades”, por erro se cita o artigo 13. Emenda de engádega.

Propón a engádega dun apartado 3 que mencione a necesidade de declarar as actividades desenvoltas polos concelleiros e altos cargos do Concello nos dous anos anteriores a súa toma de posesión.

Na emenda indícase que o “Rexistro” estea dispoñible para calquera cidadá no perfil de cada “lato cargo” sen solicitude previa e en tempo real.

Débase advertir que a denominación de “alto cargo” non existe no réxime xurídico local polo que é mais conveniente referirse ao “persoal directivo”.

Polo que respecta ao acceso ás declaracións en tempo real os artigos 16.1 e 16.2 do proxecto de Regulamento sinalan que os Libros de Actividades e Intereses Económicos faranse públicos nos primeiros cinco días do mes de decembro de cada ano mediante a publicación do contido refundido das declaracións na sede electrónica do Concello de Vigo.

14. O artigo 49.1 “ Publicidade das sesións”. Emenda de supresión.

Propón a supresión do inciso final do segundo parágrafo do apartado 1 referido o público asistente ás sesións: *“nin exhibirá carteis, pancartas ou similares”*.

15. O artigo 22.3 “Dereitos funcionais dos grupos municipais”. Emenda de modificación.

Propón a modificación do primeiro parágrafo do artigo 22.3 no seguinte sentido: *“Porase a disposición dos grupos municipais un local ou despacho para reunirse e recibir visitas dos cidadáns, así como a infraestrutura adecuada de medios materiais e persoais para o desenvolvemento das súas funcións”*.

III. Conclusións

A. Respecto das emendas presentadas polo grupo político municipal “Marea de Vigo” cabe realizar as seguintes consideracións técnicas e xurídicas:

A sistemática regulamentaria non aconsella a consideración das emendas identificadas cos números 1 e 3.

A emenda número 8 referida á “*Comisión de Vixilancia da Contratación Pública*” debería concretar que á atribución desta Comisión, no caso de prosperar, refírese ao control e fiscalización dos contratos menores e dos contratos negociados sen publicidade.

Con referencia a emenda número 10 reitérase que o texto do proxecto de Regulamento debe ser interpretado conforme ao sinalado neste informe.

Para unha mellor calidade sistemática do Regulamento débese admitir a emenda identificada como número 13, ben na redacción presentada ou en calquera outra que acorde o Pleno.

Respecto das demais emendas a Corporación decidirá.

B. Respecto das emendas presentadas polo grupo político municipal do “Partido Popular” cabe realizar as seguintes consideracións técnicas e xurídicas:

A sistemática regulamentaria non aconsella a consideración da emenda número 1 agás a proposta que a emenda realiza respecto da “*Información periódica*”.

A emenda número 2 referida á “*Comisión de Vixilancia da Contratación*” debería concretar que a atribución desta Comisión, no caso de prosperar, refírese ao control e fiscalización dos contratos menores e dos contratos negociados sen publicidade.

A emenda número 7 debe rexeitarse por razóns de legalidade.

Por razóns de sistemática regulamentaria non convén a consideración da emenda identificada co número 9.

Respecto das demais emendas a Corporación decidirá.

IV. Tramitación das emendas presentadas.

Conforme o sinalado no artigo 90.3 do ROP as emendas presentadas debateranse e votaranse na Comisión Informativa competente podéndose admitir neste intre emendas transaccionais ou as que teñan por finalidade emendar erros ou correccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais.

As emendas que admitidas en Comisión incorporaranse ao texto do proxecto de Regulamento.

Na sesión plenaria o goberno expoñerá o texto resultante e os representantes dos grupos políticos municipais que tiveran presentado emendas e non houberan prosperado en Comisión defenderán o contido destas.

Concluído o debate a Presidencia someterá a votación as emendas. Finalmente someterá a votación o texto definitivo para a súa aprobación inicial."

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 22.03.2016, ditamina o seguinte:

"PRIMEIRO: Incorporar o texto do Proxecto de Regulamento as observacións técnicas realizadas polo Interventor Xeral no seu informe de data 15.03.2016 engadindo tras o artigo 85 do Proxecto un novo artigo que faga mención a posibilidade excepcional de aprobación do Proxecto de Orzamento pola Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO: Incorporar o texto do Proxecto de Regulamento as observacións técnicas realizadas polo Interventor Xeral no seu informe de data 15.03.2016 engadindo o artigo 85.3 do Proxecto o texto que consta no Anexo.

TERCEIRO: Rexeitar, por cinco votos en contra dos representantes membros do grupo municipal Socialista e tres a favor dos representantes membros dos grupos municipais do Partido Popular e Marea de Vigo as emendas do grupo municipal Marea de Vigo identificadas cos números 2,3,5,6,9,10,11,12, 14 e 15 no informe ás emendas emitido polo secretario xeral do Pleno en data 16.03.2016.

CARTO: Rexeitar, por cinco votos en contra dos representantes membros do grupo municipal Socialista, dúas abstencións dos representantes do grupo municipal do Partido Popular e un favor do representante do grupo municipal Marea de Vigo as emendas do grupo municipal Marea de Vigo identificadas cos números 1 e 7 no informe ás emendas emitido polo secretario xeral do Pleno en data 16.03.2016.

QUINTO: Rexeitar, por cinco votos en contra dos representantes membros do grupo municipal Socialista a emenda do grupo municipal Marea de Vigo que no informe emitido polo secretario xeral do Pleno en data 16.03.2016 identifícanse co número 4 (artigo 21.1 composición de grupos municipais)

SEXTO: Aceptar, por unanimidade, as emendas do grupo municipal Marea de Vigo que no informe emitido polo secretario xeral do Pleno en data 16.03.2016 identifícanse cos números; 8 (artigo 34, Comisión de Vixilancia da Contratación Pública, novo apartado 3 no artigo 34) e 13 (artigo 83.1, emendas á totalidade no Proxecto de Orzamento)

SÉTIMO: Quedar enterados da retirada da emenda comunicada polos representantes do grupo municipal do Partido Popular e identificada co número 7 no informe ás emendas emitido polo secretario xeral do Pleno en data 16.03.2016.

OITAVO: Quedar enterados da retirada da emenda comunicada polos representantes do grupo municipal do Partido Popular e identificada co número 13 no informe ás emendas emitido polo secretario xeral do Pleno en data 16.03.2016 no relativo ao acceso directo e en tempo real ás declaracións de actividades e bens e dereitos dos membros da Corporación.

NOVENO: Rexeitar, por cinco votos en contra dos representantes membros do grupo municipal Socialista e tres a favor dos representantes membros dos grupos municipais do Partido Popular e Marea de Vigo as emendas do grupo político Popular identificadas cos números 1,3,4,6,8,11,14 e 15 no informe ás emendas emitido polo secretario xeral do Pleno en data 16.03.2016.

DÉCIMO: Rexeitar, por cinco votos en contra dos representantes membros do grupo municipal Socialista, unha abstención do representante do grupo municipal Marea de Vigo e dous votos a favor dos representantes do grupo municipal do Partido Popular as emendas do grupo municipal Popular identificadas cos números 9 e 12 no informe ás emendas emitido polo secretario xeral do Pleno en data 16.03.2016.

DÉCIMO PRIMEIRO: Aceptar, por unanimidade, as emendas identificadas no informe ás emendas emitido polo secretario xeral do Pleno en data 16.03.2016 cos números 2 (Comisión de Vixilancia da Contratación, novo apartado 3 no artigo 34);5 (artigo 29.1, réxime de funcionamento da Xunta de Voceiros) e 10 (artigo 66.1, prazo para a contestación das preguntas formuladas en sesións plenarias). A emenda identificada como número 2 aceptase na redacción proposta polo grupo municipal Marea de Vigo.

DECIMO SEGUNDO. Aceptar, por unanimidade a emenda do grupo Popular identificada co número 13 no informe ás emendas emitido polo secretario xeral do Pleno en data 16.03.2016 (artigo 12 de Proxecto) no relativo á inclusión das actividades realizadas nos dous anos anteriores á toma de posesión por membros da Corporación e persoal directivo municipal.

Conforme ó Ditame emitido o texto de Proxecto de Regulamento resultante é o transcrito na parte dispositiva deste acordo:

DEBATE:

PRESIDENCIA: Dado que é un punto que ten indubidable interese, imos dar quendas de 10 minutos se lle parece ben aos grupos municipais.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz por que está tan enfadada permanentemente? Por que ten este grado de crispación permanentemente? Trate de ser feliz muller.

Estamos ante un novo Regulamento, o anterior Regulamento era do ano 2010, é evidente que era necesaria a súa adecuación e podo afirmar que estamos ante un gran Regulamento, un texto que se axusta ás necesidades actuais porque certamente é un Regulamento de futuro, non é un Regulamento deste grupo nin de ningún grupo, é un proxecto de Regulamento para perdurar no tempo e que

recolle basicamente o demostrado como bo do anterior porque aínda sendo do ano 2000 é certo que cousas boas tiña a pesares Sra. Muñoz, e lles lembro, que o Partido Popular votou en contra. Tamén caracteriza a este Regulamento as necesarias modificacións baseadas precisamente na experiencia do desenvolvemento anterior e por que non dicilo, na asunción daquelas normas similares que encaixan perfectamente dentro do que debe ser o regulamento do órgano máis importante deste Concello que emana da vontade dos cidadáns.

Este Regulamento é máis democrático, afonda nesa democratización, é un Regulamento que facilita o fluxo e a entrega de información, que a fai áxil en tódolos seus aspectos á hora de regular todo o concerninte co Pleno, e basicamente e moi importante que garante a transparencia.

Na tramitación deste Regulamento que consta dun 90 preceptos entre artigo e disposicións adicionais, presentáronse 29 alegacións, como queira que coinciden algúns artigos entre Partido Popular e Marea de Vigo, estamos a falar de que as emendas, aínda que algunhas son de engádega, quedarían en 23, polo tanto estamos ante un texto cun alto grado de aceptación por parte dos tres grupos, se a maiores destacamos que das emendas presentadas e as que facían mención, foron aceptadas oito, estamos nun grado de aceptación das emendas do 35%, isto certamente é un feito insólito, verdade Sra. Muñoz, vostede que estaba acostuada no Parlamento a que cando se presentaban 600 emendas aos orzamentos se aceptaban cero, recoñecerá, espero na súa intervención, que é un feito insólito o que aceptemos o 35% das modificacións.

Conclusión, engadindo que algunhas emendas que se consideran no informe técnico como non aconsellables de acordo coa sistemática regulamentaria, estamos ante un Regulamento que ten o 90% de consenso dos tres grupos entre o proposto e o aceptado, 90% aínda que algúns non se deran conta.

Entre os aspectos máis importantes a destacar deste novo Regulamento é o regulamento máis avanzado en transparencia, dará conta de todo o relativo aos concelleiros, é neste sentido onde poderíamos optar por unha publicidade reservada ou por unha publicidade plena e optamos, evidentemente, por unha publicidade plena para que se coñeza todo o relativo aos concelleiros e inclusive dous anos antes da toma de posesión.

É un Regulamento que regula as actuacións que pode levar a cabo un goberno en

funcións, dentro das boas práctica e isto certamente di moito da transparencia, da xestión e da aposta do Regulamento que propoñemos. Tamén este Regulamento regula o traspaso de poderes obrigando ao goberno saínte a proporcionar unha serie de información ao entrante, polo tanto seguimos nesas boas prácticas as que facía mención anteriormente.

Logo regula, como non podía ser doutra maneira, todo o relacionado co tema de mocións, co seu número máximo que non se modifica en relación co anterior e se referenda nesta proposta de regulamento o carácter público destas sesións plenarias, iso si, garantindo o desempeño das funcións de concelleiros e posibilitando medidas correctoras se isto non se garante.

Tamén este Regulamento regula a presentación dunha moción de confianza vinculada á aprobación dos orzamentos para que non se poida modificar e imposibiliten esta vinculación.

Polo tanto, estamos ante un texto que certamente na nosa opinión, goza de moito grao de consenso a pesares de que queiran facer números e a pesares de que a crítica da oposición Marea de Vigo e Partido Popular só se limite a un apartado que é o relativo a como se deben dirixir e como debemos actuar nestas sesións plenarias. O texto, ao que vostedes fan mención como parece ser que un acortamento de dereitos e demais eu quero ler o artigo 49, o artigo 49 di que o público asistente ás sesións non intervirá nelas, nin fará manifestación de agrado ou desagrado, nin exhibirá carteis, pancartas ou similares, este texto que acabo de ler precisamente é o que garante o respecto porque estamos ante o Pleno do Concello de Vigo, é un órgano e son unhas sesións que representan aos cidadáns, aquí estamos no estrito resultante dos votos. Estas sesións que celebramos mensualmente mailas extraordinarias deben realizarse na solemnidade que tal órgano como o Pleno merece, por iso facemos unha reafirmación dese carácter público da súa realización pero insisto, baseado no respecto, e este é o apartado que a oposición rexeita, ese respecto que todos debemos de ter.

Esta sesión lamentable está sendo un exemplo, é sorprendente que Marea de Vigo e Partido Popular avalen coas súas emendas estas situacións que estamos a vivir no día de hoxe, evidentemente xa o comprobei, interrómpenos a nos e non lles interrumpen a vostedes, e estamos evidentemente ante unha contradición do Partido Popular porque alí onde goberna o Partido Popular e hai que facer mención

sobre todo ao Parlamento de Galicia pero tamén a moitos outros concellos, isto que propoñemos no artigo 49 é norma no Parlamento de Galicia, podería exhibir tódalas fotos nas que se desaloxa a aqueles que se exhibían carteis, e é unha contradición e é incomprensible que a Sra. Muñoz defenda aquí unha posición e defenda outra posición no Parlamento de Galicia, por dicirlllo claramente, non ma imaxino a vostede no goberno da Xunta de Galicia posicionándose a favor do que hoxe di no Pleno do Concello.

Polo tanto, nos reafirmamos no exposto no artigo 49, este non é lugar de manifestación, as manifestacións e as concentracións se solicitan ante a Subdelegación do Goberno, este Pleno, voceiros de Marea de Vigo e do Partido Popular, non pode converterse nun punto de encontro de protesta, hoxe unha e mañá outra, non, non pode e non é asumible, os colectivos teñen ante este goberno a forma de dirixirse, de interlocución e a forma de facer chegar as súas opinións e as súas propostas.

Polo tanto, a conclusión nosa con respecto a este Regulamento é que esta modificación era absolutamente necesaria, que na tramitación de todo o relacionado con esta proposta aceptamos emendas moi importantes, emenda relativa á Comisión de vixilancia de contratación pública, emendas á totalidade dos Orzamentos, emendas ao relativo aos grupos municipais e Xunta de Voceiros e tamén aceptamos en canto a transparencia e declaración de intereses que isto sexa traído a dous anos anteriores.

Polo tanto, estamos como dicía ao principio ante un proxecto de Regulamento que presentamos para a súa aprobación inicial, que cremos que é un texto de futuro, que cremos que é un texto que se axusta perfectamente ao que é este Pleno, ao que representa este Pleno, ao que debemos debater e todo o comporta tamén co goberno e coa situación de traspaso de poderes e polo tanto entendemos que é un Regulamento que se axusta ás necesidades actuais, que é un gran Regulamento e que na nosa opinión goza dun consenso do 90%.

SR. PÉREZ CORREA: Eu creo que estamos, polo menos o noso grupo, alucinando con algunhas das aseveracións que se fan aquí, eu levo 14 anos de delegado sindical na Federación da Industria da miña empresa, cando se incumpre o convenio calquera espacio de protesta é lexítimo porque iso se chama sindicalismo

de clase que creo que vostede nalgún momento profesou iso, porque tamén se di na lei mordaza do Partido Popular que facer un piquete na porta de Airbus significa anos de cárcere e eu creo que o sindicalismo faise cando se incumpre o convenio laboral, dáme igual o sitio, e dáme igual a forma, e creo que unha fórmula absolutamente democrática é a expresión, non están a facer unha barricada como facemos os traballadores do metal cando se incumpre o convenio, que paramos a cidade, é absolutamente lexítimo e entraríamos a xustificar o argumentario da lei mordaza, o Partido Popular que eu como membro dun sindicato de clase, négame a xustificar.

Polo tanto, se queremos normalizar o Concello de Vigo, que creo que si que hai que normalizar, eu son o primeiro que non defende que se interveña cando estamos a intervir os concelleiros, pero primeiro fagamos o traballo de solucionar o conflito laboral que iso existe no sindicalismo practicamente dende que existe, solucionemos o conflito laboral, recibamos aos traballadores que o convenio laboral di que teñen que cobrar os salarios, é unha cousa absolutamente democrática.

En segundo lugar, o 30 de novembro do ano pasado aprobamos un código de boas prácticas da FEMP, que non se sei se aprobou, e o código de boas prácticas fala entre outras cousas de democratizar a institución municipal, voulle contar ao Sr. Alcalde as cuestións de democratizar o Pleno do Concello, efectivamente o Regulamento non é unha lei, o Regulamento é unha cuestión potestade deste Pleno e que dende logo se pode poñer e se pode modificar, pero o que estamos abrindo aquí é primeiro, unha espita terrible, que é que cada goberno que chegue cambiará ao arbitrio o Regulamento dependendo das maiorías ou minorías que se dean no Pleno, eu creo que isto temos que normalizalo, e temos que facelo dunha maneira democrática, a súa proposta inicial se os grupos non chegamos a emendar algunhas cousas, primeiro sería ilegal porque hai unha lei de Galicia que di que os grupos municipais se constitúen con dous concelleiros, vostedes incluían o terceiro, e nós entendíamos que había que facer algunhas propostas, pero que as propostas nós presentamos da orde de 15 emendas e se rexeitaron da orde de 10, polo tanto, os consensos creo que son absolutamente arbitrarios nesta cuestións eu creo que aquí hai cuestións que nós pensamos que son centrais e que xustifican a nosa posición ao proxecto. En primeiro lugar, porque se introduce

un criterio que é equiparar a exposición nun Pleno dun cartel a unha interrupción nun Pleno que non ten porque ser así, unha persoa pode poñerse cun cartel e vostedes están dicindo que iso é unha interpretación absolutamente arbitraria de que é unha interrupción dun Pleno, eu penso que non, é dicir, unha interrupción dun Pleno pode ser o peiteado dun asistente, a interrupción dun Pleno vostedes terán que poñer claramente que significa unha interrupción dun Pleno porque aquí din que un cartel é unha interrupción dun Pleno ou unha pancarta.

En segundo lugar, o criterio de eficacia administrativa, efectivamente existe na lei, pero que un concelleiro se un expediente está sendo tramitado ou argumentado en base a ese criterio de eficacia administrativa “sine die” se nos poida negar, cada vez que pidamos un expediente se nos pode dicir “non que está sendo tramitado, eficacia administrativa”, un criterio absolutamente arbitrario para un aceso democrático dos expedientes, a cuestión da transparencia é unha lei que é obrigatoria, non é unha cuestión de que os concelleiros temos que poñer o noso patrimonio, os concelleiros temos que dicir cales son os nosos ingresos, non é algo que regule este goberno municipal, senón algo que regula unha Lei de transparencia e que imos ter que incorporar de maneira natural ó funcionamento democrático das institucións, e nós pensamos que hai que poñer enriba da mesa determinadas cuestións que nos preocupan, as gravacións do Pleno, aí xa non hai discusión porque aquí se di como este espacio é moi pequeno hai que regular quen pode gravar ou non, temos un auditorio aí abaixo, os Plenos do Concello se fixeron no auditorio sen ningún problema na transición, anos duros incluso con problemas serios na reconversión industrial e os Plenos se fixeron no Auditorio Municipal sen ningún problema, normalizaríamos seguramente moitas das tensións que temos neste Pleno. Nos seguimos pensando que había que avanzar en cuestións máis democráticas, se fala de iniciativa cidadán, se pide o 10% das sinaturas dos censados en Vigo e tedes vostedes un Regulamento de participación cidadá que pon os 7 ou o 10%, pero o Regulamento de participación cidadá di unha cousa e o regulamento do Pleno di outra, eu lle digo unha cousa que hai en A Coruña que non hai en Vigo e que vostedes rexeitaron na emenda da Marea de Vigo, que é o “escano cidadá” que é que ao final do Pleno calquera cidadá pode intervir no Pleno, iso pasa en A Coruña e pasa en Lugo que gobernan vostedes, e foi rexeitado nesta emenda, non é o mesmo a intervención dun colectivo dunha

persoa, é a intervención da xente que está Pleno que se pode regular con total normalidade como funciona en moitos concellos o de Lugo, gobernan vostedes non gobernamos nós. Polo tanto, nós pensamos que segue habendo moitas eivas que xustifican o voto contrario, porque unha cuestión é que tamén o regulamento é o instrumento que queda en papel mollado, claro que vostedes non teñen ningún problema en volver a recuperar a Comisión de seguimento da contratación pública porque non se constituíu nin se reuniu, os grupos municipais non estivemos nunca polo menos xa imos cara o ano de legislatura e esa comisión que figuraba no anterior regulamento onde nos reunimos? E non é as Mesas de Contratación, as mesas de contratación primeiro, nós non nos imos mollar ata que haxa transparencia na contratación e o que queremos é a comisión, cando haxa unha comisión que non é o proceso de contratación, “xa contratamos a Pepito e agora Pepito que xestione”, non, a Comisión de Seguimento é no día a día porque vostedes tamén lle deron unha ampliación a Linorsa, unha empresa que ten débedas coa Seguridade Social, onde está o certificado de non ter débedas de Linorsa? Onde está o seguimento? Non me vale de nada a Mesa de Contratación na que vostedes contratar, quen audita o seguimento da contratación? Pois nos pedimos que se reúna esa Comisión e pedimos que sexa normal saber se esa empresa paga, se fai os servizos, saber se realmente ten ao persoal na rúa que figura no contrato, se os coidadores de barrio que figuran no acordo están na rúa, quen audita iso? Nos pedimos que se concrete. Polo tanto, a nós nos parece importante que esa comisión estea pero que non estea aquí de “pasmarote” nun regulamento senón que estea funcionando e auditando colectivamente o día a día. Polo tanto, nós consideramos que aínda hai moitas eivas neste Regulamento que xustifican que nos votemos en contra, e pedimos que a partires de agora se abra un proceso diferente nas modificacións do Regulamento porque si que é certo que o regulamento as modificacións que se fixeron nos case 20 anos ou mais, pois eran cuestión legais, que tiñan que ver con modificacións legais que se facían, aquí hai algunhas pero hai outras que son políticas e cun goberno con maioría absoluta que incluso pretende poñer algún tipo de cuestión ao acceso á información aos grupos municipais, o que se está a facer dunha maneira natural pois é pensar que nin sequera as maiorías absolutas, nós sempre dixemos que as maiorías absolutas non son absolutistas senón absolutas, e polo tanto, pedimos

que se retire esta proposta, que se consensue todo o que ten que ver coas cuestións democráticas e de aprobarse así, este grupo municipal tamén se reserva denunciar publicamente, xudicialmente o recorte de dereitos democráticos neste Pleno.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Non se cansen porque o Sr. Regades non vai dar a cara, non vai falar, que non me parece a min que vaia a intervir.

PRESIDENCIA: Sra. voceira do Partido Popular, vostede sabe como é o regulamento, limítase e cúmprao porque vostede está a facer demagogia co que está a dicir e vostede debería sabelo, e a demagogia que vostede fixo cando utilizou un Regulamento no Parlamento de Galicia, se isto que está a pasar aquí tivera pasado no Parlamento de Galicia sabe que faría o presidente do Partido Popular? Votaríanos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Se estivésemos no Parlamento de Galicia isto o verían tódolos galegos.

PRESIDENCIA: O presidente do Partido Popular chamaría á policía e os votaría, así fano vostedes.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: No Parlamento de Galicia se retransmiten os Plenos.

PRESIDENCIA: Non ten a palabra Sra. Concelleira. Téñolle que dicir de novo, si isto pasara no Parlamento de Galicia o Presidente do Parlamento que é do Partido Popular votaríaos, nós respectamos a súa proposta, esa é a diferenza entre vostedes e nós.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Se estiveramos no Parlamento de Galicia este Pleno estaríanos vendo tódolos galegos e non estarían ocultando aos vigueses o que pasa neste Pleno e os problemas reais desta cidade. Pero ademais é que hoxe estamos a debater un Regulamento precisamente unha proposta de regulamento na que vostede o que pretenden é acalar e silenciar a voz de Vigo e dos grupos

municipais porque non lles interesa escoitar nada máis que a súa propia opinión porque non entenden de tolerancia, de respecto e porque non lles importa a democracia porque este Regulamento que presentan hoxe debilita a democracia neste Concello, limita as posibilidades de participación cidadá, limita as posibilidades de actuacións dos grupos municipais, incumpre o Código de Bo Goberno da FEMP que tan a bombo e prato aprobamos hai tan só uns meses e que precisamente avoga por todo o contrario que este regulamento, avoga polo consenso, pola facilidade de acceso á información, por fomentar os mecanismos de control e en definitiva avoga por mellorar o funcionamento da institución local, o contrario, exactamente o contrario do que pretenden vostedes con este regulamento porque este borrador de regulamento vai en contra da transparencia, do control ao que ten que ser sometido si o funcionamento do Goberno Municipal por parte dos grupos municipais e dende logo vai en contra da liberdade de expresión. Por isto nós presentamos emendas que ademais son normas que están recollidas en regulamentos doutros concellos porque non entendemos que os vigueses non teñan acceso exactamente aos mesmos dereitos que o resto de cidadáns noutros concellos de España. Realmente estamos preocupados porque a vostedes cada vez lles gusta menos que se faga unha labor de control sobre a súa actuación, non lles gusta nada, e por iso eliminan os artigos específicos do anterior regulamento, tres artigos que desenvolvían de forma expresa e detallada os dereitos que tiñan os grupos municipais de acceder á información sobre o control do goberno e vostede o eliminan dun “plumazo”, abren a porta á discrecionalidade, a decidir a si se entrega ou non, a decidir se un expediente está preparado para darlle á oposición, en definitiva, para dar lugar á discrecionalidade do Sr. Alcalde á hora de facilitar esa información á oposición.

Negáronse tamén a outra emenda na que lle pedíamos información mensual sobre a execución orzamentaria porque queremos saber que é o que se está a facer mes a mes non cada tres meses, xa vimos porque ao Sr. Aneiros non lle interesa dar información mensual sobre a execución orzamentaria.

Tamén lles pedimos que nos facilitaran a recuperación desa Comisión de vixilancia da contratación, curiosamente aceptaron esa emenda, imaxínome que como dicía o voceiro de Marea de Vigo para non reunir nunca máis a comisión de vixilancia da contratación, nós propoñíamos na nosa unha regulación detallada que obrigara

realmente a traballar a esa comisión de contratación, que tanta falla fai dende logo a este Concello un control da contratación pública.

Negáronse a constituír a comisión de seguimento que entendemos que debería manterse nos mesmos termos, comisión de seguimento que está destinada ao control do funcionamento do goberno local.

Negáronse tamén ao que pedíamos en relación coas Mesas de Contratación, que interese teñen en mandarlle aos grupos municipais a información das Mesas de Contratación horas antes de que se realicen? Que pasa, non queren que vexamos ben a documentación? Queren que vaimos como convidados de pedra para que vostedes fagan o que queiran? Pois a isto, este grupo municipal non está disposto, porque nós non somos convidados de pedra, ademais podemos probalo cos correos electrónicos, as datas, as horas nas que se nos convocan a esas Mesas de contratación con carácter xeral.

Tampouco queren informar aos grupos municipais dos actos que fai o Concello, neste Concello e o teñen que saber tódolos vigueses/as e hai que dicilo aquí no Pleno aos grupos municipais da oposición non se lles informa dos actos e das actuacións que se fan polo Concello porque non queren que esteamos, e cando estamos nos intentan impedir que accedamos aos sitios, iso é o que exactamente están facendo vostedes dende o Concello de Vigo.

Pero realmente non nos parece que sexa menos grave o mazazo que lle dan vostedes á transparencia e ao impulso democrático neste regulamento, a vostedes non lles interesa dar información, non lles interesa que os cidadáns saiban en que gastan os seus cartos, non lles interesa que os cidadáns teñan información nin que poidan exercer a súa labor, por iso coartan a contestación de preguntas, por iso coartan e reducen o número de concelleiros para requirir aclaracións ao secretario do Pleno que é o que ten que dar información e por iso restrinxen e manexan de forma discrecional absolutamente o tempo de intervencións neste Pleno segundo a vostedes lles ven ben, ou máis ou menos segundo lles ven a vostedes ben. Por iso regulan de forma exhaustiva tódalas partes do tempo no Pleno, si está no Regulamento Sr. Alcalde pero non hai ningún concello como neste que se limita a cinco minutos e se lle quite estritamente a palabra cando os grupos municipais queren falar, no resto dos concellos de España, vostede que tanto lles gusta compararse con España, é moito máis flexible a intervención dos grupos

municipais, vostede que é tan magnánimo debería aplicar o que di e deixar que estes grupos municipais poidan falar libremente no Pleno do Concello de Vigo, practique onde ten vostede a competencia que é no Concello de Vigo, mírese o embigo e non mire o embigo dos demais porque do embigo dos demais xa se ocuparán eles, preocúpese porque a transparencia entre no Concello de Vigo e preocúpese porque a democracia sexa real. Preocúpese porque os seus concelleiros en vez de respectar aos cidadáns que veñen aquí a mostrar un problema porque me gustaría saber que faría vostede senón cobra ao fin de mes despois de ter traballado todo o mes, como estaría, bastante se están a comportar estas traballadoras e bastante respecto están a ter cando teñen facturas que pagar, hipotecas, e cando non lles pagan ao fin de mes, con bastante respecto, e vostedes o que queren é taparlles a boca a estas traballadoras e traen aquí un Regulamento que o queren é taparlle a boca aos cidadáns cando teñen problemas. Por que non retransmiten os Plenos deste Concello, retransmitir os Plenos en Localia deste Concello? Por que non o retransmiten para que tódolos vigueses saiban o que pasa? Das 20 cidades principais de España non se sabe que é o que se fai neste Concello, non queren que se saiba, que vexan o espectáculo lamentable que dan vostedes en cada Pleno, non queren que asistan a un Pleno como o de hoxe, no que se ve como un goberno está instalado na autocompracencia mentres esta cidade necesita e pide outra cousa a berros. Iso é o que non queren e por iso non queren que se retransmitan os Plenos desta cidade.

Con este Regulamento o que vostede queren é calarnos, como dicía, o que menos lle importan é a tolerancia e é o respecto a todos independentemente do que pensen e é un exemplo máis do que fixeron coa entrega dos Vigueses Distinguidos, cunha politización barata duns premios que son unha institución nesta cidade, e con esa politización Alcalde falloulle vostede a tódolos vigueses/as porque vostede é o Alcalde de todos, de tódolos vigueses/as e esquecéuselle, tamén dos vigueses/as que apoian ao funcionamento dunha asociación como Red Madre, ata os propios integrantes do Partido Socialista en privado nos dixeron que era unha vergoña que se houbera vetado un premio a unha asociación como Red Madre, deixouse vostede levar polos radicais Sr. Alcalde, arrastrárono a unha decisión errónea da que se arrepentirá dende logo.

Vostedes con este Regulamento pretenden calarnos pero non nos van a calar, non

van conseguir con eses eufemismos que a vostedes lles gustan tanto falando de democracia, de que amplían a democracia, a transparencia, Sr. Font, cando o escoitaba lembrábame das declaracións do Sr. Chávez e do Sr. Maduro, do populismo venezolano cando falaba da democracia e pretendía impoñer unha reforma constitucional en Venezuela, vostedes, aí é a onde nos levan, cara o populismo barato, o populismo venezolano, a predicar exactamente o contrario do que pasa e falar de democracia cando o que queren é tapar as bocas. A democracia é respectar a opinión de todos, incluso da que non comparte a súa opinión porque teñen o deber que lle deron, a responsabilidade que lle outorgou unha gran cantidade de vigueses nas pasadas eleccións, de respectar a opinión de todos, vostedes teñen que respectar tamén a opinión desta grupo municipal e a opinión da Marea de Vigo, escoitala e respectala e iso faise nos Plenos, e o que vostedes queren con este Regulamento que por suposto nós seguiremos recorrendo e seguiremos alegando é calar, é tapar a boca, é silenciar á oposición e aos cidadáns, non o conseguirán, non llo imos permitir.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz, penosos de verdade os argumentos e enriba utiliza un ton en que de verdade nos está a levantar un dolor de cabeza tremendo.

Non hai que confundir un discurso político cunha discusión sobre o Regulamento do Pleno, eu non represento a ningún populismo, eu son un concelleiro elixido nunha lista que obtivo 17 concelleiros co 52% dos votos dos vigueses e vostede tiña 13 concelleiros e baixo a súa candidatura quedouse en 7 concelleiros, así que de populismo ningún Sra. Muñoz.

Demagogia en relación co Regulamento e en relación cunha situación que nós avalamos para que os traballadores cobren, as xustas, porque sabe unha cousa Sra. Muñoz, as persoas que hoxe están aquí non entrarían no Parlamento de Galicia, non entrarían, e voulle facer unha proposta, como queira que tamén esta empresa ten débedas noutras administracións, colla vostede e lles invite a que vaian ao Parlamento de Galicia, xa verán como no poden nin entrar. Repítollo porque seguro que non me escoitou, invítoa a que vaia vostede con estas persoas ao Parlamento de Galicia a reclamar os seus dereitos, xa verá o que pasa.

Este Regulamento fortalece a democracia e ademais hai unha cuestión, as súas emendas non se corresponden co que dixo aquí, aquí hai mais dereitos que no

Concello de Santiago de Compostela, que no Parlamento de Galicia porque cuestións que propón, o que quixera que me explicase é cantas veces no Parlamento de Galicia reuníronse as comisións de vixilancia de contratación, cantas veces a Sra. Porro reuniu a estas comisións?

Falando de comparecer que vostede sexa do Partido no que no presidente o Sr. Rajoy non comparece no Congreso ten a verdade moita gracia.

A Mesa de Contratación o outro día cando estabamos reunidos na comisión informativa a única que non recibía a documentación, segundo vostede, en prazo era vostede, sorpresa, a única, os demais a recibían, o que pasa Sra. Muñoz é que hai que ir á Mesa de Contratación porque vostedes están a facer desleixo de algo moi importante como oposición, e é estar nas Mesas de Contracción, pero sobre todo o máis penoso é que cheguei a conclusión de que non leu o Regulamento, fala dunhas serie de cuestións que non as leu Sra. Muñoz, veu vostede a facer un discurso político sen ter lido o Regulamento e isto é certamente preocupante.

Polo tanto, vostede é a que menos podía facer esta intervención neste Pleno, vostede é o mellor expoñente do que se fai no Parlamento de Galicia, de como se expulsa aos cidadáns do Parlamento de Galicia, pero como di que se isto se tivese visto en Galicia, se na televisión de Galicia non se ve absolutamente nada, se só se lles ve a vostedes. Podemos ir onde queiramos, podemos dar dende a oposición as roldas de prensa que queiramos que a televisión de Galicia silencia permanentemente o que se di. Polo tanto, eu a vostede non lle consinto ningún xuízo de valor sobre a democracia e sobre o democrático que é este goberno, este goberno está avalado polo 52% dos cidadáns, este Regulamento se vostede o lera ben daríase conta que é o Regulamento máis democrático que hai en relación con calquera concello, e claro que si, Sra. Muñoz, aquí fixemos un gran traballo nun regulamento, e vostedes tanto dende de Marea como vostede sen argumentos contra este Regulamento non confirmaron o que eu dicía anteriormente que este Regulamento goza dun 90% de consenso en relación co que dixeron e o resto é demagogia, porque Sr. Pérez, se quere que non nos interrompan apoie este artigo que incluímos no Regulamento, esa é a forma Sr. Pérez porque a Lei mordaza é unha lei do Partido Popular.

PRESIDENCIA: Procedemos á votación, primeiro votaremos emendas e despois o

texto do ditame, empezaremos coas emendas de Marea de Vigo hai que votar artigo por artigo. Emendas ao artigo 2.

VOTACIÓN DAS EMENDAS:

En primeiro lugar a Presidencia somete a votación as emendas presentadas polo grupo municipal Marea de Vigo que non foron admitidas e incorporadas o ditamen da Comisión.

O artigo 2 *“Idiomas do Pleno”*. Emenda de supresión. Insta a supresión do parágrafo terceiro que dí: *“Nos debates utilizarase o galego ou o castelán”*.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 9 *“Dereitos de carácter político e representativo”*. Emenda de modificación. Propón manter a redacción do artigo 19 do vixente Regulamento.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 9.3 *“Dereitos de carácter político e representativo”*, *“Copias dos expedientes”*. Emenda de supresión.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila,

Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 21.1 *“Composición e constitución dos Grupos Políticos Municipais”*. Emenda de modificación.

Propón a modificación do último inciso do apartado 1.: *“Os grupos municipais constarán de polo menos tres concelleiros, ningún pertencerá simultaneamente a mais dun Grupo”*, pola seguinte redacción *“Os grupos municipais constarán de polo menos dous concelleiros, ningún pertencerá simultaneamente a mais dun Grupo”*

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 22.3 *“Dereitos económicos e funcionais dos grupos municipais”*. Emenda de substitución e modificación. O apartado 3 refírese as infraestruturas mínimas dos distintos grupos [espazos físicos] para reunirse e recibir visitas dos cidadáns.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 29.1 *“Réxime xurídico e de funcionamento da Xunta de Voceiros”*. Emenda de modificación. A emenda propón unha nova redacción do último inciso do apartado 1 no sentido de que as sesións extraordinarias sexan tamén convocadas *“a petición razoada de calquera dos seus membros.”*

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do

Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 33 *“Comisións Permanentes. Atribucións”*. Emenda de engádega. Propón a engádega dunha nova *“atribución”* que se concreta en, coñecer [dar conta] das mocións presentadas polos grupos municipais dende a anterior convocatoria das mesmas.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 49.1 *“Publicidade das sesións”*. Emenda de supresión. Propón a supresión do inciso final do segundo parágrafo do apartado 1 referido o público asistente ás sesións: *“nin exhibirá carteis, pancartas ou similares”*.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa. or dos seguintes Sres. e Sras. concelleiros/as D. XXXX XXXX XXXX

O artigo 49.5 *“Publicidade das sesións”*. Emenda de supresión. Propón a supresión do inciso final do apartado 5 *“(…) ningún medio, sen atoparse expresamente autorizado pola Presidencia, realizará gravacións gráficas ou sonoras das sesións (...)”*.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo

municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 54.1 “*Nomenclatura*”. Emenda de substitución. Propón unha redacción alternativa o inciso final do apartado 1 “Intervención no Pleno dos Cidadáns” limitando, por razóns de funcionalidade, a un máximo de dúas [orde de petición] as “Intervencións”, cando estas se refiran a asuntos que teñan relación con un asunto que cosnte na Orde do Día. Concreta que as intervencións terán unha duración máxima entre cinco e dez minutos según determine a Presidencia.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 66.5 “*Preguntas*”. Emenda de substitución. Propón a modificación do apartado 5 no sentido de posibilitar un máximo de catro preguntas a cada grupo político municipal que non forme parte do equipo de goberno e unha pregunta os concelleiros non adscritos.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 88. “*Da iniciativa regulamentaria dos veciños*”. Emenda de modificación. Propón que as iniciativas regulamentarias dos veciños sexan subscritas cando menos pola porcentaxe do 5 por cento de veciños do municipio; no proxecto de Regulamento se determina unha porcentaxe do 10 %.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do

Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 89. Novo artigo. *“Do escano cidadá”*. Emenda de engádega. Propón a engádega dun novo artigo no sentido de que, finalizada a sesión o Presidente abra unha quenda de rogos e preguntas sobre temas concretos de interese municipal entre o público asistente regulando/ordenado en distintos parágrafos tal participación veciñal.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

A continuación a Presidencia somete a votación as emendas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular que non foron admitidas e incorporadas o ditamen da Comisión.

O artigo 9 *“Dereitos de carácter político e representativo”*. Emenda de substitución e engádega.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

Emenda de engádega. Propón a creación dunha *“Comisión de Seguimento”* da xestión do alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos concelleiros delegados. A Comisión se concibe como Comisión Permanente.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias

González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

Emenda de engádegas. Propón a inclusión dun artigo que establezca un prazo de tres días naturais para recibir a documentación dos asuntos que integren a Orde do Día das Mesas de Contratación.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 22. *“Dereitos funcionais dos grupos municipais”*. Emenda de engádegas. Propón un novo apartado 5 o artigo 22 coa seguinte redacción: *“Aos efectos de que os grupos municipais poidan realizar a súa labor de representación institucional, deberán ser informados polo Goberno sobre todos os actos realizados polo Concello e os actos que organizados por outras institucións na Cidade se convide a totalidade da Corporación Municipal”*

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 40.1. g) 1º *“Asesoramento legal ao Pleno e as Comisións por parte do secretario do Pleno”*. Emenda de modificación. Propón a modificación do artigo no sentido de que o informe do secretario sexa preceptivo con referencia a asuntos que deba tratar o Pleno se é solicitado por *un terzo* dos membros da Corporación. No proxecto consta a carta parte dos membros.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez,

Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O título V. “Do funcionamento de Pleno”. Emenda a totalidade do Título. A emenda á totalidade xustifícase indicando que a regulación do funcionamento do Pleno é excesiva e insta o mantemento da Regulamento actual.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 69 “*Debate sobre o estado da cidade*”. Emenda de engádega. Propón que o tempo de intervencións neste debate, non regulado, sexa de dez minutos para cada grupo municipal, con cinco minutos de réplica para o goberno municipal.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 88 “*Da iniciativa regulamentaria dos veciños*”. Emenda de modificación. Propón que as iniciativas regulamentarias dos veciños sexan subscritas cando menos pola porcentaxe do 5 por cento de veciños do municipio; no proxecto de Regulamento se determina unha porcentaxe do 10 %.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do

Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 49.1 *“Publicidade das sesións”*. Emenda de supresión. Propón a supresión do inciso final do segundo parágrafo do apartado 1 referido o público asistente ás sesións: *“nin exhibirá carteis, pancartas ou similares”*.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

O artigo 22.3 *“Dereitos funcionais dos grupos municipais”*. Emenda de modificación. Propón a modificación do primeiro parágrafo do artigo 22.3 no seguinte sentido: *“Porase a disposición dos grupos municipais un local ou despacho para reunirse e recibir visitas dos cidadáns, así como a infraestrutura adecuada de medios materiais e persoais para o desenvolvemento das súas funcións”*.

Votación: Rexeitada con dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa.

VOTACIÓN FINAL COAS EMENDAS APROBADAS EN COMISIÓN E INCORPORADAS Ó
DITAME: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e do Sr. Alcalde D. Abel Caballero Álvarez e

nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Proxecto de Regulamento que se transcribe a continuación.

SEGUNDO: O expediente incoado e o Regulamento inicialmente aprobado someteranse a información pública por un prazo mínimo de trinta días mediante publicación de anuncio no BOP e nun dos diarios de maior circulación na Provincia ao obxecto da presentación de reclamacións ou suxestións; de non presentarse o acordo inicial entenderase definitivamente adoptado.

TERCEIRO: No caso de aprobación definitiva acórdase a publicación do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia a efectos da súa entrada en vigor que se producirá o día seguinte ao da súa publicación sempre que houberan transcorrido quince días desde o seguinte ao da recepción da comunicación do acordo á Administración del Estado e á Administración da Comunidade Autónoma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.- Cada catro anos, no penúltimo domingo de maio, teñen lugar as eleccións locais, vinte días naturais despois, sempre un sábado, prodúcese a constitución dos Concellos, do Pleno, cuxo primeiro acordo ese día é a elección do Alcalde, a partir dese momento a Corporación, o Pleno, divídese en dous: no que son os concelleiros que outorgaron a súa confianza ao Alcalde, o goberno, e naqueles que non apoiaron esa investidura, a oposición. Ao goberno, dirixido polo alcalde, correspóndelle gobernar, decidir, levar á práctica un determinado programa, para iso ten a súa disposición á Administración Municipal, á organización funcionarial á que tamén dirixe.

O control dos gobernos é unha esixencia dos réximes democráticos e ten a súa orixe no sistema parlamentario onde o goberno está suxeito a responsabilidade.

O art. 127.2. g) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, LBRL, cando

fala das atribucións do Pleno menciona como primeira delas, diferenciada doutras que lle son propias -as normativas e as orzamentarias- a de "control e fiscalización dos órganos de goberno", é dicir, do Alcalde, da Xunta de Goberno Local, dos concelleiros delegados e inclusive do propio Pleno en tanto en canto tamén ten atribucións executivas -poucas- que fai efectivas a través de acordos adoptados no seu seo.

Ese control/fiscalización trata de influír, orientar, coñecer ou mostrar a acción de goberno. Exercítase dende o propio Pleno, órgano de representación cidadá por excelencia, artigo 122.1. LBRL, onde se insire á oposición pero tamén ao/aos grupos municipais que apoian o goberno e que representan a maioría dese Pleno. Tendo presente esta circunstancia podemos entender que a función de control/fiscalización atópase mediatizada, ao estar sometida ao criterio da maioría. É así pero só en parte. En efecto, a función de control do goberno non sempre conclúe nunha decisión e aínda que así sexa hase de entender que a súa esencia radica no libre debate, e na exteriorización que do eco desa controversia de ideas e vontades se realice á opinión pública, neste sentido o control dos órganos de goberno, como manifestación do dereito dos cidadáns de Vigo a participar por medio dos seus representantes nos asuntos públicos, non é unha función do Pleno, senón unha función que se expresa no Pleno.

Pois ben, o control e fiscalización materialízase a través dos procedementos contemplados nas leis; para o seu estudo debemos acudir á LBRL, á lexislación autonómica de desenvolvemento e á concreción que desa normativa básica e autonómica se leve a cabo dende o Regulamento Orgánico do Pleno, norma que nesta materia ten un protagonismo indubidable. Cuestión discutible é a posición ordinamental que este Regulamento ostenta respecto do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais (ROF) norma que leva a cabo unha completa regulación destes medios que entendemos pode ser mellorada dende a normativa municipal, aínda así a problemática da posición ordinamental do Regulamento Orgánico Municipal respecto do ROF non é pacífica.

O art. 5 da LBRL, na súa redacción orixinal -declarada inconstitucional por S.214/1989 do TC- establecía un sistema de prelación de fontes no Réxime Local; a partir de tal sentenza encontrámonos en áreas movedizas. Aínda que o TC sinala, "(...) a preveza ou aplicación preferente do Regulamento Orgánico sobre calquera norma legal ou regulamentaria da Comunidade Autónoma (ou, no seu defecto do Estado) que puidera conter unha regulación relativa aos aspectos organizativos e de funcionamento interno de las Entidades Locais (...)", certa xurisprudencia considera que os Regulamentos Municipais, no seu conxunto, atópanse subordinados aos estatais ou autonómicos en virtude do principio de xerarquía, tese que esquece o principio de competencia e a idéntica natureza xurídica que, como Corporacións Territoriais de Dereito Público, teñen o Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais. Consideramos que tal subordinación na materia que nos ocupa tan só pode ser invocada no suposto de que a potestade regulamentaria municipal se utilice para limitar os dereitos que o ROF recoñece, pero nunca cando a través dela se persiga a mellora do estatuto xurídico dos membros da Corporación. Adoptadas estas decisións de ampliación de dereitos a través dos Regulamentos Municipais estes se integran no "*ius in officium*" coa consecuencia de que a súa inobservancia, aínda que resida en normas municipais, producirá un menoscabo dos dereitos fundamentais consagrados no artigo 23 da Constitución.

II.- Título II. Mención singular neste Título merecen os preceptos referidos ao Rexistro de Intereses (Capítulo II), en concreto os relativos a súa publicidade. O parágrafo cuarto do artigo 75.7 da LBRL sinala: “(...) As declaracións ... de bens e actividades serán publicadas con carácter anual, e en todo caso no momento de finalización do mandato, *nos términos que fixe o Estatuto municipal (...)*”, en similares términos se pronuncia o artigo 8.1.h) da Lei 19/2013, de Transparencia.

A Lei estatal a falar dunha publicidade material das declaracións, “serán publicadas”, inferindo que ostentan un réxime publicitario propio que debe ser determinado neste Regulamento; non obstante debemos distinguir entre, (i) as declaracións de actividades e bens e dereitos patrimoniais e, (ii) as declaracións tributarias mencionadas “*in fine*” no parágrafo segundo do mesmo art. 75.7, Renda, Patrimonio e Sociedades.

Respecto das declaracións tributarias o Regulamento, no artigo 17, determina o prazo para a súa presentación e fixa “os términos” indicando que a publicación realízase mediante a inserción dun anuncio na páxina web municipal onde o secretario xeral informará dos concelleiros que teñen presentado no Rexistro de Intereses a declaración tributaria que lles corresponde e identificará a aqueles que non houberan cumprido con tal obriga.

O parágrafo quinto do mesmo artigo 75.7 reitera a publicidade do Rexistro de Intereses ao dicir,: “Tales declaracións se inscribirán nos ... Rexistros de Intereses, que terán carácter público”; non obstante o apartado b) do mesmo parágrafo engade certa complexidade á idea da publicidade ao sinalar, “A declaración de bens e dereitos patrimoniais se inscribirá no Rexistro de Bens Patrimoniais de cada Entidade local, nos términos que estableza o seu respectivo Estatuto (o seu respectivo Regulamento)”.

Desde unha interpretación literal corresponde a este Regulamento “establecer os términos” nos que ten que inscribirse no Rexistro a declaración de bens e dereitos patrimoniais. Non ten sentido. A inscrición rexistral debe concordar coa declaración presentada toda vez que é (ou debería ser) a mera incorporación do documento ao Rexistro.

Se a Lei habilita ao presente Regulamento para “establecer os términos” (condicións) nos que debe inscribirse no Rexistro a declaración de bens e dereitos patrimoniais, este Regulamento, ao igual que a Lei 3/2015, de Altos Cargos, pode sinalar que se inscriba *unha declaración comprensiva da situación patrimonial do declarante*, desvirtuando con iso a declaración presentada que quedaría fora do Rexistro; agora ben, nada impide que este Regulamento, sen desvirtuar as declaracións presentadas, apuntale o carácter público sinalado na Lei; é nesta concreción onde se propón a colisión entre unha publicidade ilimitada dunhas declaracións que conteñen datos sensibles, e o dereito á intimidade dos declarantes.

Na Administración Xeral do Estado a norma que regula o Rexistro de Intereses dos altos cargos é a Lei 3/2015, de 30 de marzo, que distingue entre unha “publicidade de carácter público” (sic), artigo 21.2, referida a Rexistro de Actividades, e outra de “*carácter reservado*”, artigo 21.3, referida o Rexistro de Bens e Dereitos Patrimoniais, ao que só poderán ter acceso o Congreso, o Senado, os órganos xudiciais e o Ministerio Fiscal.

O artigo 21.5 da norma citada sinala, "(...) O contido das declaracións de bens e dereitos patrimoniais dos membros do Goberno e dos Secretarios de Estado e demais altos cargos publicaranse no "Boletín Oficial do Estado", nos términos previstos regulamentariamente. En relación cos bens patrimoniais, publicarase *unha declaración comprensiva da situación patrimonial destes altos cargos*, omitíndose aqueles datos referentes a súa localización e salvagardando a privacidade e seguridade dos seus titulares (...)".

A día de hoxe, un ano despois da entrada en vigor da Lei, non se ten publicado norma xurídica algunha que desenvolva o artigo 21.5. O derogado Real Decreto 432/2009, de 27 de marzo, que desenvolvía a Lei 5/2006, de 10 de abril, no último parágrafo do artigo 13 sinalaba: "De conformidade co disposto no artigo 14.4 da Lei 5/2006, de 10 de abril, anualmente, antes do 30 de setembro, procederase a publicar no «Boletín Oficial do Estado» o contido das declaracións de bens, dereitos e obrigas patrimoniais, cumprimentadas na forma prevista no Anexo II, polos membros do Goberno e os Secretarios de Estado ...". Pois ben, tal Anexo II non foi transparente á hora de determinar o contido da *declaración comprensiva da situación patrimonial dos altos cargos*, mais ben ao contrario, a reserva foi absoluta pois se limitaba a publicitar o "valor catastral", dos bens inmoebles dos que se é titular e o "valor total" de calquera "outros bens" sen individualización e sen distinción algunha respecto da clase ou tipo destes, así como o "total absoluto" de ambos conceptos; en definitiva, pouca cosa, mais ben nada; é mais, a data de hoxe nin sequera iso pois segue sen aprobarse o regulamento que debe desenvolver o artigo 21.5 da Lei 3/2015, un paso adiante na opacidade, un paso atrás na transparencia.

Idéntico tratamento podería predicar este Regulamento respecto dos concelleiros de Vigo pois non existe razón obxectiva para que estes, respecto do seu dereito á intimidade persoal e familiar, artigo 18.1 C.E., ostenten menor protección da que ostentan os membros do goberno e os altos cargos da Administración Xeral do Estado, razón suficiente para entender que este Regulamento ao establecer "os términos nos que ten que producirse inscrición no Rexistro das declaracións presentadas", pode restrinxir o "carácter público" desas declaracións converténdolas en "reservadas".

Non cabe restrición posible, a colisión de dereitos da que estamos a falar -dereito a intimidade persoal e familiar e carácter público da declaración de bens e dereitos patrimoniais- ten que resolverse a favor do carácter público da declaración (artigos 16.2 e 16.3 do Regulamento), unha publicidade que non pode quedar desvirtuada mediante términos que a dificulten.

A credibilidade cidadá nas institucións ten minorado, o Concello de Vigo non é alleo a este sentir social e considera que o poder político, os concelleiros, atópanse subordinados á cidadanía, razón bastante para entender que este Regulamento sexa unha ferramenta que posibilite aos cidadáns, a través da páxina web municipal, a obtención dunha información exacta sobre as rendas e o patrimonio de quen son os seus representantes políticos mais próximos de xeito que a "transparencia" sexa en Vigo sinal de identidade da actividade política.

III. O Título III refírese á constitución e réxime económico dos grupos políticos municipais fixándose en tres o número mínimo de concelleiros que as formacións políticas concorrentes ás eleccións teñen que acadar para poder constituír grupo municipal, un número similar o previsto no Regulamento ata agora vixente, un número

que facilita a xestión e o dinamismo das sesións plenarias.

O artigo 23, que contempla os dereitos e deberes dos “concelleiros non adscritos” nel, recollendo a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, se menciona a posibilidade de que estes concelleiros sexan membros das Comisións Informativas. Non se consideran “concelleiros non adscritos” aqueles concelleiros que abandonen, coma consecuencia de expulsión, o seu grupo de procedencia, estes integranse no Grupo Mixto.

O Título IV, refírese ao “gobierno en funcións e do traspaso de poderes”, incide sobre as boas prácticas relacionadas cos procesos de transición entre gobernos. Partindo da consideración do “gobierno en funcións”, artigo 194.2 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, concrétese o concepto de “administración ordinaria” garantindo que determinados acordos non condicionen a actividade do goberno que o suceda. Regúlanse as obrigas do goberno saínte de proporcionar ao goberno entrante a información necesaria para iniciar a súa xestión establecéndose a documentación que haberá de ser obxecto de transmisión no proceso de traspaso de poderes.

O Título V regula a organización do Pleno e de seus órganos e unidades administrativas mencionando as atribucións da Presidencia, da Xunta de Voceiros, concibida como órgano consultivo e deliberante, das Comisións do Pleno que poderán ser permanentes, obrigatorias e especiais, do propio Pleno e dos servizos do Pleno, en concreto da Secretaría Xeral e do seu Rexistro.

O Título VI regula o funcionamento do Pleno e integran cinco capítulos, no Capítulo II, no artigo 49, menciónase o carácter público das sesións do Pleno, unha publicidade que de xeito excepcional pode limitarse no suposto que cidadáns asistentes ás sesións sexan chamados a orde.

O art. 70 da LBRL sinala que as sesións do Pleno das Corporacións Locais son públicas. Tal principio xeral de publicidade implica que poden asistir as mesmas todos os cidadáns que o estimen conveniente así como os medios de comunicación social sen mais limitación -límite material- que o aforo existente. O carácter público das sesións é reflexo da proximidade das administracións municipais.

O dereito de asistir ás sesións do Pleno non é absoluto, está suxeito á observancia de deberes e ten a súa fronteira no respecto doutros de maior rango e presenza como é o dereito fundamental de participación dos cidadáns nos asuntos públicos a través dos representantes democraticamente elixidos.

O artigo 122.1 da LBRL sinala que o Pleno é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal. Esta excelencia representativa obriga a que as súas sesións se realicen baixo a solemnidade e o respecto que corresponde a un órgano destas características tendo dereito os concelleiros a desempeñar os seus dereitos pacificamente, sen perturbacións ilexítimas nin dilacións indebidas.

É deber inescusable da Presidencia asegurar o bo orden das sesións ostentando para iso inherentes funcións de dirección no interior do salón, “policía de estrados”; a certeza e eficiencia do dereito dos cidadáns de participar nos asuntos públicos a través dos seus representantes, artigo 23 C.E., esixe que a Alcaldía, mediante a tipificación de condutas non desexadas, dispoña de medidas preventivas, proporcionadas e obxectivas que garantan o establecemento das condicións precisas

para o normal desenvolvemento das sesións plenarias e dos dereitos fundamentais.

O Capítulo III refírese ao funcionamento das sesións do Pleno, non incorpora ningunha novidade respecto do Regulamento vixente salvo a innecesariedade, artigo 52.9, de que as mocións sexan presentadas con anterioridade á convocatoria das Comisións Informativas ao obxecto de que sexan obxecto de estudo ou consulta; a previsión é lóxica pois tal convocatoria realízase sete días antes da convocatoria do Pleno, prazo no que poden xurdir feitos que recomenden a presentación dunha moción concreta.

O Capítulo IV disciplina os medios de control do goberno municipal, neste sentido menciona, mocións de control, rogos, preguntas, comparecencia de concelleiros delegados, comparecencia da Xunta de Goberno Local e o debate sobre o estado da Cidade; salvo o último método citado o Regulamento recolle a totalidade dos procedementos de control previstos no Real Decreto 2568/1986, unha norma con trinta anos de vixencia que ten acreditada a súa utilidade e eficacia.

O Título VII refírese ao “procedemento regulamentario”, distingue nos seus capítulos o “procedemento regulamentario común” referido a calquera regulamento ou ordenanza e o “procedemento de aprobación dos orzamentos”, no primeiro contéplase un prazo concreto para a presentación de emendas, seis días, unha vez o proxecto regulamentario sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local.

No relativo ao procedemento de aprobación dos orzamentos é de destacar o previsto artigo 84, apartados 4 e 5 destinados a materializar a posibilidade de aprobar proxectos orzamentarios vinculados á presentación dunha cuestión de confianza; neste sentido o Regulamento contempla a facultade do alcalde de incluír na Orde do Día da sesión que corresponda o proxecto de orzamento aprobado pola Xunta de Goberno de Local aínda que sexa modificado en Comisión en virtude das emendas presentadas, única fórmula que posibilita o cumprimento do artigo 197.bis da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica de Réxime Electoral Xeral, que en todo caso require que o proxecto de orzamento se teña debatido nunha sesión plenaria previa sen obter aprobación; en efecto, de incluírse na Orde do Día o orzamento modificado en Comisión e ditaminado favorablemente este obtería a aprobación do Pleno polo que sería materialmente imposible vincular o proxecto orzamentario do goberno a unha cuestión de confianza.

PROXECTO REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Obxecto e natureza.

Artigo 2. Idiomas do Pleno.

TÍTULO I. SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO.

Artigo 3. Lugar e día de constitución.

TÍTULO II. ESTATUTO DOS CONCELLEIROS.

Artigo 4. Disposicións xerais.

Capítulo I. Dereitos dos concelleiros.

Artigo 5. Dereitos de carácter honorífico.

Artigo 6. Dereitos de carácter económico.

Artigo 7. Dereitos de carácter sociolaboral.

Artigo 8. Dereito á permanencia no cargo.

Artigo 9. Dereitos de carácter político e representativo.

Capítulo II. Deberes dos concelleiros. O Rexistro de Intereses.

Artigo 10. Deberes previos á toma de posesión. Rexistro de Intereses.

Artigo 11. Declaración sobre causas de posible incompatibilidade.

Artigo 12. Declaración de actividades.

Artigo 13. Declaración de rendas, bens e dereitos patrimoniais.

Artigo 14. Prazos para a presentación das declaracións.

Artigo 15. Xestión do Rexistro.

Artigo 16. Publicidade dos Rexistros.

Artigo 17. Publicidade das declaracións tributarias.

Artigo 18. Comunicacións tras o fin do mandato.

Capítulo III. Outros deberes dos concelleiros.

Artigo 19. Deberes derivados do exercicio do cargo.

Artigo 20. Esixencia de responsabilidade.

TÍTULO III. DOS GRUPOS MUNICIPAIS E CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

Artigo 21. Composición e constitución.

Artigo 22. Dereitos económicos e funcionais dos grupos municipais.

Artigo 23. Concelleiros non adscritos.

TÍTULO IV DO GOBERNO EN FUNCIÓNS E DO TRASPASO DE PODERES.

Artigo 24. Actuacións do goberno municipal en funcións.

Artigo 25. Actuación do Goberno en funcións e traspaso de poderes

TÍTULO V. DA ORGANIZACIÓN DO PLENO.

Capítulo I. Da Presidencia.

Artigo 26. Presidencia, delegación e substitución.

Capítulo II. Da Xunta de Voceiros.

Artigo 27. Natureza xurídica.

Artigo 28. Atribucións.

Artigo 29. Réxime xurídico e de funcionamento.

Capítulo III. Das Comisións do Pleno.

Artigo 30. Natureza xurídica.

Artigo 31. Clases de Comisións. Creación, composición e extinción.

Artigo 32. Funcionamento das Comisións.

Artigo 33. Comisións Permanentes. Atribucións.

Artigo 34. Comisións Obrigatorias.

Artigo 35. Comisións Especiais. Comisións Especiais de Investigación.

Capítulo IV. Do Pleno.

Artigo 36. Natureza Xurídica.

Artigo 37. Atribucións.

Artigo 38. Maioría.

Capítulo V. Dos servizos do Pleno.

Artigo 39. Medios.

Artigo 40. Do secretario xeral do Pleno.

Artigo 41. Do Rexistro do Pleno.

TÍTULO VI. DO FUNCIONAMENTO DO PLENO.

Capítulo I. Da Orde do Día.

Artigo 42. Elaboración e tramitación da Orde do Día.

Artigo 43. Estrutura da Orde do Día.

Capítulo II. Das sesións.

Artigo 44. Clases de sesións.

Artigo 45. Convocatoria e expediente da sesión.

Artigo 46. Lugar de celebración das sesións do Pleno.

Artigo 47. Principio de unidade de acto e desenvolvemento das sesións.

Artigo 48. Quórum de constitución.

Artigo 49. Publicidade das sesións.

Capítulo III. Funcionamento das sesións.

Artigo 50. Apertura da sesión. Aprobación da Acta anterior.

Artigo 51. Orde dos asuntos.

Artigo 52. Dación de conta de Resolucións.

Artigo 53. Retirada de asuntos e asuntos sobre a Mesa.

Artigo 54. Nomenclatura.

Artigo 55. Debate dos asuntos de tramitación ordinaria.

Artigo 56. Debate dos asuntos de dación de conta.

Artigo 57. Intervencións por alusións.

Artigo 58. Chamada á cuestión e chamada a orde.

Artigo 59. Votación.

Artigo 60. Clases de votación.

Artigo 61. Explicación de voto.

Capítulo IV Control do Goberno.

Artigo 62. Formas de control.

Artigo 63. Mocións de control.

Artigo 64. Debate e votación das Mocións de control. Emendas ás Mocións.

Artigo 65. Comparecencia de concelleiros delegados.

Artigo 66. Comparecencia da Xunta de Goberno Local.

Artigo 67. Rogos.

Artigo 68. Preguntas.

Artigo 69. Debate sobre o estado da cidade.

Artigo 70. Outras formas de control.

Capítulo V Das Actas do Pleno.

Artigo 71. Os Libros de Actas.

Artigo 72. Custodia dos Libros.

Artigo 73. Redacción da Acta.

Artigo 74. Certificacións dos acordos do Pleno.

TITULO VII. DO PROCEDEMENTO REGULAMENTARIO.

Artigo 75. Da iniciativa regulamentaria.

Capítulo I. Do procedemento regulamentario común.

Artigo 76. Presentación do proxecto e remisión os grupos municipais.

Artigo 77. Emendas nos proxectos regulamentarios.

Artigo 78. Ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno.

Artigo 79. Información pública e audiencia das persoas interesadas.

Artigo 80. Aprobación definitiva e publicación.

Capítulo II Procedemento de aprobación dos orzamentos.

Artigo 81. Réxime e preferencia.

Artigo 82. Calendario de tramitación.

Artigo 83. Emendas aos orzamentos.

Artigo 84. Ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno.

Artigo 85. Aprobación inicial, información pública e aprobación definitiva.

Artigo 86. Aprobación dos orzamentos vinculados a cuestión de confianza.

Capítulo III. Da iniciativa regulamentaria do Pleno e dos veciños.

Artigo 87. Da iniciativa regulamentaria do Pleno.

Artigo 88. Da iniciativa regulamentaria dos veciños.

Disposición adicional Primeira.

Disposición adicional Segunda.

Disposición final.

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1. Obxecto e natureza.

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo integrado polo o alcalde e os concelleiros é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal.

O presente Regulamento ordena e preceptúa os dereitos e deberes dos concelleiros, a organización e funcionamento do Pleno así como os procedementos regulamentarios que nel se tramitan; ten natureza orgánica e se dita ao amparo do previsto nos artigos 122.3 e 123.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 2. Idiomas do Pleno.

O galego é a lingua do Pleno.

As convocatorias de sesións, as ordes do día, propostas de acordo, ditames, votos particulares, emendas, mocións, actas, certificacións, notificacións, recursos, escrituras e demais escritos realizados en nome do Pleno redactaranse en galego.

Nos debates utilizarase o galego ou o castelán.

TÍTULO I. SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO.

Artigo 3 . Lugar e día de constitución.

1. O Pleno constitúese en sesión pública extraordinaria o vixésimo día posterior á celebración das eleccións locais salvo recurso contencioso-electoral en cuxo suposto constituirase no cuadraxésimo, a tal fin constitúese unha Mesa de Idade integrada polos electos de maior e menor de idade presentes na sesión; actuará como secretario quen o sexa do Pleno.

2. Acreditada a personalidade dos concelleiros electos a Mesa de Idade cotexará as credenciais por eles presentadas coa Acta de Proclamación de Candidatos que tivera remitido o Concello a Xunta Electoral de Zona de Vigo e informará do cumprimento das obrigas legais no que se refire á presentación da documentación para incorporar o Rexistro de Intereses.

3. Realizados os trámites anteriores os concelleiros electos tomarán posesión do seu cargo; a tal fin, por orde alfabética, xurarán ou prometerán acatamento e fidelidade á Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia; o Presidente da Mesa declarará constituída a Corporación se houberan tomado posesión do cargo a maioría absoluta dos concelleiros electos, en caso contrario celebrárase sesión dous días despois, constituíndose a Corporación calquera que fora o número de presentes.

4. Conforme o sinalado nos parágrafos anteriores o concelleiro electo adquirirá a condición plena de concelleiro polo cumprimento conxunto dos seguintes requisitos:

a) Presentar a credencial expedida pola Administración Electoral.

b) Cumprimentar as declaracións a incorporar ao Rexistro de Intereses nos termos previstos na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

c) Prestar, na primeira sesión do Pleno á que asista, promesa ou xuramento de acatar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

TÍTULO II. ESTATUTO DOS CONCELEIROS.

Artigo 4. Disposicións xerais.

O estatuto dos membros do Pleno o constitúe o conxunto de dereitos e deberes que lles recoñecen a Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia, a lexislación estatal e autonómica de réxime local de directa aplicación e o presente Regulamento.

Capítulo I. Dereitos dos concelleiros.

Artigo 5. Dereitos de carácter honorífico.

O presidente do Pleno e os concelleiros gozan dos honores, prerrogativas e distincións establecidos nas leis.

Artigo 6. Dereitos de carácter económico.

1. Os concelleiros, dentro dos límites legais, perciben retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial na contía que, a proposta do alcalde, determine o Pleno, neste caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais salvo que lles corresponda a situación de servizos especiais.

As retribucións por dedicación exclusiva son incompatibles coa calquera outra a cargo dos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes.

Os acordos do Pleno que determinen os cargos con dedicación parcial especificarán o réxime de dedicación mínima necesaria para a percepción de retribucións, sinalando o número de horas semanais do exercicio efectivo do cargo.

Os concelleiros en réxime de dedicación parcial que sexan persoal das Administracións

Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes realizarán a súas funcións fora da xornada prevista nos seus respectivos centros de traballo, sen prexuízo do tempo indispensable para a asistencia ás sesións do Pleno ou Comisións e do tamén indispensable para a atención das Delegacións específicas que poda desempeñar ou das que forme parte, neste suposto, na delegación ou encomenda de funcións que dite a Alcaldía indicarse a actividade concreta a realizar e o seu horario.

2. Os concelleiros que non desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación percibirán indemnizacións pola súa asistencia aos órganos colexiados da Corporación e dos organismos autónomos dependentes na contía e condicións que acorde o Pleno nas Bases de Execución dos Orzamentos Xerais do Concello.

3. A Resolución da Alcaldía que determine os concelleiros que realicen as súas funcións en réxime de dedicación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello. Os concelleiros nomeados para realizar a súa función en réxime de dedicación exclusiva presentarán no Rexistro do Pleno escrito de aceptación nos tres días seguintes ao de notificación da Resolución.

4. Os concelleiros terán dereito ás indemnizacións e dietas polos gastos que sexan indispensables para o cumprimento da súa función.

Artigo 7. Dereitos de carácter sociolaboral.

1. Aos efectos do disposto no artigo 37.3.d) do Estatuto dos Traballadores e do artigo 30.2 da Lei 30/1984, enténdese por “tempo indispensable para o cumprimento do cargo de concelleiro” o necesario para a asistencia ás sesións do Pleno da Corporación e das súas Comisións, así como a atención ás Delegacións específicas que desempeñe ou das que forme parte, neste suposto, na delegación ou encomenda de funcións que dite a Alcaldía indicarse a actividade concreta a realizar e o seu horario.

2. Os concelleiros quedan en situación de servizos especiais nos seguintes supostos:

a) Cando sexan funcionarios do Concello de Vigo.

b) Cando sexan funcionarios de carreira doutras Administracións Públicas e desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva.

Para os concelleiros que sexan persoal laboral do Concello, ou doutras Administracións Públicas, rexen idénticas regras.

Os concelleiros que non teñan dedicación exclusiva terán garantida durante o seu mandato a permanencia no centro ou centros de traballo no que estiveran prestando servizos no momento da elección sen que poidan ser trasladados ou obrigados a concursar a outras prazas vacantes en distintos lugares.

Artigo 8. Dereito á permanencia no cargo.

1. Os concelleiros teñen o dereito á permanencia no cargo que so perderán cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Decisión xudicial firme que anule a elección ou proclamación.

- b) Incapacitación declarada por decisión xudicial firme.
- c) Extinción do mandato sen prexuízo de que continúen en funcións para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores.
- d) Por renuncia, que se fará efectiva por escrito ante o Pleno.
- e) Incompatibilidade, nos supostos e condicións estabelecidos na lexislación electoral ou calquera outra aplicable.
- f) Perda da nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 13.2 da Constitución e do establecido nas normas de dereito comunitario ou internacional.
- g) Por calquera outra causa que se estableza legalmente.

Artigo 9. Dereitos de carácter político e representativo.

1. Os Concelleiros teñen o dereito de asistencia, voz, e voto nas sesións do Pleno e Comisións das que formen parte; poderán asistir sen voto ás sesións das Comisións das que non formen parte.

2. Acceso libre dos concelleiros á información.

As unidades administrativas xestoras dos expedientes atópanse obrigadas a facilitar información, sen necesidade de que o concelleiro acredite estar autorizado, nos seguintes casos:

- a) Cando se trate do acceso dos concelleiros que ostenten delegacións ou responsabilidades de xestión, á información propia das mesmas.
- b) Cando se trate do acceso á información e documentación correspondente aos asuntos que haxan de ser tratados polos órganos colexiados dos que formen parte.
- c) Cando se trate de Resolucións ou acordos adoptados polos órganos municipais.
- d) Cando se trate do acceso á información ou documentación que sexa de libre acceso ós cidadáns; aos expedientes correspondentes a procedementos terminados á data da solicitude se entenden de libre acceso.

3. Copias dos expedientes.

Sen prexuízo das autorizadas expresamente polo Alcalde, o libramento de copias limitarase aos casos de libre acceso dos concelleiros á información; ademais das referidas ás Resolucións ou acordos adoptados, as unidades administrativas xestoras, previa petición presentada no Rexistro do Pleno, librarán copias dos documentos que, formando parte dun expediente, se correspondan con procedementos terminados á data de solicitude; as copias facilitaranse a través do Rexistro do Pleno ben en soporte papel ou ben, se a súa extensión así o esixise, en outro soporte físico.

A petición de copias en ningún caso referirase a solicitudes xenéricas e concretará e

identificará con detalle os documentos interesados; o exercicio deste dereito non implicará unha lesión do principio de eficacia administrativa; non se librarán copias dos documentos que consten nos distintos portais informáticos do Concello e sexan de libre acceso aos concelleiros.

4. Acceso autorizado dos concelleiros á información.

Sen prexuízo do acceso sinalado no apartado 3, os concelleiros, previa petición presentada no Rexistro do Pleno, sen necesidade de xustificación, obterán do Alcalde para a súa consulta e exame, cantos expedientes, antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

A petición non se referirá a cuestións xenéricas ou indiscriminadas e concretará o obxecto da información; resolverase e materializará nos cinco días naturais seguintes ao da presentación; entenderase outorgada por silencio se non se dita e notifica Resolución denegatoria fundada en tal prazo.

O exercicio do dereito á información non implicará unha lesión do principio de eficacia administrativa. O acceso á información demorarase si a unidade administrativa que xestiona o expediente o estivera utilizando ou completando informes ou trámites no momento no que se requira a súa vista.

5. A entrega dos expedientes, libros e documentación para a súa consulta e exame rexerese polas seguintes normas:

a) Realizárase ben no arquivo xeral ou na dependencia onde se encontre, ben mediante a entrega dos mesmos ou de copia ao concelleiro interesado para o seu exame nos locais dos grupos municipais.

b) Os expedientes, libros ou documentación non sairán da Casa Consistorial ou das dependencias descentralizadas/desconcentradas.

c) A consulta dos Libros de Actas e dos Libros de Resolucións do Presidente efectuarase na Secretaría do órgano correspondente.

d) O exame de expedientes sometidos a sesión realizarase no lugar en que se encontren de manifesto a partir da convocatoria.

e) Os Concelleiros poderán acceder á información acompañados dun asesor do seu Grupo.

Aos efectos do oportuno control administrativo, o interesado asinará acuse de recibo e terá a obriga de devolver o expediente ou documentación nun prazo de corenta e oito horas.

6. O Concello impulsará a utilización das novas tecnoloxías como mecanismo de acceso á información municipal en especial a relativa a Ordes do Día, acordos, e Resolucións dos órganos colexiados ou unipersonais.

7. Os concelleiros e os grupos políticos dispoñerán dun buzón electrónico para a recepción de documentación interna, das comunicacións oficiais previstas neste Regulamento e de correo electrónico procedente do exterior, incluíndo o que puideran remitir os cidadáns.

Capítulo II. Deberes dos concelleiros. O Rexistro de Intereses.

Artigo 10. Deberes previos á toma de posesión. Rexistro de Intereses.

1. Os efectos do previsto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, no Rexistro de Intereses inscribíranse as seguintes declaracións:

- a.- Declaración sobre as causas de posible incompatibilidade.
- b.- Declaración sobre actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos.
- c.- Declaración sobre bens patrimoniais.

2. Os modelos das declaracións que constan no Anexo a este Regulamento, carecen de natureza regulamentaria e serán modificados mediante Resolución da Alcaldía escoitada a Xunta de Voceiros; da Resolución darase conta individualizada ao Pleno da Corporación.

3. Atópanse obrigados a presentar declaracións os concelleiros do Concello de Vigo, os funcionarios de habilitación nacional que desenvolvan postos provistos mediante libre designación e o persoal que sexa titular dos órganos directivos mencionados no artigo 130.1.B) da LBRL .

Artigo 11. Declaración sobre causas de posible incompatibilidade.

1. Os concelleiros teñen a obriga de formular declaración sobre causas de posible incompatibilidade no modelo previsto no Anexo a este Regulamento.

2. Corresponderá ao secretario xeral do Pleno emitir informe sobre a existencia de causas de incompatibilidade dos concelleiros electos e dos membros da Corporación.

No suposto de que o informe advirta de causa de incompatibilidade darase traslado do mesmo ó interesado ó obxecto de alegacións. A declaración de incompatibilidade, escoitada a Xunta de Voceiros, corresponderá á Alcaldía en funcións no caso de concelleiros electos e o Pleno no caso de membros da Corporación. Cando se declare a situación de incompatibilidade o afectado optará, no prazo de dez días, entre a renuncia á condición de concelleiro ou o abandono da situación de incompatibilidade.

3. Transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior sen exercitar a opción entenderase que o afectado renuncia ao seu posto de concelleiro debendo declararse polo Pleno a vacante correspondente.

Artigo 12. Declaración de actividades.

1.- As persoas citadas no artigo 10.3 teñen a obriga de declarar todas as actividades públicas e privadas que desempeñen, por si ou mediante substitución ou apoderamiento que sexan susceptibles de ser retribuídas ou que podan proporcionar

ingresos económicos aínda que non se perciban. Nesta declaración manifestarase se recibe calquera outra remuneración con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes das mesmas, así como calquera outra retribución que directa ou indirectamente proveña dunha actividade privada.

2.- Sen prexuízo da obriga mencionada no apartado anterior, as persoas citadas no artigo 10.3, con anterioridade á súa toma de posesión, presentarán declaración complementaria facendo constar as actividades por eles desempeñadas nos dous anos anteriores a tal toma de posesión.

3.- O secretario xeral do Pleno, no momento da presentación da declaración, comprobará se as actividades declaradas se atopan incursas, ou non, nas causas de incompatibilidade previstas no artigo 178 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

Artigo 13. Declaración de rendas, bens e dereitos patrimoniais.

As persoas citadas no artigo 10.3 teñen a obriga de formular declaracións patrimoniais comprensivas da totalidade da súas rendas, bens, dereitos e obrigas, no modelo previsto no Anexo. En canto as rendas especificarase as percepcións salariais, os dividendos obtidos en sociedades de calquera clase, os rendementos de contas financeiras e o procedentes de plans de pensións; respecto dos bens inmoebles, especificarase a súa natureza, características e valor catastral; omitiranse os datos referentes a súa concreta localización ao obxecto de salvagardar a privacidade e seguridade dos titulares, non obstante especificarase o municipio no que se atopan.

Artigo 14. Prazos para a presentación das declaracións.

1. Os concelleiros realizarán as súas declaracións antes da toma de posesión do cargo, cando se produzan variacións ó longo do mandato e no prazo dos dous meses seguintes á conclusión deste ou da renuncia ao seu cargo. A presentación das declaracións é requisito para a toma de posesión e para adquirir a plena condición de membro da Corporación.

2. O prazo para declarar as variacións que afecten ós datos reflectidos en calquera das declaracións será dun mes dende que se produza. Considerarase modificación das circunstancias de feito calquera alteración substancial ou relevante na situación patrimonial dos declarantes pola adquisición ou transmisión de bens ou dereitos e calquera alteración nas actividades ou causas de posible incompatibilidade.

3. As declaracións asinaranse ante o secretario xeral do Pleno; os datos nelas contidos non necesitan acreditación mediante escrituras, certificacións ou calquera outra clase de documento. No momento da súa presentación facilitarase ó declarante copia selada e cotexada.

4. Xunto as declaracións iniciais e de cese, anualmente, no mes de xullo, as persoas citadas no artigo 10.3 presentarán copia compulsada das declaracións tributarias correspondentes ó Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) e, no seu caso, Patrimonio e Sociedades. A súa presentación anotarase no Libro de intereses económicos, bens e dereitos patrimoniais facendo constar a natureza da declaración, o exercicio ao que corresponde e a data da súa incorporación ao mesmo. As

declaracións quedarán depositadas como información complementaria a dito Rexistro.

Artigo 15. Xestión do Rexistro.

1. As declaracións realizaranse conforme aos modelos previstos no Anexo a este Regulamento incorporaranse ao Rexistro de Intereses que constará de dous Libros:

- a) Libro de causas de incompatibilidade e actividades.
- b) Libro de intereses económicos, bens, dereitos patrimoniais e declaracións tributarias.

2. O Rexistro de Intereses levarase na Secretaría Xeral do Pleno, corresponderanlle as funcións de fe pública respecto aos aspectos relacionados co mesmo.

3. A cada persoa con obriga de declarar asignaráselle un número de declarante que permanecerá invariable durante o exercicio do seu cargo ou posto.

Os libros serán de follas móbiles seladas e con numeración correlativa respecto de cada declarante asinando todas elas o declarante e o secretario xeral do Pleno. As follas que integren as declaracións tributarias sinaladas no parágrafo 4 do artigo 14 tamén serán obxecto de numeración. No caso das declaracións dos concelleiros procederase á encadernación dos libros unha vez sexan presentadas as declaracións correspondentes ó final do mandato.

4. A Secretaría Xeral do Pleno é o órgano de mantemento e xestión do Rexistro responsable da súa custodia, seguridade e indemnidade dos datos e documentos que conteña garantindo a inalterabilidade e permanencia dos mesmos. O persoal da Secretaría Xeral do Pleno que, por razóns das súas funcións, teña acceso ao Rexistro gardará secreto profesional respecto ós datos e documentos nel contidos.

5. Cando a Secretaría Xeral teña coñecemento da expedición de credenciais a concelleiros, da súa renuncia ao cargo ou do nomeamento ou cese de funcionarios habilitados en postos de libre designación ou de persoal que sexa titular de órganos directivos procederá a informar respecto da obriga de formular as declaracións de actividades e de bens patrimoniais.

O Servizo de Recursos Humanos, no prazo de sete días, informara á Secretaría Xeral dos nomeamentos dos funcionarios de habilitación nacional que desenvolvan postos provistos mediante libre designación e do persoal que sexa titular dos órganos directivos mencionados no artigo 130.1.B) da LBRL.

Artigo 16. Publicidade dos Rexistros.

1.- O Libro referido ás causas de incompatibilidade e actividades ten carácter público, a súa publicidade farase efectiva nos primeiros cinco días do mes de decembro de cada ano mediante a publicación na sede electrónica do Concello de Vigo do contido refundido das declaracións existentes no Rexistro, realizarase nun formato que non sexa susceptible de manipulación por terceiros. O formato será aprobado mediante Resolución da Alcaldía.

2.- O Libro de intereses económicos e bens e dereitos patrimoniais dos concelleiros ten

carácter público, a súa publicidade farase efectiva nos primeiros cinco días do mes de decembro de cada ano mediante a publicación na sede electrónica do Concello de Vigo do contido refundido das declaracións existentes no Rexistro, realizarase nun formato que non sexa susceptible de manipulación por terceiros. O formato refundido será aprobado mediante Resolución da Alcaldía.

3.- O acceso material os Libros rexerese polas seguintes regras:

a) Calquera persoa, previa identificación, a título individual ou en representación de persoa xurídica, que desexe coñecer as declaracións presentará no Rexistro do Pleno, polos medios do artigo 38 da Lei 30/1992, unha solicitude escrita que reúna os requisitos que establece o artigo 70 desa norma con indicación dos datos da persoa cuxa declaración interese. As solicitudes xenéricas non serán admitidas. Do escrito será informado o declarante.

b) A publicidade farase efectiva mediante comparecencia do solicitante ante o secretario xeral do Pleno que lle exhibirá a declaración correspondente.

c) No suposto de que se solicite certificado este será expedido polo secretario. As certificacións consistirán na expedición de copias auténticas das declaracións orixinais depositadas no Rexistro. Se a solicitude non expresa outra cuestión entenderase que a certificación referirase á situación actual do concelleiro.

Artigo 17. Publicidade das declaracións tributarias.

1.- O secretario xeral do Pleno comprobará se os obrigados do artigo 10.3 cumpriron a obriga prevista no artigo 14.4; presentación de copia compulsada das declaracións tributarias correspondentes ó Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) e, no seu caso, Patrimonio e Sociedades.

2.- Aos efectos da publicidade sinalada no parágrafo catro do artigo 75.7 da Lei 7/1985, o secretario xeral, nos quince días seguintes do prazo sinalado no artigo 14.4, publicará anuncio na páxina web o Concello informando do cumprimento, ou non, de tal obriga e especificando, no seu caso, a identificación daqueles que non a realizaran. Do informe darase conta individualizada ao Pleno do Concello.

3.- Teñen acceso completo o Rexistro incluíndo as declaracións tributarias:

a) O Pleno.

b) Os órganos xudiciais, para a instrución o resolución de procesos que requiran o coñecemento dos datos.

c) O Ministerio Fiscal, cando realice actuacións de investigación que requiran o coñecemento dos datos.

d) O Defensor do Pobo e o Valedor do Pobo, nos términos previstos nas súas leis.

e) O Consello de Contas, no términos previstos na súa lei reguladora.

Artigo 18. Comunicacions tras o fin do mandato.

1. De conformidade co previsto no artigo 75.8 da Lei 7/1985, durante os dous anos seguintes á finalización do seu mandato ou de seu cese, os concelleiros que houberan

ostentado responsabilidades executivas nas diferentes áreas do goberno local seralles de aplicación, no ámbito territorial do Concello de Vigo, as limitacións ao exercicio de actividades privadas establecidas no artigo 15 da Lei 3/2015, de 30 de marzo, Reguladora do exercicio de alto cargo na Administración Xeral do Estado.

2 .Aos efectos anteriores, con carácter previo á iniciación da actividade a realizar presentarán no Rexistro de Intereses comunicación na que constará: (i) actividade pública ou privada a desenvolver; (ii) manifestación de que se vai realizar por conta propia ou allea, neste suposto indicárase denominación da empresa ou entidade e obxecto social da mesma.

3. No prazo dun mes o secretario xeral informará sobre a compatibilidade da actividade a realizar e a Alcaldía ditará Resolución que se lle comunicará ao interesado e á empresa ou sociedade na que fora a prestar os seus servizos seguíndose o procedemento previsto no artigo 15.6 da Lei 3/2015.

Capítulo III. Outros deberes dos concelleiros.

Artigo 19. Deberes derivados do exercicio do cargo.

A. Deber de respectar o réxime de incompatibilidades.

1. Os concelleiros observarán as normas sobre incompatibilidade e poñerán en coñecemento da Corporación calquera feito que puidera constituír causa da mesma.

2. Corresponderá ó secretario xeral do Pleno emitir informe sobre a existencia de causas de incompatibilidade dos concelleiros electos e dos membros da Corporación. No suposto de que o informe advirta de causa de incompatibilidade darase traslado do mesmo ó interesado ó obxecto de alegacións. A declaración de incompatibilidade, escoitada a Xunta de Voceiros, corresponderá á Alcaldía en funcións no caso de concelleiros electos e ao Pleno no caso de membros da Corporación. Cando se declare a situación de incompatibilidade, e trala a súa notificación, o afectado optará, no prazo de dez días, entre a renuncia á condición de concelleiro ou o abandono da situación que da lugar á incompatibilidade.

3. Transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior sen exercitar a opción entenderase que o afectado renuncia ao seu posto de concelleiro declarándose polo Pleno a vacante correspondente poñendo o feito en coñecemento da Administración Electoral aos efectos previstos nos artigos 182 e 208 de la Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño.

4. Os concelleiros non invocarán nin farán uso da súa condición para o exercicio de actividades mercantís, industriais ou profesionais.

B. Deber de abstención.

1. Sen prexuízo das causas de incompatibilidade establecidas pola Lei os concelleiros absteranse de participar na deliberación, votación e execución de todo asunto cando concorran algunha das causas mencionadas na lexislación de procedemento administrativo -artigo 28 da Lei 30/1992- e no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. A actuación dos membros en que concorran tales motivos implicará, se fora determinante, a invalidez dos actos nos que interviñeran.

2. O concelleiro incurso en abstención comunicará a causa de abstención ao Alcalde, quen resolverá.

3. No caso que o deber de abstención non se observe pode promoverse recusación. A recusación realizarase por calquera interesado cando estime que existe causa de abstención mediante escrito presentado no Rexistro xeral do Pleno expresando as causas nas que se funda. O concelleiro recusado, o día seguinte, manifestará ao alcalde si existe, ou non, causa de recusación, se o recusado negara a causa o alcalde resolverá no prazo de tres días; se a recusación é ao Alcalde resolverá o Pleno.

No caso de que no curso dunha sesión plenaria un concelleiro inste, con expresión do precepto que se incumpre, a recusación doutro concelleiro a Presidencia retirará da Orden do Día o asunto; non obstante, dada a inmediatez das sesións plenarias, a Presidencia outorgará a palabra ao recusado ao efecto de que se pronuncie, acto seguido resolverá estimando ou desestimando a recusación.

4. Calquera concelleiro poderá formular ao secretario xeral do Pleno cantas cuestións considere precisas sobre a procedencia da súa abstención en asuntos concretos. A Secretaría Xeral, de acordo coa información subministrada polo concelleiro nas súa declaración de actividades e, no seu caso, coa que poda serlle requirida, informarlle dos asuntos ou materias sobre os que, con carácter xeral, deberá absterse durante o exercicio de seu cargo.

C. Deber de asistencia.

Os concelleiros teñen o dereito, tamén o deber, de asistir con voz e voto, ás sesións do Pleno e ás de aqueles órganos colexiados de que formen parte salvo causa que o impida que comunicarán coa antelación necesaria ao secretario xeral. Os concelleiros están obrigados a observar a cortesía debida e a respectar as normas de orden e de funcionamento dos órganos municipais.

As ausencias dos concelleiros do termo municipal que excedan de quince días serán postas en coñecemento do Alcalde por escrito concretando a duración previsible.

O alcalde, previa audiencia do interesado, sancionará aos concelleiros por incumprimento reiterado das súas obrigas e por falta inxustificada de asistencia ás sesións cando tal ausencia se produza en dúas reunións consecutivas dos órganos do que forman parte, ou tres alternas no período de un ano.

D. Deber de reserva da información.

Os concelleiros e os asesores dos Grupos Municipais gardarán reserva en relación coa información que se lles facilite, en especial a que afecte aos dereitos e liberdades dos cidadáns e a que serve de antecedente de decisións pendentes de adopción; evitarán a reprodución da documentación facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Artigo 20. Esixencia de responsabilidade.

Os membros do Pleno están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo. As responsabilidades esixiranse ante os

Tribunais de Xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento aplicable.

Son responsables dos acordos do Pleno os membros que os votasen favorablemente.

O Pleno esixirá a responsabilidade dos seus membros cando, por dolo ou culpa grave, causaran danos ou prexuízos ao Concello ou a terceiros, se estes foran indemnizados.

TÍTULO III. DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Artigo 21. Composición e constitución.

1. Aos efectos da súa actuación corporativa os membros do Pleno constituiranse en Grupos Municipais. Os grupos ostentan carácter asociativo, son unidades políticas e non son órganos municipais, o seu funcionamento interno é democrático, réxense polos acordos adoptados no seu seo. Os grupos municipais constarán de polo menos tres concelleiros, ningún pertencerá simultaneamente a mais dun Grupo.

2. Integraranse no Grupo Mixto os concelleiros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores que non obtivesen un mínimo de tres concelleiros e aqueles outros que foran expulsados do seu Grupo Municipal.

3. Os Grupos Municipais constituiranse mediante escrito dirixido ao alcalde e subscrito por todos os seus integrantes; presentarse no Rexistro do Pleno dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación, no escrito constará a denominación do grupo, os nomes de todos os seus membros e a designación de Voceiro podéndose designar suplentes que podan substituírle. Da constitución dos Grupos, dos seus integrantes e Voceiros o alcalde dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

4. Os concelleiros integrantes do Grupo Mixto exercerán por rotación o cargo de Voceiro, segundo a orde que eles determinen.

5. Os concelleiros que aduqiran tal condición con posterioridade á sesión constitutiva do Pleno incorporaranse ao Grupo da formación electoral pola que foron elixidos dentro dos cinco días seguintes a dita adquisición; o Voceiro do Grupo comunicará esta circunstancia ao Rexistro do Pleno, en caso contrario quedará como membro non adscrito.

6. A expulsión dun concelleiro do seu grupo ou da formación política a que concorreron ás eleccións acreditarase mediante certificación na que conste o acordo adoptado que será trasladado á Alcaldía, a través do Rexistro Xeral do Pleno, quen o poñerá en coñecemento da Corporación.

Artigo 22. Dereitos económicos e funcionais dos grupos municipais.

1. O Pleno, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e os que consten nos orzamentos do Concello, asignará aos Grupos Municipais unha dotación económica para gastos de funcionamento que contará cun compoñente fixo, idéntico para todos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles; a dotación non se destinará ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ou á adquisición de bens que constitúan activos fixos de carácter patrimonial.

Os Grupos Municipais levarán unha contabilidade específica da dotación económica asignada que poñerán a disposición del Pleno sempre que este o solicite.

2. Cando a maioría dos concelleiros dun Grupo Municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados da mesma serán os concelleiros que permanezan na formación os lexítimos integrantes de dito Grupo. O secretario xeral do Pleno dirixirase ao representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura aos efectos de que acredite as circunstancias sinaladas.

3. Cando o permitan as posibilidades funcionais da organización administrativa municipal, os Grupos disporán no Concello dunha sede ou local para reunirse e recibir visitas dos cidadáns; o concelleiro delegado da Área de Réxime Interior porá a súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais.

Os medios persoais dos Grupos determinaranse pola Xunta de Goberno Local en función do número de membros e da carga de traballo de cada uno dos Grupos, terán a cualificación de persoal eventual; o seu nomeamento realizarase pola Alcaldía a proposta do Voceiro do Grupo.

4. Corresponde aos Grupos designar, mediante escrito do seu Voceiro dirixido ao alcalde, os compoñentes que os representarán nos órganos colexiados integrados por membros da Corporación.

Artigo 23. Concelleiros non adscritos.

1. Os concelleiros que non se integren no grupo político municipal da lista electoral pola que foron elixidos ou que abandonen voluntariamente a candidatura na que concorreron no proceso electoral ou o grupo municipal no que se integraron ostentarán a condición de “non adscritos”. En calquera momento posterior poderán integrarse ou reintegrarse no Grupo de orixe.

2. Exercerán a súa representación política a título individual, sen que poidan durante o mandato integrarse nin constituír Grupo Mixto, nin en ningún outro Grupo distinto á formación electoral na que concorreron ás eleccións.

Aos “concelleiros non adscritos” correspóndelles o dereito político de formar parte das Comisións do Pleno, a tal efecto remitiran á Alcaldía escrito indicando as Comisións nas que queiran integrarse, neste suposto o voto nas Comisións Informativas será ponderado. As súas intervencións ante o Pleno atoparanse limitadas en tempo considerando poderadamente as que tiveren os representantes dos Grupos, non obstante presentarán mocións, emendas, rogos e preguntas nos termos do presente Regulamento.

Os dereitos económicos dos concelleiros non adscritos serán os que individualmente lles correspondan como membros da Corporación e non serán superiores aos que lles corresponderían de permanecer no Grupo de procedencia; non lles corresponderá os réximes de dedicación exclusiva ou parcial, nin a percepción de dotación económica como compoñente fixo prevista no artigo 22. Percibirán as asignacións que lles correspondan por asistencia ós órganos colexiados dos que formen parte e calquera

outras que se deriven da súa condición de corporativo a título individual.

3. O disposto no apartados anteriores non será de aplicación no caso de candidaturas presentadas como coalición electoral cando algún dos partidos políticos que a integran decida abandonala.

TÍTULO IV. Do goberno en funcións e do traspaso de poderes.

Artigo 24. Actuacións do goberno municipal en funcións.

1. No tempo de permanencia en funcións o goberno saínte limitará a súa xestión á tramitación de asuntos de administración ordinaria; en ningún caso poderán adoptarse acordos que requiran o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

2. Salvo urxencia, ou por razóns motivadas, non se consideran administración ordinaria os seguintes acordos:

- a) Elevar proxectos de regulamento ao Pleno.
- b) Autorizar convenios ou acordos con outras Administracións Públicas.
- c) Adquirir compromisos de gasto que non teñan a consideración de gasto corrente.
- d) Aprobar convocatorias de probas de acceso ou de provisión de postos de traballo.
- e) Aprobar ou modificar o cadro de persoal.
- f) Adxudicar contratos que teñan vixencia plurianual e aqueles cuxa estimación económica supere a contía de 150.000 euros.
- g) Aprobacións de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral.
- h) Nomeamento dos titulares dos órganos directivos da Administración municipal.

Artigo 25. Actuación do Goberno en funcións e traspaso de poderes

1. No tempo de permanencia en funcións o goberno saínte garantirá ao novo goberno a información necesaria sobre a Administración Municipal.

2. Cada concellería en funcións elaborará un informe de xestión da mesma.

3. O contido de dito informe recollerá cando menos:

- a) Estrutura, organigrama e funcións.
- b) Programas en execución.
- c) Convenios vixentes con detalle de execución.
- d) Desagregación da execución orzamentaria do exercicio e das dispoñibilidades existentes.
- e) Desagregación de préstamos financeiros outorgados e solicitados.
- f) Desagregación dos compromisos económicos asumidos.

- g) Desagregación da situación del persoal.
 - h) Listado e copia de todos os contratos vixentes no momento da transición.
 - i) Listado e copia de todas as obrigas pendentes de pago.
 - j) Listado das disposicións de carácter xeral cuxa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior o da toma de posesión do novo goberno.
4. Os informes serán agrupados nun documento final que quedará a disposición do novo alcalde.

TÍTULO IV. DA ORGANIZACIÓN DO PLENO.

Capítulo I. Da Presidencia.

Artigo 26. Presidencia, delegación e substitución.

1. O Pleno convócao, o preside e dirixe o alcalde. O alcalde delegará a convocatoria e Presidencia do Pleno nun dos concelleiros cando o estime oportuno.
2. Corresponde ao alcalde decidir os empates con voto de calidade, ostentan esta prerrogativa os tenentes de alcalde en casos de substitución.
3. A substitución do alcalde na Presidencia do Pleno polos tenentes de alcalde producirase nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade; a substitución realizarase pola orde do seu nomeamento e producirase sen necesidade de acto declarativo expreso.
4. A Presidencia é o órgano de dirección do Pleno a estes efectos dirixe os debates e mantén a orde nos mesmos cumprindo e facendo cumprir o presente Regulamento interpretándoo en caso de dúbida e suplíndoo no caso de omisión; intervirá, en calquera momento para facer as aclaracións que estime oportunas sobre o fondo dos asuntos.

Capítulo II. Da Xunta de Voceiros.

Artigo 27. Natureza xurídica

A Xunta de Voceiros é un órgano colexiado complementario da organización municipal de carácter deliberante e consultivo, intégrase polo alcalde, ou concelleiro no que delegue, que a presidirá, e os Voceiros dos Grupos Municipais que, en caso de ausencia, poderán ser substituídos por calquera outro membro do seu grupo.

Artigo 28. Atribucións.

A Xunta de Voceiros ostenta as seguintes atribucións:

1. Coñecer o proxecto definitivo da Orde do Día das sesións ordinarias e extraordinarias.
2. Coñecemento previo dos asuntos de especial transcendencia para a Corporación.

3. Estudo e informe dos asuntos que o alcalde someta a súa consideración.

4. Participar na actividade institucional; será consultada nos seguintes asuntos:

- Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente cando as circunstancias o permitan.
- Modificación dos símbolos representativos municipais.
- Delimitación ou alteración del término municipal.
- Determinación do tempo de intervención dos grupos en asuntos de transcendencia.
- Aprobación ou modificación do Regulamento de Honras e Distincións.
- Concesión de distincións que correspondan ao Pleno.
- Nomeamento de representantes municipais.
- Modificación dos modelos de declaración que integran o Rexistro de Intereses.

5. Actuará como Comisión Informativa Permanente nos seguintes casos:

a) Cando asuma transitoriamente as funcións das Comisións Informativas Permanentes se non fora posible a creación destas na primeira sesión que se celebre despois da constitución da Corporación.

b) Nas sesións extraordinarias convocadas a iniciativa dos membros do Pleno substituirá o ditame das Comisións Informativas Permanentes cun informe previo da Xunta de Voceiros.

6. Corresponderalle o control e seguimento do cumprimento dos acordos plenarios en relación con mocións e compromisos de actuación adquiridos en interpelación.

Artigo 29. Réxime xurídico e de funcionamento.

1. A Xunta de Voceiros reunirse coa mesma periodicidade que o Pleno, con carácter ordinario no terceiro día hábil anterior ao de realización das sesións ordinarias ou extraordinarias non urxentes; celebrará sesións extraordinarias cando así o decida o alcalde, a iniciativa propia, ou a petición razoada da metade dos seus membros.

2. As reunións ordinarias e extraordinarias da Xunta de Voceiros serán convocadas corenta e oito horas antes da súa realización polo alcalde mediante citación efectuada pola Secretaría Xeral por calquera medio que permita ter constancia; coa convocatoria axuntarase a Orde do Día.

3. Entenderase constituída a Xunta de Voceiros cando concorran ademais do alcalde, ou concelleiro no que delegue, o secretario xeral do Pleno a metade dos seus membros sempre que estes representen a metade do número legal de membros da Corporación. Este quórum haberá de manterse durante toda a reunión. Con carácter excepcional, asistirán ás súas reunións os membros e o persoal da Corporación que o alcalde considere conveniente, aos efectos de informar sobre asuntos concretos.

4. As consideracións da Xunta de Voceiros non terán carácter vinculante nin darán lugar a ningún acto administrativo con forza de obrigar a terceiros. As decisións da Xunta de Voceiros serán adoptadas por maioría absoluta de votos, utilizando cada Voceiro o voto ponderado correspondente ao número de membros de que dispoña cada Grupo.

5. Dado o seu carácter deliberante e consultivo das reunións non se levantará Acta, non obstante, se algún acordo o precisara poderá formalizarse por escrito.

Capítulo III. Das Comisións do Pleno.

Artigo 30. Natureza xurídica.

As Comisións Informativas do Pleno son órganos colexiados da organización municipal integrados por concelleiros membros do Pleno, a súa composición acomodarse á proporcionalidade existente entre os distintos Grupos Municipais; teñen carácter deliberante e non resolutorio agás no caso de que exerzan competencias delegadas polo Pleno.

Os ditames das Comisións Informativas teñen carácter preceptivo e non vinculante.

Artigo 31. Clases de Comisións. Creación, composición e extinción.

1. As Comisións Informativas son Permanentes, Obrigatorias e Especiais.
2. No acordo de creación das Comisións determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:
 - a) O Presidente do Pleno é o Presidente nato de todas elas; a presidencia efectiva podará delegala en calquera membro do Pleno, a proposta da propia Comisión, logo da correspondente elección feita na mesma.
 - b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos Grupos Municipais representados no Pleno.
 - c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros do Pleno que formen parte da mesma en representación de cada Grupo realizarase mediante escrito do Voceiro dirixido ao Presidente. Os Grupos substituirán a un ou varios dos seus membros adscritos a unha Comisión, por outro u outros concelleiros do mesmo Grupo, previa comunicación verbal o Presidente efectivo da Comisión na mesma sesión.
3. Son Comisións Informativas Permanentes as que se constitúen con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias que deben someterse ao Pleno. O seu número e denominación, así como calquera variación das mesmas durante o mandato decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta do alcalde, procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das áreas nas que están estruturados os servizos corporativos.
4. Son Comisións de Informativas Obrigatorias a Comisión Especial de Contas, a Comisión de Suxestións e Reclamacións e aquelas outras que establezan as leis.
5. Son Comisións Informativas Especiais as que o Pleno acorde constituír, en calquera momento, para un asunto concreto en consideración ás características especiais de calquera tipo; extínguense unha vez ditaminado ou informado o asunto que constitúe o seu obxecto agás que no acordo plenario que as creou dispuxérase outra cousa; se extinguen coa finalización do mandato corporativo.

Artigo 32. Funcionamento das Comisións.

1. Serán de aplicación ás Comisións Informativas as previsións contidas para o Pleno no artigo 46.2, parágrafos b), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, en relación coas clases de sesións, a convocatoria e o *quórum* de asistencia. O seu funcionamento axustarase ao previsto no Capítulo II do Título IV do RD 2568/1986.

2. A Presidencia efectiva da Comisión ou a maioría das mesmas requirirá a asistencia ás sesións de calquera concelleiro para que informe sobre un tema concreto que sexa competencia da Comisión, igualmente requirirá a presenza de calquera funcionario municipal para información e asesoramento específico do asunto ou expediente a tratar.

3. O secretario xeral do Pleno prestará nas Comisións o asesoramento xurídico necesario para cumprimento das atribucións que lles corresponde, emitirá informes, redactará ditames e recollerá nas Actas os ditames e acordos adoptados.

4. As Actas contenderán unha relación moi sucinta das materias debatidas, persoas intervinientes, incidencias producidas e acordos adoptados.

5. As súas sesións non serán públicas agás no suposto das Permanentes cando actúen en competencias delegadas polo Pleno, neste suposto realizarán as súas sesións no Salón de Sesións e os debates axustaranse ao disposto no artigo 53 deste Regulamento.

Artigo 33. Comisións Permanentes. Atribucións.

Corresponderán ás Comisións Permanentes as seguintes funcións:

a) O ditame, estudio, informe ou consulta dos asuntos de tramitación ordinaria que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno.

Os ditames das Comisións limitaranse a mostrar a súa conformidade ou desconformidade coa proposta de acordo que conste no expediente, ou ben a formular unha alternativa. Os membros da Comisión que disintan do ditame, se o estiman conveniente, formularán, tras a votación, Voto Particular para a súa defensa ante o Pleno.

b) O seguimento da xestión do alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, corresponde ó Pleno.

c) Aquelas que o Pleno lles delegue.

O Pleno pode delegar nas Comisións as seguintes competencias:

- A aprobación e modificación das Ordenanzas e Regulamentos locais (agás os de natureza orgánica).

- A determinación das formas de xestión dos servizos, así como o acordo de creación de organismos autónomos, de entidades públicas empresariais e de sociedades

mercantís para a xestión dos servizos de competencia municipal, e a aprobación dos expedientes de municipalización.

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa xurídica do Pleno nas materias da súa competencia.

- A formulación de conflitos de competencia a outras entidades locais e outras Administracións Públicas.

Artigo 34. Comisións Obrigatorias.

Son Comisións de natureza obrigatoria as seguintes:

1. A Comisión de Contas.

A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as Comisións Informativas.

Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias ou extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación.

A Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos a orzamentos e facenda do Concello actuará como Comisión Especial de Contas.

2. A Comisión de Suxestións e Reclamacións.

De conformidade co sinalado no artigo 132 da Lei 7/1985, de 2 de abril, para a defensa dos dereitos dos veciños ante a Administración Municipal existirá unha Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, cuxo funcionamento se regulará en norma de carácter orgánico.

Participarán na mesma representantes de todos os Grupos que integran o Pleno de forma proporcional ao número de membros que teñan no mesmo.

A Comisión Especial de Suxestións e Reclamación supervisará a actividade da Administración Municipal, formulará recomendacións aos órganos municipais dirixidas a mellorar o funcionamento dos servizos e dará conta ao Pleno, mediante un informe anual, das queixas presentadas e das deficiencias que se observen no funcionamento dos servizos municipais con especificación das suxestións ou recomendacións non admitidas. Realizará informes extraordinarios cando a gravidade ou a urxencia dos feitos o aconsellen.

Para o desenvolvemento da súas funcións, tódolos órganos de Goberno e unidades administrativas da Administración Municipal están obrigados a colaborar coa Comisión.

3. A Comisión de Vixilancia da Contratación.

a) É o órgano de vixilancia da actividade contractual da Administración municipal.

b) O obxecto da Comisión e garantir a aplicación efectiva dos principios de publicidade, libre concorrència, obxectividade e eficacia na contratación pública.

c) Nas demais cuestións rexeráse polo que o determine o seu acordo de constitución.

Artigo 35. Comisións Especiais. Comisións Especiais de Investigación.

1. As Comisións Especiais teñen o ámbito de actuación que se estableza no seu acordo de creación que será adoptado polo Pleno. A súa composición rexeráse polo disposto con carácter xeral sen prexuízo de sinalar no acordo de creación unha composición baseada no sistema de representación ponderada.

2. As Comisións Especiais de Investigación créanse polo Pleno por proposta da Alcaldía ou dun Grupo Municipal, o funcionamento da Comisión así como o seu “plan de traballo” acordarase na sesión constitutiva. As súas sesións non serán públicas. En todo caso a Comisión elixirá de entre os seus membros un vogal que desempeñe a Presidencia efectiva da Comisión propoñendo tal Presidencia o alcalde, presidente nato. As súas conclusións reflectiranse nun ditame que será debatido e votado no Pleno, a Presidencia, escoitada a Xunta de Voceiros, ordenará o debate, concederá a palabra e fixará os tempos de intervención.

3. As Comisións Especiais de Investigación, para o seu funcionamento, solicitarán dos servizos municipais a documentación que considere necesaria, así mesmo requirirán a presenza de calquera persoa para ser oída, non obstante esta presenza non é obrigada. A notificación do requirimento para comparecer e dos extremos sobre os que se deba informar realizarase con dez días de antelación, salvo cando, por concorrer circunstancias de urxente necesidade, se faga nun prazo menor, que en ningún caso inferior a tres días.

Capítulo IV. Do Pleno.

Artigo 36. Natureza Xurídica.

O Pleno do Concello, integrado polo alcalde e os concelleiros, é o órgano de máxima representación política dos cidadáns de Vigo no goberno municipal.

Artigo 37. Atribucións.

1. De conformidade co sinalado no artigo 123.1 da Lei 7/1985, corresponden ao Pleno as seguintes atribucións:

a) O control e a fiscalización dos órganos de goberno.

b) A votación da moción de censura ao Alcalde e da cuestión de confianza formulada por este, que será pública e realizarase mediante chamamento nominal en todo caso e rexeráse en todos os seus aspectos polo disposto na lexislación electoral xeral.

c) A aprobación e modificación dos Regulamentos orgánicos, teñen natureza orgánica:

A regulación do Pleno.

A regulación do Consello Social da Cidade.

A regulación da Comisión Suxestións e Reclamacións.

A regulación dos órganos complementarios e dos procedementos de participación cidadá.

A división do municipio en Distritos, e a determinación e regulación dos órganos dos Distritos e das competencias dos seus órganos representativos e participativos, sen prexuízo das atribucións do alcalde para determinar a organización e as competencias da súa administración executiva.

A determinación dos niveles esenciais da Organización municipal, entendendo por tales as grandes Áreas de Goberno, os Coordinadores Xerais, dependentes directamente dos membros da Xunta de Goberno Local, con funcións de coordinación das distintas Direccións Xerais ou órganos similares integradas na mesma Área de goberno, e da xestión dos servizos comúns destas ou outras funcións análogas; e as Direccións Xerais ou órganos similares que culminen a organización administrativa, sen prexuízo das atribucións do alcalde para determinar o número de cada un de tales órganos e establecer niveis complementarios inferiores.

A regulación do órgano para resolver as reclamacións económico-administrativas.

d) A aprobación e modificación das Ordenanzas e Regulamentos municipais.

e) Os acordos relativos á delimitación e alteración do termo municipal; a creación ou supresión das Entidades a que se refire o artigo 45 da Lei 7/1985, de 2 de abril; a alteración da capitalidade do municipio e o cambio de denominación deste ou daquelas Entidades, e a adopción ou modificación da súa bandeira, ensina ou escudo.

f) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais.

g) A determinación dos recursos propios de carácter tributario.

h) A aprobación dos orzamentos, do cadro de persoal, así como a autorización de gastos nas materias da súa competencia. Aprobará a Conta Xeral do exercicio correspondente.

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

j) A transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente.

k) A determinación das formas de xestión dos servizos, así como o acordo de creación de organismos autónomos, de entidades públicas empresariais e de sociedades mercantís para a xestión dos servizos de competencia municipal, e a aprobación dos expedientes de municipalización.

- l) A revisión de oficio dos seus propios actos e disposicións de carácter xeral.
- m) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa xurídica do Pleno nas materias da súa competencia.
- n) Estabelecer o réxime retributivo dos membros do Pleno, do seu Secretario Xeral, do Alcalde, dos membros da Xunta de Goberno Local e dos órganos directivos municipais.
- ñ) A proposta de conflitos de competencia a outras Entidades Locais e outras Administracións Públicas.
- o) As demais que expresamente lle confiran as leis.

2. Poden delegarse nas Comisións Informativas Permanentes as atribucións referidas nos apartados d), k), m) e ñ) do apartado anterior.

Artigo 38. Acordos de maioría absoluta.

Requirirase o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno para a adopción dos acordos referidos nas letras c), e), f) e j) do artigo anterior e para os acordos que corresponda adoptar ao Pleno na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística.

Os demais acordos adoptaranse por maioría simple de votos.

Capítulo V. Dos servizos do Pleno.

Artigo 39. Medios.

1. O Pleno disporá dos medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas funcións. No Pleno existe unha Secretaría Xeral, que o será tamén das súas Comisións, a quen lle corresponde, baixo a dirección da Presidencia, a asistencia, apoio e asesoramento xurídico de ditos órganos, así como a administración dos medios necesarios para que o Pleno desenvolva con eficacia as súas funcións.

2. A estrutura e as unidades dependentes da Secretaría Xeral serán establecidas por acordo do Pleno a proposta de seu titular e co praxe da Presidencia; a determinación das funcións dos postos de traballo adscritos á Secretaría Xeral realizarase polo secretario.

Artigo 40. Do secretario xeral do Pleno.

1. O secretario xeral do Pleno, baixo a dirección da Presidencia, é o xefe superior do persoal e dos servizos do Pleno, ten carácter de órgano directivo e correspóndelle o asesoramento xurídico, técnico e administrativo do Pleno e de todos os seus órganos, o seu nomeamento corresponde ao alcalde nos términos previstos na lexislación aplicable.

Corresponde ao secretario xeral do Pleno as seguintes funcións:

- a) A redacción e custodia das Actas, así como a supervisión e autorización das

mesmas, co visto e praxe do Presidente do Pleno.

b) Fe pública. A expedición, co visto e praxe do Presidente, das certificacións dos actos e acordos que se adopten tanto en Pleno como en Comisións.

c) A asistencia ó Presidente do Pleno para asegurar a convocatoria das sesións, a orde nos debates e a correcta celebración das votacións, así como a colaboración no normal desenvolvemento dos traballos do Pleno e das Comisións.

d) A comunicación, publicación e execución dos acordos plenarios e dos adoptados en delegación polas Comisións, incluída a remisión á Administración do Estado e á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia da copia, ou, no seu caso extracto, dos actos e acordos do Pleno.

e) Cualificar, con arranxo ao presente Regulamento, os escritos e documentos de índole plenaria, propoñendo á Presidencia a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

f) Impulsar a tramitación de todos os escritos e documentos de índole plenaria conforme o establecido neste Regulamento.

g) O asesoramento legal ao Pleno e as Comisións preceptivo nos seguintes supostos:

1º. Cando así o ordene a Presidencia ou cando o solicite un terzo dos seus membros con antelación suficiente á celebración da sesión no que o asunto debérase de tratar.

2º. Cando se trate de asuntos para os que se esixa unha maioría absoluta.

3º. Cando unha norma xurídica así o esixa nas materias de competencia plenaria.

4º. Cando, no exercicio da función de control e fiscalización dos órganos de goberno, o solicite o Presidente ou a cuarta parte dos concelleiros.

5º. No exercicio da iniciativa popular prevista na lexislación de réxime local.

6º. No suposto de aprobación inicial de Proxectos Regulamentarios de calquera natureza agás as Ordenanzas Fiscais, así como no caso da aprobación definitiva de tales normas.

h) A levanza e custodia do Rexistro de Intereses.

i) As funcións que a lexislación electoral xeral asigna aos secretarios dos Concellos.

j) Aquelas que lle encomende a Presidencia do Pleno ou o alcalde.

2. Cando se trate dos supostos previstos nos subapartados 2º, 3º e 4º do epígrafe g) do apartado 1 a recepción do asunto de que se trate no Rexistro do Pleno supoñerá a obriga de emitir informe, sen ningún outro trámite e sempre que o expediente se atope completo, en caso contrario, o secretario devolverá o mesmo á dependencia de procedencia para que se complete.

As solicitudes de informe á Secretaría Xeral formuladas polo Presidente ou unha carta parte dos concelleiros presentaranse no Rexistro do Pleno.

O prazo para a emisión dos informes que corresponda será de dez días hábiles a contar desde o momento no que obre en dita Secretaría a documentación e os antecedentes necesarios para a súa emisión.

3. A determinación do réxime retributivo da Secretaría Xeral é atribución do Pleno.

4. En casos de ausencia, vacante ou enfermidade ou cando concorra calquera outra causa que imposibilite ao titular de Secretaría o exercicio das súas funcións, as mesmas serán desempeñadas polo secretario da Administración Municipal.

Artigo 41. Do Rexistro do Pleno.

1. Da Secretaría Xeral do Pleno dependerá un Rexistro propio e diferenciado dedicado ó asento das iniciativas e á entrada e saída dos documentos relacionados co Pleno e as súas Comisións. En todo o non previsto no presente Regulamento, o réxime de presentación dos documentos será o establecido na lexislación sobre procedemento administrativo común.

2. O Rexistro do Pleno elaborará un estado de actividade no que se reflectirán por orde cronolóxica as Mocións pendentes de incluír na Orde do Día. O estado de actividade manterase actualizado e estará a disposición dos concelleiros que o soliciten.

TÍTULO V. DO FUNCIONAMENTO DO PLENO.

Capítulo I. Da Orde do Día.

Artigo 42. Elaboración e tramitación da Orde do Día.

1. Na Orde do Día só se incluírán os expedientes de tramitación ordinaria que foran previamente ditaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda.

2. O proxecto inicial da Orde do Día das sesións será confeccionado polo secretario xeral do Pleno que trasladará á Presidencia unha relación de expedientes e asuntos concluídos de tramitación ordinaria e ditaminados pola Comisión Informativa competente; examinado o proxecto inicial a Presidencia determinará o proxecto definitivo que poñerá en coñecemento da Xunta de Voceiros en reunión convocada ao efecto; os Voceiros completarán a Orde do Día sinalando as Mocións de control que o seu Grupo pretendan presentar para o seu debate e votación na sesión; na Orde do Día figurarán en primeiro lugar as do Grupo de menor número de concelleiros e así sucesivamente.

3. O Presidente, por razóns de urxencia, incluírá na Orde do Día, a iniciativa propia ou a proposta dos membros do goberno, asuntos de tramitación ordinaria que non foran previamente informados pola respectiva Comisión Informativa que recibirán o nome de "Proposicións", neste suposto non se adoptará acordo algún sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na Orde do Día.

4. Na Orde do Día das sesións ordinarias incluírase sempre un punto no que se de conta ao Pleno das Resolucións ditadas polo alcalde e os concelleiros delegados e outros de formulación de Rogos e Preguntas.

5. Toda a documentación dos asuntos incluídos na Orde do Día que serve de base ao

debate e, no seu caso, votación, estará na Secretaría Xeral a disposición dos membros do Pleno dende o mesmo día da convocatoria. Calquera membro do Pleno poderá examinala e incluso obter copias de documentos concretos que a integren; os orixinais non sairán do lugar en que se encontren postos de manifesto.

Artigo 43. Estrutura da Orde do Día.

O desenvolvemento das sesións ordinarias axustarase a seguinte estrutura.

- Aprobación da Acta da sesión anterior.
- Intervencións no Pleno de Asociacións.
- Declaracións Institucionais.

Fase Resolutiva

- Dación de conta de Resolucións ditadas pola Alcaldía e concelleiros delegados.
- Dación de conta dos expedientes de tramitación ordinaria.
- Expedientes de tramitación ordinaria ditaminados polas Comisións Informativas.
- Expedientes de tramitación ordinaria non ditaminados polas Comisións Informativas.
- Expedientes de tramitación ordinaria non incluídos na Orde do Día.

Fase de Control

- Mocións de control dirixidas a outras Administracións Públicas.
- Mocións de control dirixidas ao Goberno Municipal.
- Mocións de control urxentes.
- Comparecencia de concelleiros delegados.
- Comparecencia da Xunta de Goberno Local.
- Rogos.
- Preguntas.

Capítulo II. Das sesións.

Artigo 44. Clases de sesións.

As sesións do Pleno serán:

- a) Ordinarias
- b) Extraordinarias
- c) Extraordinarias de carácter urxente.

a) Son ordinarias as sesións que teñen unha periodicidade preestablecida que será mensual. Dita periodicidade será fixada mediante acordo do Pleno adoptado na súa sesión organizativa.

b) Son sesións extraordinarias as que convoque o Presidente con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude da cuarta parte do número legal de membros do Pleno; ningún concelleiro solicitará mais de tres no mesmo ano. A solicitude farase mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno no que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todos os que a subscriben; no escrito, no seu caso, constará as propostas de acordo a adoptar. A relación de asuntos incluídos no escrito e

as súas propostas de acordo non enerva a facultade do Presidente para determinar os puntos da Orde do Día; a exclusión de dalgúns dos asuntos propostos deberá ser motivada, considerárase motivada cando a proposta de acordo se refira a un asunto para ao cal o Pleno carece de competencia, sen prexuízo de entender que poden referirse a un asunto no que se propón o posicionamento da Corporación.

O prazo anual mencionado no parágrafo anterior computarase desde o día seguinte o de constitución da Corporación.

A convocatoria de sesión extraordinaria a solicitude de membros da Corporación realizarase dentro dos catro días seguintes á petición e a súa celebración non se demorará mais de quince días hábiles dende que o escrito tivera entrada no Rexistro do Pleno, non podendo incorporarse os asuntos propostos ao Orde do Día dun Pleno ordinario ou doutro extraordinario senón o autorizan os solicitantes da convocatoria. Se o Presidente non convocara o Pleno dentro do prazo sinalado quedará convocado para as doce horas do décimo día hábil seguinte o de finalización do prazo citado.

c) Son sesións extraordinarias urxentes as convocadas polo Presidente cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permita convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días, neste caso incluírase como primeiro punto da Orde do Día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia (ratificación da urxencia), se esta non resulta apreciada levantarase a sesión.

Artigo 45. Convocatoria e expediente da sesión.

1. Corresponde á Presidencia convocar as sesións do Pleno, a convocatoria das sesións extraordinarias será motivada.

Á convocatoria das sesións acompañarase a Orde do Día comprensiva dos asuntos a tratar e os borradores de Actas de sesións anteriores sometidas a aprobación.

A convocatoria, Orde do Día e borradores de Actas serán notificados aos concelleiros no local sede do seu grupo municipal, a tal fin farase uso de calquera medio electrónico, informático ou telemático sempre que se garanta de modo fehaciente a súa recepción.

Entre a convocatoria e a celebración da sesión non transcorrerán dous días hábiles, agás no caso das sesións extraordinarias urxentes.

2. A convocatoria para unha sesión, ordinaria o extraordinaria dará lugar á apertura do correspondente expediente, no que constará:

a) Relación na que conste os expedientes de tramitación ordinaria conclusos que a Secretaría Xeral do Pleno prepare e poña a disposición da Presidencia.

b) Proposta da Orde do Día realizada pola Presidencia

c) Acta da Xunta de Voceiros na que constará o coñecemento por parte deste órgano da Orde do Día proposto pola Presidencia.

d) Fixación definitiva da Orde do Día pola Presidencia.

- e) Copias das notificacións da convocatoria cursadas aos grupos municipais.
- f) Copia do anuncio que se fixe no Taboleiro de Editos e páxina web municipal.
- g) Minuta da Acta.
- h) Copia dos oficios de remisión dos acordos adoptados ás Administracións do Estado e á Xunta de Galicia.
- i) Publicación dos acordos no BOP.

Artigo 46. Lugar de celebración das sesións do Pleno.

1. O Pleno celebrará as súas sesións no Salón de Sesións da Casa Consistorial agás nos supostos de forza maior nos que, a través da convocatoria do Presidente ditada e notificada ós membros do Pleno, habilitarase outro edificio ou local. En todo caso, farase constar na Acta esta circunstancia.
2. Os membros do Pleno tomarán asento no Salón de Sesións unidos ao seu Grupo. A orde de colocación dos grupos determinarase polo Presidente, escoitados os Voceiros, os concelleiros ocuparán sempre o mesmo escano. A colocación dos membros corporativos tenderá a facilitar a emisión e recuento dos votos.

Artigo 47. Principio de unidade de acto e desenvolvemento das sesións.

1. Toda sesión respectará o principio de unidade de acto e procurarase que remate no mesmo día do seu comezo, se este rematara sen que se debatesen e resolvesen todos os asuntos incluídos na Orde do Día a Presidencia levantará a sesión, os asuntos non debatidos incluíranse na Orde do Día da seguinte.
2. Durante o transcurso da sesión a Presidencia acordará interrupcións, o seu prudente arbitrio, para permitir deliberacións dos Grupos sobre a cuestión debatida ou para descanso.
3. Se se producira unha alteración da orden pública que impida o normal desenvolvemento da sesión, a Presidencia, se o considera oportuno, ordenará a suspensión por un prazo máximo de 30 minutos, se transcorrido non se puidera continuar con normalidade, a Presidencia, trala consulta cos Voceiros, optará por renovala a porta pechada ou por levantala.

Artigo 48. Quórum de constitución.

Para a válida constitución do Pleno requírese a asistencia dun terzo do número legal de membros, este quórum manterase durante toda a sesión. En todo caso requírese a asistencia da Presidencia e do secretario xeral do Pleno ou de quen os substitúan.

Se en primeira convocatoria non existira o quórum necesario entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois, se tampouco entón se acadase o quórum necesario, a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria pospoñendo estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día para a primeira sesión que

se celebre, sexa ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 49. Publicidade das sesións.

1. As sesións do Pleno do Concello de Vigo son solemnes e públicas sen prexuízo do límite material do aforo existente no Salón de Sesións; facilitarase o acceso ós medios de comunicación debidamente acreditados. Será secreto o debate e a votación daqueles asuntos que afecten aos dereitos fundamentais dos cidadáns referidos no artigo 18.1 da Constitución e aqueles outros que así o acorde o Pleno.

O público asistente ás sesións non intervirá nelas, nin realizará manifestacións de agrado ou desagrado, nin exhibirá carteis, pancartas ou similares.

2. Corresponde á Presidencia a materialización do dereito fundamental dos cidadáns de Vigo participar nos asuntos públicos a través dos seus representantes. É deber da Presidencia preservar a correcta orde das sesións ostentando para iso inherentes poderes de dirección no Salón de Sesións ao obxecto de posibilitar que o Pleno cumpra a súa función participativa e democrática. A Presidencia chamará á orde, procedendo inclusive á expulsión, ás persoas que, por calquera causa, impidan o normal desenvolvemento da sesión.

3. Sen prexuízo da súa amoestación e, no seu caso, expulsión, ás persoas que no transcurso dun Pleno foran reiteradamente chamadas á orde pola Presidencia por inxerencia, intromisión ilexítima, alteración, ou interrupción da sesión, é así conste na Acta ou no borrador da Acta da sesión, poderáselles limitar, mediante Resolución motivada da Alcaldía, a súa asistencia ás sesións por un prazo de dous a catro meses en función da relevancia e intensidade da perturbación ocasionada.

4. A policía municipal realizará Parte de Servizo dos feitos que perturben o desenvolvemento da Orde do Día ou a adopción de acordos e daqueles outros que supoñan alteración do orden público da sesión ou falta de respecto e consideración os membros da Corporación; no caso de que os servizos xurídicos consideren que os mesmos son constitutivos de infracción penal formularase denuncia.

5. A Presidencia adoptará as medidas axeitadas para facilitar aos medios de comunicación o acceso ao Salón de Sesións, ningún medio, sen atoparse expresamente autorizado pola Presidencia, realizará gravacións gráficas ou sonoras das sesións.

Capítulo III. Funcionamento das sesións.

Artigo 50. Apertura da sesión. Aprobación da Acta anterior.

1. Comprobada a existencia de quórum polo secretario a Presidencia declarará sesión pública e ordenará a apertura das portas do Salón de Sesións.

2. As sesións comezarán preguntando o Presidente se algún membro do Pleno ten que formular algunha observación á Acta da sesión anterior, se non houbera observacións considerarase aprobada, se as houbera debateranse e decidiranse as rectificacións que procedan. En ningún caso modificaranse o fondo dos acordos adoptados e so caberá emendar os meros erros materiais ou de feito.

Ao apuntar, en cada acta, a lectura e aprobación da anterior consignaranse as observacións e rectificacións practicadas.

Artigo 51. Orde dos asuntos.

Os asuntos debateranse e votaranse pola orde en que estiveran relacionados na Orde do Día, non obstante a Presidencia pode alterar a orde dos temas, ou retirar un asunto cando a súa aprobación esixira unha maioría absoluta e esta, dado o número de membros presentes na sesión, non puidera obterse.

Cando varios asuntos de tramitación ordinaria garden relación entre si debateranse conxuntamente si así o decide a Presidencia escoitados os Voceiros, a votación de cadanseu realizarase por separado.

No suposto de debate conxunto a Presidencia incrementará o tempo de intervencións previsto no artigo 53 escoitados os Voceiros.

Artigo 52. Dación de conta de Resolucións.

1. O Alcalde dará conta sucinta ao Pleno en cada sesión ordinaria das Resolucións que houbera adoptado desde a última sesión plenaria ordinaria, aos efectos de que os concelleiros coñezan o desenvolvemento da Administración municipal.
2. De todas as delegacións e das súas modificacións darase conta ao Pleno na primeira sesión que este realice con posterioridade ás mesmas.
3. O debate que se suscite na dación de conta seguira as regras do previsto no artigo 53 deste Regulamento.

Artigo 53. Retirada de asuntos e asuntos sobre a Mesa.

Calquera concelleiro, se o considera oportuno, solicitará, antes e durante o seu debate, a retirada de algún expediente de tramitación ordinaria incluído na Orde do Día, a efecto de que se incorporen ao mesmo documentos ou informes, e tamén que o expediente quede sobre a Mesa, aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión. En ambos casos, a solicitude será votada tras concluír o debate e antes de proceder á votación sobre fondo do asunto. Se a maioría simple votase a favor da petición non haberá lugar a votar a proposta de acordo.

No suposto de que a retirada da Orde do Día, ou a petición de que o expediente de tramitación ordinaria quede sobre a Mesa, a formule o membro do goberno con responsabilidade na materia a Presidencia, se o estima conveniente, acordaraa. Retiraranse da Orde do Día aqueles expedientes de tramitación ordinaria que decida a Presidencia.

Artigo 54. Nomenclatura.

1. *Intervencións no Pleno dos cidadáns.* Cando as asociacións ou entidades constituídas para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños desexen efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da Orde do Día no que interviñeron na súa tramitación administrativa como interesados, ou para expoñer

calquera problemática de interese xeral para a Cidade deberán solicitarllo ao alcalde, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Pleno; o escrito presentarase con antelación á convocatoria da sesión; a súa intervención, de ser autorizada, realizarase polo tempo que determine o alcalde e a través dun único representante, a intervención figurará na Orde do Día como primeiro punto da sesión.

2. Declaracións Institucionais. O Pleno, a proposta do alcalde, da Xunta de Voceiros o do Voceiro dun Grupo municipal no que se integren un terzo do número legal de membros da Corporación, aprobará declaracións institucionais que expresarán a posición política do Concello de Vigo sobre cuestións de interese xeral que afecten ao Concello de Vigo e os seus cidadáns aínda que non se refiran a asuntos estritamente municipais. Se a Presidencia o considera oportuno serán obxecto de debate nos tempos determinados por ela. Estarán en condicións de ser incluídas na Orden do Día do Pleno as declaracións presentadas na Secretaría Xeral do Pleno con ao menos catro días hábiles de antelación respecto da sesión correspondinte, sen prexuízo de que por razóns de motivada urxencia se inclúan outras.

As declaracións institucionais publicaranse na páxina web do Concello de Vigo e remitiranse aos órganos, autoridades e Administracións Públicas do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia que puideran ter interese no texto da Declaración.

3. Propostas de acordo. Nos expedientes de tramitación ordinaria existirá unha proposta de acordo formulada pola xefatura da dependencia que tivera tramitado o expediente que estará conformada polo concelleiro delegado da Área competente en razón da materia; a proposta constará dunha parte expositiva na que se expoñerán os antecedentes e razoamentos xurídicos nos que se fundamente e outra dispositiva na que se recollerán os efectos xurídicos do acordo a adoptar.

4. Ditames. É a conformidade ou a desconformidade manifestada en votación no seo das Comisións Informativas ás propostas de acordo que consten nos expedientes de tramitación ordinaria; non obstante a Comisión, se o considera conveniente, realizará unha proposta alternativa sendo neste caso esta a que se someta a votación de conformidade ou desconformidade, en definitiva, a ditame.

5. Voto Particular. Quen na Comisión Informativa disintan do Ditame emitido pola Comisión, poderán formular un Voto Particular para a súa defensa ante o Pleno. O Voto Particular supón unha alternativa ao Ditame aprobado e referirase á totalidade ou a parte do Ditame, ou nunha adición ou supresión do mesmo. O Voto Particular recollerá, literalmente, a parte do texto cuxa variación o supresión se propón e a nova redacción final.

Os concelleiros que pretendan defender os seus votos particulares terán que anunciarlos na sesión da correspondinte Comisión e haberá de recollese así na Acta sen prexuízo de que, no seu caso, o escrito no que se expoña o Voto Particular sexa trasladado os Voceiros dos Grupos.

O concelleiro que formulase un Voto Particular non presentará ante o Pleno emenda co mesmo ou similar texto.

6. Emendas. É a proposta de alteración dun Ditame, Proposición ou Moción presentada por calquera membro da Corporación mediante escrito dirixido á Presidencia e presentado no Rexistro do Pleno ben no mesmo día da convocatoria da sesión, ben no

seguinte hábil; as emendas aos ditames das Comisións poderán ser presentadas desde o día seguinte á celebración da Comisión.

As emendas serán de supresión, de modificación e de adición en función de que propoñan a eliminación dalgún ou algúns dos puntos do texto da proposta de acordo; a transformación dalgún ou algúns dos puntos; ou o de respecto o texto da proposta ampliando os puntos da mesma; no caso de Mocións tamén poderán referirse a parte expositiva. Unha vez rexistradas darase traslado inmediato das mesmas aos Voceiros dos grupos municipais. As emendas presentadas fora do prazo non se admitirán no Rexistro.

As emendas ós proxectos regulamentarios e ao proxecto de orzamentos réxense polos os seus respectivos preceptos.

7. Proposicións. Na Orde do Día das sesións, por razóns de motivada urxencia, poderán incluírse asuntos de tramitación ordinaria non ditaminados pola Comisión Informativa correspondente que recibirán o nome de “Proposicións”, neste caso a Presidencia, antes de iniciar o debate, someterá á consideración do Pleno a ratificación do asunto na Orde do Día que se apreciará por maioría simple.

8. Asuntos urxentes. Nas sesións ordinarias, concluída a parte resolutiva a Presidencia, a proposta dun membro do goberno, poderá incluír na Orde do Día, por razóns de urxencia, algún asunto o expediente de tramitación ordinaria, neste suposto o membro do goberno expoñerá as razóns da urxencia e o Pleno, mediante votación e por maioría simple, pronunciarase sobre a mesma, de resultar considerada a urxencia debaterase e votarase o asunto. No suposto de que se trate de asuntos que requiran informe preceptivo da Secretaría ou da Intervención, se non puideran emitilo no acto, solicitarán da Presidencia o aprazamento do asunto para a próxima sesión.

9. Mocións de control. A moción de control é a formulación dunha proposta de actuación destinada a instar, impulsar, orientar, fiscalizar ou reprobar a acción política ou administrativa dos órganos de goberno do Concello de Vigo ou actuacións ou propostas de actuación doutras Administracións Públicas que teñan incidencia nas aspiracións e satisfacción dos intereses da comunidade veciñal do Concello de Vigo.

As Mocións presentaranse ben na reunión da Xunta de Voceiros que coñeza da Orde do Día da sesión na que pretendan incluírse, ben no Rexistro do Pleno en calquera momento anterior ao de reunión da Xunta de Voceiros; das mesmas darase traslado aos voceiros dos grupos municipais ao obxecto de presentación de emendas.

10. Mocións de control urxentes. Os Grupos Municipais poderán presentar no Rexistro do Pleno unha soa Moción de urxencia no suposto de acontecementos relevantes que tiveran lugar no período comprendido entre o día da convocatoria do Pleno e o día seguinte; no escrito de Moción xustificarse a urxencia; a Presidencia, antes de comezar o debate, someterá á consideración do Pleno a urxencia alegada, de non apreciarse non haberá debate.

Artigo 55. Debate dos asuntos de tramitación ordinaria.

1. A consideración de cada asunto comezará coa lectura pola Presidencia da denominación que o mesmo ten na Orde do Día, acto seguido preguntará se algún

concelleiro quere facer uso da palabra, se ningún membro da Corporación a solicita se entenderá aprobado por unanimidade.

2. Se se promove debate as intervencións serán ordenadas pola Presidencia conforme as seguintes regras:

- Corresponde á Presidencia dirixir os debates e determinar as intervencións.
- O debate iniciarase cunha exposición e xustificación da proposta, ditame ou proposición, por un prazo de cinco minutos por parte do membro do goberno competente por razón da materia ou por calquera outro que sexa membro da Comisión Informativa competente que houbera emitido Ditame. A petición de calquera membro da Corporación, para mellor comprensión do asunto, o expoñente dará lectura daquelas partes do expediente que se soliciten, non obstante a Presidencia denegará as lecturas que considere non pertinentes ou innecesarias.
- Concluída a intervención anterior, os diversos Grupos, con excepción do grupo ao que estean adscritos os membros do goberno municipal, de menor a maior, consumirán unha quenda de cinco minutos que materializarán a través da intervención de un só concelleiro. No caso de igualdade nos Grupos no número de compoñentes decidirá a súa orde de intervención a Presidencia. Sen prexuízo da defensa dos Votos Particulares formulados en Comisión e das emendas presentadas poderán expoñerse “*in voce*” emendas transaccionais; considéranse emendas transaccionais as que tratan de alcanzar un texto de conciliación entre a proposta de acordo que conste no expediente e as emendas presentadas. As intervencións concluirán expoñendo o sentido do voto do Grupo Municipal.
- Pechará o debate cunha intervención de tres minutos o expoñente que se pronunciará, admitindo o rexeitando os votos particulares e as emendas de calquera carácter presentadas e modificando ou ratificando a proposta de acordo que conste no expediente.

3. So se fará uso da palabra previa autorización da Presidencia. Concedida a palabra, o interveniente non será interrompido por ninguén salvo pola Presidencia nos supostos a que se refire o artigo 58 ou para chamar á orde ao resto dos concelleiros ou ao público asistente. A Presidencia evitará que as intervencións excedan do seu tempo máximo de duración.

4. Os membros do Pleno poderán en calquera momento do debate pedir a palabra para presentar unha cuestión de orde, invocando ao efecto a norma cuxa aplicación reclama. A Presidencia resolverá o que proceda, sen que por este motivo se estableza debate.

5. A Presidencia, en función do contido do asunto a tratar, e especialmente nos casos de exercicio da iniciativa orzamentaria ou regulamentaria, ben a iniciativa propia, ben a proposta da Xunta de Voceiros, poderá ampliar o tempo das intervencións.

6. A Presidencia, cando o estime oportuno, pechará o debate antes de fixar os términos da votación.

7. Os funcionarios responsables da Secretaría e da Intervención intervirán cando foren

requiridos pola Presidencia por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Cando ditos funcionarios entendan que no debate formulouse algunha cuestión sobre a que poida dubidarse sobre a legalidade ou repercusións orzamentarias solicitarán da Presidencia o uso de la palabra para asesorar á Corporación.

8. Salvo acordo en contra dos seus membros, nos debates do Pleno o tempo que corresponda ao Grupo Mixto distribuirase por partes iguais entre os compoñentes do Grupo.

Artigo 56. Debate dos asuntos de dación de conta.

1. Sen prexuízo do sinalado no artigo 52 deste Regulamento respecto das Resolucións da Alcaldía e concelleiros delegados, na Orde do Día, na fase resolutive inclúiranse aqueles asuntos ou expedientes que a normativa de aplicación advirta do seu coñecemento específico polo Pleno.

2. No coñecemento destes expedientes poderá suscitarse debate que será iniciado ben polo concelleiro delegado competente na materia, ben por por calquera outro membro da Corporación, o tempo de intervención será de cinco minutos; no caso de que o debate sexa iniciado por un concelleiro non integrado no grupo municipal de goberno a Presidencia, á conclusión desta intervención, concederá unha quenda de cinco minutos os demais grupos de menor a maior pechando o debate o concelleiro integrado no grupo municipal de goberno por igual tempo. No suposto de que o debate o iniciara o grupo municipal de goberno e intervirán posteriormente os demais grupos municipais pechará o debate o concelleiro delegado competente na materia nunha intervención de tres minutos

Artigo 57. Intervención por alusións.

Cando no desenvolvemento dun debate se fixeran alusións que impliquen xuízos de valor ou inexactitudes que afecten ao decoro, boa imaxe ou dignidade dun concelleiro ou dun Grupo Municipal a Presidencia, avaliadas as circunstancias, concederá ao aludido ou o Voceiro do Grupo o uso da palabra por tempo de dous minutos para que, sen entrar no fondo do asunto, conteste ás alusións realizadas.

Artigo 58. Chamada á cuestión e chamada a orde.

1. A Presidencia chamará á cuestión debatida cando o concelleiro intervínzte desvíe por completo o debate do asunto principal, cando volva sobre cuestións xa deliberadas e votadas, ou para advertir que se esgotou o tempo de intervención; chamará ó orde, nos seguintes supostos:

a) Cando se pretenda facer uso da palabra sen que lle fora concedida ou unha vez que lle fora retirada.

b) Cando se profiran palabras ou se vertan conceptos ofensivos ao decoro do Pleno ou dos seus membros, das Institucións Públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.

c) Cando se produzan interrupcións ou, de calquera outra forma, altere a orde das sesións.

2. Tras tres chamadas ao orde na mesma sesión, con advertencia na segunda das

consecuencias dunha terceira, a Presidencia retirará o uso da palabra ao concelleiro ou ordenará o membro da Corporación o abandono do Salón de Sesións.

3. Cando se producira o suposto previsto no epígrafe b) do parágrafo 1 a Presidencia requirirá ao concelleiro a retirada as ofensas e ordenará que non consten na Acta, a negativa a este requirimento dará lugar a sucesivas chamadas a orde, cos efectos previstos no parágrafo anterior.

Artigo 59. Votación.

1. Non se votarán as emendas que non sexan aceptadas polo membro do goberno que houbera exposto e xustificado a proposta.

2. Concluído o debate a Presidencia fixará os términos do acordo a adoptar e someterá o asunto a votación; no suposto que se tiveran presentado e defendido Votos Particulares estes votaranse en primeiro lugar; se se houberan aceptado emendas estas votaranse a continuación.

3. Cando previsiblemente, á vista dos posicionamentos dos grupos, o resultado da votación dun asunto sexa o mesmo que o doutra votación inmediatamente anterior xa realizada, a Presidencia poderá preguntar se se reproduce o resultado da votación.

4. Durante a votación a Presidencia non concederá o uso da palabra e ningún concelleiro entrará ou abandonará o Salón de Sesións. No caso de votación con resultado de empate efectuarase unha segunda votación e se persistira decidirá o voto de calidade do Alcalde o do tenente de alcalde que o substitúa. Concluída a votación a Presidencia proclamará o acordo adoptado.

5. A votación dos asuntos de tramitación ordinaria será a totalidade dos votos particulares, emendas, propostas ou proposicións, non se admitirán votacións parciais.

6. O voto dos concelleiros é persoal e indelegable.

7. O voto emitirase en sentido afirmativo ou negativo, podendo os membros da Corporación absterse de votar.

Nos supostos en que, de conformidade co establecido no artigo 76 da Lei 7/1985 , algún membro da Corporación deba absterse de participar na deliberación e votación, abandonará o Salón mentres se discuta e vote o asunto, agás cando se trate de debater a súa actuación como corporativo, en que terá dereito a permanecer e defenderse.

8. Aos efectos da votación considerarase que se absteñen os membros da Corporación que se ausentasen do Salón de Sesións unha vez iniciado o debate dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación. No suposto de que se reintegrasen ao Salón de Sesións antes da votación tomarán parte na mesma.

9. Existirá maioría simple cando os votos afirmativos sexan mais que os negativos. Existirá maioría absoluta cando os votos afirmativos sexan, polo menos, a metade mais uno do número legal de Concelleiros que integran a Corporación, sendo esixible a mesma en aqueles supostos previstos na lexislación básica de Réxime Local.

Artigo 60. Clases de votación.

1. As votacións poden ser por:

- a) Asentimento.
- b) Ordinarias.
- c) Nominais.
- d) Secretas.

2. Entenderanse aprobados por asentimento os expedientes de tramitación ordinaria ou as declaracións institucionais cando, enunciados pola Presidencia, non susciten debate; son ordinarias as votacións manifestadas mediante man levantada de aprobación, rexeitamento ou abstención; son nominais as realizadas mediante chamamento por orden alfabético de apelido e sempre en último lugar a Presidencia, cada membro da Corporación, ao ser chamado, responderá en voz alta "sí", "non" ou "me absteño"; son secretas as realizadas mediante papeleta que cada membro da Corporación deposite nunha urna, tras ser chamado polo Presidencia.

3. Salvo no caso de ausencia de debate, utilizarase sempre a votación ordinaria.

4. A votación nominal requirirá a solicitude dun Grupo municipal aprobada polo Pleno por maioría simple en votación ordinaria. Será secreta a votación para a elección ou destitución de persoas, e tamén cando o sexa o debate dun asunto e así o acorde o Pleno por maioría simple a iniciativa dun Grupo Municipal.

5. En supostos de embarazo, maternidade, paternidade o enfermidade grave que impidan o desempeño da función de concelleiro, a Presidencia autorizará a emisión de voto por procedemento telemático.

A tal efecto, unha vez convocada sesión, o concelleiro cursará solicitude escrita dirixida á Presidencia que comunicará a súa decisión precisando o período de tempo no que emitirá o voto. O voto emitido será verificado polo secretario xeral do Pleno e obrará en poder da Presidencia ao inicio da sesión correspondinte dando conta do mesmo á conclusión da votación.

Artigo 61. Explicación de voto.

Proclamado o acordo, os grupos que non interviñeran no debate ou que tras este cambiaran o sentido do seu voto, solicitarán da Presidencia unha quenda de explicación de voto que terá unha duración de un minuto. Igual dereito terán os concelleiros que votaran en sentido diferente aos membros do seu Grupo.

Capítulo IV Control do Goberno

Artigo 62. Formas de control.

De conformidade co sinalado no artigo 46.2. e) da Lei 7/1985, de 2 de abril., nas sesións plenarias de carácter ordinario, concluídos os asuntos que integren a parte resolutiva da sesión, iniciarase a parte dedicada ao control e fiscalización dos demais órganos da Corporación que exercerase a través dos seguintes medios:

1. Mocións de control.

2. Rogos.
3. Preguntas.
4. Comparecencia de concelleiros delegados.
5. Comparecencia da Xunta de Goberno Local.
6. Debate sobre o estado da Cidade.
7. Outras formas de control.

Artigo 63. Mocións de control.

1. A Moción de control é a formulación dunha proposta de actuación destinada a instar, impulsar, orientar, fiscalizar ou reprobar a acción política ou administrativa dos órganos de goberno do Concello de Vigo ou actuacións ou propostas de actuación doutras Administracións Públicas que teñan incidencia nas aspiracións e satisfacción dos intereses da comunidade veciñal do Concello de Vigo.

2. As Mocións presentaranse ben na reunión da Xunta de Voceiros que coñeza da Orde do Día da sesión na que pretendan incluírse, ben no Rexistro do Pleno en calquera momento anterior ao de reunión da Xunta de Voceiros; das mesmas darase traslado aos voceiros dos grupos municipais ao obxecto de presentación de emendas.

3. Non se incluírán na Orde do Día mais de sete mocións en cada sesión ordinaria. Cada grupo presentará o número que lle corresponda en proporción ao seu número de concelleiros; aínda que a proporcionalidade non o permita en todo caso cada grupo municipal poderá presentar unha moción, neste suposto o número total de mocións ampliarase.

4. Os grupos municipais poderán presentar no Rexistro do Pleno unha soa *Moción de urxencia* no suposto de acontecementos relevantes que tiveran lugar no período comprendido entre o día da convocatoria do Pleno e o día seguinte; no escrito de Moción xustificárase a urxencia, a Presidencia, antes de comezar o debate, someterá á consideración do Pleno a urxencia alegada, de non apreciarse non haberá debate.

5. Os concelleiros que houberan asinado Mocións poderán retiralas antes de que comece o debate ou a súa votación.

Artigo 64. Debate e votación das Mocións de control. Emendas ás Mocións.

1. As Mocións serán obxecto de debate na sesión plenaria na que se inclúan na Orde do Día, en primeiro lugar intervirá o grupo municipal autor da mesma por un prazo de cinco minutos, a continuación, de menor a maior, os grupos municipais que tiveran presentado emendas por igual prazo e finalmente aqueles grupos que non as presentaran tamén de menor a maior e por un prazo de cinco minutos no que concretarán o seu posicionamento; concluirá o debate o propoñente nun prazo de tres minutos no que se pronunciará sobre a aceptación, ou non, das emendas presentadas e se acepta unha votación por apartados; a continuación a Presidencia someterá a votación a Moción, no caso de aceptación de emendas estas votaranse en primeiro lugar.

A Presidencia, cando o estime oportuno, poderá establecer o seu posicionamento pechando o debate antes de fixar os términos da votación.

2. As emendas ás Mocións presentaranse no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno ben no mesmo día da convocatoria da sesión, ben ou no seguinte hábil; poderán ser á

totalidade, alternativas ou parciais en función de que propoñan alteracións substanciais, un texto alternativo que manteña a esencia e o espírito orixinario ou modificacións, ou engadidos ou supresións do texto orixinario; unha vez rexistradas darase traslado inmediato das mesmas aos Voceiros dos grupos municipais. As emendas presentadas fora do prazo sinalado non se admitirán no Rexistro.

3. No transcurso do debate poderán presentarse *in voce* emendas transaccionais.

Artigo 65. Rogos.

1. Os rogos son propostas de actuación formuladas oralmente ou por escrito no Pleno ou nas Comisións por calquera membro da Corporación dirixidas aos órganos de goberno sobre asuntos de política xeral ou dunha concellería; serán expostos no tempo máximo dun minuto e debatidos na sesión seguinte, sen prexuízo de que o sexan na mesma sesión se a Presidencia o considera conveniente. Quen os formule poderá admitir unha resposta escrita que en todo caso realizárase polo destinatario antes da seguinte sesión. Só se formularán rogos nas sesións ordinarias.

2. O debate dos rogos limitarase á fixar polo concelleiro delegado que corresponda en razón da materia, o posicionamento do goberno sobre a proposta de actuación formulada, para estes fins dispoñerese dun minuto; o alcalde poderá delegar o posicionamento dos rogos a el dirixidos en calquera membro do goberno municipal. A súa contestación non dará lugar a debate.

4. Non se formularán mais de nove rogos en cada sesión ordinaria. Cada grupo, incluído o grupo de goberno, formulará o número que lle corresponda en proporción ao seu número de concelleiros; aínda que a proporcionalidade non o permita cada grupo poderá presentar un rogo, neste suposto o número total de rogos ampliarase. Os concelleiros non adscritos poderán formular un rogo.

Artigo 66. Preguntas.

1. Son preguntas calquera cuestión concreta e determinada exposta oralmente aos órganos de goberno no seo do Pleno ou nas Comisións interrogando sobre un só feito, unha información, unha situación, ou unha actuación dentro da esfera de responsabilidade do preguntado; serán formuladas, sen realizar unha exposición para o debate, no tempo máximo dun minuto no sentido de se o goberno ten adoptado o vai adoptar algunha decisión en relación co asunto. Serán contestadas polo destinatario na sesión seguinte a non ser que o preguntado queira dar resposta inmediata; o interpelante poderá admitir contestación escrita, neste caso a contestación realizárase dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da sesión na que se formularan. Só se formularán preguntas nas sesións ordinarias.

2. A contestación das preguntas limitarase a súa resposta concreta e sucinta polo concelleiro da área afectada, para estes fins dispoñerese dun minuto; o alcalde poderá delegar a contestación das preguntas a el dirixidas en calquera membro do goberno municipal. A contestación non dará lugar a debate.

3. As preguntas formuladas mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con vintecatro horas de antelación contestaranse na sesión, ou por causas motivadas, na seguinte.

4. Non se admitirán preguntas de exclusivo carácter persoal de quen as formula ou de calquera outra persoa singularizada, as que supoñan cuestións estritamente xurídicas nin as que sexan reiterativas doutras substanciadas no mesmo ano.

5. Non se formularán mais de nove preguntas en cada sesión ordinaria. Cada grupo, incluído o grupo de goberno, formulará o número que lle corresponda en proporción ao seu número de concelleiros; aínda que a proporcionalidade non o permita cada grupo poderá presentar unha pregunta, neste suposto o número total de preguntas ampliarase. Os concelleiros non adscritos poderán formular unha pregunta.

Artigo 67. Comparecencia de concelleiros delegados.

1. Os Grupos Municipais poderán presentar ante o Pleno Moción propoñendo a comparecencia dun membro do goberno, ou do alcalde, ao obxecto de responder ás preguntas que se lle formulen sobre a súa actuación ou sobre un asunto determinado.

2. De aprobarse a Moción a comparecencia materializarase mediante a súa inclusión na Orde do Día da seguinte sesión ordinaria ou extraordinaria que sexa convocada.

3. O desenvolvemento da comparecencia constará das seguintes fases: en primeiro lugar, e por un prazo de no menos de dez minutos, o comparecente expoñerá a súa xestión ben de xeito xenérico, ben sobre un determinado asunto; a continuación, e por un tempo de cinco minutos, intervirá o grupo propoñente que fixará posicións, formulará preguntas ou fará observacións; posteriormente, e co mesmo obxecto, o resto dos grupos municipais de menor a maior por un tempo de tres minutos; concluídos as quendas o comparecente responderá as preguntas ou observacións formuladas.

4. O Concelleiro cuxa comparecencia tivera sido solicitada conforme os apartados anteriores, poderá manifestar en calquera momento ante a Presidencia do Pleno o seu desexo de atender a petición sen esperar á decisión do Pleno.

5. No se realizaran en cada sesión mais de unha comparecencia, as que excedan deste número incluíranse en sesións seguintes segundo a orden temporal do acordo ou solicitude.

Artigo 68. Comparecencia da Xunta de Goberno Local.

1. Mediante Moción presentada pola cuarta parte do número legal de membros da Corporación o Pleno poderá acordar a realización dunha sesión extraordinaria cuxo obxecto sexa someter a debate a xestión da Xunta de Goberno Local.

2. De adoptarse acordo o desenvolvemento da sesión axustarase as seguintes fases: en primeiro lugar intervirá, por un prazo de cinco minutos, o concelleiro que encabece o escrito de Moción para explicar o significado da solicitude de comparecencia; a continuación, no mesmo tempo, responderá o membro da Xunta de Goberno Local que sexa designado por esta; despois de sendas quendas de réplica de tres minutos intervirán, de menor a maior, os grupos municipais para formular, nun prazo de dous minutos, preguntas á Xunta de Goberno Local que serán respondidas por un membro da mesma.

3. A Presidencia, cando o estime oportuno, pechará o debate.

Artigo 69. Debate sobre o estado da cidade.

1. Con carácter anual, no primeiro semestre, previo acordo da Xunta de Voceiros, poderá realizarse unha sesión extraordinaria do Pleno dedicada ó debate do estado da Cidade. A dita sesión non se realizará no ano en que se convoquen eleccións locais.

2. Corresponderalle á Alcaldía, nunha primeira intervención, expoñer a situación xeral da cidade e as liñas esenciais da súa acción de goberno. A continuación someterase a debate a intervención da Alcaldía e farán uso da palabra os Voceiros dos Grupos.

3. Finalizada a intervención dos voceiros haberá unha quenda de réplica a cargo do Alcalde, finalizada a réplica concluirá a sesión.

Artigo 70. Outras formas de control.

O debate e votación da moción de censura, como mecanismo de control e esixencia da responsabilidade política do alcalde ante el Pleno, rexerase polo disposto na lexislación de réxime electoral xeral.

Capítulo V Das Actas do Pleno.

Artigo 71. Os Libros de Actas.

1. As Actas do Pleno e os seus Libros son instrumentos públicos e solemnes.

2. As Actas rexistraranse en Libros foliados e encadernados, legalizada cada folla coa rúbrica do presidente e co selo da Corporación. Os Libros, na súa primeira páxina, mediante dilixencia do secretario, expresarán o número de folios, as súas series e a data na que se inicia a transcripción dos acordos.

3. A transcripción das actas das sesións de Pleno efectuarase de acordo coas seguintes normas:

a) Ata tanto se proceda a súa encadernación os Libros de Actas estarán compostos de follas móbiles; utilizarase papel timbrado destinado para o efecto.

b) Aprobada a acta, o secretario fará transcribirla sen emendas nin rascaduras, ou salvando as que se producisen, a follas correlativas seguindo a súa orde e facendo constar ó final de cada acta, mediante dilixencia, o número e clase de todos e cada un dos folios timbrados en que quedou estendida.

c) Prohíbese alterar a orde numérica dos folios descritos na dilixencia de apertura, debendo salvarse por dilixencia os casos de erro na orde de transcripción.

d) Cando todos os folios reservados a un Libro se atopen escritos ou anulados os últimos por dilixencia ó non ter cabida integramente a acta da sesión que corresponda transcribir, procederase a súa encadernación. En cada Libro o secretario estenderá dilixencia expresiva do número de actas que comprende.

Artigo 72. Custodia dos Libros.

1. Correspóndelle ao secretario xeral a custodia dos Libros de Actas, non consentirá que saian da Casa do Concello baixo ningún pretexto.
2. Estará obrigado a expedir certificacións ou testemuñas dos acordos, cando así o reclamen de oficio as autoridades competentes ou o soliciten por escrito os membros da Corporación.

Artigo 73. Redacción da Acta.

1. Durante as sesións o secretario xeral do Pleno, asistido polo funcionario que para o efecto designe, tomará as notas necesarias para redactar a Acta na que se consignarán os seguintes datos:

- a) Lugar da reunión. Día, mes, ano en hora na que comeza e hora na que remata.
- b) Nome e apelidos do presidente, tenentes de alcalde, concelleiros presentes, dos ausentes que se tiveran escusado e dos que falten sen escusa.
- c) Carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se se realiza en primeira ou en segunda convocatoria.
- d) Nome e apelidos do secretario xeral ou de quen lle substitúa, e presenza doutros funcionarios cando concorran.
- e) Intervencións completas dos concelleiros manifestadas nos debates.
- f) Parte expositiva e dispositiva dos acordos que recaían. Incluirase transcripción dos informes mais relevantes.
- g) Votacións nas que se especificará o sentido en que cada concelleiro emite o voto.
- h) Cantos incidentes se produzan e foran dignos de sinalarse a xuízo do secretario.

2. Os debates secretos constarán nun Anexo a Acta da sesión cuxo único exemplar custodiarase pola Secretaría Xeral do Pleno; poderá ser consultado polos concelleiros previa autorización expresa da Presidencia.

Artigo 74. Certificacións dos acordos do Pleno.

1. Os cidadáns teñen dereito a obter certificacións acreditativas dos acordos do Pleno.
2. As certificacións expediranse na súa integridade, con omisión do debate que se puidese ter producido.
3. As certificacións serán solicitadas mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Pleno polas persoas a quen interesen ou reclamadas de oficio polas autoridades, tribunais, organismos ou funcionarios públicos que tramiten expedientes ou actuacións nos que deban producir efecto.

4. As certificacións expediranse co “Visto e Prace” da Presidencia para significar que o secretario que as expide atópase no exercicio do cargo e a súa firma é auténtica. Irán rubricadas, na marxe, pola Xefatura do Negociado do Pleno, levarán o selo da Secretaría Xeral e reintegraranse conforme á respectiva ordenanza de exacción. Serán expedidas no tempo máximo de dez días.

TITULO VI. DO PROCEDEMENTO REGULAMENTARIO.

Artigo 75. Da iniciativa regulamentaria.

A iniciativa regulamentaria corresponde:

1. Á Xunta de Goberno Local, a quen lle corresponderá:

- A aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do Pleno e das súas Comisións.
- A aprobación do proxecto de orzamento.
- A aprobación dos proxectos de instrumentos de ordenación urbanística cuxa aprobación definitiva ou provisional corresponda ó Pleno que se tramitarán pola a súa normativa sectorial.

2. Ao propio Pleno.

3. Aos veciños.

Capítulo I. Do procedemento regulamentario común.

Artigo 76. Presentación do proxecto e remisión os grupos municipais.

1. A aprobación de regulamentos e ordenanzas rexerese polo disposto na lexislación estatal e autonómica de réxime local e polo previsto no presente Regulamento.
2. Os proxectos de normas municipais acompañaranse dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para pronunciarse sobre eles, unha vez sexan aprobados pola Xunta de Goberno Local remitiranse ao Rexistro do Pleno.
3. Os proxectos de normas reguladoras do Pleno e das súas Comisións remitiranse directamente ao Rexistro do Pleno.
4. O secretario xeral do Pleno comunicará aos Voceiros dos grupos municipais a existencia dun proxecto de norma e a apertura dun prazo de seis días ao obxecto presenten emendas ao texto. A Alcaldía, mediante Resolución, a petición dun grupo municipal, poderá ampliar o prazo sinalado.

Artigo 77. Emendas nos procedementos regulamentarios.

1. As emendas ao proxecto se presentarán no Rexistro do Pleno mediante escrito dirixido á Presidencia da Comisión que corresponda, asinado polo Voceiro do Grupo municipal.

2. O escrito especificará se se trata dunha emenda á totalidade ou o articulado, serán emendas á totalidade as que se refiran á oportunidade ou o espírito do proxecto e postulen a súa devolución á Xunta de Goberno Local, así como as que propoñan un texto completo alternativo; as emendas ao articulado poderán ser de substitución, de adición ou de supresión; dos artigos que se pretendan modificar realizarase unha sucinta exposición dos motivos que xustifiquen a presentación da emenda.

3. Finalizado o prazo de presentación a Secretaría Xeral remitirá as emendas ao servizo que houbera redactado o proxecto ao obxecto de que emita informe técnico ou xurídico e formule proposta ao Pleno previo ditame da Comisión Informativa que corresponda.

Artigo 78. Debate e ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno.

1. O debate na Comisión Informativa referirase ao texto do proxecto e as emendas presentadas. No curso do debate os grupos municipais poderán presentar emendas de corrección técnica ou transaccionais. Son transaccionais as que tratan de alcanzar un texto de conciliación entre el proxecto orixinal e as emendas presentadas ao mesmo.

2. Debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame para ser elevado ao Pleno. O ditame da Comisión consistirá no texto do proxecto inicial coas modificacións que resulten da incorporación das emendas que houberan sido aprobadas o ter obtido o voto favorable da maioría da Comisión.

3. Os Grupos, nas vinte e catro horas seguintes á fecha de emisión do ditame, en escrito dirixido á Presidencia presentado no Rexistro do Pleno, comunicarán as emendas que, habendo sido defendidas e votadas en Comisión e non incorporadas ao ditame, pretendan defender no Pleno.

4. Na sesión plenaria non se admitirán novas emendas salvo as relativas á subsanación de erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais. O debate no Pleno comezará pola exposición que do proxecto realice un membro do equipo de goberno, a continuación os Grupos municipais fixarán a súa posición e, no seu caso, defenderán as emendas presentadas non incorporadas ao ditame, concluído o debate o membro do goberno, en primeiro lugar someterá a votación as emendas e acto seguido producirase votación sobre o texto resultante.

4. Os tempos de intervención serán os previstos no artigo 55 deste Regulamento, non obstante a Presidencia, a iniciativa propia ou a proposta da Xunta de Voceiros poderá acordar a súa ampliación cando a transcendencia da norma o requira.

Artigo 79. Información pública e audiencia das persoas interesadas.

1. Aprobado inicialmente o proxecto polo Pleno, ademais da publicación do anuncio de tal aprobación no Boletín Oficial da Provincia ao obxecto do trámite de información pública por prazo de trinta días, o servizo competente dará audiencia ás persoas e colectivos interesadas e inserirá o acordo na páxina Web do Concello de Vigo aos efectos de facilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

2. O alcalde, mediante Resolución da que se dará conta ao Pleno, poderá acordar a prórroga do prazo de información pública cando a complexidade ou transcendencia da materia o requira.

Artigo 80. Aprobación definitiva e publicación.

1. As reclamacións o suxestións serán informadas técnica e/ou xuridicamente polo servizo correspondente que formulara proposta ao Pleno, no caso de que a proposta introduza modificacións ao texto inicial coma consecuencia da estimación de reclamacións ou suxestións abrirase ós grupos municipais un prazo de presentación de emendas de tres días que só referirase a tales modificacións; debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame que será elevado ao Pleno.
2. No caso de que non se houberan presentado reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. A Alcaldía ordenará a publicación do texto, dando conta ao Pleno na primeira sesión que realice.
3. As ordenanzas, regulamentos e disposicións municipais de carácter normativo publicaranse na forma prevista na Lei Reguladora das Bases del Réxime Local e na páxina web do Concello de Vigo.

Capítulo II Procedemento de aprobación dos orzamentos.

Artigo 81. Réxime e preferencia.

1. O proxecto de orzamento xeral municipal, integrado polo do propio Concello, os seus OO.AA. e os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedade mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local, elaborase e fórmase polo alcalde e tramítase segundo o procedemento previsto na normativa sectorial reguladora da materia, coas especialidades establecidas no presente Capítulo. A súa documentación será a que determina o artigo 18 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, gozará de preferencia na tramitación con respecto ós demais traballos do Pleno, para os efectos do cumprimento dos prazos legalmente establecidos na normativa vixente en cada momento.
2. A tramitación do proxecto de orzamento xeral referirase ás bases de execución, ó estado de autorización de gastos e ó estado de previsión de ingresos, sen prexuízo do estudo dos documentos que deban acompañalo.

Artigo 82. Calendario de tramitación.

1. O proxecto de orzamento xeral aprobado pola Xunta de Goberno Local remitirase ao Rexistro do Pleno acompañado da documentación que integra o expediente e dos antecedentes necesarios.
2. Recibido o expediente o secretario xeral do Pleno dará conta de tal trámite ao presidente da Comisión competente en materia de Orzamentos que convocará sesión ao único obxecto de dar traslado dunha copia completa do expediente en soporte informático aos Voceiros dos grupos municipais e de acordar calendario para a presentación de emendas.
3. O proxecto de orzamento xeral aprobado pola Xunta de Goberno Local será sometido á consideración e informe do Consello Social da Cidade que será convocado ao efecto.

Artigo 83. Emendas.

1. As emendas, dentro do prazo acordado, presentaranse no Rexistro do Pleno mediante escrito asinado polo Voceiro do grupo municipal, poderán ser ó articulado das bases de execución, ós estados de gastos ou ós estados de ingresos ou á totalidade do proxecto solicitando, neste caso fundamentalmente, a devolución do proxecto á Xunta de Goberno Local; das emendas presentadas darase copia aos Voceiros dos outros grupos municipais.

2. As emendas de creación ou de incremento dos estados de gastos admitiranse a trámite se propoñen unha baixa por igual contía. As emendas de supresión ou minoración ós estados de gastos admitiranse se propoñen un incremento por igual contía.

3. Non se admitirán emendas que supoñan incrementos ó estado de ingresos. As emendas ós estados de ingresos que supoñan minoración ou supresión dos previstos, requirirán, para a súa tramitación, a conformidade da Concellería Delegada de Economía e Facenda que manifestará a súa posición no prazo de tres días.

4. As emendas ó articulado das bases de execución do orzamento que supoñan creación, supresión, incremento ou minoración dos créditos deberán de ter a súa correspondente emenda ós estados de gastos e aplicaráselles a regra referida no apartado 2. Non se admitirán emendas ó articulado que supoñan aumento dos ingresos, as que supoñan diminución tramitaranse conforme ó procedemento recollido no apartado 3.

5. Incorporadas as emendas ó expediente a Secretaría Xeral do Pleno dará traslado das mesmas ao departamento municipal competente en materia de orzamentos ao obxecto da emisión do correspondente informe.

Artigo 84. Ditame da Comisión Informativa e debate no Pleno.

1. O debate na Comisión referirase ao texto do proxecto e as emendas presentadas. No curso do debate os grupos municipais poderán presentar emendas de corrección técnica ou transaccionais. Son emendas transaccionais as que tratan de alcanzar un texto de conciliación entre el proxecto orixinal e as emendas presentadas.

2. Debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame para ser elevado, no seu caso, ao Pleno. O ditame da Comisión consistirá no texto do proxecto inicial coas modificacións que resulten da incorporación das emendas que houberan sido aprobadas por ter obtido o voto favorable da maioría da Comisión.

3. Sen prexuízo do anterior, e ao obxecto de materializar a posibilidade de aprobar proxectos orzamentarios vinculados á presentación dunha cuestión de confianza, a Comisión poderá emitir votación e ditaminará, favorable ou desfavorablemente, o proxecto inicial e as emendas que no seu caso apoie o equipo de goberno.

4. Na sesión plenaria non se admitirán novas emendas.

5. Na Orde do Día o proxecto de orzamento identificarase ben co ditaminado favorablemente en Comisión, ben co aprobado pola Xunta de Goberno de Local e ditaminado favorable ou desfavorablemente en Comisión que poderá atoparse modificado coa incorporación das emendas apoiadas polo grupo de goberno.

6. O debate no Pleno comezará pola exposición que dalgún dos proxectos mencionados no apartado anterior realice un membro do equipo de goberno.

7. A continuación os grupos municipais fixarán a súa posición e, no seu caso, defenderán as emendas non incorporadas ao proxecto, concluído o debate, que, en todo caso comezará coa emenda ou emendas que insten a devolución do proxecto á Xunta de Goberno Local, a Presidencia, en primeiro lugar, se o estima conveniente, someterá a votación as emendas non incorporadas ao proxecto; acto seguido producirase votación ben sobre o texto resultante no suposto de que se houberan sometido a votación as emendas, ben sobre o proxecto identificado no inciso final do apartado 3.

8. Os tempos de intervención serán os previstos no artigo 53 deste Regulamento, non obstante a Presidencia, a iniciativa propia ou a proposta da Xunta de Voceiros poderá acordar a súa ampliación cando a transcendencia da norma o requira.

Artigo 85. Aprobación inicial, información pública e aprobación definitiva.

1. Aprobado inicialmente o orzamento xeral expoñerase ao público, previo anuncio no BOP por un prazo de quince días durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, terán a condición de interesados:

- a) Os habitantes no término municipal de Vigo.
- b) As persoas que resulten directamente afectadas, aínda que no sexan habitantes no término municipal de Vigo.
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

2. Tan só poderán presentarse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles ao Concello de Vigo, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos en relación cos gastos orzamentados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

3. As reclamacións serán informadas, no prazo dos quince días seguintes ao de finalización do prazo de reclamacións, polo órgano municipal competente en materia de orzamentos, se existira, ou, no seu caso, pola Intervención Xeral que formulará proposta ao Pleno, no caso de que a proposta introduza modificacións ao proxecto inicial coma consecuencia da estimación de reclamacións abrirase aos grupos municipais un prazo de presentación de emendas de tres días que só poderán referirse a tales modificacións; debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame que será elevado ao Pleno.

4. No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. A Alcaldía ordenará a publicación na páxina web do Concello e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran no BOP, do orzamento aprobado definitivamente remitirase copia á Administración do Estado e a Administración Autonómica na mesma data na

que se remita anuncio o BOP entrando en vigor unha vez sexa publicado o seu resume no BOP.

5. Unha copia do orzamento e de as súas modificacións acharase a disposición do público a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

Artigo 86. Aprobación dos orzamentos pola Xunta de Goberno Local.

De conformidade co previsto na Disposición Adicional 16 da Lei de Bases de Réxime Local, o proxecto de orzamento poderá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local no suposto de que orzamento se atope en situación de prórroga e presentado ante o Pleno un proxecto este non acadara nunha primeira votación a maioría necesaria para a súa aprobación.

Artigo 87. Aprobación dos orzamentos vinculados a cuestión de confianza.

A presentación dunha cuestión de confianza vinculada á aprobación e/ou modificación dos orzamentos xerais do Concello tramitarase conforme ao sinalado no artigo 197. bis da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica de Réxime Electoral Xeral e en harmonía co previsto no artigo 84 deste Regulamento; en todo caso require que o proxecto de orzamento aprobado en Xunta de Goberno Local se teña debatido nunha sesión plenaria previa sen obter aprobación.

Capítulo III. Da iniciativa regulamentaria do Pleno e dos veciños.

Artigo 87. Da iniciativa regulamentaria do Pleno.

1. Os membros do Pleno, coa xustificación da súa oportunidade ou necesidade, poderán presentar proposicións de regulamentos ou ordenanzas que terán que ser incluídas na Orde do Día para a súa consideración cando veñan subscritos pola cuarta parte dos seus membros.

2. Se o Pleno acordase por maioría simple a consideración da proposición presentada, ordenará respecto desta a incoación do correspondente expediente que seguirá os trámites dos artigos 60 ao 63 deste Regulamento.

3. Tralo período de audiencia e información pública, a Secretaría Xeral do Pleno remitirá as reclamacións e suxestións que se reciban á comisión competente, para os efectos de que proceda a súa valoración e elabore, no seu caso, un novo texto de iniciativa regulamentaria.

4. A iniciativa regulamentaria do Pleno non poderá referirse ó proxecto de orzamento xeral.

Artigo 88. Da iniciativa regulamentaria dos veciños.

1. Os veciños que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer a iniciativa popular, presentando propostas de acordos ou actuacións ou proxectos de regulamentos en materias da competencia municipal. Ditas iniciativas deberán ir subscritas cando menos pola porcentaxe do 10 por cento de veciños do

municipio.

2. Tales iniciativas deberán ser sometidas a debate e votación no Pleno, sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. En todo caso, requirirase o previo informe de legalidade do secretario xeral do Pleno, así como o informe do interventor cando afecte a dereitos e obrigas de contido económico do concello.

Disposición adicional Primeira.

Os preceptos deste Regulamento que por sistemática lexislativa incorporan aspectos da lexislación básica do estado ou da lexislación autonómica, e aqueles nos que se fan remisións a preceptos destas, enténdense automaticamente modificados e/ou substituídos no momento en que se produza a revisión ou modificación desta lexislación, agás que resulten compatibles ou permitan unha interpretación harmónica coas novas previsións lexislativas.

Salvo disposición en contra, os prazos sinalados por días neste Regulamento computaranse en días hábiles, e os sinalados por meses de fecha a fecha.

Disposición adicional Segunda.

Os modelos de declaración que figuran no Anexo carecen de natureza orgánica, así mesmo a súa modificación puntual non implicará modificación deste Regulamento e establecerase pola Alcaldía mediante Resolución previo coñecemento da Xunta de Voceiros. Da Resolución darase conta individualizada ó Pleno.

Disposición final.

Este Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Pleno e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, cando haxa transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Nº...../.....

REGISTRO DE INTERESES DO CONCELLO DE VIGO

Apelidos e nome:	NIF
Cargo ou posto:	

A.- LIBRO DE CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE E DE ACTIVIDADES E INTERESES.

En cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora

A.2.2 **Percepción de pensiones** de dereitos pasivos ou da Seguridade Social. Organismo pagador. Concepto

A.2.3.- **Actividades privadas por conta propia de carácter mercantil** ou industrial, por si ou mediante substitución ou apoderamento. Especificar razón social e actividade principal da empresa, número de identificación fiscal, domicilio social e descrición da actividade desenvolvida. No seu caso, expresar se a empresa ou sociedade ten subscritos, contratos ou concesións de calquera natureza co sector público estatal, autonómico ou local. En caso afirmativo, tratándose de sociedade mercantil, indicar porcentaxe de participación incluíndo o correspondente ao conxugue, persoa que conviva con el en análoga relación de afectividade, ou fillos menores.

Nº...../.....

A.2.4.- **Actividades privadas por conta propia de carácter profesional.** Descrición da actividade desenvolvida. No seu caso, número de colexiado.

--

A.2.5.- **Actividades privadas por conta allea.** Entidade ou empresa. Actividade principal, número de identificación fiscal, domicilio social, cargo ou posto e descrición da actividade desenvolvida. Data de inicio.

--

Nº...../.....

A.3.- COMUNICACIÓN DE ACTIVIDADES TRAS O FIN DO MANDATO OU TRAS O CESE DO DOS TITULARES DE ÓRGANOS DIRECTIVOS

....., en cumprimento do previsto no artigo 75.8 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **COMUNICO** ao Rexistro de Intereses do Concello de Vigo:

PRIMEIRO: Que finalicei as miñas funcións no Concello de Vigo en data de

SEGUNDO: A partires do día pretendo realizar a seguinte actividade

organizados)

Nº...../.....

B.4- Activo. **Valores representativos de participación nos fondos propios de calquera tipo de entidade.** B.4.1 (Accións e participacións no capital social ou no fondo patrimonial de Institucións de Inversión Colectiva -Sociedades e Fondos de Inversión-, negociadas en mercados organizados) B.4.2. (Accións e participacións no capital social ou nos fondos propios de calquera outras entidades xurídicas, negociadas en mercados organizados) B.4.3. (Accións e participacións no capital social ou no fondo patrimonial de Institucións de Inversión Colectiva -Sociedades e Fondos de Inversión- no negociadas en mercados organizados) B.4.4. (Accións e participacións no capital social ou nos fondos propios de calquera outras entidades xurídicas, non negociadas en mercados organizados, incluídas as participacións no capital social de cooperativas).

Nº...../.....

B.5- Activo. **Vehículos ou embarcacións** propiedade do declarante. Indicar marca e modelo, ano de matriculación e número de matrícula.

B.6- Activo. **Bens mobles.** Obras de arte, antigüidades, xoias, e outras propiedades análogas cuxo valor supere a 6.000.- €. Descrición e valor.

--

Nº...../.....

B.7.- Activo. **Outros bens:** Seguros de Vida, plans de pensións, rendas temporais ou vitalicias, dereitos reais de uso e goce, concesións administrativas, dereitos derivados da propiedade intelectual ou industrial... etc. Indicar entidade aseguradora, ou persoa ou entidade pagadora e valor

--

B.8- Pasivo. (créditos, préstamos, débedas, indicar o seu valor en euros).

--

Nº...../.....

B.9.- Declaracións Tributarias.

Adxunto ao Rexistro de Intereses do Concello de Vigo a declaración tributaria correspondente ao imposto de referente á anualidade do ano

Vigo,dede

O/A declarante

Asdo.:

DILIXENCIA: A poño eu, secretario xeral do Pleno do Concello de Vigo, para facer constar que no día de hoxe, de de 20... o/a declarante, en cumprimento do previsto no art. 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, presenta ante o Rexistro de Intereses do Concello de Vigo, declaración correspondente a² comprende folios rubricados na marxe polo interesado/a na miña presenza e por min. Procedo á numeración e selado das follas presentadas. Se lle devolve o declarante copia cotexada por esta secretaría xeral.

O secretario xeral do Pleno

O/A declarante

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se realizaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

²Declaración previa á toma de posesión, Declaración de variacións, Declaración de remate de mandato, renuncia ou cesamento no posto.

5.- MOCIÓNS:

5.1(47).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO ACELERE Ó MÁXIMO OS TRÁMITES PARA LICITAR A OBRA DA VARIANTE POR CERDEDO DA LIÑA FERROVIARIA DE ALTA VELOCIDADE. REXISTRO PLENO 1346/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de marzo de 2016, número 1346/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A variante de Vigo-Ourense por Cerdedo pertence a liña de alta velocidade do corredor norte-noroeste e foi incluída por primeira vez no *Plan Estratéxico de Infraestruturas de Transporte* (PEIT 2005 - 2020) por un goberno socialista, despois de que o goberno de Aznar se esquecera de Vigo, a cidade máis importante da Comunidade Autónoma de Galicia, a hora de conectala por Alta Velocidade Ferroviaria coa capital de España.

O obxectivo deste tramo, cunha lonxitude de 54,6 quilómetros, era e segue sendo, comunicar as dúas principais cidades do sur de Galicia (Vigo e Pontevedra) con Madrid en menos de tres horas, convertendo tamén o ferrocarril de alta velocidade nunha auténtica alternativa modal competitiva para toda a poboación do norte de Portugal. Estamos falando dunha poboación en torno aos 4,5 millóns de habitantes.

Esta alternativa estaba chamada a favorecer e fortalecer as relacións interiores entre Vigo-Pontevedra e Ourense, acurtando os tempos de desprazamento e mellorando substancialmente a mobilidade entre as tres cidades de Galicia, favorecendo o reequilibrio territorial.

Polo que atinxe a tramitación administrativa deste importante proxecto de comunicación, a situación é a seguinte:

- No mes de marzo de 2010 a Secretaría de Estado de Cambio Climático formula declaración de impacto ambiental.
- No mes de xuño dese mesmo ano, o Ministerio de Fomento aproba o expediente de información pública e o Estudio informativo da liña de alta velocidade Ourense - Vigo, definindo o trazado para trens de alta velocidade, deseñado en dobre vía electrificada e ancho internacional, iniciándose o mesmo no Carballiño e conectando có Eixo Atlántico de alta velocidade a 10 quilómetros de Pontevedra.
- No mes de febreiro de 2011, o Ministerio de Fomento procede a adxudicación dos contratos de servizos para a redacción dos proxectos básicos, estando toda a liña nese intre en fase de proxecto.

Para chegar a este punto do proxecto houbo que superar as herdanzas transmitidas polos Gobernos do Partido Popular, que no ano 2001 procederon a realizar un estudo informativo da conexión directa en velocidade alta entre Vigo e Ourense pola ribeira do Miño. Todo isto coa submisión e o beneplácito tanto da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo, daquelas ambos os dous gobernados polo Partido Popular.

Foi coa chegada ao Goberno dos socialistas cando mudan os acontecementos e se procede a formular e concretar unha conexión directa de alta velocidade no sur de Galicia onde se prevé un tempo de desprazamento entre Ourense e Vigo de 28 minutos e entre Ourense e Pontevedra de 18 minutos.

Asemade no protocolo entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia sobre o desenvolvemento da rede ferroviaria de alta velocidade, asinado en Compostela o 21 de xullo de 2009 e vixente na actualidade, se recolle con meridiana claridade o compromiso de proceder a contratar o proxecto e obra conxuntamente para acelerar a execución desta liña mediante unha fórmula de colaboración público - privada.

Todo este gran proxecto de vertebración en alta velocidade do sur de Galicia e de mellora da mobilidade entre Vigo, Pontevedra e a Meseta vén de ser cuestionado recentemente polo actual presidente da Xunta de Galicia que non entende prioritario un AVE directo.

Lamentablemente, a pesares destes feitos, dende finais de 2011, coa chegada do Partido Popular ao goberno; dun pontevedrés, Mariano Rajoy, a súa presidencia; e dunha deputada pola provincia de Pontevedra, Ana Pastor ao Ministerio de Fomento, non se ten movido un papel. O proxecto atópase exactamente no mesmo punto en que o deixou o goberno socialista fai algo mais de catro anos.

Incluso recentemente, no trámite parlamentario para a aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado para este exercicio de 2016, o Grupo Popular rexeitou unha emenda presentada polo Grupo Socialista que tiña como finalidade dotar una consignación económica maior para esta infraestrutura, fundamental para Galicia.

Considerando a gravidade das manifestacións e os efectos colaterais que unha decisión de tal magnitude provocar no deseño da alta velocidade no noso país, e o impacto negativa que ten na actividade económica e nos servizos aos cidadáns do sur da provincia de Pontevedra, é polo que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

O Concello de Vigo insta ao Ministerio de Fomento a que proceda de forma inmediata ao cumprimento dos compromisos asinados no seu día, acelerando ao máximo os trámites para poder licitar no menor tempo posible a obra da variante de Cerdedo da liña de Alta Velocidade Ferroviaria entre Ourense e Vigo, para que as obras comecen non mais alá de 2017 e conclúan dous anos despois.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión

de 21.03.2016, quedou enterada da moción.

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A variante Vigo Ourense por Cerdedo pertence a liña de alta velocidade do corredor norte noroeste e foi incluída por primeira vez no Plan estratéxico de infraestruturas de transporte 2005-2020 por un goberno Socialista, despois dun abandono total por parte do goberno do Partido Popular, polo goberno que presidía o Sr. Aznar. A cidade máis importante da comunidade autónoma de Galicia, a cidade de Vigo, agora conéctase coa alta velocidade ferroviaria coa capital de España, como sempre o Partido Popular do Sr. Aznar esquecíase da cidade de Vigo que coa valentía e coa coraxe dun Partido Popular en Galicia que abandonaba tamén a cidade de Vigo.

O obxectivo deste tramo cunha lonxitude de 54,6 quilómetros era e segue sendo comunicar as dúas principais cidades do sur de Galicia, Vigo e Pontevedra, coa capital de España, con Madrid en menos de 3 horas, convertendo tamén ao ferrocarril de alta velocidade nunha auténtica alternativa modal, competitiva para toda a poboación ao sur de Galicia e ao norte de Portugal.

Estamos a falar dunha poboación en torno a 4,5 millóns de habitantes, só equiparable coas poboacións que teñen a Área Metropolitana de Madrid ou de Barcelona, esta alternativa estaba chamada a favorecer e fortalecer as relacións interiores entre Vigo, Pontevedra, Ourense acurtando os tempos e distancias con Madrid, favorecendo o equilibrio territorial. Polo que atinxe á tramitación administrativa deste importante proxecto de comunicación a situación é a seguinte, no mes de marzo do ano 2010, a Secretaría de Estado do cambio climático formula a declaración de impacto ambiental, no mes de xuño deste mesmo ano o Ministerio de Fomento aproba o expediente de información pública, estudio informativo da liña de alta velocidade Ourense-Vigo, definindo o trazado para trens de alta velocidade, deseñando a dobre vía electrificada e ancho internacional, iniciándose o mesmo no Carballiño e conectando o eixo atlántico de alta velocidade e desta forma incluído a cidade de Pontevedra. No mes de febreiro do ano 2011 o Ministerio de Fomento procede á adxudicación dos contratos de servizo para a redacción dos proxectos básicos, estando toda a liña nese intre en

fase de proxecto, pero o que pasou o 21 de decembro do 2011 cambiou o goberno de España, chega o Partido Popular a Madrid e chegou o comandante e mandou parar á cidade de Vigo, esta liña tan importante e estratéxica para Galicia que é o tren de alta velocidade Vigo-Pontevedra por Cerdedo. O Partido Popular o 21 de decembro do 2011, mandou parar esta actuación e levamos catro anos de parálises e de abandono desta liña para chegar a este punto dun proxecto houbo que superar as herdanzas transmitidas polos gobernos anteriores do Partido Popular presididos polo Sr. Aznar, que no ano 2001 procederon a realizar un estudio informativo da conexión directa en alta velocidade Vigo-Ourense pola ribeira do Miño, todo iso coa submisión e o beneplácito tanto da Xunta de Galicia como o goberno Popular do Concello de Vigo.

Foi coa chegada dos Socialistas a Madrid cando mudaron os acontecementos, e procedeuse a formular a concreción dunha conexión directa de alta velocidade no sur de Galicia, onde se prevé un tempo de desprazamento entre Ourense e Vigo de 28 minutos e Ourense e Pontevedra de 18 minutos, así mesmo no protocolo entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia sobre o desenvolvemento da rede ferroviaria da alta velocidade asinado en Santiago de Compostela o 21 de xullo do 2009, e vixente na actualidade, recóllese con meridiana calidade o compromiso de proceder a contratar o proxecto de obra conxuntamente para acelerar a execución desta liña mediante unha fórmula de colaboración pública-privada.

Catro anos perdidos, do goberno do Partido Popular en Madrid que simplemente non moveron nin un só papel e volveron atrás todo o acontecido ata este momento para facilitar a conexión de Vigo con Madrid, e non só a da Vigo, a de Vigo e Portugal con Madrid. Non moveron nin un só papel, cando a Ministra dixo que o AVE chegaba a Galicia, cando a ministra afirma que o AVE chega a Galicia, mente, e dígolle porque mente señores do Partido Popular, porque non está chegando a Galicia, o AVE chega a unha parte de Galicia, a unha parte menor de Galicia, a maioría de Galicia non chega porque o AVE non chega á provincia de Pontevedra, a Vigo. Quince minutos máis deste novo percorrido coa proposta que vostedes fan.

SR. PÉREZ CORREA: Son boas as gravacións dos Plenos porque mocións deste tipo

cada vez que nos pedimos unha reflexión sobre as cuestións que teñen que ver coas infraestruturas ferroviarias logo faise demagogia e mensaxes apocalípticos que a Marea de Vigo está en contra do progreso que queremos é que vaiamos en trens de carbón, pero nós queremos unha reflexión importante que ten que facer non só esta cidade senón toda Galicia sobre algunhas cuestións que queremos poñer enriba da mesa, primeiro, esta moción é certo que mellora algunhas mocións que presentou no seu día o Partido Socialista coa cuestión da entrada, non imos chamarlle AVE, porque xa ninguén pon en dúbida que o que entra en Galicia é alta velocidade, pero non é AVE é outra cousa, é cuestións que se poñen enriba da mesa, nós nunca dixemos nin foi a Marea de Vigo, creo que foi o Partido Socialista cando aquelas dúas tuneladoras abrían o Eixo Atlántico, que era a entrada virtual o AVE en Galicia, xa vai para moitos anos de que o Alcalde de Vigo dixo iso pero que esta moción incorre nalgunha serie de para nós falsidades que queremos apuntalar, en primeiro lugar a cuestión do AVE e toda a programación da alta velocidade en Galicia vai ligado ao famoso Plan Galicia que se fixo por parte do Goberno do Partido Popular para intentar paliar ou dicir esa herdanza negativa histórica de infraestruturas como escusa para paliar os efectos da catástrofe do Prestige, e dende ese ano, xa imos por 14 anos, de goberno do Partido Popular e do Partido Socialista, e repito, ano 2002, dende que se empezou a traballar sobre a entrada do AVE a Galicia, 2002 ao 2004 o Sr. Aznar con Sr. Álvarez Cascos, o Ministro de Fomento, 2004-2011, sete anos co Goberno do Sr. Zapatero coa Sr. Magdalena Álvarez e o Sr. Blanco, que é galego tamén como o ministro, 2011-2016, cinco anos con Sr. Rajoy e a Sra. Ana Pastor en Pontevedra, neses anos a responsabilidade de que esa variante ou outras alternativas que existen enriba da mesa non se levara en todo caso será compartida porque non é a única opción que se propuxo dende un inicio enriba da mesa, e repito, e o dixemos moitas veces, a variante de Cerdedo inhabilita a saída sur, inhabilita a conexión con Portugal, a liña do Miño, o tren de cercanías na área metropolitana que conecta incluso ao hospital e á Área Metropolitana coa vía ferroviaria porque o investimento vai a papala 1.900 millóns de euros unha entrada que nós gusta que xa non digan que xa chega o AVE a Vigo, senón que o que estamos a discutir é se o AVE conecta a 30 quilómetros de Vigo, concello de Barro, ou a 80 quilómetros co baipás de Santiago de Compostela, é a discusión que estamos a poñer porque é a

conexión co Eixo Atlántico e polo tanto, nós o que queremos é que se nos diga, que se diga se hai un compromiso, porque vostedes xa están dando por feito que vai a Gobernar o Partido Popular, eu a verdade espero que non governe o Partido Popular, se vai con este período de tempo significa que terían que licitar 400 millóns de euros ano, para facer esa variante, porque vostedes saberán co 80% desa variante son túneles ou son viaductos, é absolutamente o custe máis grande, a labor de inxeñería máis custosa, se vostedes, eu non me reunín coa Ministra a Sra. Pastor, foi o Alcalde o que chegou a un acordo, e é certo que dixeron, o Partido Popular, que estaría xa licitado nos inicios do 2016 para empezar a obra no 2017, pero nós lle dicimos que inhabilitamos a conexión con Portugal, que é o que din vostedes aquí, aos portugueses non van utilizar esa liña como conexión, porque non van ter unha alternativa no sur de Galicia, vostedes están a falar dunha conexión que está en Barro, concretamente a 30 quilómetros desta cidade. Polo tanto, fagamos unha reflexión sobre o que é prioritario, e este grupo municipal considera que antes da conexión da meseta que nós non dicimos que sexa importante ou que sexa secundaria, que fagamos un estudo do que necesita a Área Metropolitana tamén en transporte ferroviario, non só transporte público colectivo do autobús, porque ao mellor temos que pedir que a prioridade sexa conectar a Área Metropolitana por un sistema de cercanías, todo o mundo sabe que a medida que se facían investimentos en AVE destruíase o ferrocarril convencional, destruíase Renfe mercancías, que é unha alternativa que a Unión Europea sempre dixo que tiñamos que poñer en marcha, que o 80% do transporte de mercadorías na Unión Europea, Plan Petra, tiña que ser en transporte ferroviario. Nós o que pedimos é unha reflexión, non estamos dispostos a facer demagogia barata, levamos 14 anos facendo demagogia coa entrada do AVE e xa vos digo que a Área Metropolitana quixera ver o primeiro papel que fala de por que non facemos un sistema de cercanías na Área Metropolitana e que ademais nos deixe ben conectados coa provincia de Ourense e con esta poder encarar a alta velocidade cara Madrid, que a nós nos parecería a prioridade sobre todo tendo unha reforma constitucional feita por vostedes que introducía o criterio de que as infraestruturas nos custaran moito cartos e polo tanto, o déficit público habería que controlalo.

SR. FIGUEROA VILA: Hoxe trae aquí o Partido Socialista unha moción para falar outra vez do AVE por Cerdedo, eu escoitaba a un medio de comunicación esta mañá, onde dicía que cando se trae a este Pleno algún tema relacionado co AVE, en caso concreto co AVE por Cerdedo, parece que estamos diante dun proceso electoral, e coincido plenamente Sr. Regades, esta moción é unha moción que esta totalmente politizada, vostedes saberán porque a fan, vou explicar por que, paréceme que a estas alturas xa todos temos claro cal ten que ser o traxecto e cal ten que ser o proxecto do AVE na entrada a Vigo e na entrada a Galicia. Eu non ía facer repaso a hemeroteca pero algún dato vou a darlle loxicamente porque senón se desvirtúa o argumento, e o argumento é que no ano 2007 o Sr. Caballero dicía que renunciaría a súa candidatura se Fomento non garantira o AVE por Cerdedo, tamén dicía que prometía deixar de ser candidato se Vigo non facía a liña directa a Madrid, e tamén dicía que renunciaría a ser candidato se Fomento non garantira a Alta Velocidade, e sabe vostedes tamén que a Ministra a Sra. Magdalena Álvarez, que foi aquela famosa do Plan M, pois dicía que viña a Vigo a garantir toda a rede de alta velocidade, e estamos a falar do ano 2006, 2007, 2008, polo tanto, todos naquel momento estábamos de acordo que a liña tiña que ser o traxecto Vigo por Ourense e Cerdedo e que se levaría a cabo nos próximos anos. Pois vostedes tiveron a oportunidade, eu vou entrar xa no momento actual, o día 12 de xaneiro do ano 2016, que en Madrid reúnese Fomento a Xunta de Galicia e o Concello, aquí está a foto do Alcalde, da Sra. Silva, da Sra. Pastor, do xerente de urbanismo e falaban do AVE por Cerdedo, e todos coincidiron que isto non tiña volta atrás, é dicir, aquí está a hemeroteca de tódolos medios de comunicación da cidade de Vigo onde se dicía que o AVE por Cerdedo estaba pactado e que sería irreversible, é dicir, que non tiña marcha atrás. Polo tanto, a nós como grupo político nos gustaría quedarnos neste momento, no momento en que hai un consenso de tódalas forzas políticas, hai un consenso de tódalas institucións, que quedou plasmado nesa reunión que se celebrou en Madrid debido, saben vostedes, á anulación do Plan Xeral, que o Partido Popular está colaborando dende a Xunta de Galicia para que este tema se desbloquee o antes posible e falaban da estación de Mayne e a estación intermodal, polo tanto, eu creo que nós non somos sospeitosos de que fixemos o noso traballo, dende o grupo municipal, fixemos o noso traballo das institucións tanto dende a Xunta de Galicia como dende o Goberno de España

e aquí evidentemente hai unha persoa que fixo un traballo extraordinario, esa persoa foi a ministra a Sra. Pastor, segue a ser ministra en funcións e o dixo claramente nas últimas horas, dixo que se o Partido Popular goberna en España nos próximos días pois que evidentemente nós continuaríamos co proxecto do AVE por Cerdedo, e creo que está reflectido nos medios de comunicación, e por que isto é crible? E crible porque no ano 2003, 2004, 2005 e posteriores deixáronse unhas débedas de expropiacións que non se pagaron, a ministra tivo que pagar, fíxose unha achega importante do AVE a Galicia de 3.500 millóns de euros e do AVE do Eixo Atlántico 837 millóns de euros, polo tanto, a ministra a Sra. Pastor é garante de que este proxecto vaise levar a cabo, e creo que a oportunidade, volvo repetila, está neste día que o Sr. Alcalde visitou á ministra e que aquí quedou perfectamente claro e definido que o AVE por Cerdedo é un compromiso, nós o entendemos así, de tódalas institucións, de tódolos partidos políticos e polo tanto non podemos renunciar a esta cuestión.

Creo Sr. Regades que polo tanto, esta moción, nós imos votala a favor pero por unha cuestión de que non haxa nin unha mala interpretación de que o grupo Popular está de acordo en que o AVE por Cerdedo ten que ser o futuro, pero en calquera caso temos que rexeitala porque nos parece unha moción demagóxica, populista, oportunista e que loxicamente non ten porque traerse a este Pleno, ao anterior Pleno tróuxose outra, eu creo que estamos enganando, intentando manipular á opinión pública, eu creo que ese non é futuro que temos que perseguir para un proxecto como este, destas características.

Vostedes saben que o AVE está en fase e aquí llo dixeron tamén nesa reunión no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para un tema de proceso medio ambiental e esperemos que a maiores no Orzamento do ano 2016, están contempladas partidas orzamentarias suficientes para levar a cabo os proxectos iniciais, e nós dende logo imos a seguir defendendo esta postura do AVE por Cerdedo como non podería ser doutra maneira e sobre todo co apoio claro da Ministra a Sra. Pastor.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade que os señores de Marea de Vigo teñen razón, se Podemos, o grupo ao que pertence Mareas, facilítase a formación de goberno por parte do Partido Socialista, hoxe o Sr. Rajoy non estaría no goberno de

España, a verdade e que tendes a oportunidade de coller e quitar ao Sr. Rajoy do Goberno de España o resto é demagogia.

A verdade Sr. Figueroa, hai uns anos debatíamos deste mesmo tema neste mesmo salón, e vostede cando lle dicíamos e instábamos ao goberno de Madrid que fixera un túnel cando entrada do AVE era por trinchreira, entón era cando non se garantía a saída sur porque non se podía facer a saída sur por túnel, lémbrese, vostede ríase e dicía, ides poñer en Redondela un ascensor para baixar ao túnel, ese día vounos convidar a un churrasco, hoxe “a lebre e a miñoca”, as dúas tuneladoras xa saíron en Vigo e o churrasco non o vivimos, e o ascensor tampouco.

A verdade é que é un tema moi serio, senón poderíamos estar rindo un rato sobre estas observacións que vivíamos neste Pleno. Este goberno nunca vai aceptar que Vigo-Madrid se faga polo baipás de Santiago de Compostela, repítollo, o Goberno Municipal presidido polo Sr. Abel Caballero non vai aceptar que Vigo-Madrid se faga polo baipás de Santiago de Compostela, non o vai aceptar, non imos incrementar 18 minutos neste trazado a Madrid porque isto é o garante, non só para Galicia senón tamén para o Norte de Portugal por este túnel que garante a saída sur de Vigo do tren de alta velocidade.

Non sei eses trazados que din os señores de Marea de Vigo, eu creo que non estudaron ben a documentación porque senón no o dirían, erros do pasado que se viviron nesta casa non van condicionar esta gran infraestrutura de alta velocidade para a cidade de Vigo e a esta conexión de alta velocidade Vigo e Madrid. Eventualmente algún día tamén será a conexión da cidade de Oporto con Madrid.

Eu dígolles unha cousa que teñades en conta, non se pode seguir facendo demagogia, nós estivemos en Madrid reunidos coa Xunta de Galicia e co Ministerio de Fomento, e todos foron boas palabras, ten vostedes razón, pero non hai feitos, nós queremos que apareza no Boletín Oficial do Estado, nós queremos o orzamento, o proxecto, a licitación porque parécenos unha burla, a este goberno, e non o vai permitir que catro anos no proceso medio ambiental, señores do Partido Popular, iso non, catro anos en proceso medio ambiental, unha cousa é que se fai en seis meses, iso non é calma, iso non son os caracois da Sra. Muñoz, son os supercaracois, o Partido Popular sonde son os supercaracois.

Señores do Partido Popular, vostedes querían pechar o Aeroporto, o AVE, non o van conseguir, non o imos consentir.

(No momento da votación atópase ausente o Sr. Alcalde, presidindo a 1ª Tenente de Alcalde)

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 18.03.2016 (Rex. Nº 1346/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.2(48).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA UN FONDO NOS SEUS ORZAMENTOS PARA QUE OS CONCELLOS POIDAN SEGUIR ATENDENDO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, ASÍ MESMO INSTASE AO GOBERNO CENTRAL A UN GRAN PACTO PARA COMBATER ESTA LACRA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1354/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de

marzo de 2016, número 1354/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Blanco Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Case 800 mulleres foron asasinadas no noso país desde 2003, momento no que comezan a facerse estatísticas oficiais sobre deste terrorismo agachado ata o de aquela, ao abeiro do ámbito privado. Ningunha violencia ten xustificación, esta tampouco e mesmo merece dunha atención especial pola falla aínda moito maior de concienciación e sensibilización da sociedade en tódolos seus eidos.

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo ten abondo recoñecido e contrastado o seu compromiso a prol da igualdade e da loita contra da violencia de xénero. Levamos décadas aportando infraestructuras, formación, implicación da cidadanía, tanto desde o goberno como cando estivemos na oposición. Nestes intres, reivindicamos o traballo feito por outro goberno socialista cando en 2004 se aprobou a Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Supuxo un antes e un despois á hora de abordar esta lacra terrible e antiga, e a día de hoxe, fáise preciso un cumprimento firme e ir ampliando esta norma e adaptándoa a cada ámbito da administración nas súas competencias e no exercicio das mesmas.

A crise que estamos a vivir de desmantelamento do Estado do Benestar por parte das políticas ultra conservadoras, notóuse nos orzamentos que as diferentes administracións adican á combatir a violencia de xénero. Especialmente grave é o acontecido no goberno central, onde a responsabilidade desta área deixou de ter a relevancia e a presenza central no executivo e a día de hoxe, rematada a lexislatura, non se lembra outra con menos intervencións públicas de representates gubernamentales ou lexisladores e lexisladoras, precisamente en anos onde o repunte da violencia e a extensión da crueldade e ensañamento, tamén cos máis pequenos, é unha das súas herdanzas.

É inadmisíble deixar pasar esta situación sen clamar e reclamar porque non se diminúan os servizos públicos destinados a prever, a combatir e a axudar as vítimas da violencia de xénero. En Vigo vemos con intensa preocupación a baixada na prestación de medios humanos para os servizos que prestamos desde o Concello, nomeadamente na casa de acollida, onde corremos con tódolos gastos desde a súa creación pero o persoal depende da Xunta de Galicia. Nestes momentos é urxente a dotación de atención psicolóxica para as persoas que alí están, e de atención para os menores que se aloxan xunto coas súas nais.

Os Concellos somos a administración máis próxima á cidadanía e temos que ocuparnos de moitas situacións, mesmo non tendo competencias en algúns casos, e con recursos moi cativos en proporción co alcance do noso traballo. É urxente que se dote un fondo específico, nos orzamentos do Estado, e igualmente, na Xunta de Galicia, para que podamos seguir atendendo este grave problema, e para ampliar a prevención e a asistencia social das vítimas de violencia de xénero.

Outro dos recursos que precisan dun reforzo especial é o que facilita a Xustiza. É imprescindible que se doten os recursos necesarios e que se estimule a

sensibilización para que as mulleres que necesitan protección, denunciem, xa que tódolos estudos feitos ao respecto indican que só se denuncian o 30% dos casos e queda impune o 70%.

En aras á prevención e á formación en valores dos máis novos, bótase moi en falla o papel que facía a educación antes da reforma que deu paso á LONCE. A día de hoxe sería posible incorporar a materia de “formación en igualdade e xestión de sentimentos” ao longo de tódalas etapas escolares.

Polo antedito, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Vigo, propoñemos o Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS

Instar á Xunta de Galicia:

- A creación dun fondo específico nos seus orzamentos, para que os Concellos podamos seguir atendendo este grave problema, e para ampliar a prevención e a asistencia social das vítimas de violencia de xénero.

Instar ao Goberno Central:

- A un gran Pacto de Estado que aglutine todas as forzas políticas para a adopción de medidas eficaces e orzamentarias para combatir a lacra da violencia de xénero.
- A creación dun Fondo de Apoio para os Concellos, para a loita contra a violencia de xénero, co fin de acadar 100 millóns de euros no prazo de catro anos, destinado a reforzar a rede de servizos públicos municipais.
- A posta en marcha do Acompañamento Xudicial Persoalizado, nos Xuzgados Especializados en Violencia de Xénero, para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia, sobre o itinerario e o procedemento máis seguro no seu percorrido.
- A creación dunha materia específica para formar en valores contra a violencia de xénero e a prol da igualdade, que se imparta durante todo o percorrido educativo.
- Urxe a condena pública por parte da administración central de este terrorismo."

DEBATE:

SRA. BLANCO IGLESIAS: Exposición de motivos, máis de 800 mulleres foron asasinadas no noso país dende 2003, momento no que comeza a facerse estatísticas oficiais. Ningunha violencia ten xustificación, este terrorismo tampouco, e merece unha atención especial pola falla de concienciación da sociedade. O grupo municipal Socialista do Concello de Vigo ten recoñecido o seu compromiso pola igualdade e a loita contra a violencia de xénero, levamos décadas achegando infraestruturas, formación e implicación da cidadanía dende o goberno e tamén o fixemos cando estivemos na oposición. Reivindicamos o traballo feito polo outro goberno socialista que en 2004 aprobou a Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e supuxo un antes e un despois á hora de abordar esta lacra terrible.

A día de hoxe faise preciso o seu firme cumprimento e ampliar esta lei e adaptala a cada ámbito da administración nas súas competencias e no exercicio das mesmas.

A crise que estamos a vivir co desmantelamento do Estado de Benestar polas políticas ultraconservadoras, notouse nos orzamentos das diferentes administracións para combater a violencia de xénero, especialmente grave é o acontecido no goberno central, a responsabilidade desta área deixou de ter relevancia no executivo, a día de hoxe, rematada a lexislatura non se lembra outra con menos intervencións públicas de representantes gobernamentais ou lexisladores/as. Precisamente en anos nos que o repunte da violencia e crueldade tamén cos máis pequenos é unha das súas herdanzas. Esta situación é inadmisíbel, reclamamos que aumenten os servizos públicos destinados a prever, a combater e a axudar ás vítimas de violencia de xénero. En Vigo vemos con moita preocupación a escaseza de medios humanos para os servizos que prestamos dende o Concello, especialmente no centro de emerxencia, onde o Concello corre con tódolos gastos dende a súa creación pero o persoal depende da Xunta de Galicia. Nestes momentos é urxente a dotación de máis persoal de atención psicolóxica para as mulleres que alí están, é unha atención especializada para os menores que se aloxan coas súas nais.

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, é urxente que se dote un fondo específico nos orzamentos do Estado e na Xunta de Galicia para que poidamos atender este problema.

Por outra banda, a xustiza necesita un reforzo especial, é imprescindible que se dote dos recursos necesarios para que as mulleres que necesitan protección denunciaren, tódolos estudos feitos indican que só se denuncia no 30% dos casos e queda impune o 70%. En canto á prevención e formación en valores dos máis novos é necesario a día de hoxe, é posible incorporar unha materia de formación en igualdade de xestión de sentimentos ao longo de tódalas etapas escolares.

Por todo isto, o grupo municipal Socialista no Concello de Vigo somete a votación esta moción para aprobar os seguintes acordos. Primeiro, instar á Xunta de Galicia á creación dun fondo específico nos seus orzamentos para que os concellos poidamos seguir atendendo este grave problema e para ampliar a prevención e a asistencia social das vítimas de violencia de xénero.

Dous, instar ao goberno central á creación dun fondo de apoio para os concellos para loitar contra a violencia de xénero para acadar 100 millóns de euros no prazo de 4 anos, destinado a reforzar a rede de servizos públicos municipais.

Tres, a posta en marcha do acompañamento xudicial personalizado no xulgado de violencia de xénero para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Catro, a creación dunha materia específica para formar en valores contra a violencia de xénero e a prol da igualdade que se imparta durante todo o percorrido académico. Por fin urxe a condena pública por parte da administración central deste terrorismo, é tempo de solucións compañeiros/as, a situación require un gran pacto de estado que aglutine a tódalas forzas políticas e que estea liderado pola presidencia do goberno.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Dende o grupo municipal de Marea de Vigo imos votar a favor desta moción xa que consideramos que calquera proposta de investimento e de mellora que permita levar as condicións das mulleres vítimas de violencia de xénero é benvida, pero queremos dicir que somos conscientes de que todas estas medidas serán insuficientes mentres non nos decatemos de que vivimos nun mundo dominado polos intereses patriarcais e mentres os receptores deses intereses non comecen a ceder privilexios vai ser difícil de que nada do que se faga sexa substancial e poida mudar.

Vin eu un día destes no xornal unha información que dicía que a maior parte

das mulleres de familias, con dificultades económicas, son elas as que se preocupan e se encargan de buscar algún traballo remunerado para facilitar que a familia chegue ao fin de mes, e debería chamarnos a atención que esas mulleres sexan denominadas inactivas, a linguaxe explica moitas cousas se se lles prestase un mínimo de atención, denomínanse inactivas cando están realizando traballos de coidados nas súas casas que de estar facéndoos nun hospital, nun centro de día, nun restaurante ou nunha empresa de limpeza seríanlle retribuídos computándolles para a Seguridade Social como mínimo, entón si serían denominadas como activas, ben, pois mentres a sociedade non considere este tipo de traballos imprescindibles para o sostemento da vida, como dignos de ser remunerados e a división sexual do traballo siga acampando, dividindo o que é digno de ser pagado do que non o é, as mulleres seguiremos levando sobre as nosas costas a responsabilidade de que a familia funcione e de non ser así seguiremos sendo castigadas por iso, por hai aínda que pensa que as mulleres xa temos adquiridos os mesmos dereitos que os homes, a verdade é que non é así, porque eu non imaxino a un home fose traballar gratuitamente a unha empresa polo ben da súa familia, sen ser remunerado. Agora dirédesme algúns de vos, pois traballamos no xardín da nosa casa e ninguén nos paga, xa pero iso non é imprescindible para o sostemento da vida, iso é lecer despois de vir de traballar porque se che gusta ter o xardín máis refinado que o do veciño, pero cambiarlle os cueiros á aboa que está encamada ou cociñar un réxime para diabéticos para o avó ou limpar porque senón colles unha infección iso si é imprescindible para a vida e quen o fai no 95% dos casos? Pois adiviñade.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Pois efectivamente todos consideramos que este é un tema terrible da sociedade, unha lacra, pero algúns dos puntos que piden, solicitan nesta moción xa existen, nós non imos opoñer a iniciativas que defendan ás mulleres e condenan a violencia doméstica, machista, nunca, todo o contrario, convén sen embargo clarexar nestas exposición de motivos unha serie de datos incorrectos porque vostede fala duns recortes ou dunha baixada nos orzamentos, iso non é certo, eu vou clarexar aquí algúns datos aínda que neste tema non me gusta e non é cuestión de datos, é unha cuestión unha lacra, acaba de falar a concelleira de Marea de Vigo claramente, que hai que erradicar na nosa

sociedade, pero si é verdade que son diferentes puntos e eu insisto en que é falso que nos últimos anos se produciran recortes nos orzamentos en materia de violencia de xénero, tanto na administración autonómica como na administración central. Se examinamos o capítulo 313 dos orzamentos da Xunta de Galicia sobre violencia de xénero, a súa evolución foi que entre o ano 2009 e o 2016 as partidas orzamentarias incrementáronse un 152%, entre os anos 2015 e 2016 un 16%, tiñamos 1.500.000 no 2009 e agora no 2016 case catro millóns de euros incrementados nos orzamentos porque somos conscientes do problema. Ademais falaba vostede tamén da protección dos menores que é moi importante, fai un ano tamén aprobouse unha lei a Lei 4/2015, de 27 de abril, e un dos puntos reforza a protección dos fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia de xénero, no marco da orde de protección ao prever que o xuíz deberá pronunciarse en todo caso ata de oficio sobre a pertenza de adopción ás medidas civís, os pasos vanse dando entre todos e todos temos que ir na mesma dirección. Insisto que dende o ano 2012 no pararon de facerse cousas e neste campo ninguén, absolutamente ninguén dálle as costas ás mulleres, o balance desta última lexislatura tamén neste caso é moi extenso e vostedes xa que apelan a importancia dos concellos e da proximidade, nós, o Partido Popular e eu persoalmente tamén estou de acordo, tamén se levaron a cabo unha serie de medidas dende o ano 2012 que se constitúe a rede de entidades locais contra a violencia de xénero un convenio coa FEGAMP na que están adheridos 162 concellos galegos e a constitución do observatorio galego da violencia de xénero, da comisión asesora de publicidade non sexista, insisto en que hai moitos puntos da sociedade que non son só orzamentos, non só é chegar a unha serie nos orzamentos para combater esta lacra, é a posta en marcha do centro de recuperación integral para mulleres vítimas de violencia de xénero etc. por citar algunhas das iniciativas vinculadas ás políticas locais, insisto.

Este é un tema, non é cuestión de cifras, é cuestión dos fogares, das familias fala da escola, si é verdade que tamén na escola é necesaria a educación, é necesario que todos teñamos conciencia social de que non é permisible non se pode nin oír falar nin cometer estes atentados contras as mulleres, pero nós insistimos que moitas das cousas que solicitan aquí xa están incluídas, tódalas administracións están traballando neste campo entón facemos unha emenda a totalidade cun

único punto que sexa instar a tódalas administracións públicas e a sociedade a seguir implementando medidas eficaces e orzamentarias para combater a lacra da violencia de xénero, de non aceptala nós absterémonos porque sería reiterativo votar a favor de que outras administracións fagan cousas que xa están a facer. Insisto, por poñer algunhas cifras que sempre insisto, é polo debate que aquí se propón pero non é porque sexa mellor ou peor, xa que 43.000 mulleres en situación de especial vulnerabilidade beneficiáronse da orde de axuda ás entidades doutras administracións, 500 postos de traballo feminino creado a través do programa Emega, que da unha segunda oportunidade ás mulleres que sofren violencia de xénero e nós sempre, insisto, dentro do Partido Popular estaremos sempre a prol de loitar contra a lacra e a violencia machista doméstica e por iso neste caso pedimos a tódalas administracións que poñan as medidas e as posibilidades que teñan ao seu alcance para loitar contra isto.

SRA. BLANCO IGLESIAS: En canto á emenda a totalidade que vostede propón eu quero dicirlle que me parece unha falta de respecto e que tamén me parece unha falta de respecto que me diga que non fixeron recortes orzamentarios para o tema de violencia de xénero, tanto en Madrid como na Xunta de Galicia, se é verdade que vostedes cantan uns números pero todas/os sabemos que eses números que lle adican teoricamente á violencia de xénero estanos adicando a outras cousas, por exemplo en Benestar Social etc. pero non especificamente a este apartado, no que se reduxo substantivamente.

En canto á proposta que me di Marea de Vigo, estou totalmente de acordo e penso que esta cultura patriarcal e a división sexual no traballo e todo iso, sería unha boa forma de enfocar e atacar isto a través desa materia que propoñemos ao longo de toda a vida académica. Entón quedou claro que non aceptamos a emenda, e quería dicirlles aquí e, por favor, ao Partido Popular lle pido que llo digan na Xunta de Galicia, nos temos ese centro de emerxencia e temos unha necesidade tremenda, aí as mulleres necesitan moito da psicóloga, e resulta que hai unha única psicóloga que non da abasto e que despois os nenos non teñen a ningún persoal para atendelos, é dicir, que os nenos quedan alí e teñen que coidar unhas das outras ou a señora da limpeza, eses nenos non poden estar alí escoitando as conversas das súas nais co tema que teñen tan depresivo, teñen que ter a unha

persoa que se ocupe deles, tanto a nivel terapéutico como a nivel de xogos, entretemento, etc. por favor a ese nivel, fágannos caso.

Quería dicir que dende o Concello de Vigo utilizamos un 1.193.000 euros para a prevención, información e concienciación por un lado, para información, atención e protección das mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas dependentes e para a promoción en poderamento do movemento asociativo das mulleres, entón aquí temos un centro municipal de información dos dereitos á muller que iso si que é do concello, depende do Concello onde temos unha psicóloga e unha psicóloga de reforzo para nenos, unha avogada, unha traballadora social e unha administrativa, e no Centro de Emerxencia para vítimas de violencia de xénero do Concello de Vigo e nós que estamos a pagar o inmoible e financiamos o 90% do centro, poñemos aí 240.000 euros, por favor pedímoslle que incrementen vostedes o persoal, necesitamos urxentemente unha psicóloga máis para mulleres e unha persoa especializada para os nenos, ademais diso saben vostedes que temos unha rede municipal de tres pisos de protección ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

PRESIDENCIA: Había unha emenda que entendo que queda rexeitada.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.03.2016 (Rex. Nº 1354/1101), pola

concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Blanco Iglesias, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.3(49).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE NA MODIFICACIÓN DA LEI DE ÁREA METROPOLITANA FIGURE VIGO CUN TRATAMENTO SIMILAR AO DUNHA CAPITAL DE PROVINCIA. REXISTRO PLENO 1355/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de marzo de 2016, número 1355/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Nas distintas reunións que se viñeron celebrando cara a modificación da Lei da Área Metropolitana de Galicia, tanto ca Vicepresidencia da Xunta de Galicia como cos concellos que a compoñen ou están interesados na súa inclusión, fóronse acordando diversas modificacións entre todas as institucións implicadas.

Como queira que o goberno autonómico debe formular a modificación da Lei, mediante a aprobación dun proxecto de lei no Consello da Xunta de Galicia, nos borradores posteriores ás reunións celebradas, non se incluíron algúns dos aspectos que foron abordados e acordados.

Desde este Concello, puntualmente comunicáronse á Xunta de Galicia os textos que se acordaran, así como as modificacións que non figuraban no último texto remitido.

Entre estas omisións, especial relevancia ten a relativa ao artigo que reflicte o "ámbito territorial e capitalidade", ao non fixar a Vigo como capital cun tratamento propio en dotación de servizos similar ao dunha capital de provincial.

Ante esta situación, en materia tan importante, faise necesario que o Pleno deste Concello se pronuncie sobre o devandito aspecto.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que figure expresamente na modificación a levar a cabo da Lei de Área Metropolitana de Vigo, no artigo correspondente a ámbito territorial e capitalidade, o seguinte texto: "A cidade de Vigo como capital da Área Metropolitana, terá un tratamento propio na dotación de servizos públicos por

parte da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, similar ao dunha capital de provincia".

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Este goberno municipal sempre estivo a favor da Área Metropolitana, son xa moitos os anos, nove, nos que reclamamos esta Lei de Área Metropolitana e hai que lembrar os antecedentes que son unha Lei do Partido Popular emendada no último momento que non respectaba a representatividade da cidade de Vigo. Hai que lembrar que nesa emenda no último momento acordouse un igual voto para tódolos concellos todos tiñan o mesmo peso o que é evidente é que rompía o espírito do que é unha área metropolitana, isto sen lugar a ningunha dúbida significou unha máis desas agresións a Vigo por parte da Xunta de Galicia e por parte do Partido Popular. No seu momento cravamos contra este lei, e se nos dicía dende o Partido Popular e se exercía dende a maioría absoluta do Parlamento que era imposible modificar esa lei e quedou aprobada con ese trato igual para todos os Concellos pero evidentemente todo cambiou o 24 de maio, todo cambio en Vigo pero tamén en varios concellos que compoñen a Área Metropolitana, a postura dende ese 24 de maio, deste Goberno sempre foi a mesma e dende o primeiro momento pedimos un inicio dun proceso de revisión da lei, pero baixo o que dixéramos sempre e dende o primeiro momento, afortunadamente ou me imaxino que pola forza dos votos pola forza dos cidadáns o que era imposible ata ese momento agora se se pode, e iso evidentemente cambiárono os cidadáns, especialmente os cidadáns de Vigo e o 24 maio demostra a forza desta cidade e capacidade desta cidade para conseguir todo aquilo que se propón, neste proceso de revisión da lei, hai que dicilo, recolléronse a maioría das propostas que dende Vigo se fixeran xa no momento no que foi aprobada a lei en contra nosa, as que sempre fixemos e isto é importante dicilo en canto á coherencia que mantivemos sempre.

Neste proceso é certo que tivemos que ceder todos, dende o Concello de Vigo tamén con relación ao conxunto das nosas propostas, tivemos que ir cedendo nalgunhas cuestións, pero non é menos certo e é o motivo da moción que o procedemento adoptado para a revisión desta lei foi xerando problemas de

loxística, na transmisión do que se ía acordando nas sucesivas reunións, das distintas reunións e da súa transmisión fóronse deixando polo camiño algunha das cuestións certamente máis importantes e unha delas é precisamente a que traemos nesta moción porque aquí o que pedimos que se aprobe por este Pleno e espero que por unanimidade, é algo que se propuxo nas reunións, é o tratamento con carácter de capital de provincia tanto no relativo á Xunta de Galicia como ao Goberno Central, non estamos falando dunha capital de provincia, estamos a falar dun tratamento no que son servizos administrativos igual e nas mesmas condicións.

O que aquí propoñemos formulouse e acordouse nas reunións, se algúns calaron evidentemente asentiron e na medida na que non houbo ningunha oposición ao proposto dende logo debería entenderse como formalmente aprobado como pasou con resto das cuestións, e a partir de aí sorprende a posición da Xunta de Galicia, do seu presidente e do seu vicepresidente, en negarlle a Vigo o que é unha obviade, o que hai que recoñecer e o que debe de figurar expresamente nesta lei, que hai que recoñecer que xa está practicamente logrado na súa totalidade, pero é algo que fomos gañando dende a cidade de Vigo, pouco a pouco, en ocasións con procesos certamente largos e custosos.

Evidentemente serán o Presidente da Xunta de Galicia e o Vicepresidente os que terán que explicar aos vigueses o por que desta negativa, por iso queremos que este Pleno se exprese de forma nítida sobre este aspecto, pero tamén é certo que non queremos excusas por parte da Xunta de Galicia o texto está listo para aprobarse, esa é a nosa esixencia que se aprobe xa e non imos a poñer ningún condicionante porque ao mellor nalgunha mente perversa están pensando en xogárnola de novo e en que por estes problemas de eleccións e de datas non se aprobe a lei e é o noso máximo obxectivo.

SR. PÉREZ CORREA: Nós se que estamos de acordo con esta moción pero queremos algunha aclaración que consideramos que hai que poñer enriba da mesa, primeiro estamos de acordo porque si que é certo que forma parte do que se falou, dalgúns dos acordos, aínda que se pasaron moi por enriba, pero dalgúns dos acordos que se chegaron nas reunións de Alcaldes da Área Metropolitana como así nos trasladou algún Alcalde, o que nós dixó que efectivamente se tratou

e que non habería ningún problema en que iso ao final quede reflectido, o que non temos tan claro en si é no acordo e é que nós non vemos que unha capital de provincia teña ningún tratamento especial polo feito de ser capital de provincia máis que a participación nos ingresos do Estado, é dicir, a Lei de bases se que no seu artigo 111 recolle que os municipios de máis de 70.000 habitantes, as capitais de provincia e as capitais, por exemplo de comunidade autónoma, poderán unha cesión da porcentaxe de rendementos IVE, IRFP, impostos especiais, algo que o Concello de Vigo por ter máis de 75.000 habitantes xa recibe, co cal non hai ningún reparto de servizos maior que o que pode ser que a cidade de Pontevedra pois ten unha Subdelegación de Goberno e polo tanto pois aí hai máis traballadores públicos, eu non estaría de acordo que a cidade de Pontevedra tivera máis dotación de servizos públicos por ser capital de provincia, eu creo que habería que redactar doutra maneira isto porque nós cremos que os servizos públicos teñen que distribuírse en base á poboación, ó envellecemento da poboación ou outros criterios que para nós, eu como vigués me sentiría bastante agraviado que Pontevedra con menos poboación incluso cunhas taxas de desemprego menores pois que a dotación dos servizos públicos cambiara, Vigo xa recibe o mesmo tratamento que a cidade de Pontevedra pola vía de participación de ingresos do Estado, se que é certo que a Lei reguladora de facendas locais, no artigo 153 e na sección segunda fala das áreas metropolitanas entón entraríamos noutro debate, e é que no momento que se cree o réxime económico da área metropolitana, Vigo ten que ter un peso como capitalidade e aí sería na achega dos recursos públicos e aparte neste artigo 153 di, que a forma de distribución se determinará anualmente pola Lei de Área Metropolitana, nós aí estaríamos de acordo que Vigo tivese o tratamento de capitalidade pero que os servizos públicos nós pensamos que teñen que ser repartidos en base a poboación, en base a criterios que non son exclusivamente a capitalidade, iso sería xustificar pois que Pontevedra tivese algún trato especial por ser capital de provincia que eu polo menos descoñezo se existe a nivel de servizos públicos un tratamento, si que existe na participación do Estado pero que Vigo xa a recibe por ter máis de 75.000 habitantes.

Estamos de acordo é si que sería interesante que ademais de falar de todo isto que se fala na reunións, se empece a falar do financiamento da Área

Metropolitana, se que vai a ver un trámite parlamentario cos grupos do Parlamento de Galicia, imos presentar emendas pero sería bo ver como imos financiar a Área Metropolitana, cales son achegas e polo tanto tamén cal vai ser o status de capitalidade que ten que ter Vigo. Nós estamos de acordo co status de capitalidade, incluso coa lei de capitalidade que figura que ten A Coruña, por ser capitalidade provincial ou que ten Santiago de Compostela creo que máis detallada por ser capitalidade da Comunidade Autónoma, nós estamos de acordo cunha lei de capitalidade ou polo menos cun regulamento específico, pero se que aquí está redactado dun xeito que nós non entendemos porque cremos que non hai ningún tipo de vantaxe por ser capital de provincia a día de hoxe no que é nos servizos públicos, outra cousa é na participación dos ingresos do Estado pero que Vigo quedaría equiparada por ter máis de 75.000 habitantes e sería bo que se normalice porque Vigo é o peso político, o peso demográfico, social, incluso a achega ao PIB da área metropolitana, vai ter que estar regulado dalgunha maneira.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A Área Metropolitana é unha oportunidade, está máis preto que nunca e Vigo dende logo no pode deixala escapar. Como digo, nunca estivemos tan preto e eu creo que chegou o momento de converter en realidade o sono metropolitano de tódolos vigueses/as co obxectivo sen dúbida de reforzar e mellorar os servizos públicos, de facelos máis eficientes e de abaratalos e tamén sen dúbida tamén converter á nosa cidade no líder administrativo e político dun territorio con case 600.000 habitantes a maior conurbación galega e a máis poboada de todo o noroeste peninsular. Necesitamos que ese liderado que Vigo ten de facto teña un apoio legal, que o recoñeza e o potencie e ese é un obxectivo de todos, un obxectivo de cidade, por iso todos debemos traballar. Dende logo non é explicable o atraso no que os vigueses consigamos este obxectivo, só tivemos que chegar aquí para que se probe que cando se quere dialogar se dialoga, que cando se queren sentar na mesa xuntos para falar dos temas fundamentais se chega a acordos, e dende logo, cando o Alcalde de Vigo se quixo sentar na mesa e dialogar atopou a man tendida e a firme vontade de que este gran proxecto saíra adianta. Sinceramente nestes últimos meses despois das idas e vidas do Alcalde, despois de ver como intentou facer a guerra pola súa conta, con reunións

paralelas, con reunións que non servían máis que para facerse unha foto, cando se demostraron que as verdadeiramente importantes que cumprían e que se facían que se avanzara eran as reunións de tódolos Alcaldes coa Xunta de Galicia porque son as que ao final contaron para chegar a un acordo definitivo e para chegar a un acordo entre tódolos concellos que inicialmente os 14 concellos que van integrar a Área Metropolitana temos o proxecto e temos o acordo, e resulta que agora cando temos o acordo que neste momento xa están a ratificar Plenos doutros concellos, de súpeto se propón unha cuestión que se debeu propoñer con seriedade dende o primeiro momento, dende o primeiro momento e poñelo ao mesmo nivel que estaban outras cuestións como a gobernanza, debeuse propoñer dende o primeiro momento pero non, fíxose coa boca pequena, non lle seguiron o xogo, non se seguiu adiante e agora cando xa está o texto pechado, agora volve a saír outra vez. Nós realmente cremos que isto tiña que facerse moito antes, non esperar a que estivera pechado xa a lei con tódolos concellos da Área Metropolitana porque non é compatible pedir que se aprobe con celeridade, de que o aprobe xa o Consello da Xunta de Galicia e por outro lado reabrir un tema que obrigaría a volver falar, a sentarse tódolos Alcaldes e a volver a debater sobre un tema que xa está pechado. Agora traen esta moción aquí tamén, non sei se para causar un pouco de balbordo, porque claro sorprende que cos grupos municipais e que ao Pleno do Concello de Vigo non fora en ningún caso a posición do Concello, que se quixera discriminar aos grupos municipais de todo o proceso e que neste momento non veña a propia lei a este Pleno para ratificala todos e para seguir adiante e para empuxar como están a facer o resto dos concellos da Área Metropolitana. Por suposto este é un tema que se tiña que ter proposto pero agora entendemos que é tarde, non hai tempo que perder e hai que poñela en marcha xa, ademais cremos que hai unha gran hipocrisía, miren señores do grupo municipal do Partido Socialista, isto é unha proposición de lei de iniciativa legislativa popular para a creación da Área Metropolitana de Vigo que se presentou a instancias liderada pola federación de veciños, esa que vostedes queren pisar neste momentos para a Área Metropolitana, nesta proposta de lei asinada por máis de 15.000 vigueses, por certo falla a sinatura do Sr. Alcalde porque hai concelleiros deste grupo municipal que si asinaron, a Sra. González Sánchez, o Sr. Figueroa, a Alcaldesa a Sra. Porro, curiosamente aparece no artigo 2 a mesma

redacción, a cidade de Vigo como capital da Área Metropolitana terá un tratamento propio na dotación de servizos da administración central autonómica e provincial, é un erro non ter incluído Sr. Alcalde que a Deputación Provincial tamén ten que ceder ao Concello de Vigo servizos, esqueceuse, entendemos que é un exercicio de hipocrisía absoluta e se xa está na lei porque o propoñemos e traemos esta moción, en fin, leccións de viguismo ningunha. Nós estamos a favor de que isto se inclúa o que cremos que este xa non é o momento, hai que facelo no trámite parlamentario, por iso presentamos unha emenda “in voce” na que pedimos que se diga que se inste ao grupo parlamentario Socialista a presentar no Parlamento de Galicia no trámite de emendas unha modificación da lei que diga exactamente iso, “a cidade de Vigo como a capital da Área Metropolitana terá un tratamento propio na dotación de servizos públicos da administración central, autonómica e provincial similar ao dunha capital de provincia”, entendemos que é no trámite parlamentario para non atrasar a tramitación da lei, xa perdemos demasiado tempo os vigueses/as.

PRESIDENCIA: A miña estupefacción non ten límite neste momento, a institución do Pleno do Parlamento lle insta a un partido político que faga algo, perdoe, o que vostedes están a propoñer, é para clarexarme, pero están vostedes dicindo que o Partido Socialista presente unha emenda, é o que vostedes están a dicir, é dicir, o Partido Popular, pretende que o Partido Socialista presente unha emenda.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Por alusións, o que estamos a dicir para quen nos queira entender é que unha vez que está pechada a lei, este é un tema que debe discutirse no Parlamento de Galicia, está pechada a lei e polo tanto, instamos a que esta modificación se presente como emenda no Parlamento de Galicia.

PRESIDENCIA: Léanos por favor a emenda que pretende que votemos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Acordo do Concello de Vigo para que se inste á tramitación dunha emenda na tramitación no Parlamento de Galicia.

PRESIDENCIA: A quen se insta?.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: É unha moción política.

PRESIDENCIA: Si, pero a quen se insta?.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Se insta á tramitación dunha emenda no Parlamento de Galicia para que inclúa esta, non nos fagan perder máis tempo.

PRESIDENCIA: Pero quen emenda?

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: É a tramitación o que procede no Parlamento de Galicia, o texto xa está pechado, se queren entender, entenderán, e se non queren entender non entenderán, está claro, eu creo que foi suficientemente clara a miña expresión para que se inclúa exactamente isto na tramitación parlamentaria.

PRESIDENCIA: Pero a quen?

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Queremos instar a que se tramite no Parlamento de Galicia unha emenda para incluír isto para Vigo.

PRESIDENCIA: Ao Partido Socialista.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Se vostedes son os que queren, eu sinceramente entendo moi ben que a vostedes na confusión é onde mellor se desenvolven pero non hai ningunha confusión, insisto, que queira entender que entenda, e é que non Parlamento de Galicia se debe debater esta emenda. Que pasa pensa que non ten forza suficiente como para que o Partido Socialista de Galicia presente esta emenda no Parlamento de Galicia?

PRESIDENCIA: Ah! É o Partido Socialista, perfecto.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Que pasa que non queren que isto o presente o Partido que vostedes están a quitar este tema que terían que ter quitado?

PRESIDENCIA: A proposta do Partido Popular é que este Pleno lle pida ao Partido Socialista que tramite en Galicia unha emenda cun determinado contido, isto vai bater os records de sistema parlamentario, no que unha institución, Pleno do Concello de Vigo de 300.000 habitantes, lle insta a un partido, que por certo non é o propoñente senón que é outro, que nun parlamento no que o partido primeiro ten maioría inste a que faga unha emenda a unha lei que aínda non aprobou o Consello de goberno da Xunta de Galicia, para nota! Isto chega a niveis para nota.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Estamos a pedir que na tramitación parlamentaria se meta esta emenda, se queren entender ben e senón pois seguirán xerando confusión que é onde vostedes se desenvolven ben.

PRESIDENCIA: Isto era o que eu nunca esperaba oír nunca, que o Concello de Vigo lle di ao Partido Socialista que presente unha emenda no Parlamento para modificar unha lei que aínda non aprobou o Consello da Xunta de Galicia e que ven cunha redacción distinta á que ao parecer quere este Pleno, en miúda situación estamos.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz eu necesito os tres minutos para recuperarme do que vostede acaba de dicir, e se me dera o Alcalde cinco minutos necesitaríalos para recuperarme. Isto é moito máis serio do que vostede propuxo, pero de que liderado fala? De que respecto ao diálogo fala por parte da Xunta de Galicia se vostedes nos impuxeron unha lei na que Vigo era igual que o resto dos concellos? Pero de que fala? Se foi o Alcalde de Vigo despois do 24 de maio o que instou á revisión desta lei, pero si que calquera que a oia a vostede dende fora parece que o propuxeron vostedes, non, isto é mentira, vostedes impuxeron unha lei na que relegaban o papel de Vigo, e agora vostede quere facer aparentar aquí o contrario, nos impuxeron esa lei e sabe cal é o liderado? É o dos vigueses, é o dun proxecto de Vigo que o 24 de maio se materializou no 52% dos votos e en 17 concelleiros, pero de que me está a falar, de que nos está a falar en canto de liderado e en canto a diálogo? Que diálogo houbo por parte da Xunta de Galicia, non lembro se estaba vostede no goberno cando se aprobou a Lei da Área Metropolitana, pero

que diálogo houbo cando no último momento menten con calzador unha emenda que relega a Vigo en igualdade de condicións co resto dos concellos? Pero de que nos está a falar Sra. Muñoz? Pero isto, de verdade que se non fora un tema serio, pola temeridade que tivo vostede ao propoñer o que propuxo, vostede porque se fixo un “batiburrillo”, xa non sabía contestarlle ao Alcalde, pero como vai instar este Concello, este Pleno a un grupo parlamentario, pero de verdade é que eu voullo dicir, sabe que lle teño un respecto persoal tremendo, pero vostede ten un descoñecemento tremendo, vostede como voceira do Partido Popular é un perigo para esta cidade, vostede pode acabar propoñendo, despois do que acabamos de escoitar hai catro minutos, calquera barbaridade, non é serio teñen que vir cos temas estudados, e non, non hai que reabrir ningún proceso Sra. Muñoz porque vostede non estivo na reunións e porque nas reunións decidiuse, e non foi coa boca pequena porque este goberno nunca propón as cousas coa boca pequena, este goberno leva propoñendo o tema da capitalidade e o tema dos servizos públicos dende o primeiro momento porque o fixo o Alcalde e está menosprezando ao vigueses con isto que está a dicir. Polo tanto, claro que hai que ter seriedade e a seriedade é que cando un Vicepresidente da Xunta de Galicia ven a presidir unha reunión e se explicita que ten que ter esta cidade o concepto de capitalidade e de servizos públicos hai que respetalo, e vaia a dicirlle ao Sr. Feijóo e ao Sr. Rueda que teñen en contra dos vigueses para non outorgar o que piden os vigueses.

PRESIDENCIA: Entendo que non acepta a emenda á votación e polo tanto pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago

Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.03.2016 (Rex. Nº 1355/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

Non houbo.

1.1(50).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 8 de xaneiro de 2016 ao 22 de marzo de 2016.

1.2(51).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó

correspondente Libro de Resolucíons, entre as datas 8 de xaneiro de 2016 ao 22 de marzo de 2016.

1.3(52).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 23.02.2016, DELEGANDO NO CONCELEIRO D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA A COMPETENCIA MUNICIPAL PARA A RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA. REXISTRO PLENO 1353/1101.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 23.02.2016, que di o que segue:

"A Lei 19/2013, de 9 de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno establece no seu artigo 21.3 a necesidade de que as Administracións Públicas determinen claramente o órgano competente para resolver as solicitudes de acceso á información pública, nos termos establecidos no seu Título I. No ámbito municipal non existe un título atributivo competencial propio na materia polo que, de conformidade cos preceptos reguladores, nomeadamente o artigo 124,4. ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, resulta de aplicación a cláusula residual, en virtude da que o órgano competente para a resolución deste tipo de solicitudes será o alcalde-presidente.

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 19 de xuño de 2015, pola que se procedeu á estrutura das áreas de goberno municipal, delegouse na concellería de Xestión Municipal a competencia para "impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola adecuada difusión da información pública, mediante a publicidade activa no Portal de Transparencia e a publicidade pasiva, integrando os expedientes administrativos correspondentes".

Ante o exposto, razóns organizativas e a mellor atención e desenvolvemento destes expedientes aconsellan unificar nunha única concellería todas as competencias en materia de transparencia, acceso á información e bo goberno, concellería que pola súa transversalidade na estrutura municipal, así como polo núcleo de competencias atribuídas pola citada resolución debe ser a concellería de Xestión Municipal. En exercicio das competencias atribuídas pola citada normativa e conforme ao réxime de delegacións establecido na Lei Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, completado co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar en D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Patrimonio e Administración Electrónica a competencia municipal para a resolución das solicitudes de acceso á información pública suxeitas á Lei 19/2013, de 9 de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno

Segundo.- Para o exercicio das ditas competencias a concellería-delegada exercerá cantas competencias instrumentais resulten necesarias para unha mellor execución dos procedementos administrativos, establecendo os sistemas necesarios para integrar a xestión das solicitudes de información da cidadanía no funcionamento da organización interna.

Terceiro.- Contará coa colaboración de todas as concellerías municipais, así como de todos os servizos e áreas adscritos ás mesmas, que para os ditos efectos, darán conta con carácter previo á proposta de resolución das solicitudes de cantas incidencias se produzan no procedemento ao Grupo técnico de traballo municipal en materia de transparencia.

Cuarto.- Como órgano de apoio na tramitación e resolución das solicitudes de acceso á información a concellería-delegada disporá do Grupo de Traballo Técnico de Transparencia e Acceso á Información pública nos termos sinalados na resolución de constitución de data 17 de febreiro de 2016.

Quinto.- Dar conta da presente resolución ao Grupo de Traballo Técnico de Transparencia e Acceso á Información Pública na primeira reunión que realice, notificarlla á concellería-delegada de Xestión Municipal; dálle xeral publicidade mediante a súa inserción na intranet municipal para o seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas e publicala no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Sexto.- Esta Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

1.4(53).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA

4.03.2016, CESANDO A D. MIGUEL ANGEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ COMO ASESOR DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR. REXISTRO PLENO 1335/1101.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 4.03.2016, que di o que segue:

“En data 16.07.2015, esta Alcaldía ditou resolución nomeando a D. Miguel Ángel Rodríguez González, Asesor do grupo municipal do Partido Popular, como persoal eventual a proposta do voceiro de dito grupo. Con data 4.03.2016, a voceira do grupo municipal do Partido Popular remite escrito solicitando se dite resolución do cesamento do mesmo, con efectos do día 7.03.2016.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cese do mesmo; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente RESOLVO:

Primeiro.- Cesar a D. Miguel Ángel Rodríguez González, como asesor do grupo político municipal do Partido Popular, posto para o que foi nomeado segundo a miña Resolución do 16.07.2015, con efectos dende o día 7.03.2016.

Segundo.- Dar conta da presente Resolución á Pleno, dispoñendo igualmente a publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Vigo.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos e o grupo municipal do Partido Popular.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

1.5(54).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 4.03.2016, NOMEANDO COMO ASESOR DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR A D. JAVIER PRESAS MATA E POSTERIOR RESOLUCIÓN, DE DATA 10.03.16, MODIFICANDO A ANTERIOR DEBIDO A UN ERRO MATERIAL.

REXISTRO PLENO 1336/1101.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 4.03.2016, que di o que segue:

“En sesión de data 19 de xuño 2015, a Xunta de Goberno Local acordou determinar o número e réxime do persoal eventual correspondente aos grupos políticos municipais do Concello de Vigo, dentro dos termos do contemplado nos vixentes Orzamentos Municipais e Relación de Postos de Traballo.

Con data 4 de marzo de 2016, mediante Resolución da Alcaldía, cesouse ao asesor nomeado para o grupo político municipal do Partido Popular, polo que considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cese do mesmo; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear a D. Javier Presas Mata como Asesor do grupo político municipal do Partido Popular, persoal eventual con xornada completa, cunha retribución bruta anual de 30.079,98 €.

SEGUNDO.- O presente nomeamento terá efectos económicos e administrativos dende o 8.03.2016, sen prexuízo da publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno, dispoñendo igualmente a publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Vigo.

CUARTO.- Notifíquese a presente resolución á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, interesado e grupo municipal do Partido Popular, aos efectos oportunos.”

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de modificación, de data 10.03.2016, que di o que segue:

“Mediante Resolución de data 4.03.2016, esta Alcaldía acordou o nomeamento de D. Javier Presas Mata como Asesor do grupo político municipal do Partido Popular, debido a un erro material na mesma resolvo:

Primeiro.- Modificar a miña Resolución de data 4.03.2016 no seguinte senso:

-No apartado PRIMEIRO da Resolución, nomear a D. Javier Presas Mata como Asesor do grupo político municipal do Partido Popular, persoal eventual con

xornada completa, cunha retribución bruta anual de 30.380,78 €.

Segundo.- Dar traslado desta Resolución á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, interesado e grupo municipal do Partido Popular, aos efectos oportunos.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non houbo.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1(55).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL SE SUME Á DENUNCIA ANTE EUROPA DA CONCESIÓN PRIVADA DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1337/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 8 de marzo de 2016, número 1337/1101, a concelleira do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O proxecto de construción dun novo complexo hospitalario público en Vigo (HAC) polo goberno presidido por don Emilio Pérez Touriño respondía a un modelo de contrato de obra pública (art. 6 da Lei 30/2007) coa fórmula de colaboración entre Autoridades Públicas e financiamento tamén público: Era un proxecto de Hospital enteiramente público para a área sanitaria do sur de Pontevedra.

Celebradas pouco despois eleccións, accede á Xunta un goberno presidido por don

Alberto Núñez Feijóo. O novo goberno dálle unha virada ao ulterior desenvolvemento do Proxecto do NHV, suplanta o modelo do contrato de obra pública e Colaboración entre Autoridades Públicas establecido no convenio marco de 2006 por un modelo de contrato de concesión de obra pública (art.7 da Lei 30/2007) e remuda o modelo de financiamento e xestión pública contido no Plan Económico-Financeiro aprobado pola Xunta no 5/II/2009.

O procedemento de 'modificación' do proxecto substitúe o Estudo de Viabilidade preceptuado no art. 112.1 da Lei 30/2007 por un simple Estudo de Viabilidade Económico-Financeira previsto no aptdo. 6 dos mesmos artigo e Lei, facendo uso dunha excepción prevista no punto 6 do mesmo art. 112 : "A Administración concedente poderá acordar motivadamente a substitución do estudo de viabilidade ao que se refiren os apartados anteriores por un estudo de viabilidade económico-financeira cando pola natureza e finalidade da obra ou pola contía do investimento requirido considerara que este é suficiente".

Agora ben a contía do investimento requirido comprometía unhas cifras descomunais de fondos públicos. O orzamento licitado polo SERGAS para o hospital ascendía a 374.371.630 € (con IVE). O importe previsto dos canons a pagar anualmente durante 20 anos á concesionaria (por alugueiro do edificio e por servizos non clínicos, pois que os clínicos correrían a cargo do SERGAS) ascendía a 1.414.067.091 € (co IVE) -dos que 659.561.032 € serían o 'canon de construción' ou alugueiro do edificio construído pola concesionaria.

Á vista do devandito acerca da natureza e finalidade da obra e da contía do investimento, resulta evidente que, no proxecto do NHV, de ningún xeito se daban as dúas condicións requiridas polo art. 112.6 para eludir a realización do estudo de viabilidade completo coas condicións esixidas nos aptdos. 2 e 3 dese mesmo artigo.

E modifica o Plan Funcional e a Ordenación Integral da Área Sanitaria operando unha drástica redución do proxecto hospitalario aprobado pola Xunta no 12/II/2009. En número de camas pásase de 1.465 a 845. Os quirófanos pasan de 35 a 24. A superficie construída hospitalaria redúcese en 15.423,23 m² e a superficie de aparcadoiro en 16.173,70 m².

Pero o relevante é a capacidade asistencial para a área sanitaria que proporciona o HAC, que foi deseñado para picos asistenciais de entre 800 e 1.000 urxencias hospitalarias-día. Un hospital que foi deseñado para aumentar a oferta de camas hospitalarias a 2.000, tal como explica a páxina 2 da 'Memoria Xustificativa da Dirección de Recursos Económicos do Sergas', de 8-04-2010: "O Novo Hospital de Vigo formará parte do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo que contará con máis de 2.000 camas". Un hospital que carece de laboratorio central, que reduce as camas da área proxectadas de 2.000 a 1.260 e deseñado cunha bicefalia público-privada... que é incapaz de cumprir cos retos para os que se deseñou.

Desde a súa apertura e apresurado traslado, o HAC demostrou sobradamente a incapacidade para satisfacer as necesidades públicas para as que foi creado. Máis de 200.000 cidadáns saíron ás rúas de Vigo para esixir un Hospital Publico. As

organizacións sindicais dos traballadores sanitarios así como o comité de empresa denunciaron sistematicamente a disfuncionalidade da bicefalia público-privada. Despois foron os Xefes de Servizo os que esixiron cambios profundos no modelo de xestión e dimisións políticas. Por último, case 400 médicos asinaron unha carta para esixir un hospital plenamente público.

En setembro de 2015 a Asociación Para a Defensa da Sanidade Pública presentou unha denuncia en Bruxelas por vulneración das directivas comunitarias en materia de concesións na licitación do HAC.

Constitúen os fundamentos xurídicos da denuncia interposta perante a Comisión da UE pola Asociación pola Defensa da Sanidade Pública en setembro do pasado ano 2015 os seguintes:

O que regula a contratación de obra pública e mais a contratación de obra pública con concesión do dereito á súa explotación (Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE do Parlamento e do Consello europeos, en relación coa 2004/18CE).

O que define a Axuda de Estado ilegal por infrinxir o Tratado de Funcionamento da UE (TFUE) no seu art. 107.

O que establece a disciplina orzamentaria imposta polo Pacto de Estabilidade para os estados integrados na Unión Monetaria ou 'zona euro' (art.136 TFUE).

A normativa SEC 2010, particularmente na regulación establecida polo Regulamento UE 549/2013.

O Grupo Parlamentario de AGE expuxo unha Proposición Non de Lei na que se adheriu á denuncia da Asociación propoñendo o rescate do Hospital para o SERGAS, isto é, instando para que o Parlamento de Galicia esixa o rescate do HAC á Xunta de Galicia.

Ese rescate realizaríase mediante a adquisición da Sociedade Concesionaria, adquirindo as accións subscritas polos socios e adquirindo os préstamos que os socios lle fixeron á sociedade concesionaria. Ambas as cantidades, deducidas das contas anuais da SCNHVSA, suman 69.000.000 euros. É dicir, con ese investimento rescatariamos o canon construtivo do HAC que ascende durante 20 anos a 659.561,032 euros. Esa renda futura ten un valor actual de 543.199.979 euros, importe que podería ser adquirido indemnizando aos socios polo investido -69.000.000 €- e mesmo aboándolles xuros polo capital investido nestes 4 anos. Por todo iso a Proposición non de Lei, na súa parte dispositiva propón:

1. Rescatar o Novo Hospital de Vigo 'Álvaro Cunqueiro' pola seguinte vía:

1.1. Adquirir por medio de calquera dos seus organismos ou empresas públicas (IGAPE, SODIGA, SPI, GALARIA, etc.) a totalidade do capital social da SCNHVSA no importe de 31.523.000 €.

1.2. Adquirir por medio de calquera dos seus organismos ou empresas públicas

(IGAPE, SODIGA, SPI, GALARIA, etc) a totalidade das achegas complementarias por vía de crédito que realizaron os socios á SCNHVSA no importe de 38.004.303,87 €.

1.3. Liberar de calquera aval, fianza ou responsabilidade prestada á SCNHVSA polos socios saíntes, subrogándose naquelas calquera dos organismos ou empresas públicas (IGAPE, SODIGA, SPI, GALARIA, etc).

1.4 Incrementar os importes indicados nos puntos 1.1 e 1.2 anteriores satisfacendo un xuro de mercado polo tempo que mediou desde o seu investimento polos socios até o seu reembolso pola Xunta de Galicia. Para ese efecto podería constituír 'xuro de mercado' o tipo de xuro fixado no contrato concesional no 2,5 %.

2. Informar a este Parlamento sobre a asistencia financeira prestada á concesionaria SCNHVSA fronte ás diversas entidades bancarias, en especial o BEI e así mesmo en especial as garantías propias outorgadas sobre o financiamento contratado.

Por todo isto, instamos a esta Corporación Municipal a adoptar os seguintes ACORDOS

a) Que o goberno municipal desta cidade se sume á denuncia ante Europa da Concesión privada do HAC realizada pola Asociación para a defensa da sanidade pública;

b) Que se sume á petición parlamentaria de rescate da concesión.

c) Que propoña aos concellos da área metropolitana de Vigo coincidente coa área sanitaria afectada pola privatización do HAC que rexistren iniciativas similares de adhesión.”

A Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude, na súa sesión de 21.03.2016, quedou enterada da moción.

DEBATE:

SRA. LÓPEZ BARREIRO: O grupo municipal da Marea de Vigo con esta moción propoñemos que o Concello de Vigo se sume á denuncia presentada en Bruselas pola vulneración das directivas comunitarias en materia de concesión na licitación do hospital Álvaro Cunqueiro. Os fundamentos xurídicos da denuncia interposta perante a comisión da Unión Europea pola asociación pola defensa da sanidade pública en setembro do pasado ano do 2015 son os seguintes, o que regula a contratación de obra pública e máis a contracción de obra pública con concesión

do dereito a súa explotación, o que define a axuda do Estado ilegal por infrinxir o tratado de funcionamento da Unión Europea, no seu artigo 107, o que establece a disciplina orzamentaria imposta polo pacto de estabilidade para os estados integrados na Unión Monetaria ou na zona euro e a normativa do sistema europeo de contas do 2010, neste 2016 a Comisión Europea estudará a denuncia presentada por dita asociación.

Tamén propoñemos que este Concello se sume á petición parlamentaria de rescate da concesión do cal nos consta que o grupo Socialista estao a facer xa, que aceptou con os seus votos a favor no Parlamento de Galicia así como os do Bloque Nacionalista Galego e os do grupo Mixto, a proposición non de lei de AGE está a propoñer iniciativas similares.

O grupo parlamentario de AGE expuxo unha proposición non de lei na que adheriu á denuncia da Asociación Galega pola Sanidade Pública propoñendo o rescate do hospital para o SERGAS, é dicir, instando para que o Parlamento de Galicia esixa o rescate do hospital Álvaro Cunqueiro á Xunta de Galicia, este rescate realizaríase mediante a adquisición da sociedade concesionaria adquirindo as accións subscritas polos socios e adquirindo os préstamos que os socios lle fixeron á sociedade concesionaria, ambas cantidades deducidas das contas anuais da sociedade concesionaria Novo Hospital de Vigo S. A., suman 69 millóns de euros, é dicir, con ese investimento rescataríamos o canón construtivo do hospital Álvaro Cunqueiro que ascende durante 20 anos a 659 millóns de euros. Esa renda futura ten un valor actual de 543 millóns de euros, importe que podería ser adquirido indemnizando aos socios polo investido, 69 millóns de euros e mesmo abonándolles xuros polo capital investido nestes catro anos.

Instamos tamén ao goberno de Vigo a que propoña aos concellos da Área Metropolitana coincidentes coa área sanitaria afectada pola privatización do Álvaro Cunqueiro que rexistren iniciativas similares de adhesión.

O proxecto de construción dun novo complexo hospitalario en Vigo polo goberno presidido polo Sr. Touriño, respondía a un modelo de contrato de obra pública, coa fórmula de colaboración entre autoridades públicas e financiamento tamén público, celebradas pouco despois as eleccións accede a Xunta de Galicia, un goberno presidido polo Sr. Feijóo, o novo goberno dálle unha viraxe ao anterior desenvolvemento do proxecto, suplanta o modelo do contrato de obra pública e

colaboración entre autoridades públicas establecido no convenio marco do 2006, por un modelo de contrato de concesión de obra pública e remuda o modelo de financiamento e xestión pública contido no Plan Económico financiado, aprobado pola Xunta de Galicia en 2009. A contía do investimento requeredo comprometía unhas cifras descomunais de fondos públicos, o orzamento licitado polo SERGAS para o hospital ascendía a 374 millóns de euros con IVE e o importe previsto dos canon a pagar anualmente durante 20 anos á concesionaria por aluguer do edificio e por servizos non clínicos, xa que os clínicos correrían a cargo do SERGAS, ascendía a 1.414 millóns de euros con IVE, dos que 659 millóns serían o canón de construción ou aluguer do edificio construído pola concesionaria.

Resulta evidente que no proxecto do novo hospital de Vigo de ningún xeito se daban as dúas condicións requiridas pola artigo 112.6, para aludir á realización do estudo de viabilidade completo coas condicións esixidas nos apartados 2 e 3 dese mesmo artigo, e modifica o plan funcional e a organización integral da área sanitaria operando unha drástica redución do proxecto hospitalario aprobado pola Xunta de Galicia no 2009. En número de camas pásase de 1.465 a 845, os quirófanos pasan de 35 a 24, a superficie construída hospitalaria redúcese en 15.423 metros cadrados e a superficie de aparcadoiro a redución é en 16.173 metros cadrados, pero o relevante é a capacidade asistencial para a Área Sanitaria que proporciona o hospital Álvaro Cunqueiro que foi deseñado para picos asistenciais de entre 800 e 1.000 urxencias hospitalarias día, un hospital que foi deseñado para aumentar a oferta de camas hospitalarias a 2.000 tal como explica a páxina dúas da memoria xustificativa da dirección de recursos económicos do SERGAS, do 8 de abril do 2010, o novo hospital de Vigo formará parte do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo que contará con máis de 2.000 camas, así reza. Un hospital que carece de laboratorio central, que reduce as camas da área proxectadas de 2.000 a 1.260 e deseñado cunha bicefalia público-privada que é incapaz de cumprir cos retos para os que se deseñou.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Vou intentar expresarme con claridade para evitar mal entendidos e sobre todo non vou a ofender a ninguén, nin voulle faltar o respecto a ninguén na miña intervención.

Abro comiñas, “cando te atenden nun hospital público sénteste orgulloso do teu

país”, non son declaracións miñas son declaracións do Sr. Iglesias despois de ser atendido por unha urxencia hospitalaria no hospital do sureste da localidade madrileña de Arganda del Rey, curiosamente xestionado exactamente igual que o hospital Álvaro Cunqueiro, non coa mesma concesión senón cunha concesión moito maior, con moitos máis anos que o hospital Álvaro Cunqueiro, díxoo o Sr. Iglesias despois de ser atendido nun hospital xestionado exactamente igual que o hospital Álvaro Cunqueiro, unha mostra máis de que unha cousa é o que din e outra o que fan, recoñecendo a atención nun hospital público.

Eu pediríalles tanto ao grupo municipal de Marea como ao grupo municipal Socialista que deixaran de facer política coa sanidade pública, que deixaran xa dunha vez de facer política coa sanidade pública, que deixen de poñerse en evidencia, que deixen de falar de rescates, de quitarse cousas da manda, de falar de rescate de servizos públicos cando están na oposición e non rescatar nada cando están no goberno, é unha pose, é unha utilización política, insisten nese erro e non afrouxan no seu intento, uns din que se incumpre o contrato, o Partido Socialista, pero non o denuncia no Xulgado vaise ao Parlamento de Galicia, por certo igual que o que facemos aquí, cando incumpre unha concesionaria si rescíndemos o contrato, o que facemos é darlle máis cartos para ver si cumpre, exactamente o contrario do que predicán, e agora vostedes señores da Marea de Vigo, 69 millóns de euros cifran o rescate do hospital pero a quen queren facer crer que por 69 millóns de euros se rescata o hospital Álvaro Cunqueiro, crerán só ao seu líder espiritual, que por certo, espero que só estean de acordo con el nas súas ideas pero non nas formas que eu agradezo que non compartan porque son francamente lamentables.

Eu creo que fai falla que se poña un a estudar, e a estudar contabilidade nacional a idade non importa, é bo momento calquera para estudar e aprender e se estudan contabilidade nacional saberán que se rescata unha concesión, no momento do rescate se integra todo o custe da obra no déficit público, e polo tanto, se integrará como mínimo 400 millóns de euros directo a déficit público da Xunta de Galicia e eu lles pregunto que é exactamente o que propoñen que a Xunta de Galicia non faga, que políticas queren que deixe de facer sen eses 400 millóns de euros que integrarán como mínimo no déficit público no momento do rescate do hospital.

Eu comprendo que lles molesta que o hospital estea aí, se vea tódolos días cada día o utilicen máis vigueses, funcione cada vez mellor e tódolos cidadáns e vigueses/as vexan como día a día as súas mentiras vanse caendo unha a unha, pero sinceramente lles pido rigor e seriedade á hora de facer as súas propostas, é un hospital público, nel se presta sanidade pública, cun contrato que foi avalado por tódolos informes técnicos e xurídicos, por certo, informe tamén, antes que o Sr. Font me saque outra vez o informe da intervención, informe da Intervención Xeral da Administración do Estado do Goberno do Sr. Zapatero, favorable, avalando este contrato, está no expediente e ensínollo cando vostede queira.

Deixen de lado ese fariseísmo político no que están instalados, empecen a dicir en público o que xa que din en privado, e é que temos un gran hospital, cuns grandes profesionais, que presta un gran servizo a tódolos cidadáns, nese hospital están nacendo a nova xeración de vigueses/as e que os vigueses temos por fin un gran hospital público, o hospital público que nos merecíamos, que ninguén foi capaz de construír e o que o Goberno da Xunta de Galicia actual, do Partido Popular, puxo a disposición de tódolos vigueses e de tódalas viguesas, esa é a realidade e o demais é manipulación, falla de respecto e é sorna, hai que facerllo mirar.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: É difícil en pouco tempo contestar principalmente á concelleira e voceira do grupo Popular. Quero empezar falando da proposta que se fai, antes de que falte tempo nesta moción, ninguén como este grupo Socialista, como este goberno municipal fixo tanto por este hospital, denunciando dende o ano 2011, tódolos problemas que se ían sucedendo sobre isto, dende o ano 2011, de feito non ten máis que recorrer ás actas para ver como foi unha constante en tódolos plenos, como este grupo Socialista e este goberno foi denunciando tódolos e cada un dos pasos que se foron seguindo con esta gran frustración que se chama hospital privado Álvaro Cunqueiro.

Polo tanto, nós o grupo Socialista xa no Pleno do 8 de setembro, xa pediu o rescate, aprobado pola maioría da Corporación. Polo tanto, nós non temos porque solidarizarnos ou apoiar outra petición que se fixo no Parlamento, respectamos os ámbitos diferentes institucionais pero nós xa o fixemos aquí.

Respecto á autorización, a participación no que é a reclamación en vía das comunidades europeas por diversas continxencias que se puideron producir na

construción do novo hospital, loxicamente queremos, consideramos que non é o ámbito esta administración, tanto dende o punto de vista político como institucional, debe participar directamente desa denuncia, senón que nós facémolo como dende o principio, apoiando en todos e cada un dos pasos non só a plataforma da sanidade pública, aos cales lles explicamos esta posición, senón que realmente o fixemos institucionalmente. Somos os defensores da sanidade pública e estivemos non só nos plenos, nos acordos de goberno, senón na rúa liderando non só o que é unha petición nosa senón o que é petición dos cidadáns lexitimamente armados intelectualmente e socialmente para estar en contra deste fraude que é o hospital Álvaro Cunqueiro.

Non facemos política Sra. Muñoz, vostedes fixeron a peor política dende o ano 2012 con este tema, porque dende o ámbito do que é facer un hospital da forma en que se pensou se deixou pactado, feito e financiado, vostedes fixeron política da peor política, porque o problema que ten o hospital hoxe en día, tódolos problemas que hai, hai dous que son derivados dun traslado nefastamente mal feito, e outros que son derivados dun problema estrutural que é derivado dun modelo, non me vale as declaracións do Sr. Iglesias, iso faino como un cidadán pero non pon en cuestión, nin pon a eficiencia, eficacia e a calidade do sistema, polo tanto no me vale como exemplo para lexitimar un modelo. A deslexitimación do modelo está nas 200.000 persoas na rúa, e politicamente en tódolos foros e ámbitos institucionais ilegais onde é un clamor social, político, legal incluso cultural, o feito de que a situación do Álvaro Cunqueiro, por que? Iso non o facemos dende aquí, faino cando algo funciona mal e alí, e isto é simplemente a punta dun iceberg, porque o fundamental deste problema está por vir e por saberse, porque o fundamental e alí onde aniña o "amigismo", a mala práctica e a corrupción e todo iso saberase porque como se fixo este hospital ten unha xustificación, e non é para a mellora da eficacia da sanidade pública, é para defender os intereses, privilexios e outros elementos que son difíciles de entender agora mesmo.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Pensamos que dende calquera ámbito é bo para sumar esforzos para que se rescate a concesión sexa onde sexa, dende aquí, dende o Parlamento Galego, dende Europa ou dende onde sexa.

De tódalas maneiras respectamos a súa opinión.

Sra. Muñoz, debo dicirlle que estas, como vostede declarou uns días atrás no Faro de Vigo, non son as contas do gran capitán, como moi ben escribiu o Sr. Antón Beiras no mesmo xornal que vostede escribe tamén, estas son as contas da sociedade concesionaria Novo Hospital de Vigo S. A., depositadas o Rexistro mercantil e auditadas pola prestixiosa Binford Ernst & Young, sinto a pronuncia, co cal non son as contas miñas evidentemente, é o modelo de xestión e titularidade privada do hospital o que compromete a substentabilidade das contas públicas con pagos que suman 1.470 millóns de euros e non o seu rescate, por iso é preciso buscar unha solución satisfactoria asumible e minimamente contenciosa. O que se propón é un lugar de encontro, continua dicindo por certo o Sr. Antón, onde os inversores non saían prexudicados co rescate e acorden a súa saída pactada do accionariado da sociedade que quedaría cun único socio, o SERGAS, quen lles compraría as súas accións e prestamos á concesionaria, de xeito que se está a facer un exercicio responsable da actividade política e da busca de consenso primando a urxencia da cidadanía.

Por último, non esquezan que sobre a concesión do hospital pesa a denuncia da asociación para a defensa da sanidade pública en Europa e non vai a ser que Bruselas impoña condicións aínda máis gravosas que esta reversión amigable.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, dezaseis abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 8.03.2016 (Rex. Nº 1337/1101), pola concelleira do grupo municipal de Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.2(56).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE ESIXA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL QUE CUMPRA COAS SÚAS OBRIGAS CARA AOS MENORES E FAMILIARES QUE REQUIRAN DOS SERVIZOS DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE. REXISTRO PLENO 1351/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de marzo de 2016, número 1351/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. González Sánchez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“El Centro Príncipe Felipe é unha institución educativa e social pensada para acoller e formar a aqueles nenos e mozos en situación de risco ou exclusión social.

Durante os últimos 40 anos, o centro presta servizos sociais en áreas de xuventude, familia, atención ao maior e a muller, co obxectivo de mellorar o benestar social e favorecer a integración das persoas.

No desempeño do seu labor, os profesionais teñen detectado un aumento na demanda por motivos de conduta, que se une aos cambios estruturais experimentados nas unidades familiares durante os últimos anos. Factores que reforzan a necesidade deste centro en Vigo e na súa comarca.

Sen embargo, desde fai meses a Deputación de Pontevedra, encargada da xestión do centro, está a derivar aos menores, sen motivo aparente, cara outras infraestruturas similares como o Santo Anxo de Lugo.

Esta deriva supón un claro prexuízo para os veciños de Vigo e da súa área usuarios do Príncipe Felipe, así como para os seus familiares e amigos, que se ven sometidos á incomodidade orixinada por estes desprazamentos e a uns custos dificilmente asumibles.

Por todo o exposto, propoñemos que o Pleno da Corporación, adopte o seguinte

ACORDO:

"Instar ao goberno municipal a que esixa á Deputación de Pontevedra que respecte aos cidadáns de Vigo e da súa comarca, cumprindo coas súas obrigas cara estes menores e os seus familiares que requiren dos servizo do Príncipes Felipe, e que non poden facer fronte a gastos adicionais."

DEBATE:

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Vigo é unha cidade, por desgracia para os vigueses dende hai moito tempo, chea de problemas sociais sen resolver, a débeda do Concello cos cidadáns de Vigo é alarmante, por lembrar algunha vou dicir a desfeita que se fixo cos "sen teito" obrigándoos a pasar días de choiva e frío á intemperie, e incluso obrigándoos a facer as súas necesidades na rúa sen darlle nin outra oportunidade.

Non se traballa nesta cidade polos discapacitados para que poidan subir a un Vitrasa que pagamos todos con seus medios de mobilidade como son os scooters. Denunciamos tamén ese interese enfermizo por acabar con tódolos grupos e colectivos sociais que non lle gustan ao Sr. Alcalde nin a todos vostedes, e o próximo está moi pronto a caer, xa llo digo eu agora, vai caer enseguida porque non lle gusta, eu xa sei cal é.

Xa non se pensa tampouco nas axudas, nos que necesitan axudas ou vivenda digna, esta xente xa non sae na prensa porque nesta cidade tápanse as necesidades totais pagando necesidades individuais para que non se fagan públicas as inxustizas de ter a persoas sen o mínimo esixible para un ser humano.

Os Coidadores de Barrio utilízanse partidariamente igual que se utilizaron dende que se constituíron e non son utilizados ao servizo da cidadanía.

O último xa, que hai moito máis, pero Sr. Alcalde, a súa decisión de reducir o prazo que tiña a xente que non pode, de pagar impostos durante 12 meses a tres meses, como lle chama vostede a iso? Agora a xente que non ten, ten que pagar en tres meses o que antes podía pagar en 12 meses.

Son moitos os temas sociais que ocultan, moitos, nunha cidade como Vigo onde a diversidade e a situación das familias é moi diferente e nós somos conscientes diso, asegúrolle que o entendemos, pero o que non é de recibo é que dende administracións próximas, como é a Deputación de Pontevedra e con grandes responsabilidades, se dificulte a situación de familias que nun momento

determinado teñen a desgracia de que un fillo ou un parente próximo sufra trastornos mentais, persoas que necesitan un tratamento psiquiátrico ou simplemente persoas conductuais que teñen que ser ingresadas no centro máis axeitado que existe na provincia que é o Príncipe Felipe. O Príncipe Felipe é un dos centros de educación máis importantes dentro de Galicia con prazas suficientes, neste momento ten 100 prazas, suficientes para manter aos enfermos desa provincia, neste sentido o Príncipe Felipe configúrase sempre como unha institución educativa e social, pensada para acoller e formar a mozos en situación de risco e exclusión social. No desenvolvemento da súa labor os profesionais detectaron un aumento na demanda por motivos de conduta, fai máis necesario si cabe o bo funcionamento deste centro na provincia.

Que sucede? Que nestes momentos a Deputación de Pontevedra, encargada da xestión do centro, está derivando aos menores sen motivo aparente a outras infraestruturas similares como Santo Anxo de Rábade, o coñezo perfectamente, na provincia de Lugo, entón o único que eu quero agora explicar é como unha familia normal, porque normalmente por desgracia as cousas van sempre xuntas, cando non tes pois as enfermidades soen caer enriba, unha persoa normal de Vigo ou de calquera sitio, dun pobo da área metropolitana da que tanto falamos, ir a Pontevedra dende un pobo da área pode ser mais ou menos asumible, a Pontevedra, pero a Lugo asegúrolle que é imposible, ir a Lugo, a Rábade, que non é unha capital de provincia por autoestrada son 30 euros ida e volta. A peaxe aparte da gasolina, iso se esa familia quere ir unha vez só, se vai máis imaxínese vostede.

Como sei que non me fai caso e teño un pouco de tempo, voulle falarlle un pouco da Área Metropolitana, porque Sr. Font está copiada desta que fixen eu cando estaba de Presidenta da Federación, copiada exactamente, voulle dicir algo máis, está ante notario, cando se aprobou a Área Metropolitana? Se o Sr. Touriño non quixo facela, de que me está a falar a vostede? O Sr. Touriño non quixo facela, nin quere o Sr. Alcalde facer a Área Metropolitana, por iso está a facer todo isto, e iso pedímolos 20.000 vigueses en sinaturas da iniciativa popular que presentamos ao Parlamento, non se equivoque vostede, non minta porque está mentindo. Pódolle explicar tamén como se funciona no Parlamento, non se funciona como aquí, no Parlamento estamos tódolos partidos políticos nas comisións, eu pouco tempo vou

estar, pero asegúrolle que me parece grande que un partido que teña maioría absoluta como vostedes deixe participar ao Partido Socialista, Bloque Nacionalista Galego, a AGE e a todos nas comisións. Aquí non deixan, aquí dan orde, aquí simplemente informan do decidido.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Imos a empezar polo final da súa exposición de motivos, todos e todas supoño estamos de acordo en que a derivación de menores a Lugo é un problema, tanto para as usuarias como para a súas familias, é unha problemática que vive non só a área de menores senón tamén as áreas por exemplo, de xeriatria ou diversidade funcional, eu na área de diversidade funcional na que teño o privilexio de traballar hoxe en día, non pasa ano no que algunhas das nosas usuarias unha vez que teñen a necesidade de pasar a atención residencial, non se ven obrigadas a trasladarse de cidade ou de provincia co prexuízo que iso supón na calidade de vida e na integración destas persoas. É por desgracia unha problemática de todo o sector de atención ás persoas que só pode solucionarse con medios tanto materiais como humanos e que a día de hoxe non se está a solucionar, antes ao contrario neste sector a tendencia é a privatización e polo tanto a precarización impulsada en boa medida polo goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia.

Agora ben, si hai diferenza entre o Centro Príncipe Felipe e o Centro Santo Anxo, o Príncipe Felipe é un centro concibido para acoller e formar a nenos e mozos en situación de risco ou exclusión social e o Santo Anxo é un colexio de réxime especial e reeducación.

En febreiro deste ano os sindicatos do Príncipe Felipe denunciaron precisamente as agresións que sufrían as traballadoras/es do propio centro, por parte de menores con problemas de conduta que están sendo derivados a este centro pola Xunta de Galicia a pesares de que non está preparado para albergar este tipo de tipoloxía.

Os ingresos están xestionados pola comisión do propio centro ou pola Xunta de Galicia e debemos supoñer no caso da comisión que están cumprindo co seu traballo cos medios dos que dispoñen.

Os que traballamos no sector e traballamos tamén algunha tempada en centros de menores, sabemos ben o que é un ingreso de urxencia por parte da Xunta de Galicia, que adoitamos a dicir que ou “telo comes o telo comes”, sabemos que ás

veces son necesarios e faise coa mellor vontade por parte das traballadoras, máis hai centros que non dispoñen de medios para segundo que tipoloxía e parece que este é o caso.

Non imos entrar no debate do absurdo que é que esta Institución dependa da Deputación de Pontevedra porque non toca neste Pleno.

Estamos ante un problema que precisa solución sen dúbida, máis tal e como vostedes din na súa moción, falamos de problemáticas de conduta e o centro e as profesionais que traballan nel, non teñen os medios para atendelos adecuadamente, non parece solución a esta casuística instar a cumprir ao Príncipe Felipe as súas obrigas cara estes menores, xa que centro no pode atender debidamente estas problemáticas.

Gustaríanos que este tema o faláramos na propia Deputación de Pontevedra nun debate sosegado onde analicemos a situación, busquemos solución para as e os afectados e que o fixéramos lonxe da confrontación política, esta moción podería servir perfectamente para abrir ese debate que precisa que todas acheguemos solucións. Tratemos este tema con normalidade en Pontevedra, tratemos entre todas de mellorar esta problemática máis na formulación que vostedes propoñen na moción non van ter o noso apoio.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. González, cando queira propoñer un tema sobre a política social neste Concello presente unha moción sobre a política social neste Concello que como queda demostrado é a mellor de toda España, pero no aproveite unha moción relacionada co Príncipe Felipe para falar desta cuestión, e logo trata de darme leccións sobre o tema de Área Metropolitana, non lle consinto ningunha lección e tampouco quero que me de leccións de nada, nin sequera de xestión inmobiliaria que creo que sabe moito, pero non vou ir de alumno Sra. González.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Neste momento queda vostede denunciado, pregúntelle ao Sr. Pardo onde viven as millas fillas.

PRESIDENCIA: Garde silencio que non ten a palabra.

SR. LÓPEZ FONT: Repítollo, non quero que me leccións de xestión inmobiliaria. Sra.

González, voulle clarexar primeiro unha cuestión.

PRESIDENCIA: Sr. Pardo, garde silencio.

SR. LÓPEZ FONT: A primeira cuestión que lle quero clarexar Sra. González é que quen leva a xestión de Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra é o Bloque Nacionalista Galego porque creo que se tería confundido sobre quen era o responsable. Pero dende un ámbito político, nada persoal que eu nunca falo destas historias, o descoñecemento sobre as mocións que presentan vostedes ten un grado de descoñecemento total, descoñece vostede e llo explicou moi ben o concelleiro, o funcionamento de Príncipe Felipe, as competencias de Príncipe Felipe e eu creo sinceramente Sra. González que isto é unha obsesión con nós, creo que está ben que se empeñen en falar do novo goberno da Deputación de Pontevedra porque certamente aí será onde se comprobe que se erradicou o clientelismo e o caciquismo, pero o que vostede propón nesta moción, lle corresponde estritamente á Xunta de Galicia, por facerlle unha broma, é igual que se nós instásemos ao Parlamento andaluz a regular os horarios das Cíes, ou que se no Parlamento Galego no que está vostede se intentase regular o acceso a Doñana, se é que está totalmente confundida, explicáronllo anteriormente, a tutela dos menores, é moi grave Sra. González, este grado de descoñecemento no Pleno do Concello de Vigo, corresponde á Xunta de Galicia. Polo tanto, está vostede mentindo literalmente dende un grado de descoñecemento absoluto nesta moción, está cuestionando aos traballadores de Príncipe Felipe, e o que está ocultando e llo explico eu é que ese menores aos que fai vostede referencia os deriva a Xunta de Galicia, a deputada delegada pola presidenta da Deputación de Pontevedra fíxollo chegar á Xunta de Galicia a situación na que se atopan estes rapaces e precisamente dende a Deputación de Pontevedra aínda que non corresponde esta función como tamén se mencionaba a estamos asumindo, pero vostede o que no pode afirmar nunha moción neste Pleno é que se produciu un traslado a instancias da Deputación de Pontevedra cando primeiro, é falso cando segundo, sería ilegal e cando terceiro, non se produciu, non poden xogar vostedes cos profesionais de Príncipe Felipe, de tódolos sitios, con tal de atacar ao Alcalde e a este goberno, non Sra. González non vale isto e non vale nun tema tan serio e

tan demagórico como é a situación na que se atopan estes rapaces. Precisamente é ao contrario ao que hai que instar é a Xunta de Galicia porque tiña vostede razón antes, que é unha vergoña a situación na que estamos, unha representante concelleira do Partido Popular falando de recorte cando o Partido Popular durante cinco anos someteu a esta sociedade a un recortes de tódalas leis, unha situación de pobreza, toda a política social recortouse, cargáronse vostedes tódalas melloras sociais que habían e ven vostedes a darnos leccións a nós, e ven vostede aquí a criticar que se fagan uns traslados cun grado de descoñecemento absoluto, competencia total da Xunta de Galicia, a tutela de menores non a pode decidir a Deputación de Pontevedra nin ninguén, só a Xunta de Galicia por iso presentamos o texto.

PRESIDENCIA: Hai unha emenda que presenta o grupo Socialista, lémbrese na súa intervención de dicir se a acepta.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Eu son unha pobre señora da cidade que simplemente falo en nome da cidade, Sr. Font, non son ningunha señora subida nun sofá grande nin nada diso, manteño o que dixer, agradezo o que di o Sr. Jácome que fala en nome dos sindicatos, eu falo en nome dos traballadores de Santo Anxo de Rábade, exactamente en nome dos traballadores, e non é certo que a Xunta de Galicia estea a mandar alí os traballadores, non minta vostede Sr. Font, estaos a mandar a Deputación de Pontevedra e a min dáme igual que sexa o Bloque Nacionalista Galego que o sexa o Partido Socialista, a Deputación de Pontevedra está a mandar á xente para alí sen o permiso da Xunta de Galicia, é vostede o que está mentindo, e mantéñome niso. Eu estou a falar en nome dos traballadores de Santo Anxo de Rábade, coñezo perfectamente a zona, aos cidadáns, aos veciños, polo tanto está mentindo vostedes.

Outra cousa, non pretendo darlle leccións absolutamente de nada porque debería saber vostede moito máis que eu da Área Metropolitana porque leva moito tempo nesta cidade e escoitando como moitos veciños desta cidade estivemos buscando sinaturas por toda a Área Metropolitana e iso sábeo vostede perfectamente porque estaba escondido daquela na rúa Cangas ou non sei onde, pero si que o lembro perfectamente e vostede debería lembralo, iso en primeiro lugar. En segundo

lugar, leccións, ningunha pero vostede nin ninguén, é moito menos de como se traballa nunha entidade social, moito menos, non ten vostede narices de demostrar o que dixo, non as ten, porque vaino ter que demostrar no xulgado, asegúrolle que acusarme de saber de inmobiliaria quere dicir moito, e pódolle asegurar que vai ter que demostralo porque non vou pasar por menos, non se equivoque que non somos todos iguais en ningún sitio. Comigo había moita xente levando a cabo esas vivendas que vostedes lles negan a todo o mundo, iso o fixo a Federación de Veciños, dándolle vivenda a moita xente que non podía tela doutra maneira, é onde estaban vostedes? Onde estaban vostedes cando a xente necesitaba vivendas, polo tanto leccións ningunha.

Sr. Jácome, repítelle que teño razón, falo en nome dos traballadores, eu non me invento absolutamente nada debería sabelo xa, Sr. Font. Eu non minto Sra. Carmela, vostede mente por 50 porque foi toda a vida así pero asegúrolle que non e se pode demostrar que eu estou mentindo neste momento fágao no xulgado, repítoo, fágao no xulgado.

A emenda, non aceptamos tal cousa porque a Xunta de Galicia non ten nada que ver, o único que ten que ver é a Deputación de Pontevedra como tivo sempre, pregúntelle ao Sr. Figueroa, están mandando aos pequenos sen permiso da Xunta de Galicia, pode vostede facer todos os xestos que queira, non a aceptamos.

Paréceme increíble que fagan isto e que non acepten a da Sra. Muñoz, pero a que xogan vostedes? Ou sexa isto parécelles ben e parécelles mal o que presentou a Sra. Muñoz.

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.03.2016 (Rex. Nº 1351/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. González Sánchez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.3(57).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE DAR A COÑECER A PLANIFICACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DA CIDADE, O CUSTO DA CAMPAÑA E OUTROS. REXISTRO PLENO 1352/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de marzo de 2016, número 1352/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarín, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O turismo se configura como unha das áreas de referencia económica e social de Vigo. De feito, o sector aglutina preto do 12% do PIB provincial, emprega de maneira directa e indirecta arredor de 40.000 persoas nas Rías Baixas e se ten confirmado nos últimos anos como un dos principais creadores de riqueza no noso país.

Neste contexto, resulta necesario o estímulo permanente e a realización dun esforzo encamiñado, entre os seus obxectivos prioritarios, á adecuada promoción dos atractivos turísticos de Vigo.

Por desgraza, estas actuacións fundamentais para o impulso dunha das nosas industrias máis prósperas, non se realizan; ou cando se realizan, fanse mal.

Así, nos últimos días temos coñecido unha campaña de promoción turística das Illas Cíes -a única da que existe constancia ata o de agora neste eido- que non contribúe en modo algún á mencionada promoción da cidade.

A campaña, pensada para os avións da compañía Air Nostrum, foi obxecto de numerosas burlas e críticas nos medios de comunicación e entre a propia cidadanía. Críticas que levaron ao Concello a achacar a distorsionada imaxe das Illas Cíes proxectada a un erro de adaptación do deseños aos asentos dos avións.

Sen embargo, a súa corrección supuxo, na práctica, o recoñecemento do erro coa creación dunha nova campaña que alterou os cores iniciais, incorporou unha frase promocional sobre as Illas Cíes, engadiu sombreados e substituíu o logo turismodevigo.com polo de turismodevigo.org.

Por todo o exposto, propoñemos que o Pleno da Corporación, adopte o seguinte

ACORDO:

"Instar ao alcalde de Vigo a dar a coñecer a planificación prevista para a promoción turística da cidade; o custo desta campaña; os motivos da falta de supervisión do deseño inicial; e as causas da súa substitución por outra campaña nova".

DEBATE:

SR. GAGO BUGARÍN: Sr. Font, cando lles din algo que non lles gusta...

PRESIDENCIA: Sr. Concelleiro si se dirixe ao Sr. Font, vulle dar a palabra ao Sr. Font para que lle conteste.

SR. GAGO BUGARÍN: Simplemente lle esixo desculpas á Sra. concelleira pola súa ofensa.

SR. GAGO BUGARÍN: Non hai ningún problema.

PRESIDENCIA: No regulamento vixente fálase de atender esa cuestións, aquí cada un fala do que quere, por favor céntrese na cuestión.

SR. GAGO BUGARÍN: Como todos vostedes saben a semana pasada a cidade de Vigo e máis fundamentalmente o principal símbolo que ten a cidade de Vigo que é as Illas Cíes, foron noticias de crítica, de burlas e en definitiva de fainerir por parte de tódolos medios de comunicación e por parte dos principios portais de turismo do país, e non o foi precisamente por unha boa noticia para a cidade e para o arquipélago, evidentemente o desenvolvemento desa campaña, desa fatídica campaña publicitaria de turismo, o que ven a ratificar e o que ven a constatar é a falla de planificación, de xestión e de interese por parte deste goberno municipal

en todo o que ten que facer referencia ao turismo na cidade, e a verdade é que xa non é que o digamos nós, é que se un fala en privado cos hostaleiros e cos comerciantes non entenden como este goberno municipal non ten a intención de explotar unha das principais potencialidades que podería ter esta cidade que da de comer a máis de 40.000 persoas en tódalas rías baixas e que supoñen o 12% do PIB xa non só en Galicia senón tamén en España.

Pero iso é o primeiro que queremos saber señores do goberno municipal, en relación a esta campaña que nos conten a tódolos vigueses como é que esta campaña publicitaria que a través dunha compañía aérea na que ían a visualizar a máis de 20.000 persoas diarias e a través dos 43 avións, acaba comparándose cunha raia de cocaína.

Se vostedes poñen en internet “campaña Air Nostrum Islas Cíes” vanlle saír no buscador máis de 15 páxinas, unha detrás da outra, dos principais medios de comunicación burlándose da campaña, por citar a primeira que aparece que é de El Mundo voules ler o titular, “unha raia de cocaína ou as Illas Cíes” despois abaixo a continuación di “resulta difícil identificalas a simple vista xa que o nome deste pequeno arquipélago non figura por ningunha parte”, tamén di “responde un voceiro do Concello de Vigo”, non sei se neste caso a concelleira de turismo ou quen é voceiro “o deseño era noso, pero a compañía aérea era quen tiña que encargarse de adaptalo”, é dicir, nos o quitamos a concurso e logo non nos preocupamos nin sequera de comprobar se efectivamente a campaña é coherente e iso que lle damos decenas e decenas de miles de euros, que logo espero que nos clarexen canto é o custe.

En definitiva non ten perdón que unha campaña pola que subvencionamos os vos, unha campaña na que aproveitamos para ter vos que saían da cidade de Vigo, non sexa supervisada por ninguén do goberno municipal ou ao menos pola concelleira ou a directora de turismo.

Exemplifica unha vez máis a falla absoluta de control, quitan a concurso unha concesión e logo resulta que non a controlan, en calquera caso eu creo que os vigueses se merecen hoxe unha explicación de por que se fixo tan mala a xestión e canto é o custe desta campaña.

Por outra banda, se analizamos a liquidación de orzamentos do ano 2015 en materia de turismo, ao final o que nos exemplifica é que non se fai practicamente

nada en materia de turismo nesta cidade, non é deste ano, Sra. Iglesias, é tradicional dos últimos anos dende que o goberno Socialista, o Sr. Caballero, está no Concello, podemos facer unha análise das partidas e lle digo Sr. Alcalde, conservación de sinalización turística, había presupostado 14.000 euros, canto non executaron? 13.000. Promoción da cidade no exterior, 50.000 euros, é dicir, a cidade de Vigo o goberno municipal destina 50.000 para promocionar a cidade no exterior, canto sobrou? 14.000 euros, é dicir, nin sequera os 50.000 euros se utilizaron completamente. Reunións para conferencias, estudio sobre o ámbito turístico, organización e loxística de feiras, é dicir, a cidade de Vigo non é un polo de atracción de feiras nin de congresos, é que nin sequera iso, é que temos un organismo a Vigo Convention Bureau, temos un auditorio no que agora lle imos dar 600.000 euros para poder aloxar alí a UNED e nós en materia de turismo que supón o 12% do PIB da cidade, estámolle utilizando única e exclusivamente 200.000 euros, podemos falar do Plan de actividade turística, teñen vostedes recollidas aquí 160.000 euros e devolveron, non executaron 123.000 euros, podemos falar de Plan de promoción turística isto o teñen vostedes todo no seu despacho onde hai reflectidos 190.000 e só utilizaron 86.000 euros.

En definitiva, o que se demostra é que non sabemos moi ben por que a este goberno municipal non lles interesa o máis mínimo o que teña que ver co turismo e eu lles podo asegurar porque vostedes sábeno ben que é un dos aspectos fundamentais nos que se podería basear perfectamente a cidade de Vigo, porque ademais ten unhas potencialidades moi grandes que vostedes non están sabendo utilizar.

SR. PÉREZ CORREA: Sen entrar na subxectividade que ten o humor, ao DAES o humor de Charlie Edon non lles gusta, a min me parece xenial, non imos entrar en subxectividades da cuestión que un guionista brillante fixo desta campaña, imos a entrar primeiro nunha felicitación que é que rapidamente se corrixiu, e non a cuestión do que parecía iso, que é unha interpretación tamén subxectiva senón que iso link a unha web que non funciona, significa que miles de pasaxeiros que querían saber que era iso, ían a unha web que xa non está operativa, que era un dominio, que iso se modificara rapidamente pois é importante, pero queremos saber o custe económico dese erro porque a creatividade si que era

responsabilidade local. Hai moitas partidas de turismo sen executar, Plan de actividades turísticas, actividade promoción turística, Plan de promoción turística de Vigo que suman 483.000 euros, hai 311.000 sen executar no 2015, que poderán tamén ser parte do problema, a cuestión é que hai unha compañía que se lle paga un importante importe porque gañou en concurso por ser máis barato e iso significa bo, promoción turística da cidade e iso tería que modificarse, obviamente ten que haber un plan que garanta que estas cousas non volvan a acontecer. Pero eu voulle poñer un exemplo das cousas ben feitas, que eu ata onde sei non nos custou ningún euro a este Concello, esta é revista da TAP da antiga e por desgracia privatizada compañía de transporte aéreo portugués, ten un millón de lectores de impacto, hai un millón de persoas que mensualmente len esta revista, no número de marzo, este en concreto, aparece isto, isto é unha publicidade ben feita, publicidade que fai a propia TAP para promocionar o seu voo a Vigo, que nos felicitamos tamén que esteamos conectados con Portugal. Aparecen as Cíes, é certo que aparece a propia liña o que está a promocionar son os seus voos pero aos vigueses non nos custou un duro, porque hai cousas que se fan ben e que queda claro que unha dos reclamos turísticos da nosa cidade, sobre todo no norte de Portugal que deberíamos ter coidado moitas veces como tratamos ao norte de Portugal e algunhas declaracións cando esta semana santa maioritariamente o que vimos son visitantes do norte de Portugal que viñeron á nosa cidade porque recoñecen tamén a importancia que ten un espacio natural como as Cíes, e nós pensamos que non se pode improvisar unha campaña destas características, entendemos que foi un concurso público á baixa que Air Nostrum gañouno porque era a máis barata pero que as creatividadeas que fagamos dende o Concello de Vigo sexa a nosa responsabilidade que se auditen, non só no arquivo que se lle envía á propia compañía senón no resultado final, e a pregunta que nos facemos é dende cando estaban operativas estes impactos dentro do avión e se iso obviamente vai ter unha repercusión económica, devolverannos cartos, alguén ten unha responsabilidade sexa a empresa que imprime sexa o propio deseñador porque entendemos que tal como se nos día a creatividade final é a que agora figura, que nos seguimos pensando que é bastante máis cutre que esta que nos custou cero euros, está moi ben feita, pero que estas cousas non se poden improvisar porque dende logo estamos a xogar cun dos sectores que

afortunadamente pode mitigar gran parte do impacto da perda dos sectores produtivos na nosa cidade.

SRA. IGLESIAS RODRÍGUEZ: Sr. Gago xa todo mundo sabe, toda España sabe que vostedes so se reúnen cos empresarios en privado, nós facémolo tódolos días aquí no Concello e en calquera sito.

Despois de escoitalo falar só podo constatar que non se decata de nada pero non se preocupe que xa o vou a poñer eu ao día, fai tempo deseñemos unha campaña de promoción de Vigo da candidatura das Illas Cíes, o obxectivo Patrimonio da Humanidade, campaña que foi un gran éxito e que entre outros percorreu o mundo no casco do barco Mapfre na competición Volvo Ocean Race, campaña que incluso apoiou o Rei D. Juan Carlos como vostede ben pode comprobar e que tamén se incluíu no barco Movistar gañador da Copa do Rey de vela e gañador do campionato do mundo do ORC celebrado en Barcelona, competicións das que se fixeron e con numerosos medios de comunicación tanto nacionais como internacionais, debería utilízalos máis a miúdo para estar mellor informado e non vir a este Pleno a facer o ridículo.

Por certo, campañas que non custaron nin un euro ás viguesas/es gracias a boa xestión deste goberno e que constata que non ten nin idea das actividades de promoción turística que se levan a cabo dende este Concello senón non afirmaría neste escrito que a única campaña de promoción da que se ten constancia é a da compañía Air Nostrum, faga o favor de poñerse ao día.

Dado o gran éxito destas accións tómase a decisión de continuar promocionando as novas maravillosas Illas Cíes e por ende a cidade de Vigo, a bordo dos avións das compañías Ryanair e Air Nostrum, dende a concellería fáiselle chegar á compañía Air Nostrum os logos a excluír nos diferentes soportes acordados para a súa adaptación, deseño que non empregaron á hora de realizar os repousacabezas, escoite ben, un erro entre a comunicación da compañía aérea coa súa empresa de produción, escoite un erro na comunicación entre a compañía aérea e a súa empresa de produción e polo tanto non unha causa imputable a nós. En resumen, non é verdade o que di cando fala da substitución da campaña por unha nova, a campaña non se substituíu, o que se fixo foi esixir á compañía que empregase o mesmo deseño que se lle pasou dende a concellería no resto de

soportes, por certo un erro que foi emendado ao día seguinte que é de agradecer á compañía Air Nostrum. Pero agarde que aínda hai máis, en canto as páxinas webs de turismo debo dicirle tanto ao grupo Popular como ao de Marea de Vigo que os dous dominios tanto o “.com” como “.org” son propiedade do Concello, o que fai a dirección turismodevigo.com é redireccionar automaticamente, pode comprobalo agora mesmo a dirección turismodevigo.org porque ámbalas dúas son correctas e funcionan perfectamente, compróbeo por favor.

En canto ao custe da campaña, so tiñan que ir ás Mesas de Contratación para coñecer por canto se licitou o contrato de promoción turística, traballen un pouco e así saberán canto lles custa a este Concello os contratos de promoción turística.

En definitiva, Sr. Gago, primeiro debería informarse mellor e segundo, esta é unha campaña que vai ser todo un éxito e que chegará a milleiros de persoas por moito que lles pese, porque xa todo o mundo sabe que o Partido Popular de Vigo non quere nin que as Illas Cíes sexan patrimonio da humanidade nin que o Aeroporto de Vigo sexa o número un dos aeroportos galegos, en contra do que fai este goberno co seu Alcalde á cabeza que defende e defenderá sempre o Aeroporto de Vigo, vostede sempre en contra de Vigo e sempre baixo as ordes do Sr. Feijóo, sigan así Sra. Muñoz que nas próximas eleccións municipais será unha gran candidata ao concello de Santiago de Compostela porque aquí en Vigo con sorte sacaría catro concelleiros e iso con sorte.

Señores de Marea de Vigo, tiveron tamén unha gran oportunidade para saír en defensa da cidade pero igual que no tema de Citroën preferiron darlle as costas, creo que xa lle ensinei antes que neste goberno sabemos facer as cousas ben e sabemos facer campañas de promoción turística que non lle custa nin un euro ás viguesas/es.

SR. GAGO BUGARÍN: Sra. Iglesias, en primeiro lugar darlle a benvida ao debate plenario, tivo vostede unha grata e relaxada entrada.

Eu o que teño que dicirle sinceramente é que non me contestou as preguntas, é dicir, pregunteille polo custe da campaña e vostede se refire a Mesa de Contratación, eu estoulle a dicir que os vigueses non teñen acceso á Mesa de Contratación, e aínda que non podemos gravar os Plenos si queremos que os vigueses saiban canto nos custou a campaña.

Por outra banda, está moi ben que aparecera as Illas Cíes nos distintos barcos co Rey, dende logo que é interesante e é importante, o que tamén lle digo e que tivo moita máis repercusión o erro que vostedes non controlaron comparando as Illas Cíes coa cocaína, moito máis que tódalas pequenas campañas que vostedes fixeron. En calquera caso esa é a dirección, pero eu o que lle acaba de ler aquí anteriormente é tódalas partidas que vostede ten no seu presuposto e que non executou. Polo tanto, como vostede é a única que ten coñecemento fehacentes de turismo porque estudou turismo, eu ao que lle invito é a que execute e a saque adiante proxectos porque realmente non fai falla inventar nada, só fai falla mirar fora de Galicia, xa non lle digo fora de España, é mirar a outras cidades, comparalas, Bilbao por exemplo que ten unha estratexia de turismo, bilbao20 na súa páxina web, Valladolid igual, Alacante igual, Mallorca igual, simplemente é cuestión de adicarlle unhas cantas horas a mirar que é o que fan outros que teñen máis experiencia e poñer en práctica as campañas que se levan.

O máis importancia agora Sra. Iglesias é que a xente, os hostaleiros etc. non perciben que no goberno municipal lle teñan ningunha estratexia en materia de turismo, vostede cree que os turistas que chegan á cidade é gracias a xestión que fan vostedes? Realmente cren que chegan gracias a iso? Tamén seguramente é pola campaña tan forte que está levando a cabo e liderando o Alcalde, para que as Illas Cíes sexan patrimonio da humanidade que despois cando rascamos un pouco coa goma no papel de repente nos decatamos de que o Sr. Alcalde non moveu nin un só papel para que as Illas Cíes sexan Patrimonio de Humanidade. En definitiva, que é todo palabrería Sr. Alcalde porque a resposta que vostede deu a isto Sr. Alcalde, é que hai que esperar a que noutros recunchos de España poidan presentarse antes que Vigo a patrimonio de humanidade, Vigo ten que esperar porque Vigo e as Illas Cíes, as Illas Atlánticas son de segunda en comparación con outro recunchos de España.

En definitiva, en materia de turismo Sra. Iglesias ten moito que facer, e a verdade e que teñen presuposto para iso pero o único ao que se adican nestes momentos é a subvencionar voos que saian de Peinador, a nada máis, non se adican a nada máis, elaboren un plan estratéxico que ven a época estival, elaboren un plan estratéxico, teñan un plan de actuación en materia de turismo que lles volvo a lembrar que supón o 12% do PIB, que moita xente nesta cidade Sra. Iglesias, Sr.

Alcalde viven do turismo neste cidade.

En definitiva póñase as pilas, executen o orzamento e teñan un plan estratéxico que é o que lle fai falla a esta cidade.

PRESIDENCIA: Sr. Gago, o problema non é que este Concello subvencione voos en Peinador, que non o fai, fai campañas de publicidade para promocionar a cidade, o problema é que a Xunta de Galicia si subvenciona os voos de A Coruña e Santiago de Compostela, ese é problema. O problema é que en tanto que nós tiñamos e estabamos no ámbito da competencia, o Sr. Feijóo subvencionaba coa actual voceira do Partido Popular de concelleira de facenda na Xunta de Galicia, subvencionada os voos de Santiago de Compostela e os de A Coruña, sabe o que acaba de pasar agora? O que acaba de pasar é que a Xunta de Galicia como agora o Alcalde de Santiago de Compostela é doutro color, de repente está a parar as axudas, Turkish Airlines non ten axudas, e xa se marchou de Santiago de Compostela porque lle pararon as axudas que lle daban a través de Tour Galicia, como todo o mundo sabe, por iso o problema non é que nós apoiemos Peinador que é moi importante e o imos seguir facendo, por certo, toda a cidade nos felicita. O problema é que a Xunta de Galicia quería pechar Peinador, ese é o problema, por iso vostedes sacaron 7 e nós 17, por iso vostedes teñen 7 concelleiros e nós 17, porque para defender Vigo estabamos nós aquí e vostedes defenderon outros lugares e teñen 7 concelleiros.

VOTACIÓN: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.03.2016 (Rex. Nº 1352/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Gago Bugarín, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non houbo.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

Non se formularon.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

6.1(58).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO Á SITUACIÓN DAS TRABALLADORAS DA EMPRESA LINORSA.

SR. PÉREZ CORREA: Onde están os resultados das accións que se dixeron literalmente no Pleno, se nos dixo “imos exercer toda a potestade e toda a forza que ten esta militarización para obrigar a empresa Linorsa a que pague” senón é hoxe que pague mañá, pero nunca máis tarde e que o faga canto antes para solventar a situación do cadro de persoal da concesionaria de limpeza municipal de Linorsa.

PRESIDENCIA: Non se preocupe que xa lles contestaremos ás traballadoras que son as que nos importan de verdade e non vostede.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.